



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 31

Sesión Plenaria
6 de xuño de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Solicitude de creación dunha comisión de investigación

Por proposta dos Grupos Parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, para investigar as autorizacións, contratos, concesións e, en xeral, todas as relacións do grupo Villar Mir co sector público galego, nomeadamente o seguimento, análise e investigación do intento de venda e segregación das centrais dos ríos Xallas e Grande (doc. núm. 9589, 10/SCI-000004)

Punto 2. Textos lexislativos

2.1 Debate de totalidade do proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia (doc. núm. 8133, 10/PL-000003)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 104, do 25.04.2017

Publicación emenda totalidade, BOPG nº 115, do 18.05.2017

2.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (doc. núm. 7958, 10/PPL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

Punto 3. Comparecencia

9583 (10/CPP-000025)

Do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar dos proxectos aprobados na primeira convocatoria do programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) en materia de política social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

Punto 4. Mocións

4.1 9552 (10/MOC-000032)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instrucións dadas para a realización no curso 2016-2017 das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto (Moción a consecuencia da Interpelación nº 8005, publicada no BOPG nº 105, do 26.4.2017, e debatida na sesión plenaria do 23.5.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

4.2 9555 (10/MOC-000033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de atención de emerxencias 112. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 7030, publicada no BOPG nº 92, do 29.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 23.05.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

4.3 9588 (10/MOC-000034)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa elaboración do Plan de transporte público e do novo Mapa de transportes de Galicia (Moción a consecuencia da Interpelación nº 8666, publicada no BOPG nº 112, do 10.05.2017, e debatida na sesión plenaria do 23.05.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

Punto 5. Proposicións non de lei**5.1 5489 (10/PNP-000462)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia, e catro deputados/as máis**

Sobre a solicitude do Goberno galego ao Goberno central da creación *ex novo* de sete xulgados de reforzo en Galicia, cos medios humanos e materiais necesarios para afrontar, en cada unha das grandes cidades galegas, o probable aluvión de demandas polas cláusulas chan

Publicación do acordo, BOPG nº 78, do 06.03.2017

5.2 7348 (10/PNP-000662)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de *Eucalyptus nitens*, respecto das previsións do Plan forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

5.3 7448 (10/PNP-000675)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e seis deputados/as máis**

Sobre a elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

5.4 7575 (10/PNP-000688)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca**

Sobre a demanda ao Goberno de España no relativo a axilizar o proceso de traslado de persoas refuxiadas a España a través da recolocación e asentamento, e cumprir no prazo establecido os compromisos acordados coa Unión Europea en materia de acollemento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

5.5 8011 (10/PNP-000735)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos atascos e retencións que se veñen producindo na autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

5.6 8174 (10/PNP-000758)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín, e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa elaboración do novo Mapa de servizos de transporte público de viaxeiros por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

5.7 8382 (10/PNP-000782)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da supresión do instituto do aforamento dos deputados e das deputadas e a incorporación desta posición ao conxunto de reformas do Estatuto de autonomía de Galicia que se aborden no seu momento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

5.8 8990 (10/PNP-000842)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles, e dous deputados/as máis**

Sobre o remate polo Goberno galego do proceso de aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais de Pena Trevinca e o inicio do procedemento para a declaración dese espazo protexido como parque natural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

Punto 6. Interpelacións**6.1 1950 (10/INT-000081)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa negociación dun novo modelo de financiamento para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28, do 14.12.2016

6.2 7014 (10/INT-000290)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín, e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en relación co relevo xeracional nos negocios dos autónomos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

6.3 9280 (10/INT-000391)**Grupo Parlamentario de En Marea**

Sánchez García, Antón

Sobre a política do Goberno galego en relación coas emisións industriais contaminantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 117, do 24.05.2017

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**7.1 9580 (10/POPX-000037)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para frear a eucaliptización poñendo en marcha unha nova política para o monte galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

7.2 9591 (10/POPX-000038)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a dispoñibilidade dunha oferta ampla de solo industrial alcanzable e ben comunicado no sur de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

7.3 9603 (10/POPX-000039)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos orzamentos xerais do Estado para o ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 8265 (10/POP-001081)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e catro deputados/as máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da posibilidade de mellorar o servizo de medicina forense que se está a ofrecer na costa da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 03.05.2017

8.2 8673 (10/POP-001130)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen, e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia diante do escaso investimento previsto nos orzamentos xerais do Estado para a dragaxe da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 113, do 11.05.2017

8.3 9238 (10/POP-001189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación dos criterios de acceso ás axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG establecidos na Orde do 11 de abril de 2017, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 117, do 24.05.2017

8.4 9594 (10/PUP-000088)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción, e dous deputados/as máis

Sobre os criterios que vai seguir a Xunta de Galicia para a execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á repartición de fondos do Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2011-2015

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

8.5 8662 (10/POP-001129)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e oito deputados/as máis

Sobre os datos referidos ao tratamento da hepatite C

Publicación da iniciativa, BOPG nº 113, do 11.05.2017

8.6 9239 (10/POP-001190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre a data de entrada en funcionamento da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 117, do 24.05.2017

8.7 9586 (10/PUP-000087)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para solucionar a situación dos servizos de radiodiagnóstico por imaxe dependentes do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

8.8 8477 (10/POP-001106)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles, e sete deputados/as máis

Sobre as razóns das demoras que se están a producir na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais no Concello de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 113, do 11.05.2017

8.9 8734 (10/POP-001133)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel, e seis deputados/as máis

Sobre o número de familias beneficiarias do bono Concilia con cargo á orde que regula a súa concesión no ano 2016

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 18.05.2017

8.1 09602 (10/PUP-000089)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento do seu compromiso referido á garantía con fondos públicos da cobertura da demanda de prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos no curso 2017-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 31.05.2017

SUMARIO

Abrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia e delegación de voto do deputado don César Manuel Fernández Gil, por paternidade, quen, ao abeiro do disposto no artigo 84.3 e 4 do Regulamento da Cámara, exerce o seu dereito á delegación de voto para esta sesión no deputado don Pedro Puy Fraga. E tamén xustifica a súa inasistencia o Sr. Tellado Filgueira. (Páx. 12.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da orde do día relativa ás preguntas ao Goberno que figuran cos números 1, 5, 6 e 7, que serán tramitadas en último lugar. (Páx. 12.)

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, para investigar as autorizacións, contratos, concesións e, en xeral, todas as relacións do grupo Villar Mir co sector público galego, nomeadamente o seguimento, análise e investigación do intento de venda e segregación das centrais dos ríos Xallas e Grande. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención dos grupos proponentes: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 12.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 14.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Díaz Villoslada (S) (Páx. 16.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 19.)

Rolda de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 23.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 24.)

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG.PP. do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, para investigar as autorizacións, contratos, concesións e, en xeral, todas as relacións do grupo Villar Mir co sector público galego, nomeadamente o seguimento, análise e investigación do intento de venda e segregación das centrais dos ríos Xallas e Grande: rexeitada por 34 votos a favor 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 27.)

Debate de totalidade do proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero). (Páx. 27.)

Rolda de defensa da emenda á totalidade de devolución: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 32.)
Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 36.), *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 41.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 45.)
Rolda de réplica do grupo parlamentario emendante: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 50.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 52.)
Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 56.), *Sr. Lago Peñas (EM)* e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 58.)
Rolda de réplica: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 64.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia: *rexeitada por 20 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións*. (Páx. 66.)

Votación da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017: *rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 67.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instrucións ditadas para a realización no curso 2016-2017 das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 67.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 69.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 70.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 72.)

Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S). (Páx. 74.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de atención de emerxencias 112. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 75.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 78.), *Sr. Díaz Villoslada (S)* (Páx. 79.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 80.)
Nova intervención do señora Solla Fernández (EM). (Páx. 83.)

O señor Álvarez Martínez pide a palabra en virtude do establecido no artigo 76.1 do Regulamento. (Páx. 84.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa elaboración do Plan de transporte público e do novo Mapa de transportes de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Sánchez García (EM). (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 89.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 91.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 93.)

O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 95.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instrucións ditadas para a realización no curso 2016-2017 das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 96.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de atención de emerxencias 112: rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 97.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa elaboración do Plan de transporte público e do novo Mapa de transportes de Galicia: rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 97.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar dos proxectos aprobados na primeira convocatoria do programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) en materia de política social. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela). (Páx. 98.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 105.), Sra. Blanco Rodríguez (S) (Páx. 108.), Sra. Vázquez Verao (EM) (Páx. 111.) e Sra. Rodríguez Arias (P). (Páx. 113.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela). (Páx. 116.)

O señor presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 120.) Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 121.), a señora Blanco Rodríguez (S) (Páx. 123.), a señora Vázquez Verao (EM) (Páx. 124.), a señora Rodríguez Arias (P) (Páx. 126.) e o señor conselleiro de Política Social (Rey Varela). (Páx. 127.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, sobre a solicitude do Goberno galego ao Goberno central da creación *ex novo* de sete xulgados de reforzo en Galicia, cos medios humanos e materiais necesarios para afrontar, en cada unha das grandes cidades galegas, o probable aluvión de demandas polas cláusulas chan. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 128.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 129.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Rodríguez Barreira (P).* (Páx. 132.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 134.) e *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 136.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 138.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de *Eucalyptus nitens*, respecto das previsións do Plan forestal. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 139.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 140.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Quiroga Díaz (S)* (Páx. 143.) e *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 145.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. González Vázquez (P).* (Páx. 147.)

O señor. Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 149.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 151.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 152.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 154.) e *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 156.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 158.)

A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 159.)

Suspéndese a sesión ás oito e once minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do 1 de xuño de 2017, polo que non procedemos á súa lectura.

Hai dúas xustificacións de inasistencia. Unha, con delegación de voto, corresponde ao deputado don César Manuel Fernández Gil, por paternidade, que ao abeiro do disposto no artigo 84.3 e 84.4 do Regulamento da Cámara exerce o seu dereito á delegación de voto para esta sesión no deputado don Pedro Puy Fraga —por resolución da Presidencia do 1 de xuño de 2017, ratificada pola Mesa na sesión do 5 de xuño, que autorizou a dita delegación—. E tamén xustifica a inasistencia don Miguel Tellado por un problema de saúde.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Comunícolles unhas alteracións na orde do día, das que xa foron informados os portavoces. En concreto, no turno de preguntas ao Goberno, as preguntas que figuran cos números 1, 5, 6 e 7 tramitaranse todas en último lugar dentro do apartado de preguntas ao Goberno. Todas irán no último apartado de preguntas ao Goberno. Repito: as preguntas 1, 5, 6 e 7.

E agora, sen máis, entramos na orde do día.

Solicitud de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, para investigar as autorizacións, contratos, concesións e, en xeral, todas as relacións do grupo Villar Mir co sector público galego, nomeadamente o seguimento, análise e investigación do intento de venda e segregación das centrais dos ríos Xallas e Grande

O señor PRESIDENTE: Rolda dos grupos parlamentarios para defender esta proposta.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Debatemos hoxe a proposta de creación desta comisión de investigación con dous obxectivos moi claros. O primeiro é que se analicen todas as concesións, todos os contratos e todas as autorizacións do sector público ao grupo empresarial Villar Mir. E o segundo é que poidamos facer seguimento, análise e investigación dunha operación tan delicada como é o intento de venda e segregación das centrais do río Xallas e do río Grande, o que pon en risco nada máis e nada menos que 300 empregos na Costa da Morte.

E hoxe gustaríame responder a por que facemos esta proposta e a por que queremos que se constitúa esta comisión de investigación. E son tres razóns fundamentais.

A primeira é por respecto a este Parlamento, para que poidamos cumprir con eficacia a función de control, que é unha función esencial no funcionamento de calquera réxime democrático. Porque unha comisión de investigación é o instrumento máis potente que ten este Parlamento para poder cumprir coa función de control ao executivo. E cando hai en xogo tanto para este país, cando descaradamente un empresario que está sendo imputado por financiamento ilegal do Partido Popular chantaxea a Galicia, cremos que non podemos quedar cruzados de brazos. E, neste sentido, a comisión de investigación é o instrumento máis importante que ten o Parlamento e, en definitiva, que ten o pobo galego, que é, ademais, un instrumento que nos permite investigar calquera asunto que sexa de interese público. Polo tanto, polo simple feito de querer investigar e analizar o intento de venda e segregación das centrais do río Xallas, xa simplemente por esta cuestión, estaría xustificada e requetexustificada a creación desta comisión.

Pero é que hai unha segunda razón que para o noso grupo é tamén moi importante. E é que esta comisión de investigación é un instrumento necesario para loitar contra a corrupción. E quero dicir algo con moita clarezza: no BNG nin acusamos nin xulgamos nin condenamos, simplemente describimos feitos que son coñecidos, públicos, que moitos deles, ademais, aparecen en sumarios xudiciais.

E gústelles ou non aos membros do Partido Popular, o certo é que o que vostedes denominan como unha sucesión de casos illados son un auténtico tsunami de corrupción que nos demostra até que punto está putrefacto o réxime do 78.

Temos tamén evidencias moi claras de que o foco desa corrupción non está localizado en Madrid senón que é un foco que se expande. Na Gürtel xa apareceron evidencias moi claras de que Galiza era moeda de cambio na corrupción do Partido Popular. Pero nestas últimas semanas a operación Lezo tamén nos descubriu unha nova trama de corrupción que salpica directamente o interese xeral do noso país. Nesta actuación xudicial, o xuíz imputou a Javier López Madrid, que é vicepresidente de Ferroatlántica e que dimitiu como conselleiro da construtora OHL; pero é que tamén imputou a Villar Mir, que é o propietario de Ferroatlántica e de OHL, entre outras empresas.

Quero destacar que é salientable que todo este grupo e este conglomerado de empresas que dependen de Villar Mir teñen, nunha parte moi importante, concesións públicas; é dicir, que unha parte do seu negocio derivou de autorizacións e de decisións directamente vinculadas co Goberno. Así vemos como, por exemplo, vén sendo beneficiario de diferentes obras e concesións de servizos: a adxudicación da nova liña de atraque no porto vigués de Bouzas, obras para a mellora do calado de Punta Langosteira ou a autorización a dedo por parte do Goberno da Xunta de Galiza da xestión de todos os albergues do Camiño de Santiago. Pero é que os seus negocios e os seus vínculos coa Administración non acaban aquí, porque Villar Mir explota as minas de Serrabal, os parques eólicos de Monte Alegre e Pedra Miñón, explota o río Xallas e o río Grande con seis centrais que estaban vinculadas co mantemento do emprego nas fábricas de Cee e de Dumbría. Por certo, tres desas novas centrais autorizounas o señor

Feijóo unha vez que xa estaban caducadas. Sabemos ao mesmo tempo que este empresario tivo xenerosas doazóns á Fundación Manuel Fraga e —insisto— xa aparecía nos papeis de Bárcenas, e agora está imputado na operación Lezo.

Estes son datos que, desde logo, o que sementan son moitas dúbidas. E no Bloque Nacionalista Galego no que non cremos é nas casualidades. É dicir, que vemos como hai un empresario que está imputado por suposto financiamento ilegal do Partido Popular e que durante toda a súa —imos chamarlle— carreira empresarial tivo importantes beneficios públicos, importantes concesións, que dependen da Xunta de Galiza.

Nalgúns casos sabemos, por exemplo, que se lle deixou especular. ¿Como é posible que se lle permitira hipotecar as centrais do río Xallas que estaban vinculadas co mantemento do emprego na Costa da Morte nada máis e nada menos que para investir na cuarta torre da Castellana ou nunha urbanización de luxo en Canalejas? Iso fíxose con autorización da Xunta de Galiza e non se lle requiriu que os cartos desas centrais se reinvestiran no noso país.

Nós, señorías, queremos unha comisión de investigación, porque temos dereito a investigar se hai derivadas da operación Lezo en Galiza.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Queremos que comparezan os responsables da empresa, pero tamén queremos que comparezan nesa comisión de investigación todos os cargos da Xunta de Galiza que tiveron algo que ver nestas adxudicacións e queremos saber qué máis doazóns se fixeron.

Eu teño moi claro que esta comisión de investigación só pode molestar, só lle pode sobrar, a quen teña algo que ocultar. O resto estaremos pola transparencia, pola verdade e por que este Parlamento poida cumprir coa súa función, que é unha función de control.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señor presidente.

Señorías, unha dúbida percorre o noso país, unha dúbida razoable, unha dúbida que se sustenta na certeza da existencia de dúbidas de máis sobre como se financia o actual partido do Goberno en Galicia. Esa dúbida vén avalada por sospeitas xudiciais, por continuas decisións dos xulgados e tamén desa Fiscalía Anticorrupción que tentaron vostedes controlar para que non dubidase.

Unha persoa como o señor Villar Mir aparece relacionada con esa dúbida. Non é un chegado de agora. Falamos de quen ocupou altos cargos no franquismo, de quen vén construíndo un

imperio económico a carón dos poderosos que parasitaban as institucións e a custa do traballo da xente; tamén a custa do patrimonio público mediante o aproveitamento das privatizacións coas que saquearon o patrimonio colectivo. Quizais por iso non é tan raro que siga a defender publicamente a gran coalición. El ten claro do lado de quen está cadaquén, e nós tamén temos claro que estamos do lado da xente.

O señor Villar Mir recibiu préstamos a xuros cero de Caixa Madrid, onde casualmente estaba o seu xenro, López Madrid, que foi imputado na operación Lezo, na que casualmente tamén o foi o señor Villar Mir. En Balears unha conselleira do Partido Popular manifestou que sufriu presións para favorecer esta empresa. Ata en México foi acusado de financiar ilegalmente un partido a cambio de subvencións.

Pero aquí, no noso país, tamén o coñecemos. Del era a mina de Serrabal, e por ela recibiu unha subvención relacionada coa construción do AVE. O AVE non chegou; pero os cartos a Villar Mir, si. ¡E que dicir de Ferroatlántica de novo neste hemiciclo! Villar Mir precisa liquidez para o seu imperio e quere vender as centrais dos ríos Xallas e Grande, pero existe unha concesión administrativa que lle impide facelo sen segrealas das empresas de ferroaliaxe, unha vinculación administrativa para garantir o futuro industrial de toda unha comarca.

A Villar Mir tanto lle ten. El ten a certeza de que o goberno amigo lle levantará a restrición pase o que pase. Tanta certeza ten que no outono de 2016 xa comunicou a operación ao índice Nasdaq de Nova York e o 24 de maio inscribiu esa segregación no Rexistro Mercantil aínda sen autorización administrativa, para enfado dun Feijóo que se enterou da operación polo voceiro de En Marea neste hemiciclo.

Tal seguridade só pode vir dunha certeza: que o goberno amigo non fallará. E non fallará, porque o Partido Popular é o goberno amigo de Villar Mir, porque un só fai agasallos, é dicir, doazóns, aos seus amigos. Caberíanos, en sentido contrario, unha dúbida, e é que non sexan amigos e que realmente o que fan son negocios. En consecuencia, existiría entón a dúbida de se a doazón era a cambio dun favor ou dun negocio.

Comprenderán que esa dúbida que nos percorre non é caprichosa, nin para nós nin para o conxunto da sociedade galega. Por iso lle propoñemos traballar conxuntamente por este país. Por unha vez actúen vostedes en beneficio deste país. Investiguemos, verifiquemos os datos, comprobemos se existen motivos para esas dúbidas que derivan en sospeitas fundadas. Din vostedes que non se pode someter calquera empresa a este proceso porque si. E teñen razón. Pero tampouco se pode someter un país a un saqueo constante e mirar para outro lado. E por iso, con estes antecedentes, si hai que mirar para esta empresa concreta, relacionada co seu financiamento, concretamente co partido que sustenta este goberno en concreto. Certo que o grupo Villar Mir contrata con gobernos de moitas cores, pero a cor do diñeiro só esta posta no Partido Popular.

Non miremos para outro lado, non lle deamos as costas a todo o que a xente pensa e vive na rúa. De ser certo o que vostedes afirman, nada deberían temer desta comisión. De ser certo que as dúbidas non teñen fundamento, de seguro que o señor Villar Mir estará encantado de resolver as dúbidas que toda a corrupción que observamos está a provocar. Dean vostedes a

oportunidade a esta empresa de se defender e, sobre todo, dean a oportunidade a este pobo de saber, e á súa xente de coñecer, qué é o que se fai cos seus cartos, cos seus recursos públicos. Déanlle a oportunidade á cidadanía que vota de saber como se financia cadaquén e se alguén vai dopado ás eleccións.

Nun xulgado sábese que non se pode condenar a alguén sen probas. Iso é certo, pero o certo é que tamén se sabe que, cando unha denuncia vén acompañada de indicios fundados, o que procede é investigar, aclarar o sucedido, que non se pode deixar na rúa a dúbida fundada, que é unha obriga dos poderes públicos aclarar as sospeitas non caprichosas. Non facelo, non investigar, non é respectar a presunción de inocencia. É dar patente de curso para que os poderosos poidan facer o que queiran mentres condenamos o roubagaliñas —e esta expresión non é nosa, é do presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, nomeado por vostedes—. Nin sequera lles pedimos que acudan á Fiscalía ou ao xulgado de garda a denunciar. E temo que terían datos bastantes para facelo. Ás veces fano, pero ás agochadas, pola porta de atrás e para prexudicarse uns aos outros. E entón temos que asistir ao espectáculo da presidenta da Comunidade de Madrid falando de fogo amigo cando é investigada. A cidadanía está farta deste xogo, farta do ruxerruxe interesado das súas faccións internas, e dos movementos nas cúpulas das fiscalías para seguir este xogo do despiste. Teñen a oportunidade de deixar este xogo de máscaras. Esta é a súa oportunidade.

E vou rematando.

Apoien esta comisión, apoien esta comisión e permitan que sexan aclaradas as dúbidas; que o sexan en sede parlamentaria, que non ten por misión investigar delitos. A función da comisión non é investigar delitos, senón defender os intereses da cidadanía. Por iso é pertinente esta comisión. Devolvan as institucións á xente, non deixen que sexan acubillo dos poderosos por máis tempo. Convidámoslos, dende En Marea, a aclarar as dúbidas para que o pobo galego teña as respostas que merece. Non agardemos a que unha citación xudicial deixe en evidencia os motivos da súa negativa a dar respostas que a xente reclama a berros.

Abran as portas da comisión e abran, así, as portas á cidadanía, e explíquenlle como e por que se gastou o diñeiro, que parte do que a xente paga en impostos vai ás empresas de Villar Mir. Explíquenlle —se poden— por que non teñen cartos para hospitais, escolas, xulgados, ou xa non digamos para fiscalías anticorrupción.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Como sabemos ben, as comisións de investigación parlamentarias teñen unha dobre misión ou un dobre obxectivo. Por unha parte, poñen de manifesto actuacións irregulares de carácter político-administrativo para, de ser o caso, promover as reformas legais que corrixa e eviten estas actuacións. Pero, por outra parte, teñen, evidentemente, a misión de exixir responsabilidade política se os causantes das irregularidades están a ocupar cargos públicos, solicitando a súa dimisión ou destitución. Dado que normalmente o Goberno dispón de apoio parlamentario, da maioría parlamentaria suficiente, é realmente difícil que prosperen as exixencias de responsabilidade. Pero non será nin é menos relevante a función das comisións de investigación como instrumento parlamentario de información e de denuncia.

Sinalabamos, con motivo dalgunha outra intervención por parte do noso grupo parlamentario en materia de transparencia e de medidas anticorrupción, como os tribunais españois procesaron ou abriron xuízo por delitos de corrupción a 1.378 persoas, implicadas nun total de 166 casos, só no período que vai de xullo de 2015 a setembro de 2016, segundo o último informe presentado polo presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, dando lugar a un total de 399 persoas condenadas por delitos de corrupción correspondentes a estas causas.

E tamén con motivo dalgunha outra intervención, ben en pleno ou en comisión, en materia de transparencia e, como digo, de medidas anticorrupción, sinalabamos dende unha perspectiva ou un símil máis medioambiental que necesitamos todos, a sociedade, a cidadanía, que as augas da xestión pública, da acción política, baixen o máis limpas posible, que baixen coa maior depuración para que non se sigan contaminando, como vén sendo bastante habitual, as cloacas do Estado, e que, como dicíamos, o mar da democracia non siga esmorecendo, como está ocorrendo precisamente de cotío ao observar comportamentos das oligarquías empresariais pero tamén políticas.

E é certo que o empresario Villar Mir está investigado no caso Lezo, caso paradigmático de tramas de oligarquías, como digo, empresariais e políticas, incluso con interferencias no ámbito da Fiscalía Xeral do Estado, unha a priori perfecta tea de araña que está a enredar cargos do Partido Popular. Pero non é menos certo que, sen prexuízo destas eventuais extensións desta forma de actuar ao resto do territorio español, ou no noso caso en Galicia, os casos citados nesta iniciativa presentada conxuntamente polo BNG e por En Marea de contratos do Grupo empresarial de Villar Mir en Galicia non teñen en principio —que nos conste, polo menos polo de agora, ao Grupo Parlamentario Socialista, nin creo que ao resto da Cámara— orixinado actuacións de carácter policial nin xudicial por delitos de corrupción ou por calquera outra clase de delitos. Parece a priori, desde esta perspectiva, abrir unha causa de carácter xeral. Se, por razón de maiorías parlamentarias, precisan contar con máis grupos parlamentarios para levar adiante esta iniciativa, ao Grupo Parlamentario Socialista teríalle gustado que se comentase esta cuestión tamén con nós. (*Aplausos.*) Non vaia ser que se busque poñer o Partido Socialista nestas tesituras, cando realmente o Partido Socialista se vai situar no centro da decisión e no equilibrio das decisións que hai que tomar dende o punto de vista da democracia parlamentaria e da rexeneración democrática.

Pero é certo tamén, e é innegable, que o Grupo Villar Mir ten amplos e intensos intereses en Galicia —sen poder deixar de destacar o caso comentado de Ferroatlántica, especialmente preocupante pola súa incidencia na Costa da Morte—. Porque eu preguntaría en

moitas ocasións, escoitando os debates tanto en pleno como ás veces en referencias en comisión —onde se está a traballar e onde se está a debater sobre a segregación solicitada polo Grupo Villar Mir—, quen está realmente escribindo o guión desta segregación. É unha pregunta, non é retórica. Esperemos que existan respostas. Porque non podemos esquecer que Ferroatlántica, para poder explotar os nosos recursos naturais, se beneficiou de concesións públicas supeditadas ao mantemento e xeración de postos de traballo, así como á declaración de utilidade pública para a expropiación dos terreos e para a construción e explotación das centrais hidroeléctricas.

Estamos nun proceso longo, angustiante para os traballadores e traballadoras dunha comarca enteira cunha taxa de paro elevada, sufrindo unha sangría demográfica, e para quen Ferroatlántica é «a fábrica», non é unha fábrica máis; unha comarca que se puxo en pé no 1992, e que se volveu poñer en pé en marzo mostrando o seu rexeitamento á venda das centrais.

Por certo, por suposto que a decisión que o Goberno galego tome en relación coa segregación solicitada das centrais hidroeléctricas se debe tomar dentro da legalidade. Isto é case unha obviedade, ¡faltaría máis! Pero trátase dunha decisión final de carácter estritamente político. Non estamos ante un goberno —¿ou si?— puramente tecnocrático. As decisións son absolutamente políticas e, por suposto, dentro do marco da legalidade.

O Grupo Villar Mir responde perfectamente —é certo— a unha radiografía completa de actividade de *lobby* en moitas ocasións, a un auténtico grupo de presión; que, como grupo de presión é lexítimo, pero ten que estar ben controlado nos seus intereses e nas súas actuacións cos poderes públicos, en Madrid e en Galicia. A axenda dos representantes políticos, a axenda dos cargos públicos, as reunións que teña Villar Mir ou calquera representante dos grupos empresariais de Villar Mir, o código ético de actuación destas actividades de *lobby*, deben estar absolutamente reguladas e deben ter absoluta transparencia. Recordemos, neste sentido, que as medidas de regulación nesta materia anticorrupción e de regulación das actuacións dos *lobbys* —e estamos ante un caso paradigmático— é certo que están sendo rexeitadas de forma sistemática polo Partido Popular. Non sabemos por que.

Ante esta situación, o noso grupo o que si ten claro é que, efectivamente, non se vai opoñer a esta comisión de investigación solicitada polo BNG e por En Marea. Se xorden irregularidades, actuarase en consecuencia; e, se non, a sombra da sospeita desaparecería. Creo que debemos ser moito máis rigorosos á hora de traer cuestións para formular comisións de investigación, porque, se non, corremos o risco, nesta Cámara e en calquera cámara parlamentaria, de minusvalorar a función das comisións de investigación.

O que si agardamos é que o Partido Popular tamén se sume a esta visión en pro dunha necesaria democracia sa, da necesaria rexeneración democrática. Esta explicación por parte do noso grupo parlamentario non require xa máis argumentos, porque temos a absoluta convicción sobre a función parlamentaria que estamos a desenvolver nesta Cámara. Este sería entón o posicionamento do noso grupo parlamentario. E espero que, por unha parte, os grupos proponentes garden máis rigor á hora de formular comisións parlamentarias de investigación, e que, por parte do Partido Popular, se sumen á necesaria rexeneración democrática.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Ben, traen hoxe a esta Cámara o Bloque Nacionalista Galego e As Mareas de Podemos unha solicitude de comisión de investigación para un grupo empresarial que ten obtido contratos con diferentes administracións públicas no eido da comunidade autónoma, tanto en concellos como en deputacións como mesmo na Xunta de Galicia, contratos con diferentes administracións públicas e baixo diferentes cores políticas.

E xorde esta petición de comisión de investigación como consecuencia dunha investigación xudicial que se está levando a cabo en Madrid, unha investigación xudicial que non solicitou á Xunta de Galicia nin un só contrato con esta empresa ao longo da investigación. E tam pouco ten aparecido nin un só indicio de que houbese algunha conexión coa administración galega; salvo, iso si, as malintencionadas inxurias do señor Villares que verteu hai dúas sesións de control ao presidente da Xunta, dicíndolle que xa tiña vendida a segregación das centrais a cambio de 700.000 euros de financiamento ilegal do seu partido. E non pasa nada, aquí todo vale.

Ben, señor Villares, despois destas manifestacións, vostede está inhabilitado para falar de dúbidas razoables. Porque as dúbidas razoables seméntaas vostede, única e exclusivamente vostede e o seu grupo. Aquí non se agarda a que haxa unha sentenza firme, aquí fálase de filtracións que saen a raíz de sumarios xudiciais —dá igual que sexan secretos ou que non—. Parece mentira, señor Villares, que vostede sexa xuíz. Vale dicir dende que o señor Feijóo é unha bacteria tóxica ata imputarlle falsamente a comisión dun delito. Porque iso foi o que fixo vostede aquí nesa sesión de control.

Pois non, señorías, non todo vale. Nós xa sabemos que vostedes irromperon na política para destruír as institucións, para destruír a democracia e para destruír a nobreza da política. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿E con estes vimbios pretenden vostedes levantar o país? ¿Con estes vimbios pretenden vostedes dar clases de democracia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Con estes vimbios podridos pretenden vostedes axudar á rexeneración política? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Non, señorías, con nós non conten para destruír as institucións e a democracia. Nós temos un compromiso cos galegos e coas galegas que nos votaron para protexelos de vostedes, de

quen non cre na democracia, de quen non cre na importancia das institucións, de quen non cre na xustiza.

¿Que pretenden con esta comisión de investigación? Pois non pretenden facer un labor de control, o que pretenden é facer unha investigación prospectiva. Non coñecen nin un só contrato con estas empresas que poida ser fraudulento, non coñecen nin unha soa concesión nin unha soa adxudicación que non cumpra escrupulosamente a lexislación vixente. Pero queren sementar a dúbida, queren facer a política de tinta de lura, sementar dúbidas e poñer todo baixo sospeita.

Señorías, isto non é un xulgado, isto é un parlamento. Deixen traballar a xustiza, que é a única que investiga, acusa e procesa. Vostedes queren facer iso nun parlamento. Non, señorías, ese non é o labor dun parlamento, deixen de confundir a xente. Se queren poñerse do lado da lei, póñanse do lado dos propietarios aos que lles ocupan as casas e condenen as actuacións e manifestacións dos violentos e dos delincuentes. *(Aplausos.)* Se queren poñerse do lado da lei, defendan os pensionistas venezolanos que non cobran as súas pensións. *(Aplausos.)* Porque, postos a dubidar de financiamentos ilegais, creo que no pasado pleno quedou bastante claro cal é o seu posicionamento respecto do señor Maduro e cales son as sospeitas que están sementadas sobre o financiamento de Podemos. Vostedes puxéronse do lado de Maduro en lugar do lado dos pensionistas venezolanos que non cobran a súa pensión. *(Aplausos.)*

Vostedes non se poñen do lado da xustiza, vostedes non queren xustiza, vostedes o que queren é axustizar. Pero ¿sabe o que pasa, señor Villares? Que vostedes subestiman a intelixencia da xente e pensan que o pobo é ignorante e alienado. Pero os galegos coñecen a súa verdadeira faciana, e por iso nós seguimos gañando eleccións e vostedes seguen perdendo votos.

Nós concordamos co Partido Socialista en que, efectivamente, non se pode abrir unha causa xeral por nada e sementando dúbidas sobre contratos. Se vostede considera que hai algún contrato fraudulento, que non cumpriu a lexislación vixente, eu, señor Villares, ánimoo a que traslade a Madrid ou presente aquí nalgún xulgado as probas que vostede ten. ¿Ou que pretende?, ¿facer unha investigación prospectiva? ¿Onde estudou vostede a oposición, señor Villares? ¿Que tipo de investigación prospectiva está permitida nun Estado de dereito, señor Villares? ¿A investigación prospectiva para vostede é algo razoable? Ben.

Nós concordamos co Partido Socialista en que, efectivamente, esta é unha pura posición propagandística dos nacionalistas. En verbas do señor Leiceaga é «populismo fácil». Señorías, nós coincidimos en que isto é populismo barato. E a única forma de dignificar a política é actuar con contundencia contra os corruptos, que a xustiza chegue ata o final, e non facer xuízos paralelos e mediáticos que nada contribúen a esclarecer a verdade nin a estar do lado da lei.

Señora Pontón, vostedes aínda teñen nas súas filas, imputado, o señor Fernando Blanco, que foi conselleiro de Industria na época do Bipartito. O seu posicionamento, segundo as súas reflexións, segundo as manifestacións que acaba de dicir aquí agora mesmo, sería facer unha investigación, porque están baixo sospeita todos os contratos que fixo o Bipartito da Xunta de Galicia cando gobernaba e sentaba nun sillón do Consello da Xunta o señor Fer-

nando Blanco. *(Aplausos.)* Esa é a súa forma de pensar. *(Murmurios.)* Pois, mire, nós non estamos de acordo con iso.

OHL acaba de obter un contrato na Deputación da Coruña por 2,5 millóns para o acondicionamento da Residencia Calvo Sotelo. ¿Quen goberna a Deputación da Coruña, señorías? Pois gobernaa o Partido Socialista co Bloque Nacionalista Galego e coas Mareas de Podemos. ¿Tamén está baixo sospeita ese contrato que hai na Deputación da Coruña? ¡Ah!, non, só están baixo sospeita os que fan as administracións do Partido Popular. ¡Curiosa afirmación, señorías!

Pois ben, nós non pensamos que porque o señor Fernando Blanco estea imputado o BNG, a pesar de que tamén ten zonas grises —porque tamén hai unha investigación xudicial sobre algúns ingresos que hai nas contas do BNG, que parece que non están moi ben acreditados—, tamén estea baixo investigación xudicial. Señorías, e falando de zonas grises, tamén As Mareas. Acabamos de coñecer o informe do Consello de Contas sobre as eleccións do 25 de setembro, e tamén hai unha especie de microcréditos nos que non están... *(Murmurios.)* nin identificadas as persoas que os fan... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Iso é o que fan os que non queren escoitar os demais. Só queren falar eles e só queren que se lles escoite a eles. Iso ten un nome, e vostedes coñéceno ben, porque o utilizan habitualmente, pero eu non o vou dicir.

Miren, a vostedes non lles importaron as deficiencias que tiñan na súa xustificación de gastos da campaña electoral. O Consello de Contas devolveulles eses papeis. ¿E que fixeron vostedes cos documentos? Facer anotacións á man. ¡Curiosa forma de solventar erros, señorías! Pero teñen uns microcréditos que non declararon a Facenda polo imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Polo tanto, o Consello de Contas considera que son doazóns. E, señorías, nós non sabemos se eses doantes agora gozan de contratos nas administracións nas que gobernan As Mareas de Podemos, porque segundo o señor Villares as doazóns só as fan os seus amigos. Pois supoño, señor Villares, que os seus amigos lle farían esas doazóns ou eses microcréditos non declarados e que agora estarán contratando coas administracións nas que vostedes gobernan. Nós non podemos falar disto porque non coñecemos nin os doantes nin sabemos canto lles doaron.

Pois ben, nós, se fixeramos a mesma política que fan vostedes —que non é o noso estilo—, sementariamos unha dúbida sobre todas estas cuestións que lles acabo de relatar. Pero non o imos facer, porque nós imos ser serios e rigorosos. Nós cremos na actuación da xustiza, e non hai máis transparencia que unha investigación xudicial. E unha investigación xudicial chega a onde non chega unha investigación parlamentaria. Non veñan dicir aquí que a investigación parlamentaria é o maior e o mellor instrumento de control a un goberno. Non, señorías, iso válelles a vostedes para estar na prensa durante equis tempo, sementando dúbidas, como o calamar, coa tinta, esparcindo dúbidas e poñendo baixo sospeita

todos os contratos con estas empresas. Nós non imos darlles esa facilidade que vostedes queren. Se queren facer política, fágana con outras cousas, fagan propostas que resolvan os problemas da xente. Porque, miren, nós, para combater a corrupción, aprobamos cinco leis en cincuenta días: a reforma da Lei do Consello de Contas, a de financiamento de partidos políticos, a da participación cidadá, a da asistencia xurídica, que impide que se poidan usar fondos públicos...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...na defensa en procesos de corrupción e a Lei de transparencia e bo Goberno, e vostedes non apoiaron esa lexislación.

Nós cremos absolutamente na separación de poderes. Que a xustiza actúe e caia todo o peso da lei... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: ...sobre os corruptos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: E dende o Parlamento temos que legislar e darlles ferramentas... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: ...aos xuíces para que combatan esa corrupción. *(Murmurios.)*

Remato xa, señor presidente.

O Grupo Popular vai votar que non. E por iso non imos pedir que se investigue a Deputación da Coruña nin todos os contratos do Bipartito. Non imos caer no populismo barato das Mareas de Podemos, no que hoxe tamén cae o Bloque Nacionalista Galego. Non imos despres-tixiar a política, plantexar estes debates...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...xerando unha dúbida xeneralizada sobre todos os contratos que fai a Xunta de Galicia, porque, ademais, como dixo o señor Leiceaga...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...iso pode repercutir en que non haxa investimentos na nosa comunidade autónoma.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Réplica dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día de novo.

Eu creo que lle vou recomendar ao señor presidente que faga un curso de primeiro de democracia neste Parlamento, (*Aplausos.*) porque as comisións de investigación, señores e señoras do Partido Popular, e tamén do Partido Socialista, non están para investigar o que se investiga nos xulgados, claro que non, nin teñen por que investigar irregularidades. Como di o propio Regulamento da Cámara deste Parlamento, están para investigar cuestións de interese xeral para Galiza. E eu preguntome se non é unha cuestión de interese xeral investigar que está pasando coa venda das centrais do Xallas, que pode botar á rúa 300 traballadores e traballadoras da Costa da Morte, (*Aplausos.*) e se non ten interese para todos os galegos e galegas que están preocupados pola corrupción do Partido Popular coñecer que se investigue un empresario que aparece nos papeis de Bárcenas, que está de novo investigado pola corrupción do Partido Popular e que ten importantes negocios que derivan de concesións públicas, moitas delas adxudicadas a dedo por parte do Partido Popular. ¿Por que teñen medo a que iso se investigue e a que coñezamos os contratos e a que, por exemplo, poida vir aquí o señor Villar Mir e nos explique a cambio de que lle fixo a doazón á Fundación Manuel Fraga? Creo que é unha pregunta que moitos galegos e galegas se están facendo neste momento. ¿Ou por que a actual Xunta de Galiza lle regalou tres concesións, que agora quere vender? Porque iso foi o que fixo o señor Feijóo —ausente neste debate— cando lle permitiu que unhas concesións que estaban caducadas seguiran para adiante. Ou tamén nos gustaría saber se se reuniu ou non o conselleiro do ramo coa dirección de Ferroatlántica antes de que presentaran a solicitude formal de segregación e que conversas houbo nesa solicitude.

Queremos saber por que a anterior Xunta de Galiza —tamén do Partido Popular— lle permitiu a Villar Mir utilizar as centrais do río Xallas para construír, non máis emprego na costa da Morte, senón unha torre na Castellana ou unha urbanización de luxo en Canalejas. Son preguntas que todos e todas nos facemos e que a min me gustaría saber. ¿Por que o Partido Popular non ten interese en que isto se investigue?

E veñen aquí facer acusacións absolutamente denigrantes. (*Protestas.*) Si, si, denigrantes. E acusacións, señoría, polas que se vostede, señora Prado, non tivera inmunidade parlamentaria, seguramente estaría nun xulgado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*) ¡Estaría nun xulgado! (*Murmurios.*) ¡Xa estivo! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Xa estivo, señora Prado! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Xa estivo vostede nun xulgado. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Claro que si! Difamando a persoas, señora Prado. A única organización política...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...en todo o Estado español e en toda a historia da democracia imputada por corrupción é o Partido Popular. *(Aplausos.)* ¡É o Partido Popular, señoras e señores! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Son vostedes os únicos. *(Aplausos.)*

Mire, ¿sabe que é o que desprestixia a política? A corrupción xeneralizada que vemos no PP.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Sabe o que desprestixia este Parlamento? Que non se permitan as comisións de investigación. Hoxe temos unha proba máis na prensa; vemos que non só é necesaria esta comisión de investigación, tamén a comisión de investigación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...de Angrois, ¿verdade? Mordidas e obras feitas con mala calidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Por iso non queren que este Parlamento poida investigar, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente.

Os contratos de Villar Mir claro que foron con moitas administracións públicas de partidos políticos diferentes. Pero só hai un partido que xestiona esas administracións públicas que está imputado por corrupción e por financiamento ilegal, só un, que é o Partido Popular. *(Aplausos.)* Esa é a pequena diferenza. *(Aplausos.)*

Din: «¡En Galicia non!» *(Risos.)* ¡En Galicia non, porque é un partido diferente do Partido Popular de España! *(Murmurios.)* ¡É un partido diferente! *(Murmurios.)* Pero é simpático que Feijóo forme parte da dirección estatal dese partido diferente. *(Aplausos.)* ¡É estraño! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¡É curioso! O imputado non é o Partido Popular de Madrid —lean a instrución na parte que está publicada—, é o Partido Popular de España, en cuxa cúpula directiva está Núñez Feijóo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, está Núñez Feijóo! ¡Mala sorte! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Mala sorte! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Pregunta a señora Prado... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...onde estudei Dereito. ¡Nunha universidade pública galega! Alí estudamos Dereito. *(Aplausos.)* ¡Nunha universidade pública! *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* ¡Nunha universidade pública galega! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, señora Prado! *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, vostede xa estivo no debate. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Silencio! *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non, non lle preguntou. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, vostede fixo unha afirmación e el está respondendo a esa afirmación. *(Murmurios.)* E non foi en concreto sobre onde estudou, que eu estou atento, foi sobre como foi a oposición...

O señor VILLARES NAVEIRA: ¡Foi así tal cal! *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Eu estou atento! *(Risos.)* *(Aplausos.)* Non quero que pase desapercibido. *(Aplausos.)* *(Risos.)* *(Murmurios.)*

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿E saben por que non se poden estudar as oposicións nunha universidade pública? Porque non está previsto. *(Murmurios.)* ¡Ahhh!

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿E sabe que pasaba? Mentres eu estaba estudando as oposicións, ¿sabe onde estaba o seu xefe? Paseándose no barco con... ¿como se chamaba? *(Murmurios.)* ¿Marcial Dorado chamábase? *(Aplausos.)* Todos o temos pasado, só que algúns nos rodeabamos de leis e outros de narcotraficantes. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bueno, ¿que lle imos facer? ¡A vida é así! O pasado é así. Entón, cadaquén ten o seu pasado. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Se quere leccións de dereito, podemos falar de dereito...

O señor PRESIDENTE: Non, non se meta niso. Non se meta. (*Murmurios.*)

O señor VILLARES NAVEIRA: Non, claro, que aquí non vimos facer sentenzas firmes, non é a función dunha comisión de investigación... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Imos terminar o debate.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...unha sentenza firme, porque unha comisión de investigación ten como función determinar feitos probados dun ilícito penal, e non é a súa función. Pode contribuír a descubrir ilícitos penais, pero tamén ilícitos administrativos e determinar responsabilidades políticas. ¿Non o sabía? Ese día non foi a clase, ¿non? Bueno, pois ¿que lle imos facer? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Quen non cre na xustiza? Di que nós non cremos na xustiza. ¿Quen non cre na xustiza?, ¿os que cambian os fiscais e os poñen adocenados, eses que teñen esa debilidade, que se pirran polos chalés? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Porque aquí hai un problema sistemático: ¡Bárceñas cos chalés!, (*Aplausos.*) ¡Ignacio González cos chalés! Bueno, cos chalés non, é que teñen un problema grave con iso. (*Murmurios.*) ¿Os que quitan xuíces? (*Murmurios.*) ¿Os que poñen e quitan xuíces, como revelan as investigacións e as conversacións telefónicas? ¿Ese é o respecto pola xustiza? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Ese é o respecto pola xustiza? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

Terminamos o debate. Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¿Quen sementa a dúbida sobre as actuacións de Villar Mir?, ¿o Grupo de En Marea, a comarca da Costa da Morte ou unha empresa que, sen ter autorización administrativa, o inscribe no BORM con total seguridade de que aquí o Goberno lle vai conceder a autorización?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Si, supeditado, evidentemente, a que lla conceda.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Pero sábeno de sobra. Saben cal é o final porque saben cales son os amigos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Pechado o debate, votamos a solicitude de creación da comisión de investigación.

Pechen as portas, por favor.

Procedemos á votación.

Votamos a solicitude de creación da comisión de investigación.

Votamos.

Votación da solicitude de creación dunha comisión de investigación, por proposta dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea, para investigar as autorizacións, contratos, concesións e, en xeral, todas as relacións do grupo Villar Mir co sector público galego, nomeadamente o seguimento, análise e investigación do intento de venda e segregación das centrais dos ríos Xallas e Grande.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a creación da comisión de investigación.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao punto 2 da orde do día... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, son 40 votos en contra porque o señor Puy ten un voto delegado. Grazas por ese apuntamento, non me dera conta. Son 40 votos negativos e 34 a favor. Grazas.

Pasamos ao segundo punto da orde do día.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia

O señor PRESIDENTE: A este proxecto de lei presentouse unha emenda á totalidade do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas.

Moi bo día.

A ver se rebaixamos un pouco o ton e falamos dun tema que dende esta consellería e o Goberno da Xunta de Galicia entendemos tamén importante. E, de feito, gustaríame comezar a miña intervención recordando unha frase de Gandhi, que dicía que a grandeza dunha na-

ción e o seu progreso moral poden ser xulgados pola maneira en que trata os seus animais. E precisamente por iso, e respondendo a un compromiso electoral que tiñamos, este goberno trae a este Parlamento o proxecto da nova Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Calquera texto legal que se debate e se somete a votación neste Parlamento é, sen dúbida, importante, pero nós entendemos que esta lei en concreto ten un plus de relevancia, porque incide directamente sobre o benestar dos animais de compañía, porque está concibida para loitar contra o abandono e o maltrato animal, fomentando a adopción dos animais abandonados e a concienciación da sociedade e porque vén dar resposta a un sentir que nós entendemos maioritario da poboación galega, cada vez máis sensibilizada coa necesidade de protexer os nosos animais de compañía, e porque dalgunha maneira estamos convencidas —e espero que neste trámite parlamentario así se constate— de que este vai ser un dos textos lexislativos nesta materia máis avanzados e completos de España.

Señorías, todos os grupos que temos representación nesta Cámara estamos de acordo en que Galicia precisaba dunha nova Lei de protección e de benestar dos animais de compañía. Así o reflectiron a totalidade de todos os programas electorais que se presentaron, porque estamos convencidos de que Galicia necesita dunha nova norma que estea adaptada tras máis de vinte anos sen ningún tipo de actualización.

Dende o primeiro momento fomos conscientes de que había de ser unha lei desenvolvida co máximo consenso e implicación. Esa é a nosa intención. Esa tamén é a nosa intención neste Parlamento, pero témolo demostrado porque estivemos falando con todos os axentes sociais e tamén con todas as asociacións de protectoras. Quixemos que todos aqueles que quixeran realizar achegas ao texto o puideran facer, e esa participación resultou dalgún xeito frutífera. De feito, incorporamos ao texto que hoxe lles estamos a presentar moitas das alegacións que nos fixeron chegar estas asociacións.

Hoxe queremos completar ese proceso de diálogo escoitando con atención todas as propostas que teñan os grupos parlamentarios, sempre que sexan para sumar. Se é así, serán todas elas benvidas. Penso que é unha lei na que paga a pena que fagamos un esforzo extra por alcanzar un consenso.

Esta lei —como dicía— ten tres obxectivos esenciais para a nosa comunidade: o primeiro de todo é a persecución do maltrato animal, en todas as vertentes nas que se presente; o segundo, a loita contra o abandono dos animais, promovendo a súa adopción; o terceiro, o fomento da concienciación da sociedade galega polo benestar animal, favorecendo na nosa comunidade autónoma condutas que sexan responsables no respecto, na defensa dos animais e na súa tenza responsable. Eses son os tres grandes eixos que persigue este novo texto legal, que tratarei dalgunha maneira de sintetizar nesta intervención.

Empezarei esta exposición explicando a necesidade de que Galicia conte con esta nova lei. Como xa saben, pasaron máis de dúas décadas dende que foi aprobado o actual marco normativo e consideramos que dúas décadas é demasiado tempo. Transcorrido este longo período, é imperiosa a necesidade de harmonizar o contido da normativa e tamén de

actualizalo, pero tamén é hora de establecer unha lei que sexa máis exixente dende o punto de vista sanitario e ambiental e, sobre todo, do benestar respecto aos animais.

Dende o Goberno galego somos conscientes de que temos que adecuarnos á realidade social que xa vive a nosa comunidade e que cada vez é de maior sensibilidade co contorno dos animais. Proba desta maior conciencia social é o feito de que nos últimos dez anos o ritmo de altas que se fixo no Rexistro Galego de Identificación de Animais se duplicou. Tal é así que pasou de máis de 19.000 que se rexistraron no ano 2006 a 43.000, preto de 44.000, que se rexistraron no ano pasado. A día de hoxe hai no censo, neste Regiac, 400.000 animais rexistrados.

Ademais, a experiencia acumulada nesta materia nos últimos anos dinos que os obxectivos da Lei do 1993 están sobradamente cumpridos e que esta quedou obsoleta, porque nunha sociedade adulta xa non se comprenden determinadas condutas. Temos necesidade de dar resposta especialmente a fenómenos como o maltrato e tamén como o abandono animal, e pretendemos atender as novas sensibilidades sociais en materia de protección de animais.

Señorías, estamos ante a lei máis ambiciosa e completa que a día de hoxe está no territorio nacional e ante un texto que nos vai permitir equipararnos a outros Estados da Unión Europea máis destacados no eido da protección animal, poñendo en marcha así unha das lexislacións máis razoables e estritas na nosa contorna e dotando Galicia dunha lei que garante o máximo nivel de protección para os animais de compañía. *(Aplausos.)*

Como xa expliquei ao principio da miña intervención, un dos principais fins deste texto é a persecución do maltrato animal en todas as súas vertentes, a través dunha ampla regulación coherente cos obxectivos a acadar. Ante esta situación é obrigado responder con contundencia, e por iso non só nos centramos no concepto de maltrato como violencia exercida sobre os animais, senón que temos en conta tamén as condicións hixiénicas e sanitarias nas que viven e as necesidades etolóxicas necesarias para o seu desenvolvemento.

Establecemos mecanismos para a prevención do maltrato, a loita contra ese maltrato e a sanción no caso de comportamento contra os animais. Entre as principais novidades que contempla esta lei neste eido está a prohibición do sacrificio de animais nos centros de recollida, exceptuando unicamente e como último recurso ao que acudir aquelas situacións de emerxencia e de protección do propio benestar animal, e establecemos que sempre debe ser esta execución autorizada e realizada por un profesional.

Tamén apostamos pola prohibición daquelas condutas que supoñan mutilacións nos animais por razóns meramente estéticas ou raciais.

Establecemos tamén a prohibición de uso de animais silvestres en espectáculos como os circos, estendendo deste xeito a toda Galicia unha medida que xa está adoptada en máis de setenta concellos, e facémolo así porque consideramos que esta decisión recolle o sentir maioritario da poboación galega. E tampouco estará permitido usar animais como recompensa ou premio en eventos públicos como reclamo ou venda ambulante.

Por último, entre outras cuestións, a lei tamén inclúe a prohibición de uso de todo tipo de mecanismos ou utensilios destinados a impedir ou limitar a mobilidade dun animal que lle produza dor, sufrimento, estrés innecesario ou manter unha posición non natural. Tamén se prohíbe a filmación de escenas de crueldade con animais.

O segundo dos fins cos que nace este Proxecto de lei de protección é a loita contra o abandono de animais. Co obxectivo de atallar esta situación na nosa comunidade, esta lei potencia e facilita a adopción de animais abandonados. E, por primeira vez, incorpora un novo concepto, que é o acollemento temporal, unha nova figura que é a dos fogares de acollida, co obxectivo de facilitar a adopción de animais abandonados e mellorar así o seu benestar. Trátase dun réxime de acollemento temporal no que se garantizará o coidado, a atención e as condicións hixiénico-sanitarias que precise o animal, e estará sempre condicionado á súa devolución cando apareza un adoptante definitivo.

O que pretendemos é estender a toda Galicia medidas que foron desenvolvidas nos últimos anos por cidadáns, tamén por asociacións comprometidas co benestar animal, para paliar cos seus medios o problema dun abandono animal.

Ademais, e como medida para loitar contra este abandono, reforzaremos a obriga de identificar con microchip a inscrición no rexistro de todos os animais de especie canina e non única e exclusivamente os potencialmente perigosos. Esta identificación vai ser unha ferramenta máis eficaz para loitar contra o abandono dos animais, facilita a súa recuperación cando se extravían ou son roubados, axuda a garantir un control sanitario da poboación canina e contribúe de forma máis importante á protección do benestar dos animais.

Como novidade, a lei regulará tamén a creación das colonias felinas como un modelo de xestión no que pode participar o cidadán e que nace co obxectivo de establecer un control sanitario de reprodución das poboacións destes animais, que están asentadas principalmente nas zonas urbanas.

No obxectivo da loita contra o abandono animal é de xustiza lembrar o importante labor que están a desenvolver e seguen desenvolvendo as asociacións de protección e defensa dos animais, que deberán inscribirse no Rexistro Galego de Asociacións.

A nosa finalidade con este conxunto de actuacións é conseguir que Galicia sexa unha comunidade libre de abandono animal. Faremos todo o que estea na nosa man para camiñar cara a ese obxectivo.

E o terceiro dos eixes sobre os que xira a lei é o fomento e o impulso da concienciación da sociedade galega ao redor do benestar e protección dos animais de compañía. Consideramos que a tenza responsable dun animal é o mellor medio para previr o abandono e o maltrato. Por iso damos especial importancia á divulgación, educación e información sobre o benestar animal e sobre o que implica ter un animal de compañía.

Para acadar este obxectivo poremos en marcha campañas informativas, impulsando e divulgando o coñecemento desta lei entre escolares e tamén entre toda a sociedade. O que que-

remos —está claro— é concienciar a sociedade galega de que ter un animal de compañía conleva unhas obrigas que se deben de cumprir. E apostamos tamén por fomentar o coñecemento do mundo animal, contribuíndo a unha conduta máis responsable e cívica das persoas no respecto, na defensa e na preservación dos animais.

Atopámonos ante unha lei amplamente consensuada. Consultámola con todo aquel que tiña algo que dicir nesta materia. A maiores, levamos a cabo numerosas reunións informativas con axentes, con sectores da sociedade máis implicados na protección animal, e mantivemos encontros de traballo con dezaseis entidades e asociacións de toda Galicia e mesmo tamén estatais.

En resumo, realizamos un amplo e intenso período de consultas, que tivo como obxectivo darlle maior difusión ao contido da lei e acadar un texto no que se tivera en conta o parecer e a sensibilidade de todas as asociacións e axentes directamente implicados.

Unha vez que a Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia reciba o visto bo do Parlamento, procederemos a elaborar o regulamento que a desenvolverá e que estará listo, despois de que se aprobe, nun prazo máximo dun ano. Esta norma será só un paso máis na nosa aposta pola protección dos animais e irá acompañada, como non pode ser doutro xeito, de medidas que a completarán e que a reforzarán.

E así, despois, poñeremos en marcha unha campaña de esterilización de animais que permitirá minorar o número de animais abandonados, mediante o control reprodutivo das poboacións, e mesmo tamén crearemos unha liña de axudas para o fomento das actuacións para a protección e benestar dos animais de compañía por parte de concellos e por parte de asociacións protectoras.

En definitiva, señorías, temos o firme compromiso de facer realidade non só a frase de Gandhi, senón eses tres obxectivos que estamos incluíndo dentro desta lei e mesmo tamén aspiramos a ser unha comunidade autónoma de referencia no territorio nacional, como é o país de Holanda na Unión Europea.

Sabemos que Galicia precisaba unha lexislación actualizada e integradora, e por iso levamos moitos meses traballando nela, debatendo, dialogando e escoitando, porque a nosa aspiración é que esta nova lei sexa un proxecto de consenso, de país e con garantía de futuro. Por iso, na súa elaboración escoitamos as propostas de todos os axentes implicados e debatémolas con eles e incorporamos as súas alegacións. Agora o noso desexo é que, neste camiño que comeza neste Parlamento, tamén na Cámara poidamos atopar o consenso desexado, porque estou convencida de que a todos nos interesa conseguir un máximo consenso nesta lei, que está dirixida a acadar o nivel de protección alto para o benestar dos animais de compañía.

Unha lei que vai permitir compatibilizar o benestar dos animais co seu disfrute polas persoas, evitando o seu maltrato, que vai dar resposta á necesidade de acadar unha convivencia social, pacífica e segura, e que vai preservar o benestar dos animais de compañía, buscando dar resposta ás demandas da cidadanía ante o abandono e o maltrato animal, consolidando así a concienciación e a educación da cidadanía no respecto.

Sen dúbida, este texto constituirá unha ferramenta de alto valor para o avance de toda a sociedade galega nesta materia. Estamos convencidos de que este proxecto de lei o necesita a comunidade do presente, pero tamén estamos convencidos de que este proxecto de lei vai ser o garante da Galicia do futuro, unha Galicia que respecta, que protexe e que defende os seus animais de compañía.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos agora á rolda da defensa da emenda á totalidade e posicionamento respecto do proxecto de lei. Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Eu aproveito para dar as grazas a todas as asociacións animalistas, asociacións protectoras, refuxios de animais, profesionais, colexios de veterinarios e persoas anónimas que nos teñen achegado centos de emendas para este Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, que debatemos hoxe. E tamén aproveito para saudar moitas desas persoas que hoxe nos acompañan aquí como invitadas.

Dito isto, conselleira, aquí non hai propostas dos grupos parlamentarios para debater hoxe. Aquí debatemos hoxe unha emenda á totalidade a un proxecto de lei do Goberno do Partido Popular; iso é o que vimos debater. *(Aplausos.)*

E é importante saber que é unha emenda á totalidade, unha proposta de cambio que se fai a un documento oficial, que pode implicar só a solicitude de devolución, que é o que pasa neste caso, ou traer un texto alternativo. Pero, sobre todo, e tamén cando se está ante un proxecto de lei, é unha oportunidade para abrir debate, porque, se non houberse emenda á totalidade, este debate de hoxe non tería existido; simplemente iría a comisión, falaríamos en comisión das emendas parciais, pero non teríamos aberto debate e vostede non estaría aquí presentando este Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia. *(Aplausos.)*

O que non sei é se vai servir de moito, tendo en conta esta presentación que a semana que vén van facer vostedes nun hotel de luxo, o martes; é unha presentación dunha mañá na que invitan determinadas persoas que van falar sobre: «Presentación do Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, 13 de xuño de 2017, Santiago de Compostela».

É unha falta de respecto absoluta a esta Cámara facer unha presentación e comunicala previamente ao debate da emenda á totalidade hoxe mesmo neste Parlamento, é unha falta de respecto absoluta, porque podería ocorrer que a metade dos seus deputados votasen a favor

da emenda á totalidade e, polo tanto, o proxecto de lei xa non existise como tal e non poderían facer un curso a semana que vén sobre un texto que aínda non é definitivo.

Hai que ter en conta, ademais, que invitan vostedes, para falar de demandas sociais en favor dos animais trasladadas ao plano político, un partido político que non está representado nesta Cámara. Temos o máis absoluto respecto por todos os partidos políticos que non acadaron escano no Parlamento de Galicia, como é o caso deste partido político, pero cremos que todos os que temos traballado neste texto que si que estamos aquí representados teriamos algo que dicir nese día, nesa xornada de alegría que vostedes van celebrar a semana que vén, saltando o Parlamento de Galicia. (*Aplausos.*)

Dito isto, esta emenda á totalidade non se ten presentado por parte do Grupo Parlamentario Socialista nin por oportunismo nin por estratexia política, como nos dicía o outro día a directora xeral de Patrimonio Natural. Por certo, cando lle fixemos unha pregunta sobre os circos con animais na nosa comunidade autónoma usados nos seus espectáculos, vostedes decidiron que non nos ían dar a razón.

Facémolo porque o Regulamento da Cámara nos dá a oportunidade de presentar unha emenda á totalidade e porque as deputadas e os deputados desa bancada traballamos con todas esas persoas que baixan ao lodo, que recollen cans todos os días, que os lavan, que se buscan a vida para poder darlles de comer aos cans e aos gatos abandonados para que non morran de fame. E porque nós si cremos no debate. E vólvolle repetir que, grazas a esta emenda á totalidade, hoxe vostede subiu aquí para falarnos deste proxecto de lei. E, sobre todo, porque esta lei, a que temos en vigor, ten vinte e catro anos... Por certo, conselleira, si se modificou. Non é certo, como dixo vostede antes, que esta lei, este texto non tivese ningunha modificación. Vostede dixo: «máis de vinte anos sen actualización»; iso foi o que dixo literalmente, porque o copiei a medida que o ía dicindo. Modificouse no ano 2014 para actualizar as sancións; polo tanto, si que está reformado e si que está modificado.

Vostedes levan moendo este proxecto dende a pasada lexislatura —bastante máis dun ano— e o resultado é un texto —dános a sensación— feito desde un despacho por persoas que planean por riba dos animais e que o único que fan é organizar cursos para falar dun texto que aínda non se ten aprobado no Parlamento. Parece que a sensación é: imos colocar o foco mediático sobre as persoas que se van colgar unha medalla por defender os animais.

Este proxecto de lei seméllanos unha oportunidade perdida para regular o abandono dos animais domésticos, as festas taurinas, de que animais falamos cando se fala de circos con animais ou do maltrato aos cabalos, sen diálogo —como dicía— con esas persoas que todos os días baixan ao lodo e sen diálogo co mundo rural.

Nesta emenda amosamos o espírito de todas esas persoas e esas asociacións das que falabamos antes, que nos fixeron conformar a emenda á totalidade e as 53 emendas parciais que presentamos tamén a este texto, que escasamente ten cincuenta artigos. Entendemos que debe ser mellorado, e moito.

Este espírito podémolo centrar de entrada xa na incorrección para nós do seu título. Fala de «animais de compañía» e nós entendemos que é retroceder respecto da Lei do ano 1993, que fala de «animais domésticos», que son aqueles que crea ou que posúe un home, unha muller, co fin de vivir en domesticidade no fogar. Entendemos que sería un concepto que engloba os animais de compañía e que sería máis idóneo.

Esta lei vulnera, ademais, a Lei orgánica de 2007, a Lei galega de 2004, en canto a igualdade entre homes e mulleres, porque cando fala do Comité Consultivo de Protección Animal non di nada, non fai ningunha referencia expresa á obrigatoria presenza equilibrada de homes e mulleres. Debería recollelo expresamente. Xa sabemos que para vostedes iso non é importante, pero para nós si que é importante que nos comités consultivos, nos consellos de administración das empresas e en todo tipo de organismos as mulleres esteamos representadas cando menos cun 40 %, e nós cremos que iso debería estar reflectido expresamente nesta lei.

Vostede acaba de dicir que ten un fin, que é evitar o abandono, «concibida para loitar contra o abandono animal» —dixo expresamente—. Pois ás veces parece que o que quere favorecer é a desaparición de animais, porque os prazos para contactar...

Presidente, a min gustaríame que non se me increpase desde as bancadas do Partido Popular. Porque estou a falar e oíu un runrún, un runrún, un runrún, que me gustaría que... (*Murmurios.*) Se vostede ten a ben, dígalle ao señor Trenor que, se quere, cando saia aquí me diga o que queira, pero que non mo diga durante... (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Eu pediríalle que vostede continuara, que os deputados estean calados, os da bancada do Grupo Popular, e tamén antes había un runrún cando vostede falaba de compañeiros seus, que seguro que non intentaban interrompela, e creo que non hai interrupción. De todas maneiras, prérgolles que garden silencio...

A señora VILÁN LORENZO: Grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ...incluídos algúns deputados do Grupo Socialista que acostuman a facer bastante barullo.

A señora VILÁN LORENZO: Moitas grazas.

Prérgolle que me deixe continuar, porque o tempo... (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se preocupe, que o tempo llo descontamos.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Parece que, como dicía, semella favorecer a desaparición de animais, porque os prazos para atopar o dono dos animais, poñerse en comunicación con el, son tan curtos que ao final o que parece favorecer non é o abandono, senón xustamente o contrario.

Esta lei debería —e así nolo din tamén colectivos de defensa dos animais— facer obrigatoria a identificación de todo tipo de animais e loitar pola protección e o benestar dos cabalos —os équidos non teñen lexislación específica, conselleira—, dos animais empregados en calquera tipo de espectáculo taurino, incluídos os encerros, porque de novo vostedes amparan o maltrato dos touros. Vostede falaba aquí do maltrato como se os touros non fosen animais e, polo tanto, non sufrisen o maltrato, cando, de entrada, se lles crava unha espada para poder matalos na praza de touros; espectáculo que, por outra banda —sexamos serios, conselleira—, non forma parte do patrimonio histórico-cultural da nosa comunidade autónoma.

En canto aos animais dos circos, estaría ben que vostedes, ademais de prohibir o uso nos circos dos animais silvestres, dos animais salvaxes, creasen —e así vai nas nosas emendas— un observatorio de avaliación de usos de animais que non son silvestres nos circos —os canciños, que son moi comúns—, e que podería traballar durante un tempo —nós démoslle un tempo dun ano— para observar as condicións nas que viven estes animais e decidir ou non a prohibición do seu uso nun tempo futuro.

Vostedes non recoñecen o labor desinteresado das asociacións e as protectoras en defensa dos animais. Hai artigos que exclúen todas aquelas asociacións que non fosen declaradas de utilidade pública, hai artigos que non permiten o traballo dos voluntarios ou das voluntarias nos casos de abandono animal e hai artigos nos que non se lles recoñece expresamente o seu carácter de interesadas con arreglo á Lei de procedemento administrativo do ano 2015 no caso de que se teña iniciado un procedemento por infracción administrativa; son os artigos 4, 22 e 29, teñen nome e teñen número específico.

Conselleira, este comité consultivo de protección animal está moi ben, e as entidades protectoras sabemos que o teñen en conta, pero vostedes non recollen nada no proxecto respecto de campañas e iniciativas de sensibilización para a poboación en xeral sobre o futuro contido da lei. E para nós, en todos os ámbitos, a prevención, a sensibilización e a educación son máis importantes quizais que as accións posteriores, que xa vemos que non sempre teñen carácter disuasorio.

E respecto do procedemento sancionador, xa non só as sancións quedan iguais que no ano 2014 —e estamos en 2017—, senón que nin sequera vostedes se arrogan a posibilidade de modificar a través dun decreto de maneira anual, con arreglo ao IPC, e actualizar estas sancións —polo tanto, sería necesaria unha nova reforma neste Parlamento da lei que xa estivese en vigor para poder actualizalas cada vez; é bastante máis longo, bastante máis complexo—, senón que, ademais, vostedes permiten colgar a publicidade cos nomes daquelas persoas que teñan cometido algún tipo de infracción, indo en contra da doutrina do Consello Xeral do Poder Xudicial e da doutrina máis recente da Axencia Galega de Protección de Datos.

Non querría rematar sen facer unha pequena referencia ás emendas parciais que fixemos a este texto, porque non debería excluír os touros, non debería excluír os équidos —como xa dixemos—, pero si debería excluír os danos que poidan orixinar —cremos nós— os cans de asistencia persoal —os cans lazarillos—, os empregados en tratamentos terapéuticos en

favor de persoas ou en programas de integración e reinserción social, os cans de garda e manexo de gando, os de pastoreo, os das actividades policiais e militares, os da práctica da caza ou calquera outro tipo de actividade que persiga un fin social durante o traslado e o desenvolvemento do seu traballo e o seu adestramento. Porque pode ser que un can lazarillo, un can policía ou un mastín coidando as ovellas dun pastor sufran danos mentres fan o seu traballo e nós entendemos que non deberían ser sancionables.

Deberían vostedes prohibir cadeas, cables, cordaxes ou colares que provoquen afogo ou colares de pinchos. Deberían preocuparse dos animais que agardan dentro dos contedores cando están os vehículos estacionados, non só dos que estean dentro dos vehículos, senón tamén dentro dos contedores, e respectar así a lexislación da Unión Europea.

Deberían, como lles dixen antes, incluír este observatorio de avaliación respecto dos animais non silvestres que traballan nos circos.

Deberían non sancionar, non penalizar ter máis ou menos animais dentro da casa. Onte mesmo unha amiga miña que ten seis gatos dicíame se vai ter que pedir autorización á Xunta de Galicia para manter os seus seis gatos na súa vivenda. E só se debería comunicar ou pedir autorización no caso de animais cando se teñan máis de cinco cando se trate de persoas que queren obter un lucro con camadas ou cando se trate de núcleos zoolóxicos, non noutros casos; iso é o que nós entendemos.

Vostedes non poden facer que as colonias felinas sexan só responsabilidade dos concellos e deberían poñer un período transitorio prudencial —dámoslles un ano tamén— para que se poidan acondicionar por parte dos concellos, que están deixados da man de Dios. E deberían vostedes subscribir acordos de colaboración con entidades e asociacións protectoras.

E logo está este de novo Comité Consultivo de Protección Animal —do que xa falamos—, no que non deberían copar os seus sillóns os políticos que non acrediten concienciación absoluta coa protección e o benestar animal.

En definitiva, conselleira, un texto errado para nós que debería ser devolto para traer outro texto máis negociado a esta Cámara, salvo que vostede considere que é moito máis importante esta presentación do proxecto nun hotel de luxo por parte da Xunta de Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Comezamos agora a rolda a favor ou en contra da emenda ou de portavoces dos grupos non emendantes.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Quero, en primeiro lugar, agradecer publicamente o labor realizado por todos os colectivos, e fundamentalmente polas asociacións de protección dos animais, que nos fixeron chegar as súas achegas, as súas emendas, para poder realizar o traballo de enriquecemento e de mellora —que nos parece que é desde logo moi mellorable— deste texto, deste Anteproxecto de lei de benestar dos animais de compañía.

E, antes de entrar no fondo da cuestión, gustaríame facer referencia a dúas cuestións previas, que son cuestións formais, pero tamén cuestións de fondo, e de moito fondo, porque o fondo e a forma, sobre todo cando falamos dos textos legais, é moi importante.

A primeira cuestión previa ten que ver coa corrección lingüística. Este texto aprobado polo Consello da Xunta ten unha innumerable cantidade de erros gramaticais e léxicos e parécenos que é unha obriga extremar o coidado e o respecto pola lingua, pola lingua escrita, pola lingua falada, cousa, por certo, que non se coida moito neste Parlamento e neste texto desde logo aprobado. Nos documentos oficiais e nos discursos temos que ter extremo coidado e corrección e o uso público da lingua debe ser un modelo, un exemplo e a medida tamén do que nos importa o idioma, comezando, por certo, polo presidente da Xunta de Galiza, que é quen mellor exemplo pode dar. E non sei se estará estudando inglés, se está mellorando o inglés ou se o domina, pero desde logo o galego non, no galego ten un suspenso, debería estudalo, debería melloralo, debería dar exemplo e, por exemplo, aprender que en galego non se di «crisi» —«crise»—, e así outros moitos erros dos seus discursos.

Hai outra cuestión tamén formal que nos parece importante, que ten que ver coa linguaxe normativa non sexista, e isto aparece nos informes de impacto de xénero e noutros informes da Asesoría Xurídica, que fan constar que a lei non respecta esta cuestión. E aparecen expresións como «dos/as posuidores/as» e «dos/as propietarios/as» de animais domésticos, cousa que se pode resolver con expresións tan sinxelas como «das persoas posuidoras e propietarias de animais domésticos», e así en moitos outros casos, que se deberían ter en conta na mellora e na corrección do texto.

E, indo á análise, á crítica xeral do documento, a nós parécenos, desde logo, que en moitos aspectos supón un retroceso con respecto á normativa anterior, á Lei de 1993, está moi por detrás doutras normativas autonómica que foron aprobadas nos últimos anos e, polo tanto, é unha oportunidade perdida, de momento polo menos, para facer unha lei realmente avanzada, acorde cos tempos e que sexa froito da participación e dun amplo acordo.

E paréceme un atrevemento, señora conselleira, que veña aquí dicirnos que é a lei máis ambiciosa e máis completa do mundo mundial ou de Europa. Mire, en ningún país europeo admitirían un texto coma este, que permite o maltrato e a tortura dos animais como as touradas (*Aplausos.*); en ningún país europeo permitirían un texto coma este; desde logo, en Holanda, que citou aquí, non aceptarían unha lei coma esta; polo tanto, non poña como exemplo unha lei que permite esas barbaridades.

Desde logo, é unha lei que no propio nome, na propia denominación da lei, é reduccionista, porque fala de «animais de compañía», cando o anterior texto falábanos da protección e benestar dos «animais domésticos e salvaxes en catividade»; polo tanto, este xa é un aspecto de partida, de principio, que se debe corrixir e que se debe mellorar.

E hai moitas outras eivas e deficiencias no anteproxecto, como puxo, ademais, de manifesto, nun informe absolutamente demoledor e contundente, a Asesoría Xurídica Xeral, que lle fixo un auténtico traxe nun informe de 82 páxinas que é absolutamente demoledor, e que puxo en evidencia, por exemplo, as carencias e as deficiencias que tivo a tramitación do anteproxecto e en canto á participación ou en canto por exemplo á intervención do Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade, que vostedes poñían no texto que emitira un informe ao respecto, cando realmente non emitiu informe, e a nós párecenos extremadamente grave que un texto coma este non teña un informe deste consello asesor. E iso é un defecto xa de nacemento, de orixe, importante en canto ás carencias de participación, de información e de debate público.

E tamén nos parece que houbo un importante déficit de participación en canto á intervención das asociacións que traballan no ámbito da protección dos animais; se non, ¿como se explica esta avalancha que nos acaba de chegar nas últimas semanas de achegas, de emendas, de propostas de mellora e de novas redaccións ou de substitución do texto presentadas por todos estes colectivos? E hoxe mesmo hai un clamor en contra, porque no exterior deste mesmo Parlamento hai unha concentración de colectivos que traballan neste eido, que son as persoas máis interesadas en que haxa unha boa lei, que están criticando este documento. Polo tanto, nin consenso, nin consulta nin informe do Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes. Polo tanto, falta de participación.

Vostede fixo aquí tamén un cántico ás asociacións, e ese canto, esa louvanza das asociacións, non se corresponde despois coa práctica, coa realidade e coa propia redacción do texto da lei, porque vostedes non lles dan o recoñecemento que merecen a estes colectivos, empezando porque non establece, por exemplo, a necesidade de axudas para colaborar no sostemento das actividades altruístas, solidarias, benfeitoras e humanitarias que fan estes colectivos, que son os que están permitindo que se combata contra o abandono dos animais neste momento.

Polo tanto, ese labor hai que recoñecelo, pero hai que recoñecelo legalmente, e hai que recoñecelo sobre todo con axudas económicas que lles faciliten o seu traballo, para que non recaia nos seus propios petos.

E no propio texto e na exposición de motivos falan, por exemplo, de campañas de sensibilización e de educación e da adopción, e, curiosamente, poñen algo como o seguinte: «colaboración da Administración con elas nas campañas de sensibilización». ¿Como que colaboración da Administración coas asociacións? Será que hai que establecer os mecanismos para que as asociacións teñan un ámbito de traballo que permita que reforcen e colaboren no traballo da Administración, pero quen ten que facer o labor principal ten que ser a Administración e despois apoiar o labor das asociacións.

E/ou a obriga de declaración de titularidade pública, que é moito máis restritiva e exigente que o marco legal que temos agora para as asociacións e que vai dificultar aínda máis o seu traballo. No fondo, o deseño que hai de fondo é primar a xestión privada deses centros autorizados e de acollida, en detrimento do labor que realizan as asociacións.

Hai outros aspectos do texto que nos parecen tamén eivas importantes, por exemplo na repartición de competencias entre a Administración autonómica e os concellos. Hai aquí competencias compartidas e cruzadas e despois establécense obrigas dos concellos sen que haxa despois un financiamento desas competencias e desas responsabilidades.

Entrando xa en aspectos concretos do articulado da lei, parécenos inasumible —desde logo, o BNG non o vai apoiar e vai combater esta redacción— a exclusión de determinadas prácticas, a exclusión dos équidos no texto, a exclusión das touradas no texto, e este papel que fai o Partido Popular de defensor a ultranza de tradicións españolas, de tradicións de maltrato, de tradicións de violencia e de maltrato animal.

Mire, voulle ler un texto que di o seguinte: «a tauromaquia é a infame e comercializada arte de torturar e matar animais en público». Este texto foi redactado pola Unesco, organización das Nacións Unidas para a educación, a ciencia e a cultura. Tomen nota, aplíqueno no Estado español, aplíqueno en Galiza e prohiban ese espectáculo cruel e inhumano de maltrato dos animais que son as touradas. Desde logo, o BNG vai dar esa batalla neste documento e tamén coa tramitación da proposición de lei que presentou neste Parlamento na anterior legislatura e tamén na presente para que se aprobe unha lei que prohiba as touradas en Galiza.

E tamén queremos estender esa prohibición a outras prácticas de maltrato dos animais en espectáculos públicos, porque o texto fala de prohibicións xenéricas, por exemplo a utilización de animais en pelexas, festas e espectáculos ou calquera outra actividade que leve consigo malos tratos, crueldade ou sufrimento, e despois permítense este tipo de prácticas como as touradas.

Tamén nos parece incompleta e mellorable a redacción a respecto dos animais en circos. No título I non se fai referencia aos animais de compañía; pensamos que se debería incluír tamén esta cuestión; só se fala da prohibición de emprego e tenza de animais de especies silvestres nos circos. E tamén pensamos que se debería ter en consideración e en conta que pasa con eses animais silvestres que deixan de ser utilizados nos circos, porque a experiencia e o coñecemento da realidade dinos, desde logo —e preocúpanos moito—, o destino final destes animais.

Tamén, desde logo, desde o BNG compartimos a idea defendida por practicamente todos os colectivos animalistas e tamén polos profesionais da veterinaria no sentido de que hai que incluír na lei a identificación de todos os animais domésticos, tamén no caso dos felinos e dos furóns, por certo, como xa se fixo noutras comunidades, en Madrid e en Cataluña, en Cantabria, en Asturias, desde logo moito máis avanzadas que Galiza nesta cuestión. Polo tanto, non veña aquí presumir dunha lei tan avanzada que vai por detrás doutras que se foron aprobando nos últimos anos. A identificación debe facerse por razóns de prevención do maltrato e do abandono e tamén por razóns desde logo sanitarias.

Tamén nos preocupa moitísimo a redacción que se lle deu no texto á cuestión da eutanasia e á vinculación dalgunha maneira implícita co sacrificio. Pensamos que é unha redacción intencionadamente ambigua, que inclúe supostos demasiado amplos que poden ser realmente un coladeiro para o sacrificio e onde se fala de razóns motivadas, de sanidade animal, de sanidade pública, de seguridade das persoas e medioambientais para a eutanasia. Non sei a que se refiren coas razóns medioambientais para a eutanasia, pero a nós parécenos que por aquí pode haber un pretexto para un sacrificio dos animais.

E hai tamén preocupación pola nosa parte a respecto de determinadas expresións que aparecen no articulado. Por exemplo, no artigo 23, a respecto do abandono dos animais domésticos, que despois deses prazos, que nos parecen absolutamente raquíuticos e demasiados curtos, establecen a posibilidade dos concellos para darlles o destino que legalmente proceda, e tamén para os centros de acollida, que quedan habilitados para darlles o destino que legalmente proceda. Pero ¿que clase de redacción é esta? Parécenos que é unha redacción, desde logo, intencionadamente ambigua para darlles procedementos desde logo que non son os que se deberían dar nun marco de protección dos animais.

Outra eiva importante do documento ten que ver co Comité Consultivo para a Protección Animal. Parécenos que nas súas funcións e na súa composición é un comité moi restritivo; parécenos que ten unha composición excesivamente burocratizada, que hai unha hiperrepresentación da Administración, como soe acontecer en todos estes consellos e comités consultivos. E o que queren vostedes é crear un órgano domesticado, que non faga seguimento, que non faga avaliación, que non faga asesoramento, que non faga actualización e desenvolvemento normativo e sobre todo que non faga propostas de políticas públicas avanzadas, realmente avanzadas, que é a función que debería ter un consello asesor, un consello consultivo destas características.

Parécenos tamén que en canto ao réxime sancionador é un texto moi mellorable, e o BNG, desde logo, fixo emendas nese sentido. Por exemplo, a redacción con respecto á prohibición e á sanción para as persoas que alimenten animais na vía pública parécenos unha aberración, parécenos que teñen desde logo que cambiala, que non poden poñer nun texto esta cuestión, igual que a prohibición de recollida de animais abandonados. E, polo tanto, deberíase mellorar o texto, deberíase corrixir, despenalizando e permitindo estas condutas altruístas e humanitarias das persoas que alimentan e que recollen animais na vía pública e, polo contrario, endurecendo prácticas e actitudes de maltrato que teñen unha penalización, ao noso entender, demasiado suave no texto, que se cualifican como infraccións leves, por exemplo no caso de non manter os animais en condicións hixiénico-sanitarias axeitadas ou non facilitar aos animais a alimentación e bebida suficientemente axeitada.

Polo tanto, en conclusión, parécenos que é unha lei que retrocede en certos aspectos con respecto á anterior, que ten un defecto, unha eiva de partida, que é o déficit de participación, de información e de debate público, que é unha lei restritiva con respecto á lei anterior, que exclúe ámbitos e prácticas de maltrato, desde logo que nós non compartimos —como as touradas—, que penaliza comportamentos de protección e é permisiva con prácticas de maltrato, que dá as costas ao movemento animalista e ás asociacións protectoras, que falta nela un recoñecemento claro e explícito ao seu labor e un apoio tamén claro á súa función social

e que é moi mellorable con tempo, con debate e sen présas, que pensamos que é un tema suficientemente transcendental para que teña detrás un grande acordo político, institucional e social. Desde logo, as achegas do BNG van nesa dirección, recollendo multitude de propostas que nos fixeron chegar os colectivos do mundo animalista e de protección dos animais.

Polo tanto, remato dicindo que esta é unha cuestión fundamentalmente de sentido e de sensibilidade e, como dixo no seu día Abraham Lincoln: «Estou a favor dos dereitos dos animais tanto como dos dereitos humanos, e esta é a única maneira de ser un ser humano completo».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Bo día, señora conselleira.

O primeiro, agradecer a todas as asociacións promotoras, colexios veterinarios, adestradores e persoas individuais que colaboraron con nós en todo o traballo que levamos facendo ao redor desta lei.

A verdade é que estou moi emocionado, como animal humano que me considero, e estou moi emocionado de poder traballar na mellora deste proxecto de lei que nos trae o Goberno á Cámara. Agradezo ao meu grupo o encargo desta tarefa de conseguir a mellor lei para garantir a protección e o benestar de todo o resto dos animais que comparten a súa vida connosco.

Unha sociedade onde os animais gocen de dereitos e sexan respectados, onde vivan con dignidade, é unha sociedade máis xusta e sensible. Por iso estamos ante unha lei de enorme importancia para a convivencia e a formación en valores.

Vou citar aquí unha frase do filántropo defensor dos dereitos dos animais George Thorndike, que xa en 1868 dixo o seguinte: «Ás veces pregúntanme: ¿por que invistes tanto tempo e diñeiro falando da amabilidade para cos animais cando existe tanta crueldade cara ao ser humano? Ao que eu respondo: estou a traballar nas raíces». Atender só os problemas que son específicos da especie humana é atacar o síntoma pero non a causa. Cando maltratamos os animais non humanos, facémonolo a nós mesmos, porque somos parte do conxunto de especies que forman este planeta.

E permítanme aquí —espero non aburrilos, porque penso que é un tema importante e ademais descoñecido para moita xente, e a ver se desde aquí podemos poñelo en coñecemento— que recorde que tamén hai unha Declaración universal dos dereitos dos animais, das Nacións Unidas.

No artigo número 1 di que todos os animais nacen iguais ante a vida e teñen os mesmos dereitos á existencia. No artigo 2.a): todo animal ten dereito ao respecto. No b): o home, como especie animal, non pode atribuírse o dereito de exterminar outros animais ou de explotalos violando ese dereito, ten a obrigaón de pór os seus coñecementos ao servizo dos animais. Apartado c): todos os animais teñen dereito á atención, aos cuidados e á protección do home. No artigo 3 di: ningún animal será sometido a malos tratos nin a actos crueis; e no apartado b): se é necesaria a morte dun animal, esta debe de ser instantánea, indolora e non xeradora de angustia. No artigo 5, no apartado a), di: todo animal pertencente a unha especie que viva tradicionalmente na contorna do home ten dereito a vivir e crecer ao ritmo e nas condicións de vida e de liberdade que sexan propias da súa especie; toda modificación do devandito ritmo ou das ditas condicións que fose imposta polo home con fins mercantís é contraria ao devandito dereito. E, finalmente, vou citar o artigo 6 desta declaración universal: todo animal que o home escollese como compañeiro ten dereito a que a duración da súa vida sexa conforme a súa lonxevidade natural; e, finalmente, o abandono dun animal é un acto cruel e degradante.

Por todo o anterior, imos loitar para tratar de convencer a todos os grupos —e por suposto ao grupo de goberno— de que esta lei é necesaria, pero hai que traballar moito para melloralala sensiblemente. Por iso presentaremos máis de 65 emendas nesa liña, emendas que xa poderían estar no proxecto de lei se de verdade se producira un traballo completo, participativo, coa maioría das asociacións protectoras, colexios profesionais, adestradores, etc. Comprobamos na realidade, que, coa maioría delas, a participación non foi tal; si é verdade que se traballou con algunhas, pero non coa inmensa maioría, como nos veñen trasladar.

E non presentamos unha emenda á totalidade porque consideramos que hai avances sobre a anterior Lei de 1993, pero hai moitas cousas que mellorar e adaptar a unha realidade social moi diferente despois de vinte e catro anos, onde a sensibilización da cidadanía sobre os dereitos dos animais é, afortunadamente, moi maioritaria.

Varias enquisas do Centro de Investigacións Sociolóxicas dan un resultado e din que máis do 70 % das cidadás e cidadáns teñen moita ou unha importante sensibilidade cara aos dereitos dos animais. Téñano en conta, e teñámolo en conta todos, porque, se non, quizais moitas desas cidadás e cidadáns o teñan en conta dentro de tres anos cando vaian votar.

Non queremos facer desta lei, que afecta dereitos fundamentais dos animais, unha batalla política. Recollemos o guante ofrecido pola conselleira e esperamos un frutífero traballo na comisión para os imprescindibles cambios que a lei necesita.

As primeiras emendas que presentamos van na liña de corrixir os artigos regresivos con respecto á Lei de 1993, que nos parecen ineludibles. Non pode ser que, despois de vinte e catro anos, deamos marcha atrás nun tema que socialmente avanzou tanto.

Por isto, propoñemos volver ao título da anterior lei: «Lei de protección e benestar dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro», que é moito máis inclusiva e moito máis axeitada á realidade do que a lei ten que defender.

Despois, tamén plantexamos que as entidades, as protectoras e as asociacións, sexan declaradas directamente —como xa o facía a anterior lei— de utilidade pública e benéfico-docentes, e non como se di agora, que deberán de obter por si mesmas esa titulación anterior a ser recoñecidas. Pensamos que o recoñecemento ten que ser automático, en función das súas actividades.

Hai outro tema que tamén é outro paso atrás, que é o tema de alimentar os animais vagabundos ou extraviados nas vías públicas sen contar coa correspondente autorización municipal. A anterior lei non o prohibía nin o sancionaba. Consideramos que a alimentación por motivos humanitarios non pode ser prohibida nin sancionada. O camiño é a educación, a información e a ordenación, para que, nos casos en que sexa necesaria, se produza en condicións de salubridade adecuadas.

Despois, tamén estamos en contra do paso atrás da incorporación de que non se poderán facer doazóns de animais que teñan certas enfermidades. Pensamos e avogamos por que os animais enfermos poidan ser adoptados, sempre e cando o adoptante sexa plenamente coñecedor das súas doenzas.

Na anterior lei citábase que os concellos deberían establecer os servizos de recollida e acoñemento, e agora dise que «poderán»; pensamos que hai que volver á redacción anterior, non que «poderán», senón que «deberán».

Por isto facemos unha emenda que marca que todos os concellos deberán ter unha canceira, sexa municipal ou consorciada con outros concellos limítrofes, para a recollida de animais abandonados. Darase prioridade tamén para constituílas e financiarlas ás protectoras establecidas neses territorios. Iso facilitaríala moito o bo fin desta medida.

Tamén na actual lei se acurtan de maneira moi importante os prazos para que un animal sexa considerado abandonado. É verdade que hai xente que pensa que isto é mellor, porque así non se permite que a xente teña que acudir de maneira rápida, como é normal e na inmensa maioría dos casos, a reclamar o seu animal desaparecido. Pero é verdade que pode haber moitísimas circunstancias que o impidan. Por iso pensamos que declarar un animal abandonado aos tres días non debería de recollerse na lei, e ampliálo, nos animais identificados, a dez días, e nos animais non identificados, onde é moito máis difícil encontrar o seu dono ou a súa dona, ampliálo a vinte días.

Agora vou falar de emendas que son avances sobre o actual proxecto de lei, non como as de antes, que eran directamente retrocesos con respecto á lei anterior.

Rexeitamos a exclusión da aplicación da lei aos animais da familia dos équidos; son animais domésticos e en Galicia ademais cunha grande importancia, e pensamos que teñen que estar recollidos nesta normativa.

Tamén rexeitamos, por suposto, a exclusión da aplicación da lei aos animais empregados en calquera espectáculo taurino, incluídos os encerros. Plantexar isto en Galicia parece que non ten sentido xa nin sequera dicilo, cando non hai en absoluto ningunha tradición neste tema.

Avogamos en moitos artigos pola maior implicación, recoñecemento e apoio ás asociacións sen fins de lucro que teñen por obxecto a defensa e protección dos animais. Instamos a que poidan ser declaradas de utilidade pública e partes interesadas en todos os procedementos desta lei.

Rexeitamos, sen exclusións, a utilización de animais en atraccións feirais e outras asimilables, e non, como di a lei, que iso poderá ser autorizado pola autoridade local competente.

Engadimos unha prohibición de manter os animais atados ou encadeados de maneira indefinida ou limitarles de forma duradeira o movemento necesario para eles dentro das súas características etolóxicas.

Solicitamos a diferenciación de definicións entre «eutanasia» e «sacrificio» dos animais, que non ten nada que ver. Este último, o «sacrificio», estará prohibido en calquera circunstancia, salvo unicamente en emerxencias moi graves de saúde pública, e non todas as outras posibilidades que a lei marca, que deixa unha arbitrariedade total aos entes que poidan ter competencias nestes temas.

Mellorar as condicións recollidas na lei para os núcleos zoolóxicos, ampliar o prazo para que un animal —xa o comentei— con identificación non se considere abandonado ata os dez días, e ata vinte cando non está identificado.

Ampliar as competencias dos fogares de acollida temporal de animais abandonados, permíndolles ter máis de cinco animais, previa comunicación á consellería competente, só para efectos de que non se poidan producir situacións indesexables, pero non para efectos de control nin de impedir esta actividade.

Fomentar a creación de colonias felinas controladas en todos os concellos.

Propoñemos tamén a identificación dos felinos, os furóns e outros animais domésticos, e non só dos cánidos, xa que o extravío e abandono de animais é unha realidade noutras especies, o que facilitaría a súa recuperación e sanción en caso de abandono.

Propoñemos tamén a prohibición de colares de castigo, de pinchos, de afogamento, de descargas eléctricas e de citronela. Pensamos que non é a maneira de educar nin de socializar os animais.

E así ata 65 emendas, que esperamos poder defender de xeito amplo nos debates da comisión.

E, finalmente, facemos unha disposición adicional de importancia absolutamente esencial, para que os fins da lei poidan ser desenvolvidos: a súa dotación orzamentaria, da que non se fala nada na lei. Cremos que debería de haber unha memoria económica que valorara todas as obrigas e todas as disposicións que a lei plantexa, sobre todo aos concellos. Porque, se non se fai isto e se deixa sobre os concellos toda a carga orzamentaria destas medidas, daríase na maioría dos casos a imposibilidade material de cumprir os preceptos da lei. Sen orzamento que valore todas as accións a desenvolver, a lei será papel mollado e un canto ao sol, e iso é absolutamente inadmisibile.

Só vou poñer un exemplo que coñezo moi ben, que é o tema das colonias felinas na cidade da Coruña. Hai rexistradas setenta colonias felinas con entre cinco e dez gatos que viven en liberdade; iso supón uns quiñentos gatos aproximadamente. Capturar, identificar e esterilizar estes gatos pode custar máis de cento cincuenta mil euros, sen considerar os gastos de ordenamento, mantemento e coidado, que subirían moito o custo. Pode que algún concello poida asumilo, restándoo doutras partidas, tendo en conta xa os problemas orzamentarios que teñen coa Lei Montoro. Pero á maioría dos concellos de Galicia seríalles absolutamente imposible. Por iso a Xunta de Galicia ten que dar resposta a isto, facer unha memoria económica e ter en conta que nos orzamentos do ano 2018 esta lei ten que ter un acollemento importante nestes orzamentos.

E, por último, na liña de que as mellores leis son as que educan e cambian hábitos e costumes sociais impropios para os tempos que vivimos, propoñemos que se desenvolvan programas informativos e educativos —mesmo no ámbito da educación regrada—, dotándoos orzamentariamente, para conseguir que Galicia sexa tamén un país xusto para os animais non humanos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

Un saúdo ás persoas das protectoras coas que estivemos a traballar estes meses e coas que tivemos bastantes reunións. Un saúdo tamén a aquelas representantes das entidades coas que estivemos a falar e que hoxe non poden estar aquí. E un saúdo, en definitiva, a todas aquelas persoas que se preocuparon por facer chegar as súas aportacións a este texto.

«Supón un grande avance en moitos aspectos», di o Consello Galego de Colexios Veterinarios. «A lei máis avanzada do Estado», di Pacma. «Celebra os avances acadados», di Libera. E máis comedido pero fala de «un paso adiante», os deputados de En Marea.

Señorías, esta emenda á totalidade reflicte á perfección, —mellor dito— reflicte o que queda do Partido Socialista en Galicia, que pola sabia decisión dos galegos xa nin sequera lidera a oposición nesta Cámara. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Un partido... (*Murmurios.*) —¡Oian!, non pidan silencio cando están vostedes aquí se despois non están dispostos a cumprilo, ¿non?—, un partido que vai a menos e intenta facerse oír con estridencias e sobreactuacións. No único no que puiden coincidir hoxe coa portavoz do Partido Socialista é en que estamos nun debate de emenda á totalidade.

Temos todo o traballo parlamentario por diante: constituír a ponencia, estudar e debater as emendas e supoño que falaremos moito nas próximas semanas. Pero, señorías, esta é a carta de presentación do Partido Socialista: unha emenda á totalidade, que o único que busca é rachar co diálogo co grupo maioritario. Esperemos, señoría, a ver se é capaz vostede de acadar sequera a metade do apoio do seu propio grupo a esta emenda.

Unha intervención, señoría, arrogante e por momentos ata ofensiva. Pero ¿a quen cre vostede que lle meteu un gol con esta emenda?, ¿ao Partido Popular, ao Bloque Nacionalista e a En Marea, que non rexistraron emendas á totalidade?, ¿a quen cre vostede que lle marcou un gol? Señoría, a todas aquelas persoas que están preocupadas polo benestar dos animais. (*Aplausos.*)

Vostede, señoría, súmase ao populismo barato. Parece vostede unha... ou é vostede unha alumna avantaxada da señora Cancela. ¿Que hai que ser máis contundentes? Pois aí vai a señora Vilán e emenda á totalidade. ¡Que cumpridora é vostede! ¿Que hai que ser populista? ¡É vostede a primeira da clase! ¿Que con isto o seu grupo perde un pouco máis de razón? ¡Que máis dá! Vostede ten o seu garavanciño asegurado, señoría. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Con argumentacións falaces carentes de rigor e de coherencia.

Pero permítanme, señorías, que antes de entrar polo miúdo na emenda á totalidade —que é o que nos toca hoxe— faga unhas breves reflexións. Tan débil é a xustificación que fai vostede da súa emenda que hoxe no debate da emenda á totalidade parece que vostede, que sabe que ademais cometeu un erro, en vez de defender a súa emenda, estivo xustificándose e sacando temas que non teñen nada que ver coa lei, como o da xornada de presentación da mesma.

Ademais, vostede sabe que está equivocada. Vostede é unha deputada experimentada e sabe que as emendas de totalidade teñen a súa razón en tres motivos: na súa oportunidade, nos principios e no espírito do proxecto de lei. E por iso, como estes aspectos non son emendables, parcialmente propónse a devolución do texto. Pero vostede non falou disto, non falou da oportunidade, non falou dos principios da lei e non falou do espírito do propio proxecto.

Tamén —como vostede dicía— podía propoñer un texto completo alternativo ao proxecto. Tivo moito tempo para preparalo, pero non o fixo, non foi quen de presentar un texto alternativo. ¿Para que traballar, señoría?, ¿para que?

Fai vostede afirmacións un tanto arrogantes tendo en conta ademais cal é a posición do seu grupo nesta Cámara. Permítame, señoría, que lle diga que me fío máis dos galegos e das galegas cos que estivemos a falar ca de vostede. Permítame que lle dea máis credibilidade aos outros grupos da Cámara ca ao seu. E permítame que lle diga que a preocupación deste grupo e de todos os colectivos e asociacións cos que estivemos é máis sincera ca a súa.

É verdade que isto último son valoracións persoais, é verdade, ¡son valoracións persoais! Pero xa que vostede leva o debate desta emenda a este tipo de valoracións permítame que eu tamén faga esas valoracións persoais.

Acúsanos vostede a nós de falta de diálogo. Señora Vilán, vostede estivo na pasada lexislatura, foi membro desta Cámara na pasada lexislatura. Só dúas propostas lexislativas presentadas polo Goberno conseguiron o voto favorable dos grupos da oposición, ¡só dúas! No resto de propostas presentadas polo Executivo a resposta da oposición foi practicamente sempre a mesma: emenda á totalidade e voto en contra. ¿Quere dicir isto que non houbo vontade de diálogo na anterior lexislatura? Todo ao contrario, señorías, todo ao contrario;

foi unha lexislatura onde houbo leis aprobadas por unanimidade. ¿Cales? As propostas por vostedes, as propostas polos grupos da oposición, e nas que o grupo maioritario foi quen de achegar posturas. Seis leis aprobadas por proposta dos grupos da oposición que o noso grupo apoiou contra dúas; seis contra dúas, señorías. (*Aplausos.*)

Houbo diálogo, señoría, diálogo previo á elaboración do texto, houbo diálogo durante o trámite de audiencia, houbo diálogo co procedemento de exposición pública e houbo diálogo tamén con asociacións, con colectivos, cos colexios profesionais e coas protectoras. Mire se houbo diálogo que ademais estivemos reunidos ata cos compañeiros de Podemos, señoría; ata con eles estivemos reunidos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero imos, señorías, á xustificación... (*Murmurios.*) Resulta moi molesto que estean vostedes a cabecear e a facer xestos e a rir mentres que está un deputado elixido polos cidadáns falando e defendendo a postura do noso grupo, (*Aplausos.*) e sobre todo resulta molesto cando nós —moitísimo máis comedidos ca vós— con que nos movamos do escano sempre temos un reproche por parte dos deputados do seu grupo. Polo tanto, se vostedes nos están a pedir un pouco de respecto teñan tamén respecto polo resto. Imos, señorías, á xustificación que vostede rexistrou para a súa emenda e vexamos se responde a criterios de oportunidade, se responde a criterios de principios ou do espírito da lei.

Crítica vostede —xa por criticar— ata o título do proxecto.

O texto recolle unha nova definición de «animal de compañía» —primeiro punto do artigo 4—, que non só inclúe os domésticos senón tamén os animais das coleccións zoolóxicas dos parques e reservas zoolóxicas e os animais silvestres mantidos en cativeiro. Polo tanto, a súa afirmación é incorrecta e o ámbito de aplicación do proxecto de lei é maior ao que recolle a actual Lei 1/1993. Pero esta definición non é un capricho do Partido Popular de Galicia, esta definición úsase para gardar unha coherencia con outras normas; algunhas de rango superior, como a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, ou con outras normas autonómicas actuais.

En relación, señorías, coa composición do Comité Consultivo de Protección Animal, que non se fai referencia expresa a que é obrigatoria a presenza equilibrada de homes e mulleres, o artigo 31.3 do proxecto recolle que a composición do citado comité será determinada regulamentariamente, se ben unicamente se establecen os colectivos e as administracións compoñentes e con representación no mesmo. Pero, fíxense: aínda que non era necesario, xa que a composición dependerá do regulamento, o noso grupo introduce no texto a mención expresa da «presenza equilibrada de homes e mulleres», e fixémoslo pola vía das emendas parciais, señorías.

Xustifica vostede tamén a súa emenda á totalidade porque non é obrigatoria a identificación de todos os animais domésticos, sexan de compañía ou non; á parte de que volve vostede cambiar os termos e esquece que os animais domésticos xa están recollidos dentro do grupo de animais de compañía. Pero, mire, con independencia do debate semántico, respecto da identificación de todos os animais domésticos, o grupo de animais de compañía recolle infinidade de especies, en moitas das cales é imposible a identificación individual dado o seu

tamaño, dadas as súas características ou incluso o seu comportamento. Estamos a referirnos a animais silvestres, a animais de pequeno tamaño e peixes.

O proxecto de lei establece a identificación obrigatoria dos cans, co obxecto de concentrar os esforzos de identificación e conseguir así erradicar o seu abandono, sen prexuízo de que despois poidamos avanzar na identificación doutras especies.

En relación coas exclusións desta lei. Xa a Lei de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro de 1993 procedía no seu artigo 1 á exclusión daqueles animais que son obxecto dunha regulación específica, como o criado para o aproveitamento das súas producións e os salvaxes. En consecuencia, este proxecto segue a mesma liña marcada pola lei de 1993 dende a premisa de que os exemplares pertencentes á especie dos équidos, ás especies de produción ou animais de experimentación teñen que regularse pola súa normativa específica, ao escapar da mesma definición de animais de compañía obxecto desta lei. E vostede xustifica unha emenda á totalidade por isto, pero á súa vez presenta unha emenda parcial que literalmente di: «Esta lei non será de aplicación aos animais que sexan obxecto dunha regulación específica». Co cal está a dicir o mesmo que ten o anteprojecto e non supón absolutamente ningún cambio en relación co ámbito de aplicación da lei de 1993.

En relación con outro dos avances que incorpora a lei, a prohibición da utilización de animais silvestres nos circos, vostede tamén considera que isto xustifica a devolución do texto porque non se contempla a creación dun observatorio de avaliación sobre as condicións nas que viven os non silvestres. Poña, señora Vilán, nunha balanza a prohibición de usos animais silvestres e a non creación dun observatorio, e díganos realmente se vostede pensa que iso xustifica unha emenda á totalidade, o que supón devolver este texto ao Goberno. Pero quero lembrarlle, señoría —quero lembrarllo porque ás veces a memoria afrouxa—, que hai xusto un ano debatemos unha iniciativa súa pedindo literalmente «prohibir os circos con animais pertencentes á fauna salvaxe». Señoría, esa é a inconsistencia da súa emenda, esa é a xustificación que ten vostede para presentar unha emenda de totalidade; estase vostede emendando a si mesma.

En relación co aspecto recollido no proxecto de lei respecto da creación das asociacións protectoras como entidades de utilidade pública, isto respondía á vontade de situar nun status de recoñecemento social as entidades protectoras, que, por outro lado, serían beneficiarias de desgravacións fiscais e vantaxes que tal condición establece. Sen embargo, e como resultado do diálogo e da comunicación con colectivos e entidades de protección animal, somos coñecedores da preocupación de moitas persoas e entidades implicadas na protección animal por poder acadar esa condición, polo que o meu grupo presentou unha emenda de modificación ao citado apartado para manter os mesmos requisitos que teñen agora. O noso grupo dialoga e o seu grupo pide que se devolva o texto; pense se a xustificación súa ten fundamento bastante como para proceder desa forma.

Di vostede que a lei non recoñece expresamente para as asociacións o carácter de interesadas nos procedementos instados por infraccións administrativas. É que non ten que recoñecelo. E como vostede é avogada supoño que coñecerá a Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que claramente o que di é que —póñao ou non

o poña esta lei — estas sociedades terán carácter de interesadas, e iso vostede xa o sabe. E se xustifica vostede iso para presentar unha emenda á totalidade, ben, pois xa vemos tamén a profundidade dos seus argumentos.

Confunde tamén premeditadamente prohibicións con infraccións. Da mesma forma que confunde tamén comunicacións con autorizacións. Ao mellor, é que a xustificación da emenda quedaba un pouco baleira e era necesario enchela, e cando ese é o criterio dá igual que haxa confusións. Pero resulta triste por parte dunha persoa que si que é coñecedora do procedemento administrativo.

Di que non existe ningunha alusión no texto á elaboración de campañas xunto con entidades protectoras e asociacións. Isto é completamente falso. O proxecto recolle diferentes referencias á colaboración entre entidades protectoras e a Administración: o artigo 30.2 sobre os convenios coas entidades protectoras, e da mesma forma e do mesmo xeito no título VI hai un título específico para isto, que ten o seu articulado sobre a divulgación, a educación e a formación, establecendo compromisos claros para implementar campañas de concienciación e sensibilización da sociedade. Pero vostede debe ser que non leu a lei, e entón pensa que inventándose cousas pode xustificar tamén a súa emenda.

Faise unha importante aposta por priorizar e potenciar a adopción dos animais abandonados, establecendo unha regulación específica para a recollida, a adopción e a acollida dos mesmos, que unicamente responde a respectar o benestar e a protección dos animais obxecto de adopción. De aí, señorías, que os prazos establecidos para a recollida dun animal abandonado polo seu propietario nun centro de recollida tamén respondan a un criterio de protección animal, tendo en conta que os animais realmente abandonados poderán ser adoptados nun prazo menor, reducindo así os prazos nos que o animal ten que permanecer no centro de recollida sen poder pasar a formar parte de familias responsables, interesadas e comprometidas co benestar animal.

E para aqueles animais correctamente identificados, tal e como establece este documento, ponse un prazo de tres días hábiles; tres días hábiles desde o momento da notificación oficial da presenza deste animal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...no centro de recollida, é dicir, desde que é consciente o propietario da localización do mesmo nese centro para que o poida ir recoller.

Señorías, hoxe iniciamos —xa para rematar— o procedemento parlamentario. Nós imos falar, imos seguir dialogando, imos estudar absolutamente todas as emendas que presentaron os seus grupos. Do PSdeG sabemos que non vai dialogar e sabemos que faga o que faga este grupo, o grupo maioritario, vostedes van votar en contra desta lei, e van votar en contra non por cuestión de principios, van votar en contra por puro tacticismo electoral. Señores do Bloque, señores de En Marea, vostedes pensan...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...que este texto é un bo punto de partida, mellorable, e por iso presentan en coherencia as emendas parciais, nós ofrecémoslles...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...traballar para que o Parlamento aprobe a mellor lei posible, e gustaríanos acadar o seu apoio. Non foi o habitual na pasada lexislatura...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor, terminou o seu tempo.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...pero xa que esta é a primeira lei, a maiores da de orzamentos, a ver se somos capaces de poñer o benestar dos animais...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...a loita contra o abandono e o maltrato por riba dos intereses partidistas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Réplica do grupo emendante, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Bo día de novo.

Eu, se o presidente mo permite, teño que dicir que está moi ben vir aquí facer unha lei para protexer e encargarse do benestar dos animais, pero ao que non se pode vir aquí é facer un espectáculo para dicir [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesión.) (Aplausos.)*

A min gústame a docencia, pero non tanto como para ter que explicar hoxe en que consiste unha emenda á totalidade, porque o debate pon: debate de totalidade. É dicir, hoxe vimos falar aquí da emenda á totalidade que presentou exclusivamente o Grupo Parlamentario Socialista; non vimos falar de emendas parciais, nin das emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, nin das emendas presentadas polo Grupo Parlamentario de En Marea, nin das do BNG de carácter parcial. Vimos falar exclusivamente do debate pola emenda á totalidade. E abrimos — repito — este debate grazas a que houbo unha emenda á totalidade, porque se non nin sequera vostede, señor Trenor, podería subir onde subiu para falar e dicir as cousas que dixó. *(Aplausos.)*

E si temos que dar batalla política, porque este é o Parlamento de Galicia, isto non é un café nin un hotel onde facer unha charla invitando xustamente os colectivos e os partidos políticos aos que vostede citou. Non citou a ningún dos que estamos aquí, citou dúas persoas que van facer unha ponencia nesa charla que vostedes van organizar a semana que vén. Porque como vostedes están polo diálogo e pola democracia e pola separación de poderes, en vez de debater aquí debatemos nunha charla café. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Hai un grupo parlamentario que apoia o Goberno e hai uns grupos parlamentarios que estamos na oposición. E vou ter que facer un esquema e colgalo aquí como no cole, pois non teño pizarra. E os da oposición facemos oposición, non podemos facer loas ao Goberno, porque para iso xa están vostedes, que é o que fan de maneira continua en cada debate que temos. *(Aplausos.)* ¡Por favor!

É un texto que recibiu arredor de cento setenta emendas presentadas por todos os grupos parlamentarios; escasamente ten corenta artigos, con algunha disposición adicional, algunha transitoria e algunha derogatoria e final. Cremos que un texto que recibe cento setenta emendas despois de levar case dous anos, ano e medio, metido nun caixón da Consellería de Medio Ambiente desde que vostede é conselleira, conselleira, vostede merece unha emenda á totalidade claramente por parte de toda a Cámara, non só por ese lado, senón tamén polo lado que está apoiándoos.

Por certo, esa emenda da que vostede fala, señor Trenor, do Comité Consultivo de Protección Animal é unha emenda parcial, que vostede vai poder discutir o día das emendas parciais; pero hoxe non, hoxe toca falar da emenda á totalidade que presentou o Grupo Parlamentario Socialista.

As frases feitas están moi ben, ler os textos internacionais tamén, pero o importante é facer política, que é ao que vimos aquí, e dialogar e escoitar as persoas que mañá van estar fóra nunha concentración en contra deste proxecto de lei. E iso é precisamente o que temos recollido nós e por iso presentamos a emenda á totalidade, e tamén presentamos emendas parciais a este texto. Non vimos aquí intentar convencer a ninguén, pero esas asociacións, esas protectoras de recollida de animais abandonados son de titularidade privada dezanove en Galicia e de titularidade pública oito. E vostedes non falaron con elas, porque se falaran con elas mañá non ían concentrarse fóra deste Parlamento e non terían aportadas tantas emendas. *(Aplausos.)*

Recollendo o que vostede me dicía de que polo visto era tacticismo electoral, pois, ao mellor, non a emenda á totalidade é tacticismo electoral, porque non temos ningunhas eleccións á vista, polo menos das que nós teñamos noticia —vostedes teñen información privilexiada niso—, pero si pode ser que como vai haber eleccións municipais e como a conselleira de Medio Ambiente é a candidata polo visto á alcaldía da cidade da Coruña, quizais este proxecto de lei sexa un tacticismo electoral por parte da conselleira e de vostede, que ao mellor tamén quere ir nesa lista ao Concello de Coruña como concelleiro. Dende logo, con esta intervención que fixo hoxe, creo que acaba de perder puntos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Señora Vilán, ¿poderíamos retirar a expresión [...]? Porque non me parece que sexa un... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón, estou pedindo se a podemos retirar. Xa sei que estamos falando da Lei de protección dos animais e a palabra pode ser metida nese contexto como unha metáfora incluso. Pero non me parece... *(A señora Vilán Lo-*

renzo pronuncia palabras que non se perciben.) perdón, non me parece unha expresión que se deba utilizar. Creo que ningún deputado di [...] no sentido que ao mellor se pode interpretar. *(A señora Vilán Lorenzo: Presidente, é un xogo de palabras.)* É un xogo de palabras e entón entendemos que ten moita bondade e iso podémolo retirar, ¿non hai ningún problema?

Pois moitas grazas.

Se falando se entende a xente. Eu creo que é correcto isto que acabamos de facer.

Nada máis. Grazas, señora Vilán.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017

O señor PRESIDENTE: Debates agora a proposición de lei presentada polo Grupo Parlamentario Socialista. Para a presentación da proposta ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario Socialista xa puxemos de manifesto tanto no debate orzamentario como nunha pregunta dirixida polo noso portavoz ao presidente da Xunta de Galicia, no pleno do 5 de abril, que a nosa Comunidade renunciaba a esgotar o límite de déficit que era asignado a cada unha das comunidades autónomas. Para Galicia a diferenza entre o aprobado nos orzamentos e o autorizado é unha décima, é dicir, 60 millóns de euros en ingresos para a Comunidade Autónoma e, polo tanto, 60 millóns de euros en capacidade de gasto.

Galicia foi unha das poucas comunidades autónomas que non acudiu ao Fondo de Liquidez Financeiro posto en marcha polo Goberno central no ano 2012; fondo que se habilitou para que as comunidades puidesen asegurar o seu financiamento e prestar os seus servizos públicos. Galicia resistiuse porque sumarse implicaba un custo reputacional, entendéndose como un rescate. Pero a realidade foi que para estas comunidades se ofertou outra liña de crédito denominado «Fondo de Facilidade Financeira», que non tiña a mala reputación do FLA, e o Estado ata setembro do ano pasado inxectou na Comunidade Autónoma galega a cantidade de 2.164 millóns de euros, aínda que na realidade as condicións para o FLA e para o Fondo de Facilidade Financeira hoxe son practicamente as mesmas.

O presidente da Xunta de Galicia díxonos nun pleno do mes de abril que Galicia estaba usando con decisión o Fondo de Facilidade Financeira, porque tiña un tipo de xuro nulo e, polo tanto, o endebedamento adicional usando este fondo non significaría ningún custo para a Comunidade Autónoma galega. E tamén nos dixo que estábamos nunha situación financeira, en termos comparativos, extremadamente favorable.

Polo tanto, parece que temos capacidade legal para endebedarnos, que non nos vai custar nada e non temos comprometida a estabilidade financeira nin a medio nin a longo prazo. Aínda así, estamos a piques de rematar o primeiro semestre deste ano e non vemos resposta. Non houbo ningunha proposta de modificación da Lei de orzamentos para esgotar a capacidade e usar eses 60 millóns de euros, a pesar de que o presidente da Xunta se comprometeu no pleno do mes de abril a que ía traer aquí o proxecto de lei para elevar o teito de gasto.

Pois ben, señoras e señores deputados, hoxe os socialistas traemos aquí este proxecto de lei para elevar ese teito de gasto, para incrementar a capacidade da Xunta de Galicia en 60 millóns de euros. Debatamos pois a nosa proposición de lei e así poderán atender canto antes as necesidades que existen hoxe e agora no noso país. Gobernar quere dicir tomar decisións, pero para uns, como vostedes, gobernar é cadrar as contas e para os socialistas gobernar é, primeiro, pensar nas persoas e atender as súas necesidades.

Xa dixemos no debate orzamentario que os orzamentos deben ir dirixidos á poboación do territorio no que ten competencias a comunidade, e non ao revés como fan vostedes: atender as necesidades de poboación en función de cadrar as contas. Vostedes fan unha política economicista, poñen un valor a cada un dos servizos e valóranos pola súa rendibilidade económica. As súas políticas neoliberais teñen deixado na cuneta unha porcentaxe moi importante, demasiado importante da nosa poboación, cando as persoas máis o necesitaban, cando necesitaban unha administración forte, nos momentos dunha crise, da peor crise que vivimos, unha crise que dura xa dez anos, cuns mercados financeiros que pechaban as súas portas, e as administracións do Estado e da Comunidade Autónoma galega preocupadas só por cadrar as contas.

Voulles facer unha radiografía do país, do país que temos hoxe: Galicia ten unha poboación de 2.707.000 habitantes, cunha perda de 2009 a 2017, é dicir, en oito anos, de máis de 88.000 habitantes, cun incremento das persoas maiores de 65 anos en máis de 54.000 habitantes, e perdemos as persoas menores de 20 anos en máis de 13.000 habitantes, e o máis arripiante: das persoas de entre 25 e 34 anos, para estes oito anos, perdemos case 176.000 habitantes. Un paro rexistrado de maio de 2016 a 2017 que en Galicia baixa un 9,45 %, mentres que en España baixa un 11,06 %. Un número de fogares en Galicia no día de hoxe —EPA do primeiro trimestre de 2017— con todos os seus membros en paro de 73.900 fogares. E o número de fogares en Galicia, no primeiro trimestre do 2017, que non teñen absolutamente ningún ingreso son 36.800 fogares. Catro de cada dez persoas viven en fogares sen capacidade de afrontar gastos imprevistos. O importe medio das pensións galegas é de 776 euros, mentres que para España é de 919 euros. E unha taxa de risco de pobreza dun 16,95 %. Aínda así, con todos estes datos, a Xunta de Galicia no exercicio do 2016 deixa sen executar 100 millóns de euros consignados para a promoción de emprego, chegando só ao 60 % do cumprimento dos seus compromisos iniciais.

Esta é a radiografía do noso país. Estes son os datos do IGE e son os seus datos. O seu balance, o balance de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Un país máis envellecido, un país máis empobrecido, unha xuventude sen oportunidades que ten que emigrar forzosamente, pero, aínda así, cadran as contas antes que atender as persoas.

Por iso nós hoxe, os socialistas, traemos esta proposición de lei para que se atendan as necesidades daquelas persoas máis vulnerables, as máis desfavorecidas, as que peor o están pasando, para que poidan volver redirixir as súas vidas e para que poidan volver recuperar a súa dignidade.

A modificación que presentamos é un artigo único, no que no punto número 7 detallamos cales son as partidas que nós propoñemos para incrementar con eses 60 millóns de euros. Por unha banda, incrementa a renda de inclusión social de Galicia. Nos orzamentos tiña 57 millóns, nós propoñemos un incremento de 29 e quedaría cun total de 86.506.340 euros.

Un incremento tamén no servizo de axuda no fogar da dependencia. Un crédito inicial, que está consignado nos orzamentos, de 59 millóns millóns. Nós propoñemos un incremento de 14 millóns e, polo tanto, fariamos un total de 73.396.118 euros.

Un incremento tamén na libranza vinculada a servizos sociais e coidados no contorno, cun crédito inicial de 60 millóns. Nós propoñemos un incremento de 14 millóns, e quedaría unha partida total de 74.848.419 euros.

Un programa de apoio ás familias, axuda complementaria á dedución fiscal con fillos menores de 6 anos a cargo. Cunha cantidade inicial de 3 millóns, propoñemos un incremento de 2.888.000 euros, co que daría un total de 5.888.307 euros.

Propoñemos tamén, no punto número 8, a creación dunha nova partida orzamentaria de gastos, que sería a familias e institucións sen fin de lucro, libranza para a vida independente de discapacitados, dotada con 1.056.450 euros.

E no punto número 9 propoñemos a modificación da disposición adicional sexta, que regula a prestación a familiares por coidado de fillos. Estaría para aquelas persoas que na data 1 de xaneiro de 2017 teñan ao seu cargo fillas ou fillos menores de 6 anos, e terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros polo primeiro fillo ou filla, 1.200 polo segundo fillo ou filla e 2.400 pola terceira filla ou fillo, e así sucesivamente, nas condicións que pode establecer a propia Consellería de Política Social.

Fágano, demostren que teñen sensibilidade, demostren que lles preocupa a nosa sociedade, que lles preocupan os datos que lles acabo de reflectir e que están preocupados polas persoas.

¿Tiveron ocasión de ler o informe sobre o estado social da nación 2017, elaborado pola Asociación estatal de directores e xerentes de servizos sociais? Son datos arrepiantes, demoleedores. Non son os únicos, hai cantidade de estudos solventes que corroboran estes datos, e apuntan a temas tan importantes como que a pobreza en España se ten convertido nun problema estrutural.

Superamos xa a emerxencia social para instalarnos na precariedade e na falta de oportunidades. A falla de mobilidade social aboca á transmisión da pobreza, pobreza que se herda; un novo feudalismo.

Un 6,4 % da poboación española é oficialmente pobre; é dicir, 4 de cada 10 persoas sofren dunha maneira ou outra a pobreza. A exclusión social vén das dificultades que teñen as persoas para superar situacións que son froito dun proceso que modifica substancialmente e de xeito negativo as relacións desa persoa coa sociedade.

Unha gran parte da sociedade española vive en situación precaria debido, en gran parte, á precariedade laboral, e a Xunta de Galicia non agota os recursos dispoñibles para incrementar a empregabilidade. As desigualdades teñen sufrido un incremento en España nos anos de crise, debido a un modelo político, económico e social inxusto. (*Aplausos.*) E en 2015 o 1 % da poboación concentra tanta riqueza como o 80 % máis pobre. É dicir, señores do Partido Popular, que hai 2,3 millóns de persoas no noso país que posúen un patrimonio superior ao de 42 millóns de persoas.

No mesmo informe, no índice DEC, dísenos que o desenvolvemento dos servizos sociais en España está nun 4,5 %, mentres que en Galicia está nun 2,6 %; na cuarta posición pola cola das comunidades autónomas e por baixo da media dos tres índices.

Desde as políticas públicas non se están dando as respostas adecuadas. Miren, a Risga, a renda de inclusión social, é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral. E recalco o de «subsistencia».

O orzamento para 2017 incrementou en 5 millóns as contías para atender a Risga, e os orzamentos foron aprobados —quérolles recordar— en febreiro deste ano. E xa foi necesario inxectar, por unha banda, 600.000 euros primeiro, que procedían dunha partida destinada a sufragar fármacos de persoas sen recursos, e outros 900.000 euros neste mes de maio, chegando a rozar a barreira histórica dos 60 millóns.

Política Social reclama, por segunda vez en dous meses, fondos para 129 novas axudas. Unha demanda de salvavidas públicos para evitar a pobreza a pesar de que falamos dun contexto de crecemento económico e da creación de emprego.

Incrementar a contía para a Risga é necesario porque hai moitas necesidades, pero tamén corrobora a situación na que nos atopamos. É o dato máis demoledor que corrobora o fracaso das súas políticas públicas. Corrobora que para vostedes as contas están antes que as persoas. E corrobora como moi deficientes as políticas sociais da Xunta de Galicia.

Por iso volvemos preguntarlles, señoras e señores do Partido Popular, deputados e deputadas, ¿están usando todos os recursos que ten a Xunta de Galicia para poder reforzar as políticas sociais, e que as persoas que se atopan nesta situación poidan saír delas? Espero que a súa resposta sexa afirmativa e que voten a favor —tal e como dicía antes o señor Trenor que tanto apoio nos dan— desta iniciativa, que non é nin máis nin menos que absolutamente necesaria para ter un benestar social.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

O grupo nacionalista somos favorábeis á toma en consideración desta modificación de lei que propón o Partido Socialista. Non podería ser doutra maneira, porque tal e como denunciámos no seu momento no debate desa lei, e á vista dos resultados, está claro que acertabamos cando dicíamos que era unha lei ancorada no continuismo, no conformismo e na absoluta submisión ao Goberno central. A marxe do déficit, da que falamos hoxe, é un bo exemplo tamén. É exemplo tamén dunha política económica e social que non quere situar precisamente a xustiza social como unha das súas prioridades, e que é absolutamente insuficiente para reactivar a economía, os sectores estratéxicos, absolutamente contraria a garantir a igualdade dos galegos e galegas e contraria a aquilo que se precisa para axudar a saír adiante a todas esas persoas que o están pasando mal.

Porque miren, desde o BNG repetímoslles que os orzamentos son a ferramenta máis poderosa que vostedes como grupo de goberno teñen para cambiar as condicións materiais de vida dos galegos e galegas. E xa non é que non teñan iso como obxectivo, senón que nin sequera —dentro do limitado marco que vostedes adoptan en políticas sociais— son quen de facer unha boa planificación orzamentaria. Vostedes véndense como bos xestores, pero igual que esa presunta expansividade dos orzamentos nin sequera se expandiu ate a marxe máxima do déficit, simplemente a consolidación da recuperación é unha falsidade, é algo absolutamente cosmético, ¿como, se non, poden explicar que xa tiveran —como xa recolleu a portavoz socialista— que facer dúas modificacións de crédito para dar cobertura á Risga, e a primeira delas nin un mes despois de se eaprobaren os orzamentos?

Desde o BNG entendemos que isto reflicte tres cousas. Primeiro, unha absoluta falta de previsión. Esa autoetiqueta de bos xestores quedoulles francamente grande. É que, ¡joian!, xa vai máis de millón e medio de desfazamento entre a previsión e a necesidade de gasto só neste mes no que estamos, que aínda non pasou nin o ecuador do 2017. E, segundo, unha absoluta falta de realismo.

Miren, cando nós criticamos o seu modelo de desprotección social —porque non se pode chamar doutra maneira que de desprotección social—, vostedes negan a maior e gábanse sempre dunha teórica recuperación; pero que vostedes teñan que recorrer a facer estas modificacións orzamentarias desvela precisamente que cando o teñen que facer cunha axuda con tantas limitacións de enfoque como a Risga, cuestións máis profundas e preocupantes. Por exemplo, demostra que, do mesmo xeito que se consolida esa figura que nós denunciámos da consolidación do traballador e traballadora pobre, tamén se consolida unha mudanza no perfil das persoas solicitantes da Risga. Son moitas as persoas do noso país que tiñan un traballo, que tiñan unha certa estabilidade e independencia económica e que, froito de políticas como as reformas laborais en plural —tamén a do grupo propoñente—, viron como as súas condicións de vida foron progresivamente empeorando e viven agora nunha situación de absoluta necesidade.

Tamén demostra que, por moito que mellore ese cadro macroeconómico, hai unha gran diferenza entre os datos macro, entre eses datos do PIB ou os datos absolutos do desemprego; hai outra realidade que subxace. Podemos coller os últimos datos de desemprego na man e vostedes gabaranse de que hai case 5.000 persoas menos nas listas do desemprego, e iso é así. Pero é que, se rascamos un pouco, ¿que acontece? Se rascamos un pouco, vemos como con menos de 5.000 empregos máis temos máis de 87.000 contratos asinados no noso país.

Isto reflicte a consolidación da precariedade, a consolidación da temporalidade e a consolidación do traballador e traballadora pobre en aras da parcialidade. Isto demostra que non hai capacidade por parte das clases populares para estabilizar a súa situación económica e que a pobreza comeza a ser algo xa estrutural. Polo tanto, é lóxico ese desamparo de tantas persoas, que agora teñen que adherirse a eses novos solicitantes da Risga.

Por último, esta situación é unha proba máis dese modelo que desde o BNG cualificamos como estratexia da desprotección social. A nós non nos enganan, amplían a Risga porque non lles queda outra, porque é unha axuda regulada, estipulada e legalmente ampliable. Pero se repasamos, por exemplo, as modificacións de crédito do 2016, vemos como precisamente varios programas que vertebran ese tecido de axuda social son os que ven minorado o seu orzamento ata máis de 2,5 millóns. Por exemplo, por citar algún, servizos sociais de atención ás persoas dependentes ou servizos sociais de atención a persoas maiores e con discapacidade.

Este é o seu sistema de desprotección, por iso desde o BNG entendemos que urxe un cambio de rumbo. Pero falo de cambio de rumbo conscientemente, porque non se trata só de corrixir decisións erróneas como non cubrir ese máximo de déficit permitido, polo cal imos votar favorablemente a proposta do Partido Socialista, senón que tamén hai que aspirar a ir máis alá.

O feito de non estar constituído o Goberno central o ano pasado deixou en evidencia o papel de tutelaxe que exerce ese Goberno sobre o Goberno galego, mentres está absolutamente ausente e sen capacidade de ambición. Que a nosa Facenda dependa da aprobación precisamente dos límites de déficit e de débeda aprobados polo Estado, de forma unilateral e homoxénea, desvela o papel subordinado de Galiza. Négasenos a autonomía política e financeira e négasenos ser unha verdadeira Administración. Trátasenos como unha descentralización máis, e aos nacionalistas deste país non nos vale este modelo.

Non nos vale este modelo porque impide desenvolver as nosas capacidades e porque impide protexer a nosa sociedade. Son as consecuencias dun corsé autonómico diametralmente oposto á xustiza social e que, desafortunadamente, só as nacionalistas deste país cuestionamos. Esa falta de autonomía non só á hora de poder limitar as marxes de déficit ou de endebedamento, senón tamén as derivadas dun sistema de financiamento estruturalmente deficiente para atender as nosas necesidades derivadas dunha situación económica complicada, impídenos cubrir piares básicos da nosa sociedade: o ensino, a sanidade e tamén o sistema de protección social que precisaría o noso país.

Por iso entendemos dende o BNG —e mañá terá unha oportunidade, na interpelación que presenta este grupo parlamentario ao Goberno sobre o modelo de financiamento, de corrixir algunha das súas estratexias— que, en tanto non cuestionemos ese marco, seguiremos sen

ter capacidade real para mudar as condicións materiais de vida dos galegos e das galegas. Sen cuestionalo, só estaremos poñendo tapóns.

Desde o Bloque Nacionalista Galego somos favorables a esgotar esa marxe de déficit, a empregar eses 58 millóns a máis para políticas sociais e para mudar as políticas do Partido Popular. Esa é unha necesidade, pero hai outra máis fonda, que é cuestionar ese marco político que nos impide desenvolver as nosas capacidades.

Porque miren, o debate social é un debate sumamente político e non se pode limitar a esa marxe de déficit, hai que ir máis alá. Hai dous días precisamente cumpríase o aniversario do nacemento dunha persoa referencial para a teorización económica do nacionalismo galego, Alexandre Bóveda, quen xa en 1934 escribía certeiraamente en *A Nosa Terra*, falando sobre as necesidades da mocidade galega para ter un futuro neste país, o seguinte: «Se se afonda un pouco na gran loita políticossocial que no mundo se está ventilando, non é difícil albiscar que as súas raíces son principalmente de orde económica e que a súa posible solución xira arredor destas dúas ideas: estados históricos e xustiza social.»

Pois ben, desde o Bloque Nacionalista Galego non deixaremos de insistir e de poñer unha cuestión moi clara enriba da mesa: non haberá xustiza social neste país se non mudamos as políticas económicas e sociais do Partido Popular. Pero jollo!, tampouco conseguiremos xustiza social neste país e unha saída digna para todos os galegos e galegas nesta terra se non mudamos a relación económica que temos co Estado español, se non mudamos ese modelo de financiamento. Convidamos, xa que logo, a todas as forzas estatais aquí presentes a que se atrevan a dar ese debate con honestidade e a que o cambio que propiciemos nesta Cámara non se limite só a esgotar esa marxe de déficit.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

O meu grupo non está de acordo cos orzamentos da Xunta para o ano 2017 porque os consideramos antisociais, inxustos, restritivos, ineficientes, mal formulados, mesmo erróneos, por estar construídos por hipóteses inconsistentes. Diciámolo hai uns meses, no debate orzamentario, e por iso votamos en contra dos orzamentos. E seguímolo dicindo agora, con máis razón, polo que ten pasado neste tempo.

Nós non estamos de acordo co teito de gasto que se fixou nin coa repartición do déficit entre os diferentes niveis do Goberno. Rexeitamos as hipóteses sobre as que foi construído e seguimos dicindo que as estimacións do cadro macroeconómico que están na base do orzamento son erróneas.

En Marea denunciou que eran orzamentos que continuaban na senda do axuste, dos recortes, da austeridade, e o tempo deunos a razón. Aínda máis, señoras e señores do Partido Popular, estes orzamentos están superados pola realidade, e atrevémonos a dicir que máis pronto que tarde vai ser a Xunta de Galicia, vai ser o Grupo Parlamentario Popular, o que traía aquí unha proposta para modificar os orzamentos. E ten que ser así porque a evolución das variables fundamentais, tanto no ingreso como no gasto, obrigan a cambiar o orzamento.

Por certo, non son cambios derivados de ningunha circunstancia excepcional, senón que eran evidentes xa cando a Xunta trouxo aquí á Cámara o orzamento e o Grupo Popular aprobouno en solitario. Vou citar as tres cuestións máis relevantes que foron plantexadas polo meu grupo no momento do debate:

Primeiro. Os orzamentos da Xunta conxelaron as retribucións das empregadas e empregados públicos que agora, en canto se aproben os orzamentos xerais do Estado, obrigan a modificar o capítulo I dos orzamentos da Xunta de 2017 para trasladar un incremento salarial do 1 %. Por certo, un incremento moi por baixo do IPC, polo que as persoas que traballan para o sector público en Galicia van sufrir a maior perda de poder adquisitivo dende o ano 2010. ¡Que difícil é convencer a unha persoa que lle baixan o soldo de que xa saímos da crise!

En segundo lugar, o orzamento xeral do Estado —e este é o meu tema favorito— inclúe unha cuantificación sobre as denominadas entregas a conta do sistema de financiamento autonómico que pon en ridículo a Xunta de Galicia, tal e como advertiu En Marea no debate orzamentario. A Xunta elaborou o seu orzamento baseándose nunha previsión sobre os ingresos que ían recibir do modelo de financiamento autonómico. Puxo a cifra de 79 millóns de euros que íamos recibir máis no ano 2017 que no ano 2016. Nós xa o dixemos, era incongruente estimar un incremento do 1 % dos ingresos cando as previsións do Goberno central eran que o PIB nominal medrara o 4 %, e, sobre todo, que a recadación fiscal ía crecer un 7 %. E agora xa está por escrito, os presupostos xerais do Estado veñen confirmar o que dicíamos. Os anticipos a conta que van recibir as comunidades autónomas do réxime común van aumentar no ano 2017 o 6,5% en comparación co ano 2016. Isto é, seis veces máis do que a Consellería de Facenda introduciu no seu orzamento. Expresado en cifras absolutas, onde a Xunta dixo 79 millóns de euros, o orzamento estatal fala de arredor de 350 millóns de euros.

Quero ser xusto. Aínda que non está o señor conselleiro de Facenda, non se equivocou, fíxoo a propósito. Non é que En Marea soubese máis que a Consellería, é que esta fórmula de estimar polo baixo os ingresos é un instrumento bastardo para impoñer recortes. Unha vez que se definen os ingresos e unha vez que está o límite de déficit, o teito de gasto que se deriva desa suma actúa como unha lei de ferro sobre o gasto público, tanto nos servizos como nas prestacións.

En terceiro lugar, unha das hipóteses básicas na fundamentación do cadro económico evoluciona de forma radicalmente diferente á prevista: a previsión de inflación. O Goberno construíu, a Xunta construíu, un cadro macroeconómico cunha estimación do IPC do 1,2 % para o ano 2017. Nos cinco primeiros meses do 2017 o IPC medio está no 2,9 %, isto é, case tres veces máis. E isto ten consecuencias moi relevantes tanto nos ingresos como nos gastos.

Nos gastos porque con este nivel de prezos o orzamento decrece en termos reais. Unha caída en termos reais que afecta á inmensa maioría das funcións nas que se distribúe o orzamento. Por exemplo, a sanidade e a educación, que medraban un 2,8 % nominal en termos reais, están conxeladas ou caendo, e o mesmo lle sucede ao investimento en infraestruturas, á dinamización do medio rural, ás actuacións medioambientais ou ás de I+D+i.

O orzamento do ano 2017 xa non se podía cualificar de expansivo porque medraba por debaixo do PIB nominal, pero agora, cunha inflación que multiplica por 2,5 a previsión, pasa a ser un orzamento claramente contractivo. Un simple dato de mostra. O PIB nominal, que é a suma do PIB real máis a variación dos prezos, está crescendo agora mesmo na contorna do 6 %, e, sen embargo, o gasto non financeiro medra o 2,7 %. Se un compara ambas as dúas variables, medrar o 2,7 fronte a unha variación do PIB nominal do 6 %, queda evidente ese carácter contractivo. No caso dos ingresos, a situación é a inversa, porque un incremento nominal superior ao estimado tradúcese na mellora das bases impositivas das diferentes figuras tributarias, polo tanto, a recadación será maior que a prevista. Isto é un imposto na sombra que grava especialmente ás persoas asalariadas e aos pensionistas.

Recordaba eu mentres estaba preparando esta intervención cando —non sei se todo o mundo coñece ese concepto— se falaba de «deflactar» as tarifas do IRPF; aqueles tempos cando se consideraba que a inflación era un imposto na sombra e que, se non se actualizaban as tarifas do IRPF e os cambios dos prezos, había un incremento na sombra, agochado, da fiscalidade, que pagan sobre todo os que pagan impostos neste país, que somos os asalariados e os pensionistas. Por iso, se non hai unha rectificación nos gastos, o resultado será profundar nas políticas de recortes, destinando os maiores ingresos nominais a reducir o déficit, ao tempo que se minora a dotación de recursos que financian os servizos públicos.

En síntese, o que levamos do 2017 vén confirmar o que dicíamos cando o Grupo Popular aprobou en solitario o orzamento. É un orzamento restritivo porque medra moi por baixo do PIB nominal. Está tecnicamente mal fundamentado porque as hipóteses sobre as que foi construído, a inflación ou os anticipos a conta, estaban profundamente equivocadas. É inxusto porque fai recaer a carga impositiva sobre asalariados e pensionistas. É austericida porque continúa a senda dos recortes, xa que o gasto medra por baixo da inflación en sanidade, en educación, nos salarios dos empregados e das empregadas públicas.

Termino. É un orzamento superado pola realidade que precisaría —compañeiros do Partido Socialista— dunha emenda a totalidade, porque é difícil emendar parcialmente este orzamento. Nese sentido, a emenda parécenos parcial pero imos apoiala, porque o «non» llo deixamos ao partido do non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, en resumo o que nos trae hoxe o Partido Socialista é unha proposta de reforma da Lei de orzamentos que consiste en aumentar o límite de endebedamento do 0,5 do PIB ao 0,6 do PIB, para destinar a contía, que estiman en 60,9 millóns de euros, a diversas partidas de gasto corrente na Consellería de Política Social. E destaco isto, que estamos falando de endebedamento para gasto corrente; social, pero gasto corrente.

Hai unha primeira cuestión que aclarar. Algo de economicismo sempre é conveniente cando se fala de números, pero calcula un incremento dos ingresos pola absorción desa marxe do 0,1 % do PIB en 60,9 millóns de euros, cando en realidade o cálculo debería de facerse sobre a propia previsión que está no orzamento, é dicir, sobre 59 millóns, co cal sae 1,3 millóns de euros de máis e xa empezamos a descadRAR as cifras. Mesmo cifras que na súa proposta, no texto legal, non coinciden os ingresos que prevén cos gastos. Os ingresos previstos son 60,9 millóns de euros e os gastos 61,01. Polo tanto, algo de contas é bo e algo de economicismo é bo.

Para aumentar o límite de endebedamento do 0,5 ao 0,6, señora Rodríguez, non é necesario modificar a Lei de orzamentos, porque a propia Lei de orzamentos, no seu artigo 35.2, prevé a revisión automática da posición neta debedora, entre outras cousas, polos importes adicionais que se amparen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira. Curiosamente, na redacción que vostedes propoñen do artigo 35, na proposición de lei que hoxe debatemos, esta capacidade de revisión automática é eliminada. Polo tanto, non é necesario reformar a lei, ademais, suprimindo o artigo que permite que non sexa necesario para incorporar novo endebedamento á Lei de orzamentos.

Adicionalmente, e con relación ao contido, vostedes crean incrementos ou dotacións que a propia lei vixente prevé que están xa considerados como ampliables: é o caso da Risga e é o caso das prestacións familiares por fillos menores de tres anos, que son claramente ampliables; polo tanto, como se acaba de dicir, xa foron ampliadas e non precisan que se reforme a Lei de orzamentos.

As outras dúas partidas que queren incrementar non son ampliables, pero, como sabe perfectamente, cos mecanismos de modificación de creto non sería en absoluto necesario reformar a Lei de orzamentos para incrementar —de ser necesario— o gasto, cousa que de momento non parece que sexa, de acordo coa execución do orzamento.

Finalmente, introducen algo que é profundamente incoherente, que é incrementar a prestación dos nenos de 0 a 3 anos á de 3 a 6 anos. Non se dan conta de que isto vai en paralelo á exención prevista no IRPF. A prestación é para aqueles pais que non poden —porque non chegan— facer a declaración do IRPF. Vostedes amplían a prestación só a aqueles que non fan a declaración da renda, e na súa proposta deixan fóra os pais de nenos de 3 a 6 anos que aplican a mesma redución, só que, en vez de recibindo unha prestación, facendo o desconto correspondente na declaración da renda. Polo tanto, xeraría unha inxustiza entre os pais de nenos de 3 a 6 anos que fan declaración da renda e aqueles que non a fan.

A proba de que é ampliable aos cretos está na propia Risga. Este Goberno tan neoliberal incrementou a partida da Risga, que cando gobernaba a esquerda progresista era de 22,8 mi-

llóns de euros, a 57,5 millóns de euros nos últimos orzamentos; e como xa se dixo, este Goberno está constantemente ampliándoa en función da demanda.

Houbo dúas ampliacións. O señor Antón Sánchez non estaba na Cámara cando no debate dos orzamentos do 2010 a gran crítica que se fixo aos orzamentos era que a Risga non era ampliable —cando si o era—. Agora é ampliable. Evidentemente, con estas modificacións asúmese o compromiso de que todas as persoas que cumpran cos requisitos, e que están nunha situación delicada de subsistencia, reciban a Risga no tempo fixado pola lei. Ese é o obxectivo do neoliberal Partido Popular. Vostedes din que é o fracaso dunha política económica, e para nós é a clara evidencia do claro compromiso do Partido Popular coa xente que máis o necesita. *(Aplausos.)*

Un compromiso, por certo, que en relación coa Risga tamén ten que ver co tempo de atención. Pasou de 119 días en 2015 a 67 días en 2016. E non serían tantos días se algún concello —como o de Vigo— non aplicase o persoal que a Xunta lle subvencionou para tramitar máis rápido as axudas da Risga a outras cuestións. Pois, como saben vostedes, o Concello de Vigo —díxoo aquí o informe do Valedor do Pobo— é o que máis tarda en tramitar as risgas.

En definitiva, o compromiso do Partido Popular co gasto social está fóra de toda dúbida. Insisto, podemos comparar os 126 millóns que se gastaban en dependencia cos 336 que van nos orzamentos do 2017. Os 65 millóns que ían na discapacidade no ano 2009, cos 95 que van no orzamento do 2017. O incremento, desde o ano 2009, do 75 % das prazas de escolas infantís. O 14,1 % de incremento dos centros de día; o 22 % de prazas en residencias de maiores; o 81 % en prazas de centros de alzhéimer; o 16 % en prazas de centros de discapacidade, totalizando un incremento —en crise e con menos recursos— do 50 % das prazas de atención social.

Isto, señora Rodríguez, pode cualificalo de moitas formas, incluso con denominacións ou cualificacións políticas de conservadurismo compasivo, como vostede queira, pero neoliberalismo, neoliberalismo, non o parece, dígollo con toda franqueza.

Vostedes eliminan —como xa dixen— no artigo 35 da lei a mencionada capacidade de incorporar os acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira, pero ademais tamén eliminan algunha outra cousa. Por exemplo, eliminan que a posición neta debedora se compute ao termo do exercicio orzamentario. Simplemente eliminar isto, o que implica é que se pode entender que non se pode exceder o límite durante o ano orzamentario —é dicir, día a día, semana a semana—, co cal se interpreta que a posibilidade de facer operacións ponte para abaratar o custo do desendebedamento non se pode facer, o cal, á súa vez, resulta realmente contradictorio.

Isto é porque vostedes na súa emenda eliminan o artigo que permite facer isto. Como eliminan que sexa o conselleiro o que pode formalizar as operacións de endebedamento; non sabemos quen as formalizaría. Ou suprimen o apartado 4 do mesmo artigo, eliminando a referencia á subrogación da débeda de SPI, cando se liquide a sociedade, na Axencia Galega de Infraestruturas.

En definitiva, señora Rodríguez, o gasto social medrou co PP notablemente en relación co Bipartito. Medra ano a ano, é a mostra do compromiso social do Partido Popular; segue a

ser prioritario. As partidas que afectan máis a quen máis o necesita son ampliables ou se poden incrementar pola modificación do creto, e demostran o innecesario de modificar esta lei de orzamentos.

Con todo isto que lle acabo de dicir abondaría, pero gustaríame facer unha última reflexión. En relación coa política económica, agora que vostede ve que quen apoia esta lei son os que están en contra do sistema no seu conxunto e queren romper os principios de teito de gasto, do equilibrio das contas etc., xa ve vostede quen é o que o apoia. Nun momento no que o Partido Socialista quere ser máis contundente pero parece que raia ás veces o populismo fácil. E ademais, por certo, nun mesmo momento en que en Grecia están cometendo o enésimo rescate e a xente se manifesta nas rúas porque hai un goberno de esquerda que recorta aínda máis as pensións.

Quero falar un pouco da débeda pública, porque aquí de débeda pública da oposición escoitamos de todo. Que nos endebedamos moito, que nos endebedamos pouco. No debate dos orzamentos era que crecía moito a débeda; e agora é: hai que incrementar a débeda un pouco máis.

Bueno, o certo é que temos 6 puntos menos de déficit desde o ano 2010; son 3.600 millóns de euros menos de débeda como consecuencia de ter cumprido o déficit. Como consecuencia, desde o ano 2010 Galicia foi a que menos variou á alza a débeda, o 28,9 %, fronte a unha media de comunidades autónomas do 45 %. Co cal, o que debe cada cidadán galego, que son cerca de 4.000 euros, é un 50 % menos do que debe a media dos cidadáns das distintas comunidades autónomas ao seu goberno, que ronda os 6.000 euros. Temos unha porcentaxe de débeda do PIB de arredor do 19 %; é dicir, 6 puntos menos que a media das comunidades autónomas, que está arredor do 25 %.

¿Que efectos ten a débeda? Bueno, eu trouxen algún dos informes que vostedes deberían de coñecer: o da Comisión Europea en relación coa situación da economía española. Di exactamente: «O exceso de débeda pública é unha carga para a economía que fai a España vulnerable a calquera cambio nas condicións económicas e financeiras, e ademais pode incrementarlle os custos,» Isto é o que di a Comisión Europea. O que di o Banco de España no informe do ano pasado, que acaba de hacerse público, son titulares coma este: «El elevado endeudamiento de la economía española supone una vulnerabilidad ante eventuales aumentos adicionales de los tipos de interés». «La ratio de la deuda pública sobre el PIB se mantiene en niveles muy elevados». «La posición deudora de inversión internacional sigue constituyendo un importante elemento de vulnerabilidad». «Un eventual escenario de subidas de los tipos de interés tendría un impacto contractivo sobre las rentas de los españoles». «La sensibilidad de la carga financiera de las administraciones públicas a los movimientos de los tipos de interés se ha elevado como consecuencia del incremento del endeudamiento público de los últimos años. En el contexto descrito, resulta prioritario retomar el proceso de consolidación fiscal.»

Se non lles serven os informes oficiais, doulle unha cita que ademais lle recomendo que lea, que é: *La nueva piel del capitalismo*, dos profesores Xosé Carlos Arias e Antón Costas. Din literalmente no capítulo II, Recuperación y sendas escabrosas, nunha epígrafe que se chama Montañas de deuda, o seguinte: «Parece, por tanto, que sobre todo los europeos estamos

atrapados en un círculo vicioso de alta deuda que frena el crecimiento, lo que a su vez hace crecer los niveles de deuda. La larga pervivencia de esta situación de deuda fuera de escala trae consigo consecuencias graves para la economía. Por un lado, mantiene la vulnerabilidad ante el riesgo de nuevas crisis financieras. Por otro lado, es evidente que la permanencia de altas deudas constituye una rémora para la reconstrucción de las bases del crecimiento económico.>>

Supoño que estes dous autores non serán cualificados por vostedes como neoliberais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Conclúo, polo tanto, señor presidente, cunha pregunta.

A economía galega está medrando —o último dato que coñecemos de conxuntura, do Foro Económico— ao 3,6 %; está xerando emprego —de mellor ou peor calidade; hai que traballar na calidade, pero está xerando emprego— a unha taxa anual do 10 %, sexan datos EPA ou sexan datos INEM.

¿É razoable, con todo o que lle acabo de dicir, incrementar o endebedamento? ¿E incrementar o endebedamento para gasto corrente? Eu creo que non, porque ademais, como lle acabo de demostrar, o gasto social xa é unha prioridade deste Goberno. Non é necesario reformar o orzamento para incrementar o gasto social, nin, evidentemente, endebedarse máis vai na liña do que a economía necesita para sanearse definitivamente, medrar de xeito san e minimizar os impactos das crises.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica.

Grupo autor da proposición de lei, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor Puy, xa que estamos aquí recomendando lecturas, eu tamén lle podo recomendar que lea que «el Banco de España alerta de que los beneficios empresariales crecen más que los salarios». E tamén lle podo recomendar, dese libro que vostede me recomenda, *La nueva ley del capitalismo*, que lea o capítulo adicado á desigualdade, e ao mellor a opinión xa non é a mesma. (*Aplausos.*)

En calquera caso, señor Puy, vostede di que hai algún erro nas contías. Bueno, nós podemos asumir que algún erro podemos cometer. Non somos perfectos, xa o sabemos. Pero, en calquera caso, eses erros, se vostedes están de acordo e van apoiar esta proposición de lei, estamos dispostos a rectificalos e modificalos, porque ás veces tamén nos equivocamos.

Pero mire, vostede nos di que non é necesario reformar a lei, pero o propio presidente da Xunta de Galicia neste Pleno, aquí mesmo, dixo que el se comprometía a traer esta reforma da lei para acadar ese teito de gasto. Polo tanto, o presidente tampouco debe ter toda a información necesaria e precisa. (*Aplausos.*)

Por outra banda, vostede tamén me di que non é necesario incrementar estas partidas porque quedan abertas. Pero, mirade, estamos iniciando o mes de xuño, xa teñen modificado en dúas ocasións a contía para a Risga. Polo tanto, nós temos medo de que, segundo vaian pasando os meses, se acaben as contías orzamentarias —porque algunhas supoño que se agotarán, nalgunha supoño que acadarán o cen por cento do gasto—, e, polo tanto, xa non terán de onde sacar. E nós o que queremos é asegurarnos de que con esas contías se atenden as necesidades da nosa poboación, da poboación galega, pois por moito que vostede diga —e é verdade— que os datos macroeconómicos din que crecemos e que ademais tamén hai maior emprego, vostede tamén apunta que ese emprego segue sendo precario, e a realidade é que a día de hoxe hai 17.000 dependentes pendentes de atención en lista de agarda, dato facilitado polo Goberno da Xunta de Galicia. E a verdade é que tiveron que habilitar dúas veces o incremento da Risga porque non chega para atender todas as necesidades en Risga que temos neste país.

E dígolle máis. A Risga —voullo repetir— é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia —insisto, de subsistencia— (*Aplausos.*) a quen carece deles, así como a acadar a progresiva autonomía e integración social e laboral. Polo tanto, temos un colectivo moi importante de persoas no noso país que necesita eses recursos económicos de subsistencia, independentemente dos datos macroeconómicos.

Tamén me comentaba dos incrementos, e eu volvíalle dicir que os incrementos e as necesidades son maiores, e que o incremento na Risga o que vén corroborar —insístolle e repítollo unha vez máis— é o fracaso e o deficiente das políticas sociais da Xunta de Galicia. Porque o incremento na Risga, aínda que é necesario, pon en evidencia unha situación social e económica moi, moi peocupante. Todos os datos que nos están dando todos os informes sociais dinnos que temos unha poboación á que temos que atender. E vostedes —insístolle— prefiren cadrar contas e non atender as persoas.

Nós o que lles propoñiamos, con este incremento dos 30 millóns para a Risga, sería atender 5.000 beneficiarios máis e incrementar nun 15 % a súa contía. E quérolle recordar que a Risga parte de 400 euros para Galicia, mentres que no País Vasco é de 665 euros. Segue sendo unha contía insuficiente para quen non ten nada. Pero nós pedimos que se incremente a atención ás persoas que están en lista de agarda e que se incremente a súa contía para poder atender con dignidade as situacións de precariedade que se están a dar no noso país.

Tamén, no tema dos dependentes, temos 17.000 dependentes en lista de agarda. E, polo tanto, nós o que pedimos é un incremento de 30 millóns de euros para atender a todos eses dependentes, a todos eses dependentes que están esperando por unha axuda pública que é fundamental para desenvolver as súas vidas.

Miren, voulles dicir que rectifiquen. Pensen dunha vez por todas nas persoas, pensen dunha vez por todas nas familias. Temos datos do primeiro trimestre de 2017 da EPA: 73.900 fogares con

todos os seus membros en paro, 36.800 fogares sen ningún ingreso. Os orzamentos son o documento político que emprega todo goberno, é onde se plasman as vontades e as políticas que se queren aplicar dende o goberno. Pídolles que rectifiquen, que atendan a estas persoas que están en extrema necesidade. Independentemente de que os datos macroeconómicos estean mellorando, cando melloren para chegar a estas persoas ao mellor é demasiado tarde. Polo tanto, pídolles, por favor, que pensen máis no corazón e ás veces menos na razón e nas contas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a emenda á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Se estamos todos de acordo, non pasa nada. Sucedeu un feito que non pode ocorrer, que unha deputada votou nun sitio que non era o seu escano. Non pode volver suceder, evidentemente. Pero podémolo censar e dar a votación por válida.

Agora bórrouseme isto. (*Murmurios.*)

Era un voto máis pola delegación do señor Puy: 20 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións. Era así, ¿non? (*Asentimento.*)

Grazas.

Votamos a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

Votamos.

Votación da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Abran as portas, por favor.

Continuamos coa orde do día. Tal como foi comentado, correspóndese co punto de mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instrucións ditadas para a realización no curso 2016-2017 das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Trenor, celebro velo tranquilo.

Vou presentar unha moción que é consecuencia dunha interpelación que foi cualificada como «finamente pouco política» ou «politicamente pouco fina». Non me acordo, porque, como o conselleiro no seu momento mesturou a moción coa valedora do pobo, non sei exactamente cal era a orde na que se expuxeron os termos. A verdade é que me perdín naquel momento.

En todo caso, esta non é unha moción —e láméntoo moitísimo— nin contundente nin populista, que é o mantra que para este pleno ten o Partido Popular, que tan habituados nos ten á unicidade das mensaxes cando hai plenos. (*Aplausos.*) O de hoxe é contundencia e populismo no que ás iniciativas do Partido Socialista se refire. Nin é contundente nin é populista.

É unha moción que é consecuencia —como dicía— dunha interpelación que se fixo sobre o sistema de acceso á universidade do alumnado que cursa bacharelato na nosa comunidade autónoma. Como todos sabemos, o sistema da antiga selectividade foi modificado. E, de feito, tan modificado foi que estaba previsto que non existira tal sistema de acceso á universidade. Pero a actual configuración no Parlamento do Estado, no Congreso dos Deputados, fixo que

o Goberno do Estado publicase o Real decreto lei 5/2016, que deixou sen efecto, polo tanto, as avaliacións finais do bacharelato, que, como todos sabemos, tiñan carácter vinculante para a obtención da titulación do citado título. E deixa sen vigor esa avaliación ata que se publique a normativa que resulte do pacto social e político pola educación. Como todos sabemos, hai unha subcomisión no Congreso dos Deputados traballando no desenvolvemento dese pacto social e político. Pero o que é certo é que, mentres tanto, o alumnado ten que seguir accedendo á universidade cunhas garantías procedementais axeitadas.

Como consecuencia dese real decreto lei —que é unha figura lexislativa extraordinaria e de urxencia—, o Ministerio de Educación publicou no pasado mes de decembro unha orde que é unha orde que ten vixencia para este curso que estamos a piques de rematar, para o curso 2016-2017. É, polo tanto, unha orde provisional, unha orde urxente e unha orde que era imprescindible ditar para garantir o acceso á universidade este curso. Como consecuencia desa orde á que acabo de facer referencia, a Consellería de Educación publicou unha resolución o 21 de febreiro —aínda que saíu publicada a finais de marzo— para regular para este curso —exclusivamente para este curso, insisto— a avaliación do bacharelato para o acceso á universidade. Igual que a anterior orde, era unha normativa urxente, era unha normativa necesaria.

É unha normativa que se aplica —porque estas probas empezan mañá nesta comunidade autónoma— por primeira vez neste curso, que se aplica de forma absolutamente precipitada. Pero estou convencido de que vai saír ben, e estou convencido porque o sistema educativo de Galicia conta con bos profesionais tanto na propia estrutura da Consellería de Educación como nos centros, e, por suposto, nas universidades galegas. Polo tanto, estou seguro de que vai saír ben e de que vai saír cara a adiante sen maiores complicacións. Pero iso non quita que entendamos desde o Partido Socialista que é necesario ditar normativa que estableza o sistema e que garanta un funcionamento homoxéneo e constante en tanto en canto non se dite a normativa de desenvolvemento á que facía referencia ao inicio da miña intervención, é dicir, esa que saía como resultado dese pacto social e político pola educación.

E, polo tanto, o que se pide nesta moción é que, en primeiro lugar, a Xunta de Galicia inste o Goberno do Estado a que elabore normativa estable —e que teña, polo tanto, unha vixencia máis alá dun curso de aplicación— para que o sistema de acceso á universidade teña un marco de referencia continuo, un marco de referencia seguro. E que, unha vez que o Goberno do Estado dite esa normativa, a propia Consellería de Educación dite a normativa correspondente que, con rango de orde e non de resolución, estableza tamén ese sistema de acceso. E iso é así, ¿por que? Porque non podemos estar permanentemente pendentes de que o Estado publique unha orde ou unha resolución para cada curso. Temos que ter un marco estable, e é o único que pedimos. E non o pedimos seguramente coa contundencia necesaria —porque entendemos que é unha cuestión de necesidade ata, se queren, extrema—, porque, se non, para o próximo curso, para o curso 2017-2018, se non hai esa normativa, imos vernos de novo nunha situación como a deste curso. E como hai tempo suficiente para que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte regule, e hai tempo suficiente para que, unha vez feita esa regulación, a Consellería de Educación publique a súa, consideramos que neste momento é necesario que este Parlamento aprobe esta moción que temos, que —insisto— non ten outro obxectivo que estabilizar o sistema de acceso á universidade. E, como poderán comprobar as súas señorías, en ningún momento cuestiona a figura do Valedor do Pobo.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas.

Este debate, que, como ben explicou xa o portavoz do Partido Socialista, deriva da interpe-
lación formulada no anterior pleno, nós cremos que tamén rematou nesta Cámara —por di-
cilo dalgunha maneira— despois de todo o que aconteceu —por sintetizalo así— co que ten
a ver co sistema de avaliación para o acceso á universidade —que, por certo, comeza mañá
mesmo, o 7 de xuño, e que se popularizou como a ABAU—. Desde o Bloque Nacionalista Ga-
lego cremos que é o resultado dunha improvisación absoluta e dunha xestión absolutamente
trapalleira no que ten a ver coa elaboración desas probas, co seu deseño e con toda a nor-
mativa que veu darlles forma. E foi, ademais, esa xestión absolutamente trapalleira e im-
provisada, o resultado do empeño de aplicar até as últimas consecuencias unha lei que naceu
morta xa desde o seu comezo, como é a LOMCE; pero tamén pola teimosía en negarse a frear
a súa aplicación cando a maioría da comunidade educativa deste país, da comunidade edu-
cativa galega, saíu ás rúas rexeitándoa.

Empeñáronse até o último momento e até as últimas consecuencias en impor unha reválida,
mesmo para obter o título de bacharelato. E, cando tiveron que recuar porque xa non lles
quedaba outra —estaban en minoría parlamentaria nas Cortes españolas e ademais iniciá-
ranse xa os trámites de suspensión da propia LOMCE—, o Goberno español decide sacar
unha orde que na Galiza se aplicou —dicimos que a súa elaboración é improvisada e trapa-
lleira— sen criterio e mesmo sen garantía xurídica para as máis de 10.000 persoas —10.500
aproximadamente— que concorrerán os vindeiros días a esas probas. E non o digo eu nin o
di o Bloque nin o din as forzas da oposición, senón que o dixi no seu momento a propia va-
ledora do pobo, que non é precisamente unha institución contraria, por norma, ao proceder
do Partido Popular na Xunta de Galiza.

Tiveron mesmo que emendarse a si propios ao longo dos últimos meses, tanto nas pon-
deracións, porque prexudicaban o alumnado coa versión inicial, que despois modificaron
—algo terríbel, absolutamente terríbel, se temos en conta que nesas probas o estudantado
pon en xogo unha parte importante do seu futuro inmediato, como é acceder á titulación
que desexan, e para o que elixían un itinerario académico que despois a Xunta pretendía
que nalgúns casos non valera para nada—, como parcheando desde Madrid como puideron
o feito de que hai estudantado que concorrerá ás probas por unha lei anterior á LOMCE,
coma se fora a primeira vez que acontecía algo semellante. Cando se suprimiu COU, por
exemplo, señorías, mantivéronse até seis convocatorias específicas para o estudantado que
cursara estes estudos. Aquí decidiron resolver cunha disposición transitoria, porque ima-
xinamos que alguén se decatara no último minuto do asunto.

O acontecido, desde o noso punto de vista, coa ABAU, coas probas de acceso á universidade, tamén deixou ao descuberto, ou deixou máis claro aínda, por se alguén tivese algún tipo de dúbida, que a LOMCE continúa en vigor, viva e, ademais, dándolle ao rabo, mentres o Goberno ten ensarilladas as forzas da oposición nunha comisión parlamentaria que non temos moi claro en que vai rematar, se nunha reforma profunda ou nun lavado de cara do Partido Popular, que agora vai de partido dialogante en materia educativa, lembremos, despois de aprobar unilateralmente, con todas as voces en contra, a LOMCE. Supoñemos que lle deu un outro acordo así, da noite para a mañá.

Desde o BNG imos apoiar a moción que presenta o Partido Socialista, que á fin e ao cabo insta a que se adopten as medidas necesarias para evitar que aconteza algo semellante ao acontecido durante este curso no 2017-2018. Máis aínda hai que ter en conta que tamén esta é unha medida provisional, como se recolle na parte resolutiva da moción, até que conclúan os traballos desa subcomisión e saia das Cortes españolas unha outra lei educativa —veremos con que apoios e veremos con que contido—.

Por nós non vai quedar que o curso que vén o estudantado, o profesorado e tamén, en termos xerais, as familias deste país teñan algo máis de certeza diante dos sistemas non só de avaliación, senón de selección e de cribado do alumnado que quere acceder á universidade deste país. Non é unha cuestión baladí, non é unha cuestión para xestionar de maneira trapalleira e de maneira improvisada. E cremos que esta moción vén dalgunha maneira poñer as bases para que o próximo ano polo menos sexa unha pouca máis a certeza que acompañe o estudantado de segundo de bacharelato.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Vaia por diante que o Grupo Parlamentario de En Marea vai apoiar esta moción. Ímola apoiar aínda que, como tivemos ocasión de comentar outra vez, non compartimos co Partido Socialista a súa postura respecto do pacto educativo que transloce ao final da súa iniciativa. Pero apoiarémola porque esta iniciativa fai fincapé nunha preocupación expresada reiteradamente nesta Cámara e sobre a cal precisamente puidemos preguntar no pleno anterior ao conselleiro; con pouco éxito, claro, como acostuma a acontecer. Pois, lonxe dunha resposta clara acerca da pertinencia ou erro das probas das reválidas, atopamos distraccións e evasivas. Non quedou clara cal era a postura deste goberno, se estaba de acordo coas reválidas plantexadas no seu momento ou están máis cómodos agora coa versión descafeinada, despois dese intercambio de cromos ao que se viron obrigados unha vez que perderon a maioría absoluta.

O único que nos quedou claro —como dende o primeiro día que entramos neste Parlamento e puidemos facer algunha pregunta sobre ensino— é que esta consellería carece de criterio propio e que ao máximo que aspira é a ser unha delegación do Goberno, unha delegación, desde logo, sumamente aplicada, sendo así unha das únicas comunidades autónomas que aínda non cuestionou a LOMCE nin as comentadas reválidas. Asentir, calar e obedecer, unha cousa ou a contraria non importa, depende do día.

A nosa postura, sen embargo, é meridianamente clara e coincide plenamente coa expresada unha e outra vez pola comunidade educativa, que di «non» a unhas reválidas por segregadoras, elitistas e uniformizadoras, que di que non a estas probas, reválidas, avaliacións ou como desexen chamarlles, non ás reválidas de primaria, por suposto, non ás reválidas de secundaria e non tamén a unha reválida-selectividade improvisada no último momento sen a máis mínima planificación previa.

Para En Marea, tombar un sistema de acceso á universidade sen ter perfilado o seguinte, señorías, non é serio. Non é serio que o profesorado de 2º de Bacharelato deste país tivera que pasar o curso sen saber de que se ía examinar o alumnado ou, aínda peor, que se modificara o temario que entraba nos exames a apenas uns meses de que se realizara a proba, no mes de febreiro, mesmo sobre contidos que o calendario escolar establece no primeiro trimestre. É un auténtico despropósito. Non é xusto tampouco para os mozos e mozas que pasaron meses e meses de angustia nas aulas sen saber de que ían ter que examinarse; tampouco para as súas familias, preocupadas por como ían ser as novas probas. Supón en realidade unha irresponsabilidade e a proba evidente da falta de planificación desta consellería. Calquera diría que as fillas e os fillos das señorías do Partido Popular non teñan que examinarse para acceder á universidade. Claro que os resultados destas probas, cando se vai á universidade privada, non son tan importantes. Iso si que explicaría o desinterese que a Consellería demostrou con este asunto. Sen embargo, como as fillas e fillos das traballadoras e traballadores deste país van á universidade pública, eles e elas si que estaban preocupados polas notas de corte para poder entrar na carreira seleccionada, si que estaban preocupadas por saber que contidos tiñan que estudar para examinarse —a quen dende aquí aproveitamos para desexar moitos azos nestes días, mañá, pasado e o venres—. Porque estaban preocupadas e agardaban do Goberno información adecuada, clara e concreta, pero esa información chegou mal, tarde e a rastro, oito meses despois dun calvario educativo. «Calvario educativo, oito meses», titula *La Voz de Galicia*, un xornal nada sospeitoso de ser cómplice de En Marea.

Inseguridade xurídica, denunciou a valedora, como aquí se comentou, tampouco sospeitosa de ser íntima amiga de En Marea. Non invencións deste grupo parlamentario, non invencións da oposición, por iso pasaron meses queixándose do apagón informativo, preguntando e tendo a calada por resposta.

Nós aspiramos a que este goberno cambie dunha vez de actitude e escoite a comunidade educativa, escoite o que teñan que dicir os docentes de como se deben realizar estas probas, escoiten as súas queixas, as dúbidas e as preocupacións, e poñan todo o seu esforzo para dotar o sistema educativo en xeral, e o sistema de acceso á universidade en particular, da estabilidade suficiente para que o alumnado poida preocuparse do importante, que é a súa formación.

Por iso, como dicía, votaremos si á proposta do PSdeG, pois entendemos que axudaría a evitar os problemas detectados este ano, os inxustificadas retrasos respecto dos temarios, formato e contido das probas, a exención do alumnado repetidor e un longo etcétera de despropósitos que a apresurada aplicación da LOMCE trouxo ás nosas aulas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días.

Logo das diferentes intervencións do señor Álvarez nas últimas semanas, a resposta do señor Corredoira na Comisión 4ª e a resposta tamén, pola interpelación, do propio conselleiro de Educación, Román Rodríguez, aquí no pleno, intentarei explicar por terceira vez os motivos polos que tanto a comunidade educativa como os alumnos en Galicia teñen que estar tranquilos, e, ademais, aplacar así un ruído e unha confusión que se puidera xerar arredor destas probas da ABAU.

Gustaríame destacar algunhas cousas, antes de comezar, a modo de titular. En primeiro lugar, a seguridade xurídica dos alumnos está garantida. En segundo lugar, respectamos e comprendemos sempre —non de vez en cando, como os deputados de En Marea— a reacción da valedora do pobo, a quen se lle teñen remitido tamén as explicacións pertinentes. E, en terceiro lugar, loamos o traballo da Ciug nun proceso de cambio e adaptación ás probas de acceso á universidade. Garantimos a vontade de coordinación entre as universidades e a Xunta de Galicia para buscar sempre seguridade nos alumnos.

Dito isto, temos que lembrar que esta situación está enmarcada nun proceso de cambio normativo, nun momento político —neste caso, non técnico— no que se producen rectificacións e modificacións cun obxectivo, que é lograr unha mellora no sistema educativo deste país.

Galicia é un exemplo, ademais, porque nos últimos informes PISA está á cabeza deste informe en canto á mellora. Estase —estamos— a traballar nun pacto de Estado pola educación, e iso conleva negociacións, conleva acordos, cuxos resultados non se poden pedir e solicitar sempre para antonte ou para o mes anterior; é dicir, hai que dar tempo, hai que dar marxes, aportacións das diferentes comunidades autónomas, para ser rigorosos diferenciando os criterios técnicos dos criterios políticos.

Nós consideramos que neste caso se fai unha lectura política por parte do Partido Socialista dunha denuncia sustentada nunha cuestión meramente técnica, puntual, nun momento. Dígoo porque, se falamos das probas de avaliación, as ditas probas están reguladas no Real decreto lei 5/2006 e na Orde do Ministerio 1941/2016. ¿E que fai esa orde? Esa orde non fai máis que desenvolver o real decreto lei aprobado polo Goberno español, logo do acordo coas comunidades autónomas na conferencia sectorial e ratificado despois no Congreso dos De-

putados co voto a favor do Partido Socialista e outros grupos. Bueno, dun Partido Socialista que non sabemos se a partir de hoxe será ese partido socialista ou o do populismo barato. Non sabemos por onde tirará, se seguirá sendo por esa liña ou se agora cambiará para ser o partido do «non é non». (*Aplausos.*)

Por outra banda, se falamos da resolución acordada en Galicia entre a Xunta e a Ciug, explícolles que se trata dunha concreción das normas vixentes para dar seguridade ao alumnado galego, sempre coa vontade de colaboración e cooperación ante os procesos de cambio. Os procesos de cambio —insisto— non poden ser para o ano anterior; é dicir, hai que dar marxes. Esa resolución non era obrigatoria. Comprobamos que noutras comunidades autónomas non se levou a cabo, non foron tan áxiles, non tiveron esa vontade que tivemos en Galicia para prestar a colaboración.

Polo tanto, non deberíamos trasladarlles aos cidadáns nin aos alumnos nin á comunidade educativa que cada cambio ou cada modificación é un problema ou é unha complicación. Porque así seguramente será moi difícil acadar o pacto, e seguramente será moi difícil avanzar se cada cambio o están identificando a problema. Polo tanto, traballemos xuntos no gran pacto de Estado na educación.

Neste caso concreto de cambio na ABAU trasladouse un problema que non era tal, en canto á inclusión ou non da materia de lingua galega na proba. Todos os alumnos de 2º de Bacharelato comezaron o curso co coñecemento de que Lingua Galega é unha asignatura troncal e, polo tanto, avaliada na proba de acceso nova, a ABAU —que, á diferenza da anterior, só avalía o 2º curso de Bacharelato; a anterior avaliaba o primeiro e o segundo—. Foi no Decreto 310/2016, do 29 de xullo, onde xa se incluíron as materias Literatura II e Lingua Galega como troncais; polo tanto, non cabía dúbida de que estaba incluída.

Polo tanto, o que vostedes chaman improvisación —ou trapallada, nun momento, pola portavoz do Bloque— non é nin improvisación nin é trapallada, é adaptarse ás modificacións pertinentes coa man tendida, coa colaboración permanente, tendo claras, ademais, algunhas cousas que me gustaría reiterar.

A situación é froito dun proceso de diálogo, a seguridade xurídica dos alumnos está plenamente garantida, a resolución publicada pola Consellería recolle certezas e orienta. E, dende o primeiro momento, a Ciug e a Consellería traballaron en coordinación para paliar todas as confusións xeradas nun momento determinado, sendo as ponderacións competencia exclusiva das universidades. O único que fixo a Consellería neste caso foi tender a man e colaborar para axilizar a resposta.

Non imos apoiar esta moción porque consideramos que as explicacións polo Goberno galego están suficientemente respaldadas polos feitos e solventadas, se é que nalgún momento xeraron algún malentendido ou confusión.

Nada máis que desexarlles moita sorte aos alumnos que mañá teñen o exame da ABAU.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Polo grupo autor da moción, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Grazas polo voto favorable do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea a esta moción, porque, efectivamente, o que se pretende é superar esa improvisación que houbo este curso mediante esta moción.

Señora Egerique, mire, de verdade, isto é igual que cando a un alumno lle preguntan o século XVIII e non ten nin idea, pero, como estudou o século XIX, escribe o século XIX e espera acadar o éxito mediante unha cualificación *cum laude*. (*Aplausos*.)

Vamos ver, señora Egerique, ¿vostede leu a moción? (*A señora Egerique Mosquera pronuncia palabras que non se perciben*.) ¡Perfectamente non! Non a leu nin en sentido oblicuo nin por encima. Porque é que me contestou con cousas que non teñen nada que ver, nada... (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Señora Prado, non estou falando con vostede.

Non ten nada que ver co que preguntamos e co que propoñemos na moción. Deume a mesma resposta que o director xeral, deume a mesma resposta que o conselleiro. É que vostede non estivo politicamente fina, estivo desastrosa. ¿E sabe cal é o problema? ¿Sabe cal é o problema, señora Egerique? O problema é traer os argumentarios para ler no pleno. Porque vostede esperaba unha intervención miña agresiva, contundente e populista (*Aplausos*), e non a encontrou. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) (*Murmurios*.)

¿Señor Pazos, atópase mal de saúde? ¿Atópase mal de saúde? (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio, señor Pazos! (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.)

Señor Pazos, silencio, por favor. Silencio.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Polo tanto, como vostede esperaba unha intervención nese ton, traía a cousa preparada. Pero é que eu fixen unha intervención propositiva: chamei a superar... Non lle botei a culpa en ningún momento á Consellería de Educación. ¿Deuse conta vostede? ¿Atendeume cando fixen a exposición? Dixen: primeiro, que o ministerio regule a normativa estatal correspondente e, despois, que a Consellería de Educación faga o que lle toca. Incluso recoñecín aquí explicitamente que estou convencido de que a ABAU vai saír adiante e vai saír ben, pola profesionalidade que ten toda a, digamos, capacidade humana de recursos que ten a Consellería. Coñezoa —créame—, creo que bastante mellor que vostede. E, polo tanto, si... (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Non, é unha cuestión de procedencia profesional, nada máis, ¡eh! Non estou por encima de ninguén, pero, evidentemente, se estamos falando de algo de educación, asumo que, en principio, algo de coñecemento terei, máis que nada porque levo trinta anos traballando no asunto. E, polo tanto, será...

Pero, mire, de todos os modos, vostedes voten que non, que é o que van facer, e despois, cando teñan a ben, díganlle ao ministerio que dite a normativa correspondente. Porque vostede está na Comisión 4ª, de Educación, e algún deputado e deputada máis de aquí tamén, e lembrarán que levamos unha proposta para limitar o número de optativas que podían marcar os profesores do ensino público; apelouse á responsabilidade do profesorado do ensino público, pero velaquí que hai unha semana a propia consellería limita a dúas as asignaturas que poden solicitar como afíns. É dicir, a oposición nunca ten unha boa idea, pero despois resulta que algunhas delas acaban aparecendo no que vostedes, con criterio aceptable —aceptable, porque son propostas que compartimos—, poñen en marcha; e esa é a triste realidade. Pero vostedes sigan votando que non, e cando o próximo curso, no mes de marzo, teñamos sen publicar a normativa, digan que son os campións da organización e que, encima, regulan sen facer falta. Ese é o Partido Popular que vostede acaba de defender no ámbito dunha proposición que, insisto, quería como único obxectivo mellorar a seguridade no ámbito xurídico das probas de avaliación do bacharelato.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de atención de emerxencias 112

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

No pasado pleno esta deputada interpelaba o vicepresidente e, un mes despois de ter preguntado nesta cámara que ía facer a Xunta ante a situación do 112, unha situación de deficiencia en recursos e en coordinación que se acrecentou, obviamente, co traslado decidido por parte da Xunta de Galicia sen ningún tipo de diálogo, no que moi pronto se localizaron dous problemas esenciais. Un, o derivado da ausencia de diálogo coas plantillas e da ausencia de compensación aos traballadores e traballadoras polo desprazamento ao novo centro de traballo. E outro, derivado da mudanza do sistema operativo. Un sistema que deu fallos antes sequera de que se inaugurase o edificio, algo que advertiron traballadores e traballadoras dende o comezo, preocupados por se isto ía producir problemas unha vez que se iniciara a atención dende o centro da Estrada. Unha circunstancia que, pese a terse advertido, non tivo ningún tipo de resposta por parte da Administración ata que se fixo efectivo o traslado e se puido comprobar como as advertencias das plantillas eran fundadas; é dicir, que os problemas xa existían previamente e que, a partir da propia inauguración, o programa seguía sen estar a punto. Polo tanto, había unha situación que, ao noso entender —e así o denunciámos nas anteriores ocasións—, era unha situación moi grave porque estamos a falar das atencións ás emerxencias do país. Tamén unha circunstancia que se acompañou dunha formación insuficiente co novo programa. Unha circunstancia tamén, ao noso entender, moi grave porque —repito— falamos da atención a todas as emerxencias no conxunto de Galicia.

Durante a pasada visita ás dependencias do 112 que realizamos diversos deputados e deputadas a pasada semana, na que, por certo, se lle impediou entrar ao comité de centro, é dicir, a traballadoras e traballadores desas mesmas emerxencias, a Xunta de Galicia recoñeceu os fallos que estaba a ter a plataforma informática, pero quixo minimizar o impacto dicindo que nunca, nunca, houbera fallos críticos. E eu preguntome que é un fallo crítico.

No debate de abril advertimos que a plataforma tiña fallado e estivo inhabilitada bastante tempo, durante varios minutos, acumulando chamadas que se estaban recollendo con lapis e papel. É dicir, o persoal do 112 recollía por aquel entón, cando foi aquel debate, as chamadas con lapis e papel. Fallos que son moi graves —repito— porque falamos da atención das emerxencias en toda Galicia.

Esa circunstancia que ao noso entender era tan grave e que era evidente que se tiña advertido, xa dende o inicio, por parte das persoas que tiñan que utilizar ese sistema operativo, debería ter feito que a Xunta de Galicia se sentase a traballar para solventala canto antes; unha preocupación que debería telos ocupados día e noite, sen embargo, non fixeron caso.

A nós gustaríanos saber que responsabilidades van exixirle á empresa da señora Martín de Pozuelo Romay, ATOS Spain, porque ata o de agora tiñamos un programa que funcionaba e gastou o Goberno un millón de euros, máis outro medio millón de euros en servidores informáticos, para un programa que agora mesmo funciona mal, un programa que dá erros. É dicir, tiñamos un programa que funcionaba, gastouse millón e medio e temos un programa que non funciona ben nas emerxencias de Galicia.

¿Quen vai asumir as responsabilidades destes erros? Concretouse ese contrato en 2015, estamos en 2017 e segue sen estar a punto a día de hoxe, cando xa están abertas as dependencias. E, polo tanto, se non está listo, alguén terá que asumir esas responsabilidades.

O propio día da visita, o día 1 pola mañá, a plataforma bloqueouse outra vez, acumulando ata 10 chamadas de emerxencias na cola; emerxencias que poden ser de todo o tipo: alguén que está afogando, un incendio, un accidente dun barco, absolutamente calquera tipo de emerxencia. É unha situación moi grave e debера ser prioritaria á hora de resolvela por parte do Goberno.

Nós levámoslle pedindo á Xunta de Galicia —pero nós, porque xa o levan pedindo moito tempo os traballadores e traballadoras— que se sente a negociar, que medie, que trate de resolver o problema. Tamén é responsable a Xunta de Galicia disto aínda que teña privatizado o servizo, porque esa tamén é unha opción política; algo que xa lle trasladamos aquí ao vicepresidente Rueda. E hoxe xa non só llo pedimos nós, xa non só llo piden os traballadores e as traballadoras, senón que hoxe llo pide tamén o Consello Galego de Relacións Laborais, que está mediando no conflito laboral e que lles acaba de recomendar, tanto á empresa como ás traballadoras e traballadores, que soliciten xuntanzas coa Administración —é dicir, coa Vicepresidencia— para que medie e intente resolver o conflito. ¡Vamos, é o non vai máis!, o que levan pedindo meses traballadores e traballadoras. A ver se, agora que llo pide o Consello Galego de Relacións Laborais, a Vicepresidencia se digna sentarse con esas plantillas a intentar resolver un problema que é moi grave.

Por iso voltamos a pedirlllo tamén nesta moción, que non é nada extraordinario: que a Xunta se sente cos traballadores e traballadoras a resolver un problema que é real e que está aí. E que, evidentemente, é da súa responsabilidade. Ese é o primeiro punto da moción.

Pero tamén queremos que se inicien os trámites pertinentes para recuperar o 112 como servizo público, porque —dicía antes— ter privatizadas as emerxencias ou privatizados os bombeiros ou privatizado calquera servizo no noso país é unha decisión unicamente política, de responsabilidade política e de solución política. É a Xunta de Galicia a que ten que iniciar os trámites, antes de que finalice o contrato, para reverter o servizo ao público; e é agora, paralelamente, ademais de resolver o problema actual, cando teñen que comezar a preparar eses trámites para que, cando venza o contrato, se poida gozar dun servizo público de calidade que se poida coordinar entre si con todos os servizos do país. Unha denuncia que levan facendo profesionais, bombeiros do noso país e os servizos sanitarios durante moito tempo, a da descoordinación, derivada da ausencia dun mapa de recursos que xa nos ten dado moitos desgustos no noso país. Falámolo tamén no anterior pleno: o accidente de Fandicosta ou os problemas que houbo co afundimento do Novo Marcos, pero a Xunta de Galicia segue mirando para outro lado. Polo tanto, o que queremos aquí son dous puntos: que resolvan, por unha parte, o problema actual e, por outra parte, que se fagan cargo de iniciar os trámites para devolver ao público un servizo que nunca debe estar en mans privadas, porque a atención ás emerxencias é un servizo moi delicado, señorías.

Consideramos que está bastante claro e que, a pesar diso, os intentos por facer desmerecer non só o comité de folga e o comité de empresa, senón o traballo dos traballadores e traballadoras das emerxencias do noso país, non van facer desaparecer o problema. No pasado pleno o vicepresidente da Xunta de Galicia intentaba facer desmerecer o que trasladaron no seu momento a Asemblea de traballadores do 112, a Asociación Galega de Técnicos de Emerxencias e a Mesa intersindical de bombeiros denunciando descoordinación nese desgraciado accidente do pesqueiro Novo Marcos, dicindo que non representaban a totalidade dos traballadores e traballadoras, que non se representaba a totalidade dos bombeiros. Xa foron contestados polos profesionais, trasladándolle que a representación é de máis do 90 % da totalidade das plantillas en Galicia.

Pero, é máis: como el fixo alarde de apoiar mellor ese modelo de voluntarios e voluntarias, tamén temos que dicirlle que hai que lembrarlle que, a pasada semana, Protección Civil de Pontecesures denunciou a ausencia de coordinación e os problemas que había co 112. Literalmente, trasladaron que era como se o 112 non existise. Polo tanto, tanto os profesionais deste país como eses voluntarios e voluntarias, que son o modelo preferente, parece ser, do vicepresidente da Xunta de Galicia, denuncian que o servizo de emerxencias funciona mal. E, polo tanto, é responsabilidade da Xunta de Galicia solventar, dar solución a un problema que, repito, é grave, porque falamos da atención ás emerxencias no noso país.

Máis nada por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Esta proposición non de lei que estamos tratando plantéanos dous apartados que en realidade son un só. O que aquí tratamos, ao noso ver, son os antecedentes e as motivacións da folga que os traballadores e traballadoras do 112 manteñen desde o día 15 de abril. Eses traballadores e traballadoras non só exixen os seus dereitos laborais; tamén exixen traballar en condicións óptimas, con medios axeitados, e teñen razóns sobradas para as súas exixencias. Miran polo funcionamento do 112 como algo seu; por iso queren as máximas garantías, porque son conscientes do que teñen entre as mans día a día. Elas son quen senten as angustias de quen chama e sofren a cada chamada.

Créanme, están temerosos e temerosas deste precipitado traslado. A formación foi mínima: as 20 horas, en circunstancias normais, serían escasas; pero cun programa —a nova plataforma— aínda sen rematar, sen testar, onde a formación se interrompe a cada minuto porque falla e os técnicos teñen que darlle voltas e reparalo, a formación real non chegará nin a 5 horas efectivas, sendo 20, como xa dixemos, as presenciais.

Esta é unha das causas da folga. O día 15 comeza cuns servizos mínimos do 100 % e o 17 decrétanse entre o 60 % e o 80 %, a condición de que o día do traslado sexan do 80 %. O día 18 de mañá estaba previsto paralizar o traslado porque había posibilidade de temporal, como así foi despois. E ademais, ese mesmo día tamén pola mañá a plataforma caeu completamente. Aínda así, o traslado fíxose e aconteceu o que todos sabemos: ás dúas e trinta da madrugada do 19 o sistema estaba colapsado, con incendios alimentados por un forte vento no norte do país, con árbores arrincadas e emerxencias múltiples. Os teléfonos aos que a poboación xa está afeita a chamar cando precisa axuda estiveron mudos, e a xente desesperada.

Si, xa sei, xa nolo contaron na visita institucional que fixemos na pasada semana. Por certo, ese día non deixaron entrar nin á prensa nin ao comité de empresa, que quedaron na porta e non puideron acompañarnos. Iso si, dentro estaban todos. Había moito nerviosismo, moita xente á defensiva. Non había conciencias tranquilas, meteran a pata profusamente, pero a prepotencia acrecentada... Si, si, había conciencias intranquilas, si señor, e a prepotencia non lles deixaba recoñecelo. Si, señor. A culpa era sempre dos traballadores, recorden, que foran poucos —como non estaban presentes...—. Por iso ningunha das incidencias foi recoñecida

Si, esa risa, así, é unha ofensa, si. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, eu si.

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor RIVAS CRUZ: Por iso, ningunha das incidencias foi recoñecida e, así, poño por caso, veciños de San Sadurniño, que si deberían estar ofendidos, ou de Narón, que cansaron de

chamar ao 112 sen resposta ás súas peticións de axuda, nunca existiron e foron un invento da oposición para desgastar o Goberno —coitadiño do Goberno, ¡patético!—.

No tocante ás reivindicacións salariais, reparen en que o contrato estaba feito á medida de San Marcos. As traballadoras organizaron a súa vida tendo en conta esa localización. Coa nova dos tempos, os desprazamentos e demais son diferentes e impónse unha negociación —e nunca perdamos o horizonte de que é un colectivo mileurista de 65 traballadoras—; pero unha negociación a tres bandas, porque son tres entidades as implicadas: o colectivo de traballadores, a empresa adxudicataria do servizo e a Administración. Será ben ir pensando nunha modificación de contrato ao teren cambiado as condicións laborais.

Por último, se non comprendemos a chapuza do traslado feito no medio dunha folga onde fallou todo —plataforma, previsión de temporal, incendios—, menos comprendemos o modelo do PP, que deixa en mans privadas a xestión dun servizo estratéxico.

Tomen as cousas con sentidiño, negocien e cheguen a un acordo satisfactorio para todos, arranxen o programa e vaian pensando en pasar este servizo á xestión directa. Os defectos funcionais detectados neste último mes e pico non son de recibo.

Por todo isto, señora Solla, imos aprobar esta PNL que presenta o Grupo En Marea.

E máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Bo día de novo, señorías.

É certo que estamos nunha situación que exige xa, con urxencia, unha solución: a campaña de verán está aí e os servizos do 112 seguen en folga e con fallos de funcionamento—creo que o sabemos todos—. Vai máis de mes e medio de folga do persoal da empresa contratada e o Goberno galego non asume dunha forma clara a responsabilidade de solucionalo, por non falar de que os tribunais anularan os servizos mínimos decretados no *Diario Oficial de Galicia* do 12 de abril. Entendemos, xa daquela, que era unha irresponsabilidade acometer a mediados de abril este traslado, sen ter acordadas as condicións laborais mínimas dos afectados e suficientemente testada a nova plataforma.

O problema non é só laboral, que tamén o é; e, moito menos, culpa dos traballadores, como responsables do 112 tratan de mostrar. Á falta dunha lóxica negociación previa ante o cambio de circunstancias laborais, únese o que parece, se non improvisación, si unha falta de previsión máis completa no funcionamento da nova plataforma de comunicacións; incidencias no funcionamento da plataforma, como en materia de xeolocalización, de envío de avisos SMS a cargos e mandos operativos; o importante protocolo de asignación de re-

cursos viña fallando; tempos de resposta de máis de 6 minutos están acreditados; falta de información ao persoal de operación que está na sala de como van as chamadas da cola, que tampouco estaban funcionando. Houbo incidencias tanto en Cesuras, ou en Pontece-sures, coma en Monforte, o pasado día 26 de maio; incidencias *a priori* leves —e menos mal que foron leves—, que puxeron en dúbida, precisamente, a capacidade de acción e de actuación en tempos de resposta razoables por parte dos servizos do 112. Mesmo a mesa intersindical de bombeiros de Galicia dirixiu ao vicepresidente Rueda unha carta aberta, o 28 de maio, expresando a súa grave preocupación polos incidentes ocorridos, nestes casos e noutros máis, exixindo a inmediata solución deste grave problema nun servizo esencial como é o 112.

Na visita institucional solicitada polo Grupo Parlamentario Socialista, que realizou a Comisión 1ª o día 1 de xuño e á que, como se ten dito, non se deixou entrar a ningún representante dos traballadores e das traballadoras nin a medios de comunicación para poder contrastar información, expúxose, por parte dos responsables de emerxencias e da Axega— por certo, de forma pouco admisible, nalgún caso—, un funcionamento totalmente normal do servizo, unicamente afectado pola folga. Mesmo existen —por conversas que tivemos, loxicamente, con traballadores e con traballadoras do servizo 112— certas presións —iso si, de baixa intensidade—, que están a mermar, máis se cabe, o funcionamento dos servizos e, sobre todo, que están a mermar, evidentemente, a capacidade laboral dos traballadores que alí están.

Necesitamos —creo— nesta materia máis rigor, máis responsabilidade; e espero que se solucionen cuestións que espero que sexan anecdóticas, como que, a día de hoxe —e por favor compróbeno e, se non é así, que se corrixa—, no portal *web* da Axega, do 112, aínda seguen localizados os servizos do 112 en San Marcos. Por favor, estamos falando de cousas serias. Non cometamos estes erros de xeolocalización *web* neste caso.

É que resulta pouco rigoroso e certamente covarde atribuír o problema ao persoal contratado do 112 de forma exclusiva. Presenten, como temos demandado na Comisión 1ª de forma reiterada, un informe técnico da situación e incidencias de funcionamento da nova plataforma. Resolvan, mediante a necesaria negociación colectiva, o conflito laboral e non o deixen só nas mans da empresa concesionaria, porque é a Xunta de Galicia a titular do servizo; non sigan desentendéndose, non teñamos unha emerxencia grave co operativo do 112 precisamente na situación actual. Por esa razón, e tendo en conta outros servizos que se teñen que incorporar á nova plataforma, imos apoiar —porque estamos en todo este traballo, en materia dos servizos de traslados do 112 da Estrada— esa iniciativa presentada polo Grupo de En Marea.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Vou intentar falar con calma, con contundencia, acudindo a pouco populismo fácil e sen entrar no paternalismo nin no [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)* que vostede fixo na súa intervención anterior, señor Álvarez. Eu agardaría as súas desculpas, pola intervención que tivo anteriormente.

E tamén quero deixar atrás a demagogia da señora Solla, as falsidades do señor Rivas e do señor Díaz.

Abordamos hoxe unha iniciativa sobre o traslado do Centro de Atención Integral ás Emerxencias, do 112: un magnífico centro que os membros da Comisión 1ª puidemos ver e comprobar nunha visita da semana pasada. Polo que acabo de escoitar nesta tribuna, debemos de asistir a unha visita completamente diferente, porque se chegou a dicir que non se vían as chamadas na cola, cando había un vídeo wall, que facía seis veces esa pantalla, onde todos os que estabamos alí puidemos ver como entraban as chamadas na cola. Señor Villoslada, cambie as lentes, porque, se vostede non viu as chamadas da cola naquel vídeo wall, ten que mudar as súas lentes.

Ben, eu, como galega, síntome orgullosa daquelas instalacións, señorías. En pleno século XXI temos unhas instalacións á vangarda. Se vostedes queren verter aquí falsidades, se vostedes queren facer demagogia cun tema tan sensible como son as emerxencias e xerar inseguridade á sociedade galega, alá vostedes, alá vostedes. Levamos un pleno no que xa estamos vendo cal é o seu rigor, cal é a súa seriedade e cal é a responsabilidade que teñen como representantes do pobo galego nesta cámara; é dicir, cero en responsabilidade, coas súas manifestacións.

Mire, señora Solla: vostede dixo aquí moitísimas falsidades, e ademais moitas falsidades que lle foron rebatidas polo vicepresidente da Xunta o outro día, que lle foron rebatidas, na visita que fixemos ao 112, por todo o persoal. Eu agradezo moitísimo non só que nos recibira o director xeral, senón que estivera todo o equipo directivo, todo. Claro, dixo o señor Rivas que alí dentro estaban todos; ¡home!, pois mellor que estiveran todos, señor Rivas, e que nos puideran responder as preguntas que vostedes fixeron sobre a plataforma. Eu xa sei que vostede é moi listo; eu, sinto dicirlllo, eu son unha ignorante en cuestións técnicas e eu agradecín moito as explicacións que nos fixeron de forma absolutamente pedagóxica e para que entenderamos aquela amálgama de cuestións técnicas, que eran difíciles de entender. Eu entendo que a un profesor de primaria — como vostede apelou alí a que vostede era profesor de primaria —, como tal, non lle falten ao respecto baixando un pouco o nivel de explicación; eu agradecín moito que baixaran o nivel de explicación, porque eu, tecnicamente, síntome unha ignorante nesa materia. Non, eu estou dicindo a verdade; vostedes dixeron a súa verdade, eu estou dicindo a verdade que eu vin alí.

Vostedes dixeron que caera a plataforma. Xa lles explicaron alí que a plataforma non caeu; que nun momento determinado caeu o operador R e, ao caer o operador R en toda Galicia, caeron as chamadas de R en toda Galicia e, polo tanto, non é que caera a plataforma, senón que o servidor de R non ía. E ¿que fixo a plataforma?, ¿que fixeron esas instalacións que temos á vangarda do século XXI? Pois trasladar automaticamente á Telefónica. Esa posibilidade, se estiveramos no centro de San Marcos — que vostedes tanto estrañan —, non podería ser posible. Entón, en lugar de estar tomando nota con lapis e papel na Estrada,

estarían tomando nota con lapis e papel en San Marcos, coa diferenza de que, igual, en vez duns minutos, se tardaban unhas horas ata que o operador R estivera operativo.

Señora Solla, diga a verdade, porque esa é a verdade e iso foi o que lle explicaron alí. *(Aplausos.)*

Dixeron que o sistema deu fallos antes de inaugurarse o edificio; pero xa lles explicaron que a plataforma xa se puxo en marcha, no momento en que se pechou en San Marcos, na Estrada. Díganme cando fallou a plataforma antes de inaugurarse o edificio; señor Rivas, por favor, non minta con ese descaro porque a propia mentira o leva a dicir vostede que o día 18 caera a plataforma, cando o centro se puxo en marcha o día 19. É que non se pode mentir tanto sen ter ningunha consecuencia, señor Rivas; por favor, sexan serios e rígorosos.

Miren, din que non deixaron entrar ao comité de empresa e aos medios. A visita que pediu o señor Díaz foi unha visita institucional ao centro, non pediu vostede unha reunión co comité de empresa, ¿verdade, señor Díaz? Se vostede se quere reunir co comité de empresa, igual que os outros grupos que se reuniron, pois ten a posibilidade de facelo en calquera momento. A min o comité de empresa pedíume entrar e eu deille a miña tarxeta para que se puxeran en contacto comigo; aínda estou esperando a chamada.

Igual que din que non se reuniu e que non mediou a Xunta de Galicia; o director xeral ofreceuse a reunirse con eles, en sete ocasións reuniuse a Xunta de Galicia co comité de empresa, jen sete!, e a partir de aí tamén se ofreceu a mediar coa empresa. Aínda están esperando o director xeral e o vicepresidente e a Vicepresidencia —como vostede di— que se reúnan, que lle pidan esa reunión, señora Solla. Claro, vostede di que agora o pide o Consello Galego de Relacións Laborais porque é o que está mediando. ¿Que pasa? ¿Que o Consello Galego de Relacións Laborais non é capaz de mediar con aqueles que piden que se suba igual aos que viven na Estrada que aos que viven na Coruña? Porque non parece razoable, señora Solla, que aqueles traballadores que antes ían traballar a San Marcos e viñan da Estrada, e facían 21 quilómetros, agora —segundo vostedes e segundo o comité de empresa— estean prexudicados tamén; estarán beneficiados, porque teñen o posto de traballo ao lado da súa casa, e non se pode pretender unha subida lineal. E dicía o señor Rivas: “Claro, é que son mileuristas.” Son mileuristas, pero ¿sabe vostede que están nun 30 % por riba do convenio colectivo, señor Rivas? ¿Vostede sabe iso? Pois, a ver, tampouco é que sexan... Eu entendo as reclamacións dos traballadores...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...Eu son a primeira que quero que se chegue a un acordo e a un entendemento. E todos temos que seguir traballando para que iso se produza, polo ben de todos. Pero, por favor, deixen de dicir falsidades, deixen de facer demagogia con este tema...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...porque as emerxencias son un tema moi, moi sensible.

Señora Solla: no punto 2, cando vostede di: “Que se recupere un servizo público”, sinto dicirle que xa é un servizo público; outra cousa é a xestión, e a xestión é a mesma que teñen os bombeiros do Concello de Santiago...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paula.

A señora PRADO DEL RÍO: ...onde gobernan vostedes, e non a mudaron; ou a Deputación da Coruña, que tamén ten a mesma xestión indirecta e onde vostedes, gobernando co PSOE e co Bloque, non a mudaron tampouco, así que primeiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...fagan onde gobernan e logo déanlles as grazas aos demais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grazas.

Turno de peche, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Quero agradecer aos grupos da oposición o apoio á proposta. Creo que o Partido Popular non entendeu ben o que puña no papeliño, xa que o segundo punto evidentemente se refire a unha xestión directa, que é o que nós entendemos por un servizo público. Entendemos que vostedes non comprenden o mesmo, pero, se a vostede lle é difícil entendelo tal cal está no papel, eu fágolle unha emenda *in voce* para que poña “xestión directa” e así vostede poderá votalo a favor.

Señora Prado: a verdade é que, se vostede me pide que diga a verdade, non pode pedirme tamén que diga o mesmo que di vostede, porque vostede o único que fixo foi mentir durante toda a súa intervención. (*Aplausos.*) Así que a verdade é que as dúas cousas son incompatibles. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non está vostede no debate. (*Murmurios.*)

Parece ser que agora os traballadores e as traballadoras do 112 son uns privilexiados, que lles veu marabillosamente o traslado. E vanlles ter que dar as grazas a vostedes. Vostede di que está esperando vostede que a chamen por teléfono —parece que vostede ten un ascendente especial coa Vicepresidencia—. Vostede podería ter facilitado que entrasen eses traballadores e traballadoras; nós seguramente non, porque non temos ese ascendente. Espero que tamén o teña para dicirle ao vicepresidente da Xunta que hai dous meses e medio que esta deputada lle solicitou unha xuntanza e aínda está agardando —por certo, xuntanza que

reiterei nalgunha ocasión—; xuntanza que tamén levan pedido os traballadores e traballadoras, pero a Xunta de Galicia négase a sentarse con elas e eles. Ten que ser o Consello de Relacións Laborais o que agora mesmo lles diga o que lles levan pedindo meses que teñen que facer vostedes, e é sentarse a negociar.

Paréceme bastante lamentable, señora Prado, que vostede diga que o Consello de Relacións Laborais non é capaz de mediar, que é o que dixo aquí na intervención. Eu teño respecto polas administracións e, se vostede considera que o Consello de Relacións Laborais non é capaz de mediar, seguramente a Xunta de Galicia terá a capacidade de trasladarlllo o día que se senten —se é que ten a ben sentarse para resolver un conflito que afecta as emerxencias do noso país—.

Vostede dixo algunha cousa que non é certa, seguramente porque non ten información. Confundi o día que se tomaban as notas con lapis e papel co día — ao que se fixo referencia durante a visita— que caera a plataforma. Non foi o mesmo día, señora Prado. Ese día que se tomaban as notas con lapis e papel foi en abril, nunha intervención que esta deputada tivo preguntando ao vicepresidente da Xunta de Galicia. Había unha semana só que se iniciara a folga, así que non foi. E iso é froito de que hai incidencias continuamente. E eu volto preguntar: ¿que van facer vostedes? Porque —reitero— tiñamos un programa que funcionaba; temos un programa que non funciona, e no que vostedes gastaron 1.500.000 euros máis os dez millóns de construír ese edificio tan grande e tan megalómano que agora temos para as emerxencias do país.

Hai dous puntos. Como agora xa teño feita —non sei se aceptará ou non— esa emenda *in voce*, vostede xa poderá comprender que significan os dous puntos e poderá votalos a favor.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

(*O señor Álvarez Martínez pide a palabra.*)

Si, señor Álvarez. ¿Para que quere a palabra? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por favor, póñase de pé.

Déanlle voz ao escano.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas.

En virtude do establecido no artigo 76.1, e o xuízo de valor que acaba de facer a deputada señora Prado sobre a miña intervención —ademais de por non estar no debate—, quixera o uso da palabra.

Lémbrolle que me chamou [...] na súa intervención.

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento.

Si, efectivamente, hai un xuízo de valor, que foi que fixo vostede unha intervención machista. Eu non percibín iso pero, de todas maneiras, ten vostede dereito a ese turno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Quixera aclarar ante toda a Cámara que puiden ter unha intervención contundente. Franca-mente iso é interpretable, pero no momento en que se me di que fixen unha intervención [...] polo feito de que lle estaba dando a réplica a unha muller deputada converte en [...] a quen fai esa afirmación.

Polo tanto, solicito —unha de dúas— que a señora Prado retire as súas palabras ou que vos-tede retire do *Diario de Sesións* esa afirmación con respecto á miña intervención.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Eu creo que fun claro no que dixen, ¿ou non?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: Eu non percibín que a súa fora unha intervención [...]. Eu enmar-queina dentro...

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Non, non, é que foi a señora Prado a que fixo esa afirmación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Non, non imos entrar en debate.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Polo tanto, solicito que se retire do *Diario de Sesións* esa afir-mación á miña intervención.

O señor PRESIDENTE: Perdón, señor Álvarez, vou responder eu a isto. É unha competencia do presidente, entón, vou respostar eu a este asunto.

Non percibín eu que fora unha intervención [...], porque vostede dirixiuse á deputada no uso do que é a súa profesión, sen máis. Así o percibín, ¡sen máis! *(Fortes murmurios.)* ¡Sen máis! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, non vou dar a palabra a ninguén máis. *(Murmurios.)*

Perdón, eu tamén fun deputado e algunha vez utilicei a miña condición de médico para re-bater, e non con iso estou eu... *(Fortes murmurios.)* Eu ía por aí, se non era por iso... *(Pronún-cianse palabras que non se perciben.)*

Entón ¿por que é? Eu creo que ía por iso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos aclarar por onde ía. ¿Cal é logo? ¿Cal é?

Déanlle voz ao escano. ¿Por onde ía? (*Murmurios.*)

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Eu o que dixen era que era unha intervención paternalista e [...] porque o señor Álvarez lle dixo á deputada que non lera a iniciativa nin a moción nin sequera en oblicuo. Iso é unha falta de respecto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Perdón, iso forma parte do debate diario dos deputados.

A señora PRADO DEL RÍO: Iso é unha falta de respecto e unha intervención absolutamente paternalista. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Morreu o conto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, está retirado, está retirado (*Murmurios.*). Está retirado porque foi a percepción que eu tiven, ademais. E eu, normalmente, se por algo me caracterizo é por estar atento aos debates. ¡Claro!, é a función dun presidente, creo eu.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa elaboración do Plan de transporte público e do novo Mapa de transportes de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.*)

Emenda de adición.

Proponse engadir no punto 2 os seguintes apartados:

<<2.4. Crear unha mesa de diálogo e participación institucional coa implicación da administración autonómica, as deputación provinciais e os concellos.

2.5. Constituír unha mesa de diálogo e participación social na que teñan cabida cando menos

— As asociacións representativas das empresas do sector

— As organizacións sindicais representativas de traballadores e traballadoras do sector

— As entidades representativas das asociacións veciñais e de consumo

— As ANPAS e outras entidades representativas da comunidade escolar

2.6. *Paralizar entanto a chamada primeira fase do Plan e a suspensión da tramitación dos corenta e dous anteproxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, estaba mirando a intervención e non estiven moi atento ao debate, pero creo que a xerente da empresa que vende o software ao 112 é a sobriña de Romay Beccaría, ¿non? Todo segue igual neste país. ¡Moi ben! (*Aplausos.*) Pero é casualidade, non imos pedir unha comisión de investigación por isto, tranquilos.

Imos falar do Plan de transporte público de Galicia. E queremos empezar dicindo que o Goberno galego non puido facelo peor, con máis improvisación e con menos participación —perdoen a voz, pero teño unha gripe bastante importante—. Non se puido facer peor nestes anos, dende o ano 2009, non se puideron sentar peor as bases para poder facer agora un plan de transporte público e, polo tanto, estamos en peores condicións que se tivéssemos un goberno que fixera os deberes en varios campos.

Hai intencións e hai feitos. Cando a Xunta está a falar nestes días de que este plan mellorará a prestación de servizos no rural, e en todo o país, estamos falando de intencións que non se poden demostrar, de vender publicidade e propaganda unha vez máis. Pero nós, cando falamos de improvisación, non falamos de intencións, falamos de feitos, falamos de que o Goberno da Xunta de Galicia só actuou a partir de que houbo unha sentenza en marzo de 2016. E isto é un feito, jé un feito! Antes desta sentenza o Goberno galego non estivo facendo un traballo de planificación para substituír un mapa de transportes que agora consideran obsoleto e non adaptado ao século XXI. En febreiro de 2016 ese mapa de transportes ¿non estaba obsoleto e non adaptado aos días de hoxe? ¿Por que só empezaron a traballar —a traballar ás présas e correndo— despois da sentenza do Tribunal Supremo?

Podemos tamén falar de cales serían as mellores condicións para desenvolver neste país un plan de transporte público. E aí, ninguén que sexa honesto pode negar que, pola inexistencia de, por exemplo, unha boa ordenación do territorio e unha boa situación do rural —dos concellos do rural—, e pola existencia de áreas metropolitanas, comarcas, entidades consorciadas, etc., sería un instrumento eficaz implantar un plan de transporte público de Galicia.

A desordenación do territorio en que vostedes sumiron este país é unha eiva importantísima á hora de elaborar un plan de transporte público. A pouca capacidade dos concellos —de moitos concellos do rural— para poder intervir na política de transporte é unha eiva tamén achacable á falta de políticas de ordenación territorial. Vostedes suspenderon clamorosamente eses deberes de ter un país artellado e ben vertebrado; tamén suspenderon na política de equilibrio territorial, que equilibrase o eixo atlántico co rural, que revertese a tendencia ao abandono e ao envellecemento.

A dramática situación de moitas zonas do país —cunha fuxida como se ve en moitos dos corenta e dous anteproxectos que publicaron o trinta de maio, con zonas onde se perdeu ata o 36 % da poboación en vinte anos e por iso agora as empresas abandonan esas liñas, porque

non poden ser rendibles—, esa situación do rural, tamén é un mal punto de partida para poder ter transporte público. E o que non podemos facer é seguir aplicando, simplemente, criterios economicistas que van agravar ese círculo vicioso de abandono e envellecemento, que é no que estamos situados agora. Esa inexistencia de políticas de reequilibrio para garantir o futuro do rural lévanos a unha situación que dificulta enormemente o labor de manter as liñas de transporte público nese ámbito. E para revertir esa situación precisábase planificación, precisábase tempo, precisábase transparencia e participación de todos os axentes que teñen que estar implicados, e nada diso se está facendo.

O Plan de transporte público debería de estar incardinado nun plan de futuro para o rural, cuns obxectivos marcados e que, xunto con outras medidas de servizos e dinamización económica, puidesen revertir esa situación. E, unha vez máis, non hai nada de plan integral, unha vez máis é a improvisación e a chafallada.

Partiríamos dunha situación mellor se durante os oito anos de goberno do señor Feijóo, durante eses anos, estivesen preparando un proceso de participación real, un proceso de elaboración do plan real, con tempo, que puidese dar solución ás necesidades da xente. Porque hai que diferenciar o político do técnico. Vostedes non fixeron política e agora presentan solucións técnicas. E, entón, quérennos levar ao sensentido de ter que debater se o transporte á demanda é bo ou é malo, ou se a integración do servizo é boa ou é mala. Son solucións técnicas que se dan en todo o mundo, son cuestións que, dependendo de como se apliquen, se poden facer ben ou mal. Iso é cuestión técnica. O que é a cuestión política vostedes non a fixeron. Nós non imos caer nese erro de poñernos a discutir aquí se transporte á demanda si ou non. Dependendo de como se aplique, pode estar ben ou pode estar mal.

A improvisación, polo tanto, está demostrada. Xa se falou aquí moitas veces desa historia, da Lei de medidas urxentes no 2009, da resolución do 2010 que prorrogaba por dez anos as concesións, anulada por unha sentenza do Tribunal Supremo, da execución fraudulenta e chafalleira da sentenza, fraudulenta e chafalleira, da Lei 10/2016 de transporte, que xa tivo que ser modificada meses despois na Lei de acompañamento para darlle solución á morea de empresas que ían renunciar ás liñas, que é o que se está facendo agora.

Agora mesmo hai á exposición pública corenta e dous anteproxectos de liñas de transporte público —¡seiscientas liñas de transporte público!— de empresas que renunciaron, e que, como non se liciten, van deixar sen servizo os veciños e veciñas de moitas zonas do rural. E aínda poden quedar desertas as licitacións destes proxectos de explotación. E imos con présa, que nunca é boa conselleira para facer as cousas ben. Tívoise que facer iso porque as empresas podían renunciar, segundo o artigo 3.1 da Lei, e porque vostedes non fixeron os deberes a tempo.

Ademais, son contratos de dous anos, porque en 2019 a Lei prevé que estea licitado un plan de transporte para todo o país. ¿Que vai pasar con estes corenta e dous anteproxectos que se van adjudicar de xeito directo? ¿Van facer os investimentos necesarios para dous anos ou é que xa teñen previsto quedar para o Plan de transporte do país?

¡Unha auténtica chafallada, señores do Partido Popular! Vostedes están a repetir os mesmos erros que en 2009. Están só a negociar coas empresas e non están a facer un proceso parti-

cipativo real —vostedes sábeno, e por iso presentan unha proposición non de lei para mañá que vai nese sentido pero que non satisfai o que é un plan de participación—. Están repetindo os erros do 2009 e do 2010, e estamos perdendo unha oportunidade de ter un plan de transporte público ben feito e que solucione realmente as necesidades da xente, que poida axudar a reverter a tendencia no rural e que poida mellorar nas zonas urbanas a prestación dos servizos que tan necesarios son. Niso vostedes tampouco fixeron, desde o 2016, ningún plan de diálogo constante cos concellos, coa Fegamp, coas deputacións, ¡co que sexa!, para utilizar unha figura que se prevé na lei, que para nós é clave: as entidades supramunicipais, as agrupacións de municipios para xestionar o transporte; ben sexa con calquera fórmula xurídica, consorciada ou o que sexa. A entidade supramunicipal, sen chegar ás deputacións provinciais, é fundamental para dar un bo servizo e para ter máis opcións para dar ese servizo, incluso para ter a opción de que esas entidades supramunicipais teñan a entidade suficiente, económica e técnica, para poder facer xestión directa alá onde as empresas non vexan rendible prestar un servizo. Moitos dos concellos do rural non teñen entidade, nin técnica nin económica, hoxe en día, para facer políticas de transporte, e o seu traballo debería de ser planificar en todo o país esas entidades, que garantan que desde os concellos se pode facer política de transporte.

A nosa moción vai no sentido —e xa remato— de ampliar o campo da participación, de crear unha comisión de estudo neste Parlamento para que poidan vir a contarnos as empresas, os concellos, as ANPA e as asociacións de consumidores as súas impresións, as súas necesidades e as súas propostas. Estamos pedindo iso, estamos pedindo que en vez de dez días —¡dez días!— para estudar corenta e dous anteproxectos se poñan trinta días de exposición pública. Cando alguén quere participación non pon dez días para estudar corenta e dous anteproxectos de transporte. Iso é unha evidencia de que vostedes non queren participación.

Pedimos, en definitiva, participación e transparencia. Ademais, transparencia nun campo onde é moi necesaria vistos os antecedentes, as caixas de Vega Sicilia —etc., etc.— e os beneficios das grandes empresas —por certo, as grandes empresas que aspiran a facerse con máis parte do pastel á custa das pequenas empresas—. Isto pode significar un recorte máis ao rural, unha destrución de emprego de pequenas e medianas empresas que debemos, na medida do posible, de evitar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Estamos a falar dun asunto de gran transcendencia para a vida das persoas, desde logo. Tamén para a vertebración do territorio, sobre todo do rural galego, e tamén un asunto fundamental para a cohesión social. E, por riba, un asunto, ademais, que ten moitísima transcendencia desde o punto de vista da actividade económica e pola creación de postos de

traballo —xa se ten dito aquí que este sector xera arredor de cinco mil postos de traballo en todo o país—.

E o BNG o que quere facer, en primeiro lugar, no debate deste asunto, é denunciar a falta de información, a falta de transparencia e de participación con que se levou a cabo todo este proceso derivado da sentenza do Tribunal Supremo do ano 2016. É unha actuación con présas, con urxencia, con improvisación e que está derivando na imposición dunha serie de cambios á forza e sen a necesaria negociación, sen a necesaria información e busca de acordos. E isto a nós párecenos moi grave, o feito de que non se trouxese a debate a este Parlamento esta cuestión de tanta transcendencia e que teña que ser tratada nas comisións —na Comisión 2^a— e hoxe aquí no Pleno, por iniciativas dos grupos da oposición. O normal nun asunto coma este sería que o Goberno trouxese aquí o tema a debate, mediante unha comparecencia e mediante outras fórmulas, que o analizáramos, que o debateráramos e que chegáramos a un mínimo de acordo ao respecto. E o mesmo se fixo con outros sectores, cos concellos, coas deputacións, coas asociacións de persoas consumidoras, coas ANPA, coas empresas do sector, cos sindicatos. Non houbo a necesaria negociación e información ao respecto e isto xerou, desde logo, un estado de alarma, de preocupación e —eu diría— de rebelión das empresas do sector e os sindicatos que chegou, agora mesmo, á convocatoria dunha folga por parte dos sindicatos do ámbito do transporte. Desde logo, isto ten unha historia previa que xa non vou pararme a relatar, xa a relatou en parte o compañeiro Antón Sánchez. En todo caso, no que si quero facer fincapé é que desde que se produciu esa sentenza actuouse con présas, con precipitación, con improvisación, despois de estar seis anos sen facer nada. É dicir, que agora viñeron as présas.

E máis alá da propaganda, a realidade é que vostedes están levando a cabo un proceso que entendemos que ten dúas claves.

En primeiro lugar —a primeira—, gañar tempo nun calendario que está marcado polas eleccións municipais do ano 2019. Esta é unha das claves que explica este proceso destes dous anos de experimentos.

En segundo lugar, unha cuestión de fondo, unha axenda oculta —que é o que nos parece a nós máis importante—, que é que están vostedes levando a cabo un campo de probas de experimentación para cambiar o Mapa do transporte público por estrada en Galiza, concentrando o negocio —que hai moito negocio aquí— en grandes empresas. E xa vimos nestes meses pasados como hai grandes empresas do sector —multinacionais do sector— que están comprando empresas galegas, precisamente, por esta situación de incerteza que se está xerando con estes novos contratos. E isto vai levar á destrución dese tecido empresarial, de pequenas e medianas empresas que están precisamente radicadas ao longo de todo o territorio do país e, sobre todo, nas zonas rurais, que van desaparecer como consecuencia deste proceso de contratación, porque non teñen capacidade para competir con este formato de contratos, con esas grandes empresas. E iso vai levar tamén á destrución e á precarización das condicións laborais dos traballadores e das traballadoras. Estase preparando o terreo para a entrada de grandes monopolios no sector, e é un deseño que está establecido pola Unión Europea e que vostedes xa aplicaron. Segue o mesmo patrón, por exemplo, que os contratos das ambulancias —que xa sabemos como se desenvolveron e a onde levaron, mesmo cunha investigación xudicial ao respecto—.

Con respecto aos estudos que fixeron nos últimos tres ou catro meses e as propostas desa reordenación e deses novos contratos, parécenos, desde logo, precipitado; parécenos deficiente: o anteproxecto deses novos contratos é unha auténtica chapuza xurídica, e iso está dando lugar, por todos os erros que teñen eses anteproxectos, a unha avalancha —ou vaina haber— de alegacións, neste curto prazo que puxeron de dez meses para as alegacións, e, desde logo, xera tamén moitas dúbidas, por exemplo, a respecto da anulación unilateral dos contratos en vigor do transporte escolar que están vixentes ata o ano 2020 e que lle van quitar de maneira —xa digo— unilateral. ¿Que indemnizacións van ter que pagar por este tema? Ou ¿que compensacións van ter que pagar pola redución que no seu día lle aplicaron a eses contratos do 7 % ou pola actualización do IPC? Ademais da avalancha de alegacións, está habendo tamén moitísimas chamadas por parte dos concellos á Xunta, á Dirección Xeral e ás delegacións para pedir explicacións sobre esta realidade que lle acaban de anunciar, a través do DOG e a través da prensa, hai unha semana.

Hai, desde logo, alarma e preocupación no sector: en primeiro lugar —como dixen— nos sindicatos, pola perda de postos de traballo, pola precarización destes contratos que están establecidos á baixa e que van supoñer un cambio, unha merma moi importante para as persoas que traballan neste sector. E tamén por parte das asociacións empresariais —por todas non, porque resulta que hai unha que parece ser que non está moi preocupada, curiosamente, é unha que ten como xerente un ex-alto cargo da Xunta do Partido Popular—; pero esas asociacións —os sindicatos polo menos xa conseguiron que hoxe a conselleira os reciba e a ver que resposta lles dá—, e as outras empresas, as federacións de empresas do transporte, pedíronlle unha entrevista ao señor presidente da Xunta e aínda non lles respondeu. Esperemos que haxa unha resposta rápida.

En fin, que o BNG vai apoiar esta iniciativa. E a maiores propoñemos como engádegas que se paralice a tramitación desa chamada «primeira fase» do Plan e a suspensión, polo tanto, da tramitación deses corenta e dous contratos. Pensamos que hai tempo para analizar e estudar a cuestión con calma porque, para empezar, aínda non resolveron...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...as renuncias dos contratos actualmente en vigor e a apertura dun proceso de diálogo e a participación e información pública a nivel institucional e a nivel social.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bos días —tardes a esta hora xa— pero, en todo caso, bo día a todas e a todos.

Hai só catorce días En Marea interpelou nesta mesma Cámara á señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda sobre a elaboración do novo Mapa de transporte de Galicia —por certo, é un anteproxecto excluín-te e vai ser un mapa excluín-te e verémolo hoxe, tanto con esta iniciativa como na que terá lugar mañá pola mañá—.

Por certo, non deixa de ser curioso que a señora conselleira repita permanentemente —e con razón— que o transporte público de viaxeiros por estrada será a cuestión estrela desta lexislatura no seu departamento cando na denominación da súa consellería —Infraestruturas e Vivenda— non ten cabida a palabra «transportes». E o certo é que ás veces o subconsciente traizoa —ou non—, porque, ben mirado, a palabra «transporte» non acumulou ningún mérito nas dúas primeiras lexislaturas do señor presidente Feijóo para figurar na denominación da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para que fora, ademais, visible. Lembro que sería unha visibilidade negativa, exclusivizada nunha sentenza do Tribunal Supremo que ditou, contrario a dereito, un acto da Dirección Xeral de Mobilidade por vulnerar o Regulamento comunitario. Sentenza, no ano 2016, consecuencia dun acto ilícito do Goberno do Partido Popular en 2010, que escenifica o labor de seis anos —de 2010 a 2016— en materia de transporte. Seis anos de pasividade, de parálise e despreocupación do transporte en xeral. Despreocupación da coordinación aeroportuaria, despreocupación do transporte ferroviario de media distancia, despreocupación do transporte ferroviario de mercadorías, despreocupación do transporte de proximidade, despreocupación do transporte de mercadorías por estrada, da intermodalidade —tantas veces mentada como veces traizoada— do transporte interurbano. Ben pensado, existiron razóns de fondo —todas en negativo— para xustificar que o Goberno —por acción ou omisión— limitara a denominación da Consellería a Infraestruturas e Vivenda. É ben certo que tivo unha presenza irrelevante na acción do Goberno, pouco máis que a súa presenza na denominación da Consellería.

Dende o noso punto de vista resultou lamentable e inaceptable que unha cuestión fundamental para calquera Goberno —máis aínda para Galicia—, como é a mobilidade de persoas e mercadorías, estivera esquecida nas formas —denominación da Consellería— e, sobre todo, no fondo —a ausencia de accións gobernamentais de impulso—.

A sentenza do Tribunal Supremo en 2016 pola que se anulou as prórrogas das concesións estremeceu a Consellería, e provocou que espertara do claro letargo no que levaba instalada durante seis anos. Debemos asumir que o impacto da sentenza creou incerteza nos actores do transporte público de viaxeiros por estrada. Os usuarios conviviron coa incerteza, o sector empresarial convivió coa inseguridade da viabilidade económica das súas empresas, e a conselleira dubidou que camiño coller —primeiro presento o recurso e logo retíroo—, e toma a decisión que o Grupo Socialista considerou acertada: a Lei de medidas urxentes, pero trucada e excluín-te ao contemplar como anexo á Lei o Plan de transporte público de Galicia.

Cremos que foi un grave erro rexeitar a obrigatoriedade de aportacións e informes de organismos e institucións, como foi un erro elaborar os anteproxectos de explotación do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada sen as aportacións do sector, sen as aportacións dos usuarios e sen as aportacións das institucións máis próximas aos usuarios.

A publicación da Consellería de Infraestruturas e Vivenda no *Diario Oficial* do día 30 de maio de 2017 da Resolución do 29 de maio de 2017 da Dirección Xeral de Mobilidade pola que se somete a información pública anteproxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada, para no prazo de dez días poder formular alegacións, só constata a vontade da Consellería de imposibilitar e rexeitar todo tipo de achegas e aportacións.

Señorías, as aportacións e achegas son imprescindibles para un proxecto como o do que estamos falando. Polo tanto, co desexo de participación, o Grupo Socialista vai aprobar, vai aceptar e vai apoiar a proposta de moción feita por En Marea.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Permítame, señor Sánchez, que, despois da insinuación anterior, comece dicíndolle que a informática do 112 foi adxudicada nun proceso aberto, competitivo e público, transparente. Pode consultalo na web, se quere. Na plataforma de contratos pode, se quere, ver as actas da mesa de contratación, ver os informes técnicos e saber por que se adxudicou a unha empresa que, por certo, é unha das maiores consultoras do mundo, con ducias de miles de empregados no mundo.

Por certo, ao mellor o que preferían é que utilizáramos o sistema de contratación que utilizan as Mareas en Santiago ou na Coruña: todo contratos directos ou contratos sen publicidade e incluso en moitos casos a empresas recentemente creadas, non grandes consultoras, senón empresas recentemente creadas, algunhas da Coruña, uns días antes da adxudicación, e sen publicidade nin transparencia; ao mellor é ese o modelo que queren trasladar ao resto de Galicia. *(Aplausos.)* Pouco que ensinar en contratación na Coruña, en Santiago, pouca transparencia, moitos firmantes da Marea nas adxudicacións directas e, se quere, vaia á páxina web e mire o que é un proceso transparente e competitivo.

En calquera caso, falou de moitas cousas, moitas, e pouco da moción. Eu, para que non se me diga o mesmo que das mocións anteriores, falarei da moción. Falou vostede de moitas xeneralidades do tema de transporte. Vexo que o outro día na Comisión 2ª as explicacións que lle deu o director xeral non as interiorizou, pero o que é claro e son datos obxectivos é que na maioría das zonas rurais de Galicia estes novos plans, este novo plan, estes novos contratos van mellorar, duplicar ou triplicar o número de paradas nas liñas e servizos que van ter os galegos, especialmente no rural. Eses son datos obxectivos.

En calquera caso, señores da oposición, hai unha sentenza que hai que cumprir e hai un servizo público que garantir, porque o que se está aquí propoñendo é que deixemos en agosto

a xente sen servizo e que deixemos centos ou miles de traballadores sen traballo en agosto. Por aí non imos estar, porque o obxectivo principal da Consellería é dar ese servizo e melloralo todo o posible.

Mire, falando da moción, está claro que ata agora se fixo un proceso participativo. Ese proceso que vostedes demandan está xa feito, vaise seguir facendo e continuarase facendo con intensidade, porque a participación se fixo e se seguirá facendo na segunda parte.

Hai un panel de expertos que está traballando para que exista esa coordinación e se traballe tecnicamente, porque este é un traballo técnico. Contratáronse as principais consultoras do mercado nestes traballos, porque fixeron unha análise da realidade do transporte actual. Fixéronse reunións cos concellos, fixéronse catorce reunións específicas por grupos de concellos, e despois destas reunións remitiúselles a eses concellos —279— unha enquisa particularizada, e 169 deles responderon á enquisa, onde manifestaban as súas propostas, demandas e melloras para o servizo.

Dentro das reunións de seguimento do Plan de transporte metropolitano tamén se aproveitou en todas as reunións para falar destes temas cos concellos. Houbo, ademais, reunións coas asociacións de transportes, cos sindicatos, cos principais colectivos de ANPA de Galicia e coa Fegamp, con todos eles se reuniu. Especialmente significativo me parece o comentario do presidente da Fegamp, pouco cercano ideoloxicamente ao Partido Popular, que valorou este plan especialmente no rural e valorou a postura dialogante do Goberno galego, do Goberno popular. Tamén se consultou os usuarios do servizo, fixéronse enquisas a pé de rúa e contestáronse.

Polo tanto, creo que está sobradamente demostrado que houbo un amplo diálogo, e vaise seguir con el na segunda fase.

Miren, plantean unha comisión e que temos que ter funcionando isto en agosto. Todos sabemos o tempo que levan estas comisións, por experiencias anteriores desta Cámara. Ademais, creo que non só saben que non ten que estar o plan funcionando nestas liñas que enunciaron nun par de meses, senón que, ademais, temos que ter aprobado este plan no próximo verán. Por todo iso, creo que é necesario manter ese diálogo, como vimos dicindo. Por iso presentamos a proposición non de lei que debateremos mañá sobre como sistematizar e incorporar non só os concellos senón tamén as deputacións. Pero, sinceramente, pedir que se suspenda, como piden as emendas, este concurso, ou pedir, cando xa se está facendo, a tramitación pública de dez días que se amplíe a trinta, cando despois aínda hai que contestar as alegacións, adxudicar os contratos, etc., etc., é sinxelamente intentar boicotear ou intentar dicir que queren que en agosto o rural non teña transporte ou que queren que centos de traballadores do transporte —xa remato, presidente— en agosto queden sen traballo.

Entendo que a súa moción e a súa emenda o que queren é intentar paralizar un proceso que está tendo boa aceptación, especialmente no mundo rural, e pode ser iso o que non lles guste.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo autor da moción, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O seu modelo de contratación non é o das Mareas, só faltaría; o seu é o de Ignacio González, da Púnica, de Lezo, o da Zeta, o do pernocta de Montepío — amigo do señor presidente—, o de Villar Mir, o da Cidade da Cultura, o de Baltar, o de Louzán ou o da Pikachu, que vostede estaba alí, ¿non?, naquilo da Pikachu, creo que si. (*Aplausos.*) Entón, non necesito darlle ningunha lección, xa está na historia, vostedes xa están na historia como un partido corrupto; polo tanto, non teño que darlle leccións. Esa batalla xa a temos gañada, esa batalla xa a temos gañada. Vostedes teñen o prestixio que teñen, vostedes son un partido [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.*) Ou sexa, eu dedícome a batallas que me supoñen algún reto; iso non; comparar as Mareas co Partido Popular, non, grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Si, señores, si, señores. Iso si, vostede ten moito mérito: ser do Partido Popular e vir aquí falar das contratacións da Mareas ten un mérito, e non poñerse colorado tamén ten moito mérito; debe ser unha cuestión da pigmentación. (*Murmurios.*) Si, señor. Eu falei pouco da moción. Si que falei, o que pasa é que vostede non entendeu, esa é a diferenza; espero que non me digan que son machista.

E mire, só unha cuestión que lle quero explicar tamén: a comisión de estudo é para o Plan de transporte público de Galicia, que non ten que estar en agosto, ten que estar en 2019, señor Fernández Prado, en 2019. Polo tanto, ¡home!, lea ben ... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, o Plan de transporte público de Galicia, para 2019. Se non sabemos nin iso, nin o básico, señor Fernández Prado, ¡por favor! Son vinte e un meses dende a entrada en vigor máis despois o proceso de licitación, etc. Si, señor, un ano, un ano para facer unha comisión. Polo tanto, non poña excusas que non son certas; é dicir, pódese facer unha comisión.

Que veña aquí a xente do rural, que tan satisfeita está por este plan. ¡Home! Eu o que sei é que a xente do rural nin coñece o plan. Non sei se está satisfeita ou non, pero é que nin o coñece. O único que saíu é que podemos quedar sen transporte público. Iso é o que saben os do rural; coñecer o plan, ningún. Por moito que vostede diga que houbo un proceso de participación, non o houbo. É que vostedes non fixeron os deberes. Vostedes nisto suspenderon, porque se pode sacar 41 deputados e ser un pésimo goberno; iso pode ser así, é evidente.

E vostedes non fixeron o que tiñan que facer, non planificaron este proceso. Empezaron a traballar só despois da sentenza do Tribunal Supremo e, polo tanto, se isto é unha oportunidade, como vostedes din, agradézanllo ao Tribunal Supremo, que lles anulou as concesións por facer mal as cousas; volvémoslas facer mal.

Desgraciadamente, perdemos unha oportunidade, porque si que no que todos coincidimos é en que era un modelo obsoleto, un sistema obsoleto. Tiñamos a oportunidade de dar un salto adiante, de mellorar nas zonas urbanas e no rural, e vostedes vano desperdiciar unha vez máis, pola continua improvisación e porque se senten máis cómodos sentados nos despachos falando coas empresas que abrindo o proceso a toda a sociedade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Sobre a emenda, ¿acepta a emenda?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Aceptamos a emenda.

O señor PRESIDENTE: E outra cuestión, señor Sánchez. Pídlle que retire a expresión «son vostedes un partido [...]» dirixíndose a esta bancada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón?

Pídlle que retire a expresión, cando se dirixiu a esta bancada, «son vostedes un partido [...]». Xa sabe o que penso diso, pídlle que a retire. ¿Retíraa? ¿Non a retira? Chámoo á orde. (*Murmurios.*)

Regulamento, regulamento na man, coñezan o regulamento. Se non a retira, téño que chamar á orde; polo tanto, chámoo á orde. Si, si, ese é o regulamento. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Non, non, é así, é así, é así. Foi outra matización. Non, non. Non comparen.

Pechamos o tema. Pechouse esta cuestión e imos votar.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Votamos as mocións.

Votamos a moción do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia. Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas instrucións ditadas para a realización no curso 2016-2017 das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Eva Solla Fernández.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de atención de emerxencias 112.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Antón Sánchez García.

Xa dixó que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como engádega.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa elaboración do Plan de transporte público e do novo Mapa de transportes de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as catro e cuarto, dezaseis quince. (*Murmurios.*) ¿Non están de acordo? ¿Dezaseis trinta? A min dáme igual. Tampouco teño problema: quince minutos... (*Murmurios.*) ¿Dezaseis trinta? Dezaseis trinta. Catro e media.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e nove minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Política Social, por petición propia, para informar dos proxectos aprobados na primeira convocatoria do programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) en materia de política social

O señor PRESIDENTE: Para a presentación desta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, comparezo por petición propia para dar conta neste Parlamento da concesión de novos fondos europeos para o desenvolvemento de catro proxectos sociais que esperamos que nos permitan completar catro prioridades desta consellería que esperamos trasladar aos galegos e ás galegas.

O marco da convocatoria de obtención de fondos trátase dos programas de cooperación internacional Interreg V-A España-Portugal 2014-2020, que financiarán o 75 % desta mobilización de fondos para política social de 7,8 millóns de euros. Son catro iniciativas: o programa Nutriage, centrado na mellora dos hábitos alimenticios das persoas maiores; o proxecto Red May, que procura xerar unha rede de apoio ás persoas maiores, especialmente no contorno rural, mediante a tecnoloxía e a innovación; o proxecto Lidera, un programa dirixido a catalizar as oportunidades de emprego e emprendemento da xente nova; e a iniciativa Eurocidade Chaves-Verín.

En canto ao primeiro dos proxectos, o proxecto Nutriage, responde á necesidade de resposta a unha realidade: o aumento da proporción das persoas maiores de 65 anos respecto do conxunto da poboación, que é un fenómeno común, ademais, afortunadamente, a todos os países desenvolvidos. Este envellecemento poboacional é especialmente significativo na Unión Europea, e, dentro dela, na zona que nos afecta, na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, onde a principios do ano 2015 residían máis de 1,3 millóns de persoas maiores de 65 anos, o que representa un 20,3 % da poboación total dos dous territorios. En Galicia, o 24 % de todo o noso censo son persoas maiores de 65 anos, e na rexión norte de Portugal, un 18,4 %.

Así mesmo, como saben perfectamente, as proxeccións de poboación de Eurostat cifran a poboación maior de 65 anos na Unión Europea en máis de 125 millóns en 2030 e en preto de 150 millóns en 2050, dos cales máis de dous millóns residirán na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que será tamén unha das rexións da Unión Europea con poboación de maior idade.

En 2050 a maior parte dos galegos estará na franxa comprendida entre os 50 e os 79 anos. No conxunto do Estado, a porcentaxe de poboación maior de 65 anos, que actualmente está no 18,2 %, pasará ao 24,9 % no 2029 e ao 38,7 % no 2064.

A baixa natalidade e o incremento da esperanza de vida son as dúas causas que nos provocan esta situación. Esta é unha nova situación que estamos a vivir nos últimos anos, cunha tendencia, dende logo, que vai continuar nos próximos, polo tanto, hai un obxectivo importante como país ao que responden estes programas, que é o reto de vivir máis tempo pero tamén o reto de vivir mellor.

Ademais, a proporción de maiores de oitenta anos, que é evidente que é a porcentaxe de poboación cunha maior dependencia, está a aumentar máis rápido que calquera outro grupo de idade, e fai necesario, polo tanto, unha nova planificación no ámbito sanitario e no ámbito social, unha necesaria colaboración sociosanitaria.

A poboación maior é un grupo moi vulnerable, de alto risco nutricional. A alta casuística de enfermidades crónicas que requiren de tratamento médico e de rehabilitación, unido aos cambios fisiolóxicos, psicolóxicos e sociais que se asocian ás persoas maiores, aumentan os problemas nutricionais tanto por exceso (obesidade) como por defecto: carencias nutritivas, malos hábitos alimenticios e deficiencias específicas de micronutrientes.

A malnutrición asóciase a un maior risco de mortalidade, maiores taxas de infección, aumento no número de caídas e fracturas, estancias hospitalarias máis prolongadas, así como un agravamento de enfermidades agudas ou crónicas subxacentes. Polo tanto, a malnutrición, ademais de comprometer a calidade de vida das persoas afectadas, está asociada a un elevado custo económico e social, xa que todas estas cuestións, evidentemente, supoñen un aumento na utilización de recursos sanitarios e sociais que inciden directamente na sustentabilidade do sistema.

Hoxe en día, a dieta dos nosos maiores aproxímase máis ás recomendacións que a do resto da poboación, o cal non quere dicir que non teñamos que incidir, porque os nosos maiores tamén son máis vulnerables. Neste contexto, a finalidade deste proxecto é asegurar un envellecemento saudable a través da avaliación, estudo e deseño de estratexias nutricionais personalizadas. Estas estarán fundamentadas sobre a alimentación tradicional atlántica e o desenvolvemento de novos produtos alimenticios que optimicen o estado nutricional das persoas maiores e preveñan o seu declive funcional e cognitivo. O que falaba antes: vivir máis tempo, que é unha realidade destes tempos, pero tamén vivir mellor.

Esta iniciativa vai permitir a mellora dos hábitos dos nosos maiores e tamén dos menús das residencias e centros de día, así como do programa Xantar na casa, no que Galicia é pioneira, a través do cal se lles facilita nos seus propios domicilios, ás persoas maiores de sesenta anos con autonomía persoal limitada, un menú equilibrado e adaptado as súas necesidades.

Na actualidade o programa Xantar na casa está presente en 148 concellos galegos e ten máis de 1.000 usuarios, que desexamos incrementar coa colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos nos próximos anos. Igual que acontece con Xantar na casa, o que se procura co proxecto Nutriage é favorecer a mellora da calidade de vida das persoas maiores a través na nutrición.

Ademais, este programa vainos permitir reforzar a sostibilidade e eficiencia do sistema sociosanitario, así como incentivar o seu crecemento e a xeración de novas oportunidades de negocio para a industria agroalimentaria. Todo iso a través da creación dunha rede transfronteiriza multidisciplinar e intersectorial en materia de envellecemento saudable, nutrición, dieta e alimentación.

Esta rede estará composta por investigadores, nutricionistas, clínicos das patoloxías nas que a alimentación sexa crucial, servizos asistenciais, administracións, asociacións empresariais, empresas do sector agroalimentario asistencial, así como asociacións de maiores.

A súa función será a de facilitar a estandarización do sistema de avaliación do estado nutricional para a poboación maior, ofrecendo un contexto adecuado para o estudo das relacións

entre nutrición e estado de saúde, algo que está, ademais, de plena actualidade en todos os ámbitos da nosa poboación.

Os obxectivos operacionais son os seguintes. Primeiro, identificar as prácticas de xestión e organización da alimentación e nutrición nas residencias de maiores e centros de día.

En segundo lugar, coñecer a inxesta e hábitos alimenticios das persoas maiores; os factores que inflúen na mesma, as súas preferencias e o seu nivel de satisfacción.

En terceiro lugar, coñecer o risco e prevalencia de malnutrición nas persoas maiores.

En cuarto lugar, avaliar as posibles relacións entre alimentación e patoloxías metabólicas no maior.

En quinto lugar, avaliar as relacións entre a malnutrición e as funcións neurocognitivas.

En sexto lugar, desenvolvemento de novos alimentos e suplementos nutricionais coa industria agroalimentaria.

En sétimo lugar, deseñar estratexias de intervención nutricional adaptadas, que respondan ás deficiencias e desequilibrios nutricionais neste segmento de poboación.

En oitavo lugar, desenvolver mecanismos e protocolos de avaliacións nutricionais.

Como se trata dun proxecto ambicioso, contamos coa colaboración da Universidade e do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, o Clúster Alimentario de Galicia e o Centro Tecnolóxico de Anfaco-Cecopesca. E na Rexión Norte de Portugal, coa Universidade Católica Portuguesa de Porto, o Instituto Politécnico de Viana do Castelo, PortugalFoods e as casas de misericordia de Porto e Viana do Castelo. O investimento total deste proxecto ascende a 3,5 millóns de euros.

No plan de traballo teremos unha primeira fase, consistente no estudo da situación actual, cunha mostra de avaliación en 1.500 residentes en centros de maiores, centros de día e Xantar na casa dependentes da Comunidade Autónoma. No caso do norte de Portugal serán 140 persoas. O obxectivo, polo tanto, será facer un intenso diagnóstico.

A segunda fase centrarase no deseño de estratexias de intervención a partir dos resultados da primeira acción, cun dobre obxectivo. En primeiro lugar, o deseño e desenvolvemento de produtos alimenticios destinados á poboación de idade avanzada. En segundo lugar, o deseño da estratexia de intervención nutricional nas residencias de persoas maiores, centros de día e usuarios de Xantar na casa. O número de persoas maiores residentes en centros que participarán nesta segunda fase serán de 300 persoas en Galicia e de 140 persoas no norte de Portugal.

E nunha terceira fase do proxecto procederase á implantación de estratexias de intervención. Coñecer como se incrementa o benestar da saúde dos maiores que participaron nas mostras

elixidas e desenvolver os procedementos e metodoloxías creados para este efecto para a súa implantación nos hábitos de saúde dos nosos maiores.

En definitiva, o que se procura a través deste programa é asegurarlles aos nosos maiores unha vida máis saudable e activa, tendo en conta un factor que é determinante neste obxectivo. Estamos a falar do factor da alimentación, do factor dunha dieta sa e equilibrada. Comer ben e comer mellor, o que redundará no estado de saúde e permitirá non só incrementar a esperanza de vida, senón —como dicía ao principio da miña intervención— vivir máis tempo e vivir mellor.

O segundo dos proxectos que compartimos coa rexión norte de Portugal, para o que acabamos de obter os fondos, tamén está centrado na poboación maior, neste caso maiores de 55 anos que residen no rural. A iniciativa denomínase proxecto Red May, rede de apoio e mantemento comunitario de persoas maiores no contorno rural mediante a tecnoloxía e a innovación. O obxectivo é fomentar iniciativas de investigación, innovación e mellora dos servizos sociais na Área de Cooperación Galicia–Norte de Portugal, que comparten unha característica específica: unha importante dispersión dos nosos maiores arredor de moitísimas parroquias, de moitísimos lugares de poboación, para o cal é fundamental obter vantaxes a través das novas tecnoloxías, a través dos servizos de proximidade.

A Xunta de Galicia será a socia principal, e tamén participarán como socios moi importantes a Universidade de Vigo e a Cámara Municipal de Braga, administrando un orzamento total de 1,1 millóns de euros.

As intervencións principais que se contemplan neste proxecto son as seguintes. A posta en marcha, a modo de pilotaxe, dunha unidade móbil de servizos sociais, composta por un equipo profesional que se desprazará e instalará en 20 localidades galegas, 20 localidades rurais, cunha estancia de cinco días en cada unha destas localidades.

Trátase de achegar ás persoas maiores que viven en concellos rurais servizos sociais de proximidade. Todos coñecen perfectamente a base do plan concertado dos anos oitenta de servizos sociais, que estaba baseado na descentralización das unidades básicas de traballo social: achegar os servizos sociais aos diferentes barrios, achegar os servizos sociais ás parroquias. Estamos dando, polo tanto, un paso máis a través da implementación deste programa, que vén coincidir tamén co incremento importantísimo —por primeira vez en moitos anos— que fixo a Comunidade Autónoma de Galicia do noso plan concertado, coa subvención para os concellos da contratación de máis de 60 novos profesionais, que vai permitir que a primeira porta de entrada dos servizos sociais se vexa claramente mellorada.

En segundo lugar, outro tema no que estamos traballando e que este programa nos permitirá implementar será a entrada en funcionamento de servizos móbiles de alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, integrados por profesionais especializados de atención de persoas afectadas por estas doenzas, que prestarán servizos de estimulación terapéutica. Realízase en 10 localidades, con estadias de cinco días en cada localidade, cunha duración proposta de tres meses.

Estes servizos móbiles permitirannos dar continuidade a outra medida que estamos a desenvolver, como é o despregamento progresivo de novos servizos terapéuticos para a atención temperá aos afectados de alzhéimer. Estamos poñendo en marcha 60 novos servizos nos concellos de Santiago de Compostela, A Estrada, Marín, Tui, Ourense e As Nogais, que complementan os que xa levan máis tempo funcionando nos concellos de Ferrol, de A Coruña, de Lugo, de Vigo e de Pontevedra.

A finalidade destas medidas é ampliar a rede de cobertura, facendo especial fincapé na atención ás persoas que presentan os primeiros síntomas de alzhéimer, e así poder actuar canto antes e, na medida do posible, previr e atrasar o avance desta enfermidade. Está totalmente demostrado que un diagnóstico rápido e unha actuación terapéutica temperá, como en moitas discapacidades, favorece moito a calidade de vida das persoas que a padecen.

En terceiro lugar, este proxecto permitirá a creación de contornas máis amigables, coa finalidade de garantir a permanencia nos fogares das nosas persoas maiores en niveis óptimos de autonomía.

Neste contexto dos coidados no contorno familiar, cómpre sinalar que é unha liña tamén importantísima da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, potenciando o servizo de axuda no fogar nos concellos.

Miren, esta é unha comunidade que —como dicía antes— ten unha dispersión poboacional importante. O servizo de axuda no fogar permítenos chegar, a través dos concellos, a cada unha das parroquias de Galicia, a cada un dos núcleos de poboación que ten Galicia. Somos a comunidade autónoma de toda España que ten unha maior cobertura de atención no servizo de axuda no fogar. Como saben, no ano anterior aumentamos en 1 millón de horas, e neste momento xa digo que, a través da subvención da Xunta de Galicia para os concellos, prestamos 6 millóns de horas de atención en toda Galicia. Para isto realizárase un traballo de análise e colaboración cos nosos socios e coa Cámara Municipal de Braga, para establecer as liñas do noso campo de traballo.

En cuarto lugar, outra das accións deste proxecto europeo centrarase en promover o empoderamento das persoas maiores mediante a posta en funcionamento de servizos móbiles destinados a esta finalidade, que lles ofrecerán información e ferramentas para que se sintan seguros nos seus fogares.

Igual que os nosos maiores viven máis anos, está tamén a situación de que moitos dos nosos maiores viven sós nos seus fogares. Crearemos, polo tanto, equipos de profesionais en diferentes ámbitos, no ámbito do traballo social, da asistencia xurídica, sanitaria..., de xeito que lles faciliten asesoramento, información e resolución de dúbidas tamén en cuestións básicas do seu día a día, como poden ser facturas de servizos como a auga, a luz, receitas médicas, servizos bancarios para os que ás veces teñen unha especial necesidade de atención, o que encaixa tamén cunha liña de actuación que estamos iniciando na Consellería, que é a potenciación do voluntariado social, especialmente do voluntariado interxeracional.

En quinto lugar, isto tamén nos permitirá facer avances no fogar dixital, unha actividade destinada a facilitar a vida autónoma das persoas maiores no seu contorno. Contará cunha

actividade de dispositivo de monitoreo por medio dunha mostra de 50 persoas maiores, e seleccionaranse aquelas aplicacións e servizos tecnolóxicos que mellor encaixen.

Tamén se habilitará un centro de atención remoto, neste caso no ámbito da seguridade pasiva: alarmas de fume, escapes de gas, detección de inactividade nas casas dos nosos maiores. Polo tanto, en liña tamén cun traballo que temos que desenvolver ao longo desta lexislatura, que é a maior implementación da teleasistencia, tanto da teleasistencia básica como da teleasistencia avanzada.

Incide nisto que acabo de dicir, que temos moitos núcleos de poboación e temos que ser capaces de que a tecnoloxía nos permita mellorar a atención que todos prestamos.

Señorías, este proxecto de apoio aos maiores no ámbito rural, unido ao programa Nutriage, do que lles falei con anterioridade, para mellorar os hábitos alimenticios, permitirán, seguro, aumentar a calidade de vida dos nosos maiores, un colectivo prioritario para todos.

Coa concesión destes fondos europeos, e da man das universidades e da Rexión Norte de Portugal, poderemos seguir avanzando nun obxectivo estratéxico de país: que Galicia sexa o mellor lugar para ser maior.

Outras dúas iniciativas, neste caso en materia de xuventude. No proxecto Lidera, o eixe de actuación do programa é o crecemento integrador a través dunha cooperación entre territorios en prol dunha maior competencia empresarial.

O que procura este proxecto é mellorar as condicións necesarias e propicias para a aparición de novas iniciativas empresariais. Para conseguilo, poñerase o foco nas pequenas e medianas empresas, así como na promoción do espírito empresarial, en particular favorecendo o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas actividades e negocios, tamén mediante viveiros de empresas.

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, pilotará este programa xunto coa Fundación Galicia-Europa, a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela, a Asociación Comercial de Emprendedores de Galicia —Ascega—, o Instituto Portugués de Deporte e Xuventude, a Federación Nacional de Asociacións Xuvenís Portuguesa e a Comunidade Intermunicipal do Ave.

O presuposto deste programa ascende a 1,4 millóns de euros. O obxectivo é promover o desenvolvemento económico transfronteirizo a través da posta en valor das capacidades laborais, que as teñen, e a potenciación do emprendemento da nosa xuventude.

Contamos con este programa facilitar a adaptación e a colocación de 500 mozos e mozas que non estean neste momento no mercado de traballo, e novos parados a través de actividades conducentes á mellora da súa procura activa de emprego, ao seu empoderamento, á mellora da súa empregabilidade e á posta en valor das súas inquietudes persoais.

Procuraremos para a mocidade máis oportunidades de emprego e de formación, a través do desenvolvemento de actividades personalizadas dentro da rede de apoio á empregabilidade da poboación xuvenil, que permitan a inserción laboral por conta allea de 200 mozos no territorio.

E pretendemos crear equipos de mozos e mozas cunha alta implicación na procura da actividade de emprego a través da posta en marcha dunha idea de negocio que dea como resultado a realización de cen novas iniciativas empresariais no territorio.

O principal resultado que se procurará é a posta en marcha de novas iniciativas empresariais, a consolidación daquelas recentemente iniciadas e a inserción laboral de xente nova, a través de tres fases.

A primeira, a actividade crece. Creación dunha rede transnacional de apoio á empregabilidade da poboación xuvenil e impulso do espírito empresarial a través da dinamización dos nosos espazos xoves. Concretamente os espazos xoves situados en Curtis, Noia, Pontedeume, Betanzos, Carballo, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Vilagarcía e Ourense, así como as oficinas transfronteirizas situadas en Verín e Tui.

En segundo lugar, a actividade cataliza. Esta actividade pretende mellorar, potenciar e impulsar a viabilidade dos proxectos e ideas da xuventude mediante as seguintes accións, que terán lugar nos espazos xoves antes sinalados e constituídos como unha rede de espazos emprendedores.

En terceiro e último lugar, a actividade emprende. Vai dirixida a aquelas iniciativas, ideas e empresas que desexen iniciar unha nova liña de negocio que conte cun grao de madurez suficiente.

En conclusión, con este programa o que estamos a facer é apostar pola nosa mocidade, polo seu talento, capacidades e espírito emprendedor dentro das competencias da Consellería Política Social, fundamentalmente as de educación non formal.

E o cuarto e último proxecto que terá financiamento neste novo Interreg V Galicia-Norte de Portugal é o da Eurocidade Chaves-Verín, cun orzamento de 1,7 millóns de euros, con dous obxectivos.

O primeiro, fomentar o diálogo entre os diferentes axentes do territorio e consolidar a cooperación transfronteiriza entre eles, a cooperación transfronteiriza das administracións, do sector privado, das universidades e da poboación local; e, en segundo lugar, seguir reforzando a capacidade institucional das autoridades públicas e das partes interesadas, así como a eficiencia da Administración pública.

Polo tanto, do que se trata é de darlle continuidade a este proxecto, consolidando as actuacións que se teñen desenvolvido ata este momento na Eurocidade Chaves-Verín, que foi distinguida en numerosas ocasións.

Señorías, con estes catro proxectos cofinanciados pola Unión Europea temos a oportunidade de avanzar en dous dos principais retos de país que ten Galicia por diante. Seguir mellorando

a calidade de vida dos nosos maiores, en especial daqueles con dependencia e que residen en contornos rurais, e ofrecer á mocidade novas oportunidades de desenvolvemento persoal para así poder obter máis facilmente un emprego.

Son dous obxectivos que ademais se poden enmarcar nunha das liñas estratéxicas que sen dúbida marcará esta lexislatura: o desafío demográfico. A poboación maior en Galicia é moi numerosa, e o que procuramos é que teña un estado libre de dependencia, o que se conseguirá tamén a través de mellores hábitos e dunha atención máis cercana e de maior calidade. E tamén no ámbito demográfico precisamos revitalizar a nosa xente nova, ofrecendo máis oportunidades de formación non formal, fomentando o espírito empresarial e o autoemprego como outra alternativa posible.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde a todos e a todas. Moi boa tarde, señor conselleiro.

Eu teño que recoñecerlle que sigo pecando de inxenua. Resulta que vostede non vén aquí comparecer pola situación da Risga, porque a practicamente días da aprobación dos orzamentos tiveran que ampliar a partida porque xa se quedou curta, o que significa falta de planificación, o que significa que vostedes non teñen unha radiografía real do país, porque, se a tiveran, é imposible que unha partida de case 60 millóns de euros xa se quedara curta a uns días de aprobar o orzamento. Que tiveran que facer xa dúas modificacións nesa partida porque se queda curta, iso significa... Eu agardo que despois vostede non veña aquí quitar peito de que se gasta máis en Risga, iso significa a dramática situación na que está Galiza, cando tantas persoas necesitan e se acollen a unha axuda que é para subsistir, exclusivamente para subsistir.

Vostede non vén aquí comparecer por esa situación, non vén aquí comparecer polas infames listas de espera para a avaliación para persoas en situación de dependencia, vén aquí explicarnos uns proxectos do Interreg, de fondos europeos.

Eu a primeira cuestión que quero hoxe trasladarlle, señor Rey, é que resulta que esa Unión Europea e o Goberno español e o Goberno galego, seguindo as directrices tanto da Unión Europea como do Estado español para facer cadrar teoricamente as contas, fixeron do déficit o *sancta sanctorum*, e resulta que nesa aplicación das políticas da Unión Europea fixeron axustes por acercarnos ao 10 % do PIB —estou falando a nivel do Estado—, uns 100.000 millóns de euros. O catálogo de recortes foi moi amplo e indiscriminado en pensións, en desemprego, en salarios, en saúde, en educación, en cultura, en dependencia... E, ademais, rebaixas nas partidas de gasto público, en dotación de recursos humanos, redución de investimentos e mantemento. O 10 % da caída no gasto social foi unha auténtica demolición

para o Estado de benestar. O primeiro foi esa redución do peso do público e logo trasladáronlles aos cidadáns parte do pago deses servizos. E temos un escenario onde esas políticas neoliberais, tan enerxicamente efectivizadas polos gobernos, fixeron primeiro unha transferencia continuada dos servizos públicos á iniciativa privada. Vostedes, desde que volveron ao Goberno, paralizaron practicamente infraestruturas, e en vez de crear unha rede do benestar en Galiza, unha rede de centros de día, unha rede de residencias, unha rede de escolas infantís..., o que fixeron foi practicamente paralizar esa situación e transferir a través de bonos, de cheques; é dicir, en vez de dar servizos públicos, fixeron unha transferencia cara á empresa privada e logo isto foi seguido dunha contracción dos orzamentos.

Entón, temos toda esta situación decidida na Unión Europea por realmente quen toma as decisións, que é o poder económico, e resulta que, tras esa redución infame de orzamentos públicos, de paralización, de introducirlles copagos, por exemplo, aos nosos maiores, pois agora vostede vén presentar aquí unha serie de proxectos, mendigarlle á Unión Europea unha serie de proxectos, as frangullas que nos deixa a Unión Europea; impídenos, por un lado, e logo permítenos unha serie de cuestións.

Vostede hoxe aquí presenta catro proxectos, e vexo que seguen ese discurso publicitario, estamos nun banzo máis. A primeira parte era que Galiza sexa o mellor lugar para nacer e para vivir, e hoxe vén coa segunda parte, que é que Galiza sexa o mellor lugar para ser maior. É dicir, imos avanzando nesa política de propaganda.

Mire, Galiza é unha das comunidades máis envellecidas do Estado. Vou cos dous primeiros proxectos: Nutriage e a rede de apoio ás persoas maiores con tecnoloxía. Vanme permitir que conte aquí un mal chiste que me estivo vindo á cabeza mentres vostede estivo facendo a súa exposición. Circulaba hai uns anos un chiste dunha visita que fixera o papa a África. Como o papa vía que os nenos tiñan o ventre avultado, preguntoulles aos que estaban alí: ¿pero estes nenos por que teñen así, o ventre avultado? E dixéronlle: É que non comen, santo padre. E moi diligentemente o papa púxolle a man na cabeza a un e díxolle: *¡Hay que comer más! ¡Hay que comer más!*

E vostede vén hoxe aquí facer unha cousa parecida; é un mal chiste, pero vén facer unha cousa parecida. Resulta que temos unha poboación envellecida, unha poboación con baixas pensións, e unha situación —a que lle describín antes— de falta de centros de día, de falta de residencias de maiores; unha situación onde as pensións dos nosos maiores, a pesar de ser das máis baixas do Estado, son unha parte fundamental para atender as necesidades de moitas familias. Resulta que Galiza é unha das comunidades máis envellecidas do Estado, temos 665.897 persoas maiores de 65 anos, 237.000 maiores de 80 anos; é dicir, case o 25 % da poboación. E é onde temos menos solicitudes en relación coa poboación, o cal resulta extraño, dada esa situación de maior avellentamento.

Temos menos persoas beneficiarias en relación coa poboación, e menos persoas por debaixo da media do Estado. Resulta que temos case 18.000 persoas co dereito recoñecido á prestación por dependencia e que non se lles está facendo efectiva. É dicir, estamos falando de case 20.000 persoas nese limbo da dependencia. Temos que entre o 2012 e o 2016 os recortes dos orzamentos do Estado destinados a Galiza por cuestións de dependencia baixaron en 151

millóns de euros. Temos que en Galiza hai 304 euros menos destinados á dependencia entre o 2012 e o 2016, que se foi recortando progresivamente, mentres a vida non foi diminuindo senón que foi aumentando. Temos que Galiza é unha das comunidades, sendo das máis envellecidas, onde hai un gasto inferior por habitante. Esa é a situación.

E diante desa situación, vostede vén dicirnos que hai que facer un plan para a mellora nutricional, que me parece moi ben, pero é como falar dos caramelos cando non hai de comer. Señor conselleiro, primeiro hai que falar das cousas de comer e despois dos caramelos. Entón, eu vexo que vostedes, todo o Goberno, seguen por esta senda, igual que podíamos falar da Consellería de Sanidade, cando reducen persoal, reducen recursos, reducen orzamento, desmantelan a atención primaria e logo veñen con plans de apoio tecnolóxico e innovación no rural de Galiza. ¡Fantástico!

E a primeira pregunta que lle quero facer, señor conselleiro, é: cando acabe este programa, alá no 2020, ¿que vai quedar deste impulso á innovación e á tecnoloxía no rural? ¿Que parte vai quedar?, ¿que infraestruturas?, ¿cantos profesionais?, ¿canta rede pública vai quedar despois desta inxección de recursos públicos para estes programas fantásticos que nos acaba de explicar agora? A min gustaríame que me dixera, ao cabo do programa, que vai quedar en firme, máis alá desta inxección de cartos fundamentalmente para empresas privadas.

E logo resulta que temos unha situación da mocidade galega dramática. Non lle vou repetir os datos da emigración, os datos do emprego, do desemprego, do emprego precario, que a nosa mocidade... Estamos nunha situación onde se despiden ou se xubilan os pais e os avós e no sitio contrátanse os fillos ou os netos nunhas situacións tremendamente moito máis precarias, con peores salarios e sen ningún tipo de garantías. Temos esa situación e vostedes seguen co mantra do emprendemento como solución e con que collan un despachito, que collan unha serie de ordenadores e que se autoxestionen, que monten as súas propias empresas. Pretenden instalar o discurso de que estamos dentro dun problema individual; que a xente, tendo moitas ganas e sendo moi capaz, ten a solución ao alcance da man. Saben que están enganando a xente.

Gustaríame que algún día trouxeran aquí os resultados finais de toda esa xente que se mete a labores de emprendemento e logo queda tirada —pedímolos varias veces e nunca os trouxeron—, queda sen os recursos e, por encima, debendo eses proxectos de emprendemento que empezaron. Resulta que o problema da situación da mocidade en Galiza é o desmantelamento dos nosos sectores produtivos, o desmantelamento do sistema financeiro; que o aforro de Galiza, en vez de investirse en Galiza e para impulsar a economía de Galiza, pois resulta que emigra froito dese desmantelamento financeiro, e resulta que a solución está no emprendemento. Estamos diante do desmantelamento dos servizos públicos, do roubo masivo de dereitos á poboación, da rebaixa dos salarios, das pensións, e resulta que a solución volve pasar polo plan Lidera, que é dicirlle á nosa mocidade que se autoxestione, cando por parte da Administración, por parte do Goberno da Xunta, por parte do Goberno do Partido Popular non se están tomando as rendas do país. Non temos un goberno merecente de tal nome que se poña á fronte do país e poña o país a producir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e a xerar emprego e riqueza para a nosa mocidade. En vez diso, en vez de ter un goberno que lidere e realmente pida un financiamento xusto e se plante diante de determinadas medidas, veñen vostedes outra vez aquí co mantra do emprendemento, dicíndolle á nosa mocidade que o que ten que facer é autoxestionarse.

Señor conselleiro, eu non sei se na súa segunda intervención vai ter algo máis que contarnos, pero o que nos dixo ata o de agora é un bo xeito de ternos entretidos, de vender que conseguen subvencións europeas, cando a Unión Europea, o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza son os responsables da situación, son os responsables de ter eliminado miles de millóns de euros destinados ao desenvolvemento do noso país e destinados...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...á dependencia e á atención dos nosos maiores. E iso, dende logo, non se soluciona con catro programiñas dun programa Interreg.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señores e señoras deputadas.

Quero, en primeiro termo, antes de comezar a miña intervención —e permítamo, señor conselleiro—, facer unha mención especial a todos os deputados, os homes desta Cámara que debaten coas mulleres en igualdade de condicións; (*Aplausos.*) é dicir, que non utilizan —é unha mágoa que non estea aquí a señora Prado— a doutrina do señor Arias Cañete, como fixera coa miña compañeira Elena Valenciano, de ter medo a que o chamen machista. Non, as persoas, as mulleres que estamos nesta Cámara, somos deputadas electas; mulleres pero deputadas, non somos damas nunha corte feudal. (*Murmurios.*)

Ben, feita esa aclaración, permítame, señor conselleiro, que lle recorde que a Consellería que vostede dirixe ten —a ver se me equivoco—: catro direccións xerais, unha secretaría xeral técnica, catro xefaturas territoriais, catro consellos técnicos asesores, cinco comisións técnicas, unha fundación, e, como organismo adscrito, o Consorcio de Servizos. A pesar de que a área social, a área a nivel global —non soamente a súa consellería—, sufriu dende o ano 2009 un retallo de 500 millóns de euros a respecto do 2009, está a xestionar o terceiro orzamento máis alto de todo o Goberno galego. En concreto, de vostede depende a política en materia de familia, infancia, demografía, inclusión social, persoas maiores e con discapacidade, de xuventude, de participación e de voluntariado. Tendo en conta isto, eu non sei nin como cualificalo, o meu grupo non sabe como cualificar que a primeira comparecencia que ten vostede nesta Cámara, despois de expoñer as liñas xerais do seu departamento, sexa para falar dunha serie de proxectos, de microproxectos, que supoñen exactamente o 0,2 %

do orzamento global da súa consellería. (*Aplausos.*) Porque, señor conselleiro, non son catro millóns e pico de euros; o que vai xestionar directamente a Xunta de Galicia deses proxectos —e vén na páxina web do POCTEP, que o poden consultar todas as deputadas e deputados, e os que nos estean vendo agora mesmo— son 1,7 millóns de euros. A iso é ao que vai estar a responsabilidade da xestión da Xunta de Galicia.

É, polo tanto, que consideramos esta comparecencia inútil, innecesaria e completamente falta de ambición. Hoxe o máis interesante que dixo vostede aquí foi dar as boas tardes aos deputados e deputadas desta Cámara. O resto da comparecencia pódese resumir nun bla, bla, bla, bla. (*Murmurios.*) Tería a súa graza se o esperpento non fora maiúsculo porque hai temas importantísimos nesta comunidade autónoma que están esperando que haxa un conselleiro de Política Social que dea resposta, que dea a cara e que lle poña solución.

Vostede vén aquí falar de demografía e, causalidades ou non, acaba de resolverse a convocatoria de prazas en escolas infantís públicas. Hai máis dun 30 % de familias das que solicitaron unha praza que quedaron fóra. Hai, señorías, 3.000 familias que non saben onde van deixar os seus nenos e nenas cando, no mellor dos casos, vaian traballar; ou, no peor deles, teñan que ir buscar emprego. Iso é un problema demográfico, esa é unha das causas —as súas políticas— de que este país —e citándoo a vostede— non sexa un país para ter fillos, e que non sexa o que está acontecendo.

¿Falta de previsión? Non, estaba todo previsto. O certo é que nos seus orzamentos hai 7 millóns de euros para, de maneira directa ou indirecta, desviar cartos a escolas infantís privadas. Vostede chámalle Bono Concilia; nós, dende o Grupo Socialista, preferimos chamalle «Bono privatiza», posto que eses cartos —os cartos que vostede vai destinar para subsanar unha eiva que vostede mesmo creou— son para pagar escolas privadas. Iso por non falar das axudas a esas escolas que se ían facer en polígonos industriais, de fondos europeos, dos que podería ter vido tamén falar, máis dun 80 % sen executar; fixeron unha verdadeira chapuzada. É dicir, señor conselleiro, ¿algo ten que dicir vostede a respecto disto? ¿Non lle parece un motivo suficiente como para vir comparecer nesta Cámara estar xerando ou afondando nunha situación que xera máis desigualdade de clase e máis desigualdade de xénero? ¿Non lle parece un motivo o suficientemente importante?

E a respecto da Risga —que xa se dixo aquí e que o dixemos ao principio da lexislatura—, non son suficientes os cartos, o orzamento que está adicando a Xunta de Galicia. E fixeron oídos xordos. Seguimos tendo un número de persoas que é seis puntos inferior á media estatal que percibe a Risga. E vostede erre que erre, e tivo xa que renovar dúas veces e ampliar ese crédito dispoñible para a Risga. ¿E por que? Porque vostede, para os temas de pobreza e exclusión social, é como os malos estudantes ante un exame, deixa todo para o último día; esa é a maneira de actuar do Partido Popular. ¿Non cre que con esta situación estaría ben que viñera dar contas, explicar aquí e falar que acontece co orzamento adicado á Risga?

E despois vén aquí vostede falar de maiores, de que os maiores necesitan aprender a comer, de que os maiores necesitan aprender a ler unha factura. E, por suposto que si, señor conselleiro, pero antes que iso, non é que os maiores non coman porque non saiban, é porque

non teñen que comer, e non é que os maiores non paguen as facturas porque non as saiban interpretar, é porque non teñen con que pagalas.

E iso, señor conselleiro, é a consecuencia das políticas que vostedes practican, iso é a consecuencia de que teñamos as pensións medias máis baixas de toda España, iso é a consecuencia de que o seu departamento, o departamento que vostede está pilotando agora mesmo, estea gastando de promedio por dependente 400 euros menos que no ano 2009, nunha comunidade autónoma, como ben recordou vostede, cun problema de envellecemento gravísimo, con dúas provincias como Ourense e Lugo que están case á cabeza de Europa en envellecemento, e a vostedes non lles importa. Os maiores non son unha prioridade, e hoxe volveu amosalo nesta Cámara.

E se falamos de maiores, podemos falar tamén de discapacidade e de barreiras arquitectónicas que sofren tamén en gran medida, e podemos falar dunha lei que puxeron en vigor vostedes, que votaron vostedes sós nesta Cámara porque non tiña ningún tipo de orzamento e que daquela contou coa abstención de toda a oposición porque era unha lei que nacía para o fracaso; unha lei que prometía que antes do 4 de decembro deste ano se ían eliminar as barreiras arquitectónicas. Non hai nin desenvolvemento desa lei a día de hoxe nin se está a cumprir. Dígame, señor conselleiro, por que considera a valedora do pobo que a maioría das denuncias que ela recibe son por conculcación —e leo textualmente—: «dos dereitos das persoas con discapacidade e pola falta de accesibilidade». ¿Non son os discapacitados, as persoas con discapacidade, un motivo suficientemente importante, e as barreiras arquitectónicas coas que se encontran no seu día a día, como para vir aquí a esta Cámara a dar explicacións do porqué desta situación e de por que se está a retrasar a entrada en vigor desta lei?

E se falamos de xuventude, vostedes nunca dan os datos porque tremen cada vez que os ven, e nós tamén, pero facémolo con responsabilidade. Por cada titulado que volve atraído por un posto de traballo están marchando dous, señor conselleiro, e non se van porque lles apeteza —dicímosllelo sempre—, non marchan á aventura, non marchan porque teñan ganas de emprender; marchan cansos, aburridos de ter postos de traballo que non lles dan para emanciparse, señor conselleiro. Hai en Galicia un terzo dos mozos e mozas de entre 30 e 34 anos que seguen vivindo no fogar familiar, consecuencia, señor conselleiro, das súas políticas.

¿E que están facendo vostedes? Pois vostede vén aquí falar de proxectos para a mocidade cando reduciu o orzamento un 28 % a respecto do ano 2009 nesta materia. E pode falar de promocionar os espazos xoves todo o que queira; eu pódolle falar do de Ourense e de como vostede enviou ou como o seu goberno enviou alí a curmá do señor Feijóo para establecer un férreo control, para negar a liberdade ás asociacións que están alí, (*Aplausos.*) e de como está aquel reduto de liberdade, si, señor conselleiro, aquel reduto de liberdade que era a Casa da Xuventude, que vostedes chaman agora Espazo Xove, que está en perigo de extinción pola súa culpa, nin máis nin menos.

E o peor é que encima vén presumir de algo do que non pode presumir, porque se mira e revisa esta convocatoria resulta que a Junta de Extremadura leva 3 millóns de euros máis do POCTEP que a Xunta de Galicia no seu conxunto; unha fronteira, a de Extremadura, que non

ten nin un terzo das capacidades económicas e sociais que ten a fronteira con Galicia. Non pode vir, polo tanto, nin a botarse flores, nin a presumir, nin a colgarse ningunha medalla por estes proxectos, porque, repito, representan un 0,2 %, ascenden o crédito que vai ter para xestionar a Xunta de Galicia 1,7 millóns de euros.

Hoxe a vostede quédanlle dúas intervencións, aprovéiteas para dar resposta ás preocupacións dos galegos e das galegas, non para falar do ordinario, do que nin é importante nin é unha novidade. En resumo, mude o motivo polo que veu hoxe aquí, que non é, señor conselleiro, nin máis nin menos que tentar tomarnos o pelo á oposición, que tender cortinas de fume sobre a súa nefasta xestión. O único que está a reclamar hoxe o Partido Socialista e que vén reclamando dende que comezou a lexislatura é unha Consellería de Política Social con altura de miras.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Boa tarde.

Señor conselleiro, eu a verdade é que si que lle agradezo esta comparecencia, agradézolle que trouxera aquí estes proxectos piloto, que non son máis que migallas a respecto do orzamento global da Xunta, migallas da Unión Europea, como xa se ten sinalado, e agradézollo sinceramente, en serio, porque foi moi ilustrativa a súa exposición, moi ilustrativa respecto da liña política e ideolóxica do Partido Popular.

Eu anotei aquí. Falou moitas veces de negocio e moi poucas de benestar; niso se pode resumir gran parte da súa intervención. Eu, igual que as miñas compañeiras que me precederon, cando vimos na convocatoria unha comparecencia de vostede, pois o primeiro que nos veu á cabeza foi dicir: vén comparecer polos tremendos datos de ter que modificar a partida da Risga a pouco de ter aprobado o orzamento, por eses tremendos datos que o que nos fan é pensar que a Xunta non só ten unha mala planificación senón que menospreza —como xa lle temos dito moitas veces— os gravísimos datos a nivel social que ten o noso país; igual que pensabamos que podería ter comparecido por esas listas de agarda nas escolas infantís ou, como xa se lle ten sinalado, polas listas de agarda na valoración de dependencia ou polos conflitos laborais da súa consellería. Pero, en fin, trae aquí estes proxectos. Preguntámonos se o que motiva a súa comparecencia é que o 29 de xuño terá lugar en Madrid este seminario de proxectos aprobados no marco desta primeira convocatoria da POCTEP; non atopamos ningunha outra razón.

Pero, en fin, xa que os trouxo aquí, pasaremos a analizalos como os expuxo, xa que tampouco viña documentación adxunta a esta comparecencia. E este programa, o Interreg V-A, finánciase a cargo dos fondos Feder, cuxo obxectivo teórico é fortalecer —vou ler— «a cohesión socioeconómica dentro da Unión Europea, corrixindo os desequilibrios entre as súas rexións». O que pasa é que con este tipo de proxectos, con migallas, non se cambia o des-

equilibrio socioeconómico da eurorrexión de Portugal a respecto da Unión Europea, con proxectos illados, con proxectos, ademais, de tan pouco calado; con proxectos piloto, ao fin, que foi o que veu presentar, é imposible contribuír a corrixir os desequilibrios rexionais. Podemos ver os datos da evolución do produto interior bruto per cápita da eurorrexión, e vemos, ademais, como, xa estando por debaixo da media europea en 2006, por exemplo, a nivel, sobre 100, Galiza está no 87 e o norte de Portugal, 65; no 2015, Galiza, 79 e Portugal, 65. É dicir, estáncase; é máis, no noso país vese que a crise supuxo unha gran caída do produto interior bruto per cápita e supuxo sobre todo unha falta de converxencia coa Unión Europea.

Entón, polo tanto, en lugar de vir dicir que as causas do avellentamento —creo que dixo— eran a baixa natalidade e a alta taxa de avellentamento —é obvio—, hai que dicir que as causas do avellentamento quizais teñen algo que ver con esta falta de converxencia e coa falta de proxecto de país, que provocan esta situación.

Polo tanto, na análise dos proxectos que nos traen, tamén vemos que hai esa falta de análise das causas reais de estancamento do noso país. Son proxectos que van na liña desta neolingua do envellecemento saudable pero que non inciden... Parécennos ben estes programas en canto á nutrición da xente maior, pero obvian o principal problema, que xa se lles sinalou, que é que cobren pensións dignas —somos as segundas máis baixas do Estado— e que velen polas mulleres maiores; sobre todo hai que ter en conta que oito de cada dez pensionistas por viuidade están baixo o limiar da pobreza. Esa situación de pobreza na xente maior que xa se lle sinalou debería ter motivado polo menos unha liña na presentación destes proxectos, como o Nutriage, este proxecto para garantir que a xente maior teña unha mellor alimentación, adecuada ás recomendacións nutricionais. Está ben, pero o que hai que garantir dende o sector público é que nestes centros de atención á xente maior haxa unha xestión pública da alimentación destes centros asistenciais. Houbo aí un nicho de negocio tremendo, e cremos que estes programas, polo que ten explicado, van no mesmo sentido. Cómpre, por unha parte, garantir a xestión pública da alimentación dos centros asistenciais e, por outra, no que toca á xente maior que vive soa, pois programas municipais potentes para fomentar a nutrición.

E, por certo, a respecto deste problema das persoas anciás, que viven soas, que morren soas moitas veces, desgraciadamente, no noso país, é certamente un problema duns 170.900 fogares habitados por unha soa persoa maior en 2016. O que hai é que ter un protocolo de atención e de coordinación de servizos que a Xunta debe desenvolver.

E logo, en canto á Red May —penso que se chama así—, explicou que se trataría de fomentar que as persoas que viven no rural, persoas maiores, estean mellor atendidas. É que iso se soluciona reforzando servizos sociais comunitarios, en lugar de quitarlles competencias a ese concellos e quitarlles capacidade de facer políticas sociais, porque a realidade dos servizos sociais comunitarios —dixémosllo non sei cantas veces— é a saturación do persoal, a falta de capacidade para facer políticas. En moitos si, en moitos o persoal está saturado e non teñen suficientes recursos para garantir que sexa unha rede, como vostede dixo, de primeiro contacto que teña un nivel de excelencia e que, polo tanto, o que faga sexa desaturar o resto da rede, concentrar os recursos aí. Evidentemente, estamos de acordo coa descen-

tralización destes servizos, pero é que parece unha burla que sexa unha unidade móbil de servizos sociais en vinte localidades, cinco días en cada localidade. É que se trata de reforzar o sistema de servizos sociais comunitarios.

En fin, en canto ao programa Lidera, volvemos outra vez —xa llo dixeron tamén as compañeiras do Bloque e do PSOE— ao mantra do emprendedurismo, cunha mocidade que ten un problema de precariedade laboral brutal. E volvemos falar de emprendedurismo cun orzamento que non vai garantir máis que, ao mellor, unha persoa poida definir algún proxecto que teña éxito.

En fin, parécenos que estamos buceando sempre nestes novos conceptos que non van á raíz do problema, que é, como xa se lles sinalou, a Unión Europea, que pon unhas condicións draconianas para que o noso país non se desenvolva e agora dános unha serie de certos programas piloto que poden, ao mellor, paliar a situación dalgunha persoa nalgún concello.

E en canto ao envellecemento e ás políticas —das que ás veces fala— de natalidade, tamén se xuntou recentemente —creo que aquí, en Santiago, mesmo presidida por vostede— a Macrorrexión das rexións do suroeste de Europa, e o que buscaron tamén foi —neste sentido, destes proxectos, nesta linguaxe— definir políticas que afondaran en evitar ese avellentamento da poboación e fixéronas en políticas de conciliación e na mellora da calidade de vida das persoas maiores do rural. E aí están estes proxectos, teoricamente, de innovación sociosanitaria para atender o avellentamento, que tamén poderían entrar neste tipo de proxectos. Pero, claro, volvemos a non ir á raíz do problema, a ese reto demográfico ao que vostede sempre se refire. Pois fáltalle a pata fundamental, que é ter emprego, fáltalle mirar a lugares como Suecia, nos que si hai unha gran rede de políticas de conciliación, nos que hai apoio real ás familias, pero nos que tamén hai unha taxa de actividade na muller similar ao home e nos que se vai á raíz concreta da desigualdade de xénero para posibilitar que as mulleres poidamos ter os fillos e fillas que queiramos ter. Enlazo isto con que tampouco nestes proxectos se ve unha perspectiva de xénero, cando en Galiza as persoas maiores, as mulleres, teñen maiores problemas —como no resto das franxas de idade— que os homes. Entón, tampouco se analiza esa perspectiva de xénero.

Estamos a falar de eurorrexión, de proxectos de cooperación e vemos que tampouco a Xunta ten apostado pola eurorrexión, como lle ten sinalado, por exemplo, o Eixo Atlántico, numerosas veces. Somos unha poboación de 7 millóns de habitantes, cunha cultura e historia común, que precisa reatoparse, e precisamos unha vertebración real con infraestruturas. Polo tanto, o que cómpre, máis que estas migallas, son proxectos que vaian a que o Eixo Atlántico teña potencia e que teñamos un proxecto de desenvolvemento que nos posibilite vivir aquí. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.
Boa tarde.

Parece ser que aos grupos da oposición non lles parece importante que Galicia conte neste momento con catro proxectos europeos que ascenden a 7,8 millóns de euros e que van destinados non só ás persoas maiores, senón tamén para que os mozos e as mozas poidan atopar un emprego. Parece ser que aos grupos da oposición non lles importa que un conselleiro de Política Social veña a este Parlamento dar conta de ao que neste momento pode acceder Galicia a través da cooperación coa Unión Europea para seguir mellorando a calidade de vida das persoas maiores, sobre todo das persoas maiores con algún tipo de dependencia e que ademais viven no rural. Parece ser que aos grupos da oposición non lles importa que haxa programas que ofrezan á mocidade novas oportunidades de emprego. Para nós non é innecesaria nin pouco importante a comparecencia do conselleiro; para nós o que foi un esperpento maiúsculo é que a oposición considere que esta comparecencia nin é importante nin é útil, porque, dende logo, non será importante nin útil para os grupos da oposición, pero si é importante e útil para as persoas maiores en Galicia, para as persoas en situación de dependencia e para os mozos e mozas que queren atopar un emprego. *(Aplausos.)* Para eles si que é importante esta comparecencia do conselleiro.

Porque miren, estamos falando de 7,8 millóns de euros, estamos falando de programas cofinanciados pola Unión Europea, pero estamos falando de que estes 7,8 millóns de euros se veñen a sumar aos 221 millóns de euros cos que a Xunta de Galicia conta nos orzamentos para levar a cabo accións para atender as persoas maiores; estamos falando de apoiar os concellos para o servizo de axuda no fogar; estamos falando de que neste momento se destinan máis de 60 millóns de euros a apoiar os concellos para prestar o servizo de axuda no fogar; estamos falando de 1.700 novas altas no servizo de axuda no fogar; estamos falando de 18.200 persoas que neste momento poden utilizar o servizo de axuda no fogar; estamos falando de que á teleasistencia e ao acompañamento telefónico a Xunta destina 1,8 millóns de euros, dos que se benefician 6.000 persoas maiores en Galicia. Pero, claro, para vostedes isto non é importante, esta comparecencia é inútil.

Por certo, hai pouco, despois do debate dos orzamentos da Consellería de Política Social, o conselleiro estivo neste Parlamento explicando as liñas xerais da súa consellería, onde explicou a situación de todos os programas e de todas as áreas da súa consellería e onde vostedes fixeron as preguntas que estimaron oportunas. E resulta que agora, que vén falar de algo do que nós consideramos que a Consellería ten que informar na Cámara, din que é un esperpento e que non debería de vir comparecer nesta Cámara. Estamos falando de transferencias aos concellos para a construción de equipamentos para a promoción da autonomía persoal, estamos falando dos orzamentos da Xunta, dos 221 millóns de euros para incrementar as prazas públicas en residencias e en centros de día; estamos falando de orzamentos para incrementar as libranzas para atención á dependencia, que este ano van ser 1.700 novas libranzas e para as que se van investir máis de 60 millóns de euros.

Pero, claro, resulta que o modelo da Xunta de Galicia non é o modelo social correcto para os galegos e para as galegas. Resulta que o modelo correcto para os galegos e para as galegas de servizos sociais é o modelo correcto que vostedes están dicindo, que é o seu. Pois ben, mentres a Xunta de Galicia accede a unha subvención europea de 7,8 millóns de euros, o Concello de Santiago de Compostela perde unha subvención europea de 6,2 millóns de euros para loitar contra a pobreza e a exclusión social en Santiago de Compostela. Isto non é im-

portante, señorías. A subvención europea e mendigar migallas á Unión Europea para os galgos e para as persoas de Compostela non é importante. Por certo, ¿por que perderían vostedes esta subvención? ¿Sería por que, dos 6,2 millóns de euros que no seu informe remitido polo Concello para solicitar a subvención, estaba previsto destinar 4 millóns a gastos de persoal, a gastos de servizos e expertos externos, a gastos de viaxes, a gastos de aloxamento...? Este é o seu modelo social.

Pero podemos seguir falando. Mentres a Xunta incrementa o orzamento destinado ao Programa de axuda no fogar ata os 60 millóns de euros, o Concello de Santiago de Compostela renuncia a 5.700 horas mensuais financiadas pola Xunta de Galicia para atender os maiores de Compostela nos seus fogares. ¿Por que? ¿Por que se teñen 123 persoas pendentes na lista de espera para recibir eses servizos de axuda no fogar? ¿Por que o Concello, podendo facilitarles esta axuda domiciliaria a máis de 135 persoas, renuncia a esta subvención da Xunta de Galicia? ¿Por que deixan de utilizar vostedes recursos públicos cando hai persoas que esperan por esta axuda? ¿Non será este o esperpento, señora Prado? ¿Non será este o esperpento e non a comparecencia do conselleiro? *(Aplausos.)*

Miren, mentres a Xunta de Galicia aposta por incrementar as axudas ás entidades sociais que están traballando coas persoas que máis o necesitan —7,6 millóns de euros—, ¿que fan vostedes? Reducen as axudas ás entidades sociais, non queren traballar coas entidades sociais. Mentres a Xunta de Galicia garante que todos os comedores, todos os albergues e todos os centros de acollida teñan subvencións por un importe de 2,3 millóns de euros, vostedes recortan nun terzo as axudas municipais ás entidades sociais que loitan contra a pobreza e a exclusión social. Vostedes recortan as axudas para o banco de alimentos, para o Proxecto Home ou para o albergue de Compostela por un importe de case 50.000 euros.

Mentres a Xunta de Galicia destina 107 millóns de euros para atender as persoas en risco de exclusión social, vostedes volven recortar o orzamento desa famosa renda social. Na presentación da renda social vostedes neste Parlamento criticaron en infinidade de ocasións a Risga, e que o modelo correcto para atender as persoas que o necesitaban era a súa renda social. Puxérona en marcha no Concello da Coruña e dixeron que ían chegar a un millar de persoas, cun orzamento de 2,1 millóns de euros. ¿Saben vostedes cantas persoas reciben da Marea Atlántica a renda social? Unha persoa está cobrando neste momento do Concello da Coruña —¡unha persoa!— a renda social. E dos 2,1 millóns de euros do orzamento, ¿que pasou co orzamento? Non hai ese orzamento xa para a renda social. ¿Para que se utilizou a maioría dese orzamento? Para pagar débeda ou para mercar as bicicletas do servizo de bicicletas municipais. *(Aplausos.)* Iso é o que lles importa a vostedes a inclusión social en Galicia e no concello da Coruña.

Mentres a Xunta de Galicia incrementaba o orzamento da Risga ata chegar aos 57,5 millóns de euros, o alcalde socialista de Vigo tardaba ata sete meses —¡sete meses!— en tramitar as solicitudes da Risga. E non o di unha deputada do Partido Popular, dí, no informe que acaba de mencionar, a portavoz socialista, que o Concello de Vigo tarda sete meses en tramitar os expedientes da Risga; e vén aquí dicirlle á Xunta de Galicia, que acaba de ampliar o orzamento da Risga, que o ten que seguir ampliando porque hai persoas que o necesitan. Efectivamente, señora, hai persoas que o necesitan; polo tanto, socialistas, falen vostedes co

alcalde de Vigo e que deixe de retrasar as tramitacións das solicitudes da Risga. (*Aplausos.*) Porque, miren, en Vigo hai máis de 63.000 persoas que se atopan en risco de exclusión social —¡máis de 63.000 persoas!—, e resulta que o Concello de Vigo tarda case sete meses en remitirle á Xunta de Galicia o expediente para que estas persoas poidan percibir unha Risga. E a preocupante conclusión do informe da valedora do pobo, do que falaba a portavoz socialista, é que a situación do Concello de Vigo provoca sensación de desprotección e de angustia das persoas que están en situación de extrema necesidade.

Polo tanto, cando a señora Noela di que o Partido Popular fai como os malos estudantes, que deixa todo para o último día, por favor, dígalle que ten que recuperar o señor alcalde de Vigo a cordura e tramitar os expedientes dos galegos de Vigo que están esperando a cobrar esa Risga. (*Murmurios.*) Polo tanto, mentres a Xunta de Galicia destina 643,5 millóns de euros a políticas sociais, o BNG de Pontevedra está no ránking de concellos oficialmente pobres en servizos sociais... (*Murmurios.*) —claro, non interesa escoitar esta información—. Só destina 35,75 euros por habitante. ¿É este un financiamento xusto, señora Prado? ¿É este o modelo de política social que quere que leve a cabo a Xunta de Galicia? Pois, mire, non. ¿Recorda que a señora Pontón, no debate dos orzamentos, lle criticaba ao presidente da Xunta, ao señor Feijóo, os orzamentos en materia de servizos sociais, cando son os orzamentos máis altos na historia da nosa comunidade? Incluso chegou a dicirlle que non tiña corazón, que tiña un corazón de pedra. Pois, mire, nós hoxe dámoslle a noraboa ao BNG e ao Concello de Pontevedra porque acaba de recibir o Premio Corazón de Pedra por ser un concello sen alma, insensible ao sufrimento dos seus veciños máis necesitados, outorgado pola Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. Dende logo, nós o seu modelo non o imos compartir.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas,

Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica, señor conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que estou sorprendido con algunhas das cousas que escoitei aquí, porque vin comparecer, a petición propia, para falar de temas creo que moi importantes para todos os galegos. A verdade é que é sorprendente que en lugar de falar de proxectos estratégicos do país esteamos facendo unha comparecencia xeral da Consellería.

Non teño ningún problema en contestar punto por punto aos temas concretos da Consellería, que practicamente sería como unha comparecencia xeral, o que pasa é que, de verdade, este Parlamento —créoo, jeh!—, francamente, tampouco debe estar sempre baseado nun condicionante xeral, na actuación global dunha consellería, tendo oportunidade con estes temas dos que estamos a falar —destes catro proxectos— de falar de temas concretos que afectan a moitos galegos no seu presente e, sobre todo, no seu futuro. Os catro datos, que son os

que basean unha política xeral, creo que son francamente unha deterioración do que ten que ser o futuro duns servizos sociais de calidade para todos os galegos e para todas as galegas.

Outra reflexión, que tamén creo que debo facerlles, é: ¿que estaría pasando se perderamos os proxectos europeos aos que nos presentamos? (*Murmurios.*) Pois ese sería un tema importantísimo de país, e veña interpelacións e veña preguntas por perdelos. O mínimo que podo facer é vir aquí explicar e compartir cos deputados o que imos facer con estes proxectos. Sería interesante tamén ter algunhas suxestións, aínda que algunhas puiden obter das súas intervencións.

Mire, señora Prado, é que mañá falaremos da Risga. Eu non me nego a falar da Risga; as veces que queiran falaremos da Risga, concretamente mañá.

Nese mantra da paralización e dos recortes, fálame vostede de prazas de centros de día e de prazas de escolas infantís públicas. Mire, é que vostedes estaban no Goberno no ano 2009. Voulle dar ese dato coa concreción que vostede me pide. No ano 2009 había 975 prazas públicas en centros de día en Galicia — 975 —; algo máis de oito anos despois temos 2.637 prazas públicas en centros de día. Un incremento do 170 %, señora Prado.

Despois fálame tamén de... Bueno, como ve, datos que non teñen nada que ver cos programas, pero, xa lle digo, non teño problema en que cada vez que veña comparecer a petición propia se fale de cada un dos temas da Consellería.

En escolas infantís, no ano 2009, 12.681 prazas sostidas con fondos públicos; no ano 2017, 22.316 prazas; un incremento dun 75 %, e xa lle digo, ademais, que hai escolas infantís que están en construción neste momento e hai centros de día que están en construción neste momento para incorporarse á rede pública, xestionados polo Consorcio.

Mire, señora Prado, voulle dar outro dato, xa que me fala tanto dos maiores: é que estes proxectos, que son precisamente unha parte importante para os maiores... Case parece que estamos desprezando os nosos maiores porque non os atendemos. É que mire, o ano 2009 estaba aí tamén, e igual que lle dei os datos de centros de día e de escolas infantís voulle dar o dato de maiores atendidos coa Lei de dependencia no ano 2009, cando esta consellería estaba en mans — supoño — do BNG: 14.000, cunha ratio de atención do 36 %; no 2017, 48.700, cunha ratio de atención do 73 %. Non é para colgarnos ningunha medalla, queda moito por facer, pero, bueno, tampouco é para recibir leccións de que este tipo de proxectos, que son proxectos innovadores, proxectos importantes, non valen para nada.

Mire, señora Blanco, con respecto tamén ao estado xeral de cuestión da Consellería de Política Social, voulle dar un dato: sufriu un retallo —dime— a Consellería de Política Social de 500 millóns de euros. Mire, estamos administrando neste momento na Consellería de Política Social o orzamento máis alto da autonomía de Galicia. ¡Algún compromiso social teremos! Non só nos dedicamos a falar de política social —como fan outros, por certo—, senón que investimos máis recursos públicos en política social que nunca.

Miren, dicir que o Bono Concilia é unha privatización, en fin... Por certo, teremos mañá ocasión de falar do Bono Concilia. Por iso lles digo... Se podemos falar do que queiran, eu non

teño ningún problema. Ata me dicía o presidente que os membros do Goberno non tiñamos límite de tempo, pero é verdade que vimos falar do que viñamos falar.

Mire, acabo de darlle á súa compañeira deputada as prazas públicas en escolas infantís; é que se incrementaron nun 75 %. Vostede debería de saber que estamos facendo escolas infantís non concellos de Galicia que nos deixan facer escolas infantís. Por exemplo, no seu estamos construíndo unha nova escola infantil, que, dende logo, vai ser unha escola infantil pública, porque tanto falar da privatización, da privatización, da privatización..., é que as escolas infantís que estamos facendo son todas públicas.

Despois, señora Blanco, fáleme da Risga. Xa lle dixen, mañá teremos ocasión de falar da Risga. Parece que tiña que vir comparecer aquí para dicir que aumenta o orzamento da Risga. É que tería que vir aquí comparecer se non tiveramos fondos públicos para atender a Risga. (*Aplausos.*) Transferimos fondos porque na comparecencia dos orzamentos recordarán que dixen que non iamos consentir que ningún galego que o necesitara estivera esperando pola Risga. Mañá contestarei, señora Blanco, a isto, e espero que non se avergoñe dalgún socialista que retrasa a tramitación da renda de integración social de Galicia.

E outra cousa tamén, fáleme de Estremadura. Faloume vostede de Estremadura. Eu nunca, nunca, falei doutras comunidades autónomas porque nós temos suficiente con falar do noso, pero, como me falou de Estremadura, voulle dicir algunhas ratios interesantes de Estremadura: ratio de atención de axuda no fogar en Estremadura, 2,71 % de maiores que teñen axuda no fogar; ratio de axuda no fogar en Galicia, 30,30 % —2,71% en Estremadura e 30,30 % en Galicia—. Centros de día, que acaba de saír tamén, ratio de atención en Estremadura, 6,43 %; ratio de atención en Galicia, 12,40 %, o dobre.

Polo tanto, xa digo, eu non veño falar aquí doutras comunidades autónomas. É que, se falamos doutras comunidades autónomas en atención social, en atención aos nosos maiores, en atención aos nosos nenos, veremos que case sempre temos mellores ratios de atención que o resto de España, porque temos unha boa política social. (*Aplausos.*) Pero é que non falamos doutras comunidades, como fan vostedes, porque tamén sabemos que aquí queda moito por facer, e debémolleslo aos nosos nenos e nenas e debémolleslo aos nosos maiores.

Señora Vázquez Verao, eu agradézollo porque as únicas referencias que tiveren dos programas foron da súa intervención, en canto á xestión pública da alimentación, escolas, centros de día, en xestión do Xantar na casa... Tomamos nota de que é necesario supervisión daquelas que se atopan en mans privadas, tomamos nota de que son imprescindibles os protocolos de actuación. Non coincido co desmantelamento dos servizos sociais. Pódeme falar de Europa —aquí falan de Europa—, pódeme falar de España, eu voulle dar os datos autonómicos do meu departamento. Dende que naceu a Consellería de Política Social aumentouse o Plan concertado dos servizos sociais municipais nun 20 %; polo tanto, de recorte por esta consellería, nada de nada. E a orde que financia os fondos de inclusión social dos concellos de Galicia non aumentou un 10 %, un 20 % ou un 30 %, triplicouse. Polo tanto, teñan claro que esta consellería en materia social aposta totalmente pola colaboración cos concellos.

Non coincido, por suposto, con vostede na parte do emprendedorismo, na parte do liderado. É evidente que hai diferenzas importantes. Tampouco coincido con vostede, pero creo que a diverxencia tamén nos axuda, en que o problema fundamental ou o único problema da demografía sexa o problema do emprego. Podemos revisar os datos históricos dos últimos anos e encontrárase con que con taxas de crecemento económico moito máis importantes e con taxas de emprego moi superiores tiñamos incluso índices de natalidade inferiores aos que temos neste momento.

E ata aquí o repaso da política xeral da Consellería, pero eu veño comparecer pola obtención de fondos europeos, con toda humildade, porque tamén compareceron moitos alcaldes que obtiveron fondos europeos e, polo tanto, creo que a Xunta de Galicia tamén poderá comparecer, porque é un reto de verdade a atención da nosa poboación maior. E é un reto tamén porque estes programas nos permiten unha cousa moi importante. Ás veces o día a día de todo o que estivemos falando agora non nos permite ver o presente e o futuro de como desear o que dicía antes, uns servizos sociais dende un modelo de innovación, dende un modelo de proximidade, dende un modelo dunha maior calidade. Estes programas non só son unha inxección de fondos públicos moi importantes, senón que nos permiten traballar con especialistas de verdade que nos permiten mellorar as nosas políticas.

Polo tanto, creo que hai que agradecer tamén a colaboración nestes programas da Universidade de Santiago, da Universidade de Vigo, da Universidade do Porto, do Clúster da Alimentación de Galicia, do Centro Tecnolóxico Anfaco-Cecopesca, do Instituto Politécnico de Viana do Castelo, porque eles son os que de verdade van permitir que innovemos na nosa atención social dende o presente cara ao futuro, nunha comunidade, xa digo, que, afortunadamente, ten moitos maiores e onde os seus maiores teñen máis lonxevidade que noutras comunidades españolas: 82 anos de esperanza media de vida en España; en Galicia, 86. Queremos que os nosos maiores sexan máis activos e queremos que os nosos maiores sexan máis independentes; por iso, este programa Nutriage. Creo de verdade que os hábitos alimenticios son moi importantes en todas as etapas da vida, pero tamén moi especialmente, polo que dixen antes, no ámbito das nosas persoas maiores. É un programa que vai, precisamente, controlar eses hábitos alimenticios para extraer conclusións importantes en 1.500 usuarios dos nosos servizos públicos en residencias de maiores, en centros de día, no programa Xantar na casa, e creo que vai contribuír a un mellor envellecemento da nosa poboación.

O segundo dos proxectos, a iniciativa Red May, tamén é unha iniciativa que, como dicía antes, nos vai permitir acercar máis os servizos sociais aos ámbitos rurais de Galicia. Son unidades móbiles de servizos sociais. Así naceron, como xa dicía antes, as unidades básicas de traballo social que temos nos concellos, que en moitos casos non é unha senón que están nas parroquias, están nos barrios. Estas unidades vannos permitir tamén experimentar a través de servizos móbiles para o alzhéimer, que é unha doenza que está aumentando como consecuencia tamén do aumento da calidade de vida; vannos permitir tamén mellorar o asesoramento e a información aos nosos maiores en temas que ás veces para eles son un verdadeiro problema, como son trámites ante a Administración, trámites ante subministradores de auga, ante servizos de subministración de electricidade, servizos bancarios, etc.; vannos permitir avanzar no proxecto do fogar dixital. De verdade que estes si me parecen retos importantes para unha comunidade.

Igual que o proxecto Lidera, un proxecto que trataremos de que non exclúa outros proxectos de emprego, outros proxectos de xeración de riqueza, pero é un proxecto dende a educación non formal e dende o apoio que lles podemos dar aos nosos mozos nos nosos centros de Curtis, Noia, Pontedeume, Betanzos, Carballo, Chantada, Vilalba, Viveiro, Lalín, Vilagarcía e Ourense.

A verdade é que temos moito por facer en canto ao desemprego xuvenil. Tamén hai unha realidade nun contexto de crecemento sempre baixa. O desemprego xuvenil está baixando neste momento un 5 % no último ano. Dende logo que temos que seguir traballando niso, pero creo que non é para desprezar ningunha das liñas de actuación que poidamos elaborar dende o público.

E tamén queremos darlle continuidade ao proxecto da Eurocidade Chaves-Verín, que está dinamizando un territorio que tivo algunha distinción por parte de Europa.

Quéroos informar tamén de que onte mesmo acollimos en Galicia a reunión de traballo da Macrorrexión suroeste de Europa, a Resoe, á que acudiron representantes de comunidades autónomas de Asturias, Cantabria, Castela-León e as rexións centro e norte de Portugal, para abordar a elaboración de novos proxectos europeos. Se viñeran hoxe aquí eses participantes da reunión de onte, pensariamos que estabamos practicamente perdendo o tempo, despois de moitas horas de traballo, cos equipos interdisciplinares que se formaron para a obtención de novos fondos a curto prazo, sobre todo na nova programación de fondos europeos a partir do 2020. Os representantes de todos estes territorios estamos unidos, estamos unidos de verdade, a pesar das diferenzas políticas que poida haber. Estamos unidos para mellorar a calidade de vida dos nosos habitantes no que respecta aos nosos nenos e aos nosos maiores.

Neste sentido, quero dicirlles que nas próximas semanas se presentará un plan estratéxico que permita traballar para responder a estes desafíos comúns entre todas estas rexións baseado en tres eixos de actuación: o primeiro, a mellora da calidade de vida dos nosos maiores; o segundo, o fomento das políticas que teñen que ver coa conciliación nos contornos de carácter rural; e o terceiro, a innovación sociosanitaria aplicada ao benestar da poboación. Este documento global presentarase a finais deste mes de xuño en Castela-León e permitirá enfocar o traballo colaborativo para antes do 2020 e para despois do 2020.

Temos que prepararnos, señorías, para eses novos tempos e por iso o reto demográfico ten moito que ver co coidado dos máis pequenos e co coidado dos maiores. Queremos, como repetiron vostedes, que se viva máis tempo e que tamén se viva mellor en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Turno especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: É evidente o en serio que o toma o seu grupo, señor conselleiro. A deputada Marta Rodríguez Arias leunos aquí a cartilla do pouco que nos importaba a súa comparecencia, e ela dedicoulle exactamente ao tema da súa comparecencia creo que tres segundos (*Aplausos.*), o tempo que tardou en dicir 7 millóns, e logo xa pasou entusiasticamente á campaña das municipais. Porque, claro, estamos en campaña das municipais, e entón xa pasou directamente á campaña das municipais. Iso dígo... —é o seu grupo— por se logo vostede considera que lle debe dicir algo de que o respecten un pouquiño.

Gustaríalle ou non lle gustaría o que lle dixen, (*Aplausos.*) pero eu falei dos seus proxectos, falei dos maiores e da mocidade. Entón, é evidente que todos os esforzos do Partido Popular van a esa campaña das municipais. O respecto que lle teñen a este Parlamento cada día vai a menos, pero logo veñen dar leccións entusiasticamente.

E mire unha cousa, señora deputada Marta Rodríguez, eu quedo co corazón de pedra do Goberno municipal de Pontevedra e non co Goberno sen corazón do Partido Popular. (*Aplausos.*) Así de claro, ¡así de claro!

Bueno, señor conselleiro, vostede vén aquí falar dun modelo de servizos sociais baseado... E eu dígo, ¿que lle parecería un modelo de servizos sociais baseado nun servizo público e non no negocio? ¿Que lle parecería un modelo de servizos sociais baseado en crear unha rede pública, con infraestruturas públicas, con recursos públicos, con persoal suficiente e ben dotado no conxunto do territorio, ese territorio disperso, adaptado ás necesidades de Galiza? Pois ao BNG pareceríalle moi ben.

E xa que vostede rematou a súa intervención falando desa aposta da innovación sociosanitaria, cando teña un momento pregúntelle ao conselleiro de Sanidade, por exemplo, polos camións sanitarios. Dígo porque van un pouco no camiño do seu modelo, de levar cada cinco días a un sitio para atender os maiores, logo outros cinco días a outro...

Pregúntelle, que foi tamén unha subvención europea, je como parece que na Unión Europea os cartos non son de ninguén!... Nós podemos prescindir de desenvolver o país por decisión da Unión Europea, pero logo mándannos unhas subvencións fantásticas para cousas que xa se ve a utilidade que se lles dá.

A min, dende logo, non me contestou ao que lle preguntei de que vai quedar despois do ano 2020 e despois deste proxecto de 2016–2020. Que vai quedar de estrutura real, de persoal fixo, de persoal público consolidado, que vai quedar despois dese investimento. Efectivamente, tamén lles terá que dicir aos que levan o portal do programa que o actualicen, porque alí non aparecen eses 7 millóns de euros. Dígo porque non aparecen. Eu tamén teño aquí os datos, xa non llos dei, pero dende logo non chegan aos 2 millóns os datos que están alí colgados. Pero se para vostedes entusiasticamente o titular de hoxe vai ser que van ter 7 millóns máis para políticas de benestar e para atender os nosos mozos, pois non lle imos estropear o titular hoxe aquí dicindo que no portal non aparecen. Non llo imos estropear.

Entón, eu unhas preguntañas, pero así. Mire, a primeira é ¿cando van tomar en serio a situación dramática de Galiza? ¿Cando a van tomar en serio? E por tomar en serio eu o que lle

digo é cando se van remangar e presentar algunha alternativa neste Parlamento para mudar o rumbo, para poñer Galiza a producir, para poñer Galiza a xerar riqueza e que realmente os nosos mozos, en vez dun programa Lidera, poidan vivir e traballar dignamente na terra des- involucrando proxectos ligados á nosa realidade, ligados ao mar, ligados ao agro, ligados ao naval, ligados á innovación real. ¿Cando se van remangar e presentar algún proxecto que realmente vaia na dirección de cambiar de rumbo? ¿Cando se van plantar diante do saqueo do Estado?

¿E por que lle digo isto? Mire, estamos falando de fondos europeos, ¿se lle digo que a media dos fondos europeos recibidos por Galiza están arredor do 1 % do PIB, e que os fondos europeos recibidos por rexións de Portugal, con situacións similares a Galiza, están arredor do 2,5 %?

Ante isto, vostede, como membro do Goberno, debería reflexionar e dicir, ¿que pasa aquí? ¿Isto terá algo que ver con que os fondos europeos veñen a través do Estado, e ese estado decide canto nos manda e canto decide quedar?, ¿decide se os cartos veñen para Galiza ou fan a T-4, por exemplo? Dígoo para reflexión, ¡eh! Eu déixoo aquí para reflexión.

Hoxe nos medios de comunicación a verdade é que nos deron unha alegría. Vese que sacou un pouco de enerxía o Goberno galego e non lle gusta o cómputo que fai Montoro, porque foron tan espléndidos co déficit e resulta que Montoro lles di que teñen que ser máis. (*Aplausos.*) Igual é un pequeno elemento para sentirnos positivos e ver que igual temos un Goberno.

Entón, eu emprázoo, señor Rey, a que pregunte e faga as contas, a ver canto dos fondos europeos recibe Galiza e cantos reciben, por exemplo, zonas de Portugal. Xa non quero comparalo con outras partes, senón con Portugal, que estamos aí ao lado e que facemos plans transfronteirizos. ¿Quen queda con esa parte que tería que vir para Galiza? E despois de que fagan as contas, sería bo que lle exixiran que cando menos nos dean o que nos corresponde.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: En resumo, señor conselleiro, vostede vén por petición propia a falar do que quere, porque nós, aínda que lle pidamos que veña comparecer, vostede non vén. Entón, cando vén, temos tamén que preguntarlle por estas cousiñas de paralización da Lei de dependencia, privatización dos centros de maiores, centros de día, copagos de medicamentos, exclusión de financiamento de produtos farmacéuticos, copago na dependencia, copago na discapacidade, aumento dos copagos, Lei de dependencia paralizada...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Só unha cousiña. Perdón, señor presidente, só unha cousiña.

Para que faga tamén as contas, dígolle que a Lei de dependencia entrou en funcionamento no 2008, o Bipartito rematou en marzo do 2009, un ano de aplicación da Lei de dependencia —dígoo para que faga as contas—, e nove anos despois, eses datos que deu vostede. Dígoo porque me parece que se esqueceu dese datíño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Ata hai uns minutos no Grupo Socialista tiñamos dúbidas de por que comparecía hoxe vos-
tede, señor conselleiro. Agora xa sabemos que era para darlle a oportunidade a unha depu-
tada do Partido Popular para que fixera a nova modalidade de oposición. Ata agora foi
oposición ao pasado, a partir de agora é oposición a distancia. (*Aplausos.*) Vese que o Partido
Popular non ten voceiros capacitados nos diferentes concellos de Galicia onde non goberna
para facer esa oposición e teñen que vir aquí os parlamentarios do seu grupo a facer o tra-
ballo que non fan.

De todas maneiras, nese percorrido que fixo pola vida municipal, a verdade é que á señora
Rodríguez Arias lle quero recoñecer un inmenso mérito, ¡como sorteou cando vostede chegou
a Ourense! Pasou... Si, si, porque mencionou a todas as grandes —non vou dicir grandes
para non parecer egocéntrica—, a todas as cidades, menos á de Ourense. Entón imos falar
de Ourense, porque para iso hai unha deputada aquí de Ourense agora.

Supoño que nesa ansia e nese problema de perder os fondos europeos está preocupadísima
polos 15 millóns de euros que acaba de perder a Deputación de Ourense, principalmente o
vicepresidente da Deputación, que foi retirada. Pediuse no Pleno do Concello de Ourense que
se lle retiraran as competencias, por maioría do Concello, pola súa ineficacia e por ser un
verdadeiro incompetente. É a única das cidades galegas que non vai ter fondos Edusi, (*Aplau-
sos.*) Teranos 12 concellos, e entre eles no estará o Concello de Ourense por culpa da ineficacia
e da ineficiencia deste concelleiro.

Pero é que resulta que a Consellería de Política Social en concreto, a Xunta de Galicia, tamén
perde, señor conselleiro, fondos; neste caso, fondos europeos. No programa do POCTEP, na
súa convocatoria deste ano, a Xunta de Galicia é beneficiaria de 8 millóns de euros menos
que no anterior programa operativo. É por iso, señor conselleiro, polo que eu lle puña de
exemplo a Extremadura. Un presidente, o señor Vara, que o primeiro que fai cando chega á
Presidencia do Goberno é reunirse cos seus veciños portugueses. Parécenos o mínimo: ela-
borar un plan socioeconómico para colaborar con eles.

A respecto do informe da Valedora eu non teño ningún problema, señora Rodríguez Arias. Nós
non nos escondemos. Eu non teño vergoña de ningún alcalde nin alcaldesa do meu partido...
de ningunha, ¡de ningunha! Dígolle máis, síntome tremendamente orgullosa do inmenso es-
forzo que están facendo despois de que o señor Montoro os asfixiara economicamente e que-
daran practicamente sen recursos (*Aplausos.*) para poder facer as políticas sociais que os
gobernos socialistas levantamos dende a década dos oitenta neste país. Tremendamente or-
gulloso, señora Rodríguez Arias, e podemos falar diso cando queira. Pero está claro que vos-
tedes, como a persoa —eu non a coñezo e síntoo moito, igual que a maior parte da xente de

Vigo—, como a candidata, do Partido Popular se ve que non sabe facer oposición, teñen que vir aquí constantemente, ao Pleno do Parlamento de Galicia, a facela. Cada un sabe o que ten no seu partido, e se vostede cre que o Parlamento de Galicia é para vir facer oposición a un concello, ¡alá vostede!, para nós é para falar dos problemas dos galegos e das galegas.

A respecto do global, señor conselleiro, eu non me equivoquei, non me trabuquei na data que lle dei. O global do investimento de políticas sociais, non da Consellería, o global do investimento de políticas sociais do Goberno galego, é de 500 millóns de euros menos a respecto do ano 2009. Non faga así, é do Goberno onde está vostede, da súa consellería en concreto, unha parte tamén.

A respecto das escolas infantís, por suposto que si, hai moitas máis prazas públicas. E dígolle que, de verdade, encantada de que nos agradeza ao Bipartito, vostede que sempre está cargando contra nós, que máis do 80 % das prazas que se abriron, que se puxeron á disposición deses pais e nais, foron planificadas e proxectadas polo Goberno do Bipartito. E fale do que queira, da escola infantil de Ourense e das que queira, porque as vai facer a Fundación Amancio Ortega, teño entendido. E non veña presumir aquí, polo tanto, do que nin sequera van facer vostedes, senón que o van facer outros.

Así poderíamos seguir falando de moitísimos temas. Nós hoxe, señor conselleiro, o que lle queremos pedir, posto que xa esgotamos a posibilidade de que dea explicacións a respecto dos temas que lles preocupan aos galegos e ás galegas, é que a próxima vez que volva rexistrar unha comparecencia, veña aquí e o faga pensando nas necesidades das persoas que están aí fóra, non nas necesidades do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Antes de nada e de entrar noutras cuestións, quero enmarcar e resaltar que estamos a falar deses programas que están financiados co Fondo Feder. Vostede non sinalou cal é o proxecto que teñen para a Eurorrexión. A realidade xa lla evidenciamos, estamos estancados a respecto da converxencia coa Unión Europea. Malamente se poden conseguir os obxectivos teóricos dese programa, que é fortalecer a cohesión económica e corrixir os desequilibrios, con este tipo de programas piloto, programas puntuais, programas que ademais un dos seus obxectivos é buscar nichos de negocio. Os obxectivos que pretenden conseguir estes programas mellor se conseguirían aumentando o investimento social, aumentando o orzamento. Esta mañá mesmo votaron en contra diso, polo tanto, é preciso mencionar ese contexto porque é unha evidencia que a eurorrexión vostedes non a consideran como un núcleo económico fundamental. A idea pódea dar o feito de que ese corredor atlántico de infraestruturas non pasa por Galiza.

En fin, que non van aos problemas estruturais, e tamén o acaba de sinalar presentado ese documento ao que se refería da macrorrexión. Están a falar de políticas de conciliación, de

envellecemento activo, pero eluden a cuestión do emprego. A cuestión do emprego xa sei que non é a única causa, pero é que é fundamental, e sobre todo analizala dende o punto de vista de xénero. Ese punto de vista de xénero nestes programas tamén está excluído.

Polo tanto, os problemas estruturais —estamos a falar da eurrerrexión, non só do noso país— non se solucionan con estes pequenos parches, non se solucionan tampouco con este emprendedurismo, que en moitos casos o que vai acarrear é falsos autónomos, que é esa figura que xa está aí, unha nova modalidade —ou non tan nova— de precariedade laboral. E en canto a estes proxectos —repito—, mellor sería reforzar o investimento social, ao que vostedes mesmos se negaron esta mañá.

En canto aos servizos sociais comunitarios, non empreguei a palabra desmantelamento, díxoa vostede. Do que si falei é da saturación de moito persoal, que se ve incapaz de atender a todas as necesidades sociais. Polo tanto, o que teñen que facer cos servizos sociais comunitarios, en lugar de estar botando balóns fóra por parte da Xunta nos concellos, é exixir lle ao seu Goberno do Estado que non afogue os concellos para poder facer este tipo de políticas.

E xa que estamos en campaña para as municipais, o cal me parece moi precoz, pero en fin, cómpre ir analizar as medias verdades que aquí se expoñen. A respecto do Concello de Compostela, xa está ben de falar da cuestión esa das horas do servizo de axuda no fogar sen sinalar que o Partido Popular —o anterior Goberno de Compostela felizmente desaloxado— asinou un contrato, curiosamente en abril de 2015, atou un contrato para o servizo de axuda no fogar, cunha contía insuficiente, para o cal o Goberno de Compostela Aberta, sensatamente, en 2016 aumentou ata o máximo que lles permitía a lei, e a día de hoxe Compostela Aberta ten elaborados os pregos e iniciada a tramitación dun novo contrato que vai duplicar a necesidade. Polo tanto, investimento social si, afortunadamente, nos concellos da Coruña e Compostela.

Tamén se referiron vostedes a esa renda social. Non escorran o vulto dicindo que a política social é competencia da Xunta de Galicia. Esa renda social está concedida, por certo, a 52 unidades de convivencia. Pero afortunadamente —dicía— pasaron os tempos das causas xudiciais e entraron gobernos decentes nestas cidades. Por certo, dixo vostede, señor conselleiro, que está facendo escolas infantís nos concellos que lles deixan. Pois tomámoslle a palabra, trasladarémolles a estes concellos para que fagan escolas infantís, porque o certo é que as listas de agarda continúan. En fin, non será a solución simplemente cambiar os concellos, pero é unha boa solución —xa o ve—, duplícase o orzamento en política social.

E pedíannos vostedes solucións para mellorar, para ser útiles, para as persoas maiores. Vostedes menosprezan estes programas que son útiles ás persoas maiores, ás persoas dependentes. Xa lles dixemos, a situación social é tan grave que hai que aumentar moito o gasto social. Vostedes negáronse esta mañá e negáronse sistematicamente ás propostas que, por exemplo, En Marea ten tido neste sentido. Pois dámoslles unha solución —se queren—, xa que está aí o Banco Popular medio en quebra, nacionalíceno e fagan políticas... póñano ao servizo da economía real. ¿Queren solucións? ¡Téñenas na man! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Parece ser que aquí todas as portavoces que interviñeron falan de eleccións municipais... (*Protestas.*) Non, non, é que nós non estamos falando das eleccións municipais, nós estamos falando das persoas. (*Protestas.*) Concretamente, das persoas maiores e dos mozos e as mozas que están en busca de emprego. Pero vostedes, cando se lles fala da política social que se está a levar a cabo nalgunha das cidades onde gobernan vostedes, xa pensan que o Partido Popular está en campaña das municipais. Pois, miren, equivócanse. (*Murmurios.*)

Ademais, a min gustaríame recordar unha frase dun alcalde das Mareas que, poucos meses despois de tomar posesión e de ver o que realmente era gobernar un concello, se laiaba dicindo que ás veces hai un discurso fácil e outras veces está a realidade. Pois iso é o que acontece tamén neste Parlamento, ás veces hai un discurso fácil —que é o seu cando saen aquí criticar as políticas sociais da Xunta de Galicia— e outras veces está a realidade. E a realidade é a que mostra a Xunta de Galicia cos orzamentos en políticas sociais, cos programas para axudar as persoas maiores, a xuventude, as familias en Galicia; e sobre todo a todas aquelas persoas que máis o necesitan. Esa é a realidade, e o que fan vostedes é o discurso fácil.

Estamos a falar de políticas sociais, estamos a falar de persoas. E vostedes insisten en que, cando se fala de persoas, o que está facendo a Xunta é privatizar servizos. Pero, ¡por favor!, é que estamos a falar, señora Prado, de que vostedes fixeron un máster en privatización. ¡Pero se son vostedes os que lle podían dar leccións á Xunta de Galicia de como privatizar servizos sociais, señora Prado! ¡Se vostedes a través de Sogaserso, unha entidade privada, querían construír residencias e centros de día en Galicia! ¡Se vostedes teñen privatizado en case todos os concellos onde gobernan o servizo de Xantar na casa, o servizo de Axuda no fogar e a xestión das escolas infantís! Mire, por privatizar, vostedes privatizaron ata a participación cidadá para os orzamentos participativos. ¿Recorda eses famosos orzamentos participativos? Pois pagáronlle a unha empresa 18.000 euros máis IVE para que fixera un proxecto para ver como facían eses orzamentos participativos. Polo tanto, mire, máster en privatización, xa teñen dous premios: o premio de corazón de pedra e o premio de máster en privatización de servizos sociais. (*Aplausos.*)

Logo a portavoz socialista quéixase amargamente de que a portavoz do Grupo Popular falou das grandes cidades onde gobernan o PSOE, o BNG ou As Mareas, pero non falou do Concello de Ourense, no que goberna o Partido Popular. É que mire, señora Blanco, o Concello de Ourense non aparece no ránking de concellos oficialmente pobres en España. (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Polo tanto, mire, ten vostede que estudar os orzamentos do Concello de Ourense para ver o que destina o Concello de Ourense a servizos sociais. E ten que estudar os orzamentos do Concello de Vigo para ver canto destina o Concello de Vigo a servizos sociais. Pero, claro, aquí Vigo... non se pode falar de Vigo. Falemos de Ourense, critiquemos a política da Xunta de Galicia; pero de Vigo ou dos socialistas de Vigo non se pode falar. (*Murmurios.*)

Mire, pois nós falamos de Vigo. ¿Por que? Porque ese señor é presidente da Federación Española de Municipios e Provincias. Porque ese señor presume todos os días de ser un gran

xestor. Porque ese señor presume todos os días por España adiante de que é o maior xestor dos servizos sociais. E ademais quéixase amargamente de que todos os problemas que ten Vigo son porque a Xunta maltrata Vigo. Mire, cos datos que lle acabamos de dar, do atraso de sete meses na tramitación da Risga, aquí o único que está maltratando as persoas que o necesitan no concello de Vigo pode que sexa o alcalde socialista, (*Murmurios.*) señora Blanco. Pode ser que sexa o propio Goberno municipal.

E aquí non faláron absolutamente nada de que opinan vostedes de que o Concello de Compostela perdera unha subvención europea de 6,2 millóns de euros para loitar contra a pobreza e a exclusión social. ¿Que opinan vostedes? ¿Que opinan vostedes de que o Concello de Compostela teña máis de 123 persoas sen atender coa axuda no fogar e rexeite a axuda da Xunta de Galicia? ¿Que opinan vostedes dos concellos da Coruña e de Santiago, que están reducindo axudas ás entidades sociais que loitan contra a pobreza e a exclusión social? ¿Que opinan vostedes desa famosa renda social do Concello da Coruña, que resulta que a día de hoxe só unha persoa a está a cobrar mensualmente? ¿Que opinan vostedes da tramitación da Risga nalgúns concellos, que chega —segundo o informe da valedora do Pobo— a sete meses?

Polo tanto, cando se fala de modelo social, vostedes teñen que falar, porque aquí estamos falando do modelo social da Xunta de Galicia. Pero se queren comparar, podemos comparar. Dende logo, vostedes poden quedar co modelo social das cidades onde gobernan, pero nós o que queremos é trasladar o modelo da Xunta de Galicia ás cidades de Galicia.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Peche da comparecencia, señor conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, vou tratar de ser breve porque temos que seguir con moitas cousas do debate. Pero de verdade que a estes 7,8 millóns de euros que van incrementar os recursos sociais da Xunta de Galicia esperamos quitarlle todo o seu partido no Horizonte 2017-2019.

Ademais da parte económica e financeira, da mobilización destes fondos públicos —insisto, 7,8 millóns de euros—, contamos coa participación das universidades, coa participación de investigadores, coa participación de axentes sociais e do movemento asociativo, porque o queremos facer dunha maneira participativa, queremos facelo de acordo co sector que participa na mellora social.

A Organización Mundial da Saúde define a saúde como o estado de benestar físico, mental e social que asegura a capacidade funcional óptima. E engade que un dos factores determinantes desta é unha alimentación equilibrada. De aí, de verdade, a importancia deste programa, a importancia da súa participación no mesmo de 1.500 maiores usuarios dos nosos centros de día, das nosas residencias e do programa Xantar na casa.

Contribuír a mellorar o benestar dos galegos e galegas de avanzada idade tamén é a finalidade do proxecto Red May, que está especialmente dirixido aos maiores do noso mundo rural, ao que destinaremos máis de un millón de euros, para entrar en funcionamento unidades móbiles que seguirán en funcionamento despois da finalización deste Programa de servizos sociais. E co programa de prevención do noso contorno rural no ámbito do alzhéimer e doutras demencias neurodexenerativas.

Estou seguro tamén de que cando se puxeron aqueles autobuses da detección precoz do cancro de mama, hai moitos anos, moitos se reirían daquilo, e despois Galicia foi unha das comunidades máis avanzadas na detección precoz do cancro de mama. Pois imos facer o mesmo co alzhéimer e con outras demencias neurodexenerativas que están presentes cada vez máis nos nosos maiores. E temos máis maiores que outras comunidades autónomas, porque aquí realmente hai moitos hábitos de alimentación sans nos nosos maiores e moitos hábitos de actividade física nos nosos maiores que nos leva a vivir máis anos.

De verdade que tamén imos tratar de avanzar no fogar dixital, porque temos que aproveitar as novas tecnoloxías para —como xa digo— atender aqueles maiores que o desexan nos seus domicilios. Díxeno antes e repítoo agora, 1 de cada 4 galegos supera os sesenta e cinco anos de idade. No ano 2050 esa porcentaxe aumentará en 10 puntos, será o 35 % —case— da poboación maior de sesenta e cinco anos; e isto non é un problema, isto é unha oportunidade. Temos que prepararnos para esa nova oportunidade, e hoxe témolo que facer, dende logo, cumprindo coa Lei de dependencia, aumentando o número de prazas en escolas infantís, aumentando o número de prazas en centros de día, aumentando o número de residencias, aumentando o número de horas de axuda no fogar. Pero, de verdade, tamén a través da innovación, tamén a través da participación dos sectores que representan os nosos maiores. ¿Ou será que non se quere contar co tecido asociativo que representa aos nosos maiores?

Imos seguir aprendendo deles, imos conseguir quitarlle todo o partido a estes programas dedicados aos nosos maiores e á nosa xuventude. Polo tanto, espero e desexo poder contar con todos vostedes nese camiño de innovación, nese camiño de mellora, nese camiño que nos leve a que Galicia sexa un mellor lugar para ser neno e tamén a que sexa un mellor lugar para facerse maior.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto quinto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, sobre a solicitude do Goberno galego ao Goberno central da creación *ex novo* de sete xulgados de reforzo en Galicia, cos medios humanos e materiais necesarios para afrontar, en cada unha das grandes cidades galegas, o probable aluvión de demandas polas cláusulas chan

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Julia Rodríguez Barrreira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento o galego insta a Xunta de Galicia a dotar, chegado o caso e de acordo coas indicacións que dea a este respecto o Consello Xeral do Poder Xudicial no sentido de ampliar o ámbito dos xulgados designados para dirimir os procesos xudiciais relativos ás cláusulas chan en función da evolución das demandas, dos medios materiais e persoais necesarios para estes novos órganos especializados.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bueno, o primeiro no que pensamos é que debemos ter memoria e lembrar que a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que estableceu que as cláusulas chan son abusivas é do 21 de decembro do ano 2016 e que estamos en xuño do ano 2017. O 21 de febreiro —dous meses despois daquel decembro— a Xunta de Xuíces do Civil da cidade de Vigo plantexaba un modelo, adiantábase e dicía: É necesario que articulemos un modelo porque é probable que haxa aluviós de demandas polas cláusulas chan das hipotecas. E establecía a posibilidade, propoñía un modelo, que era crear *ex novo* un xulgado cos medios persoais e materiais necesarios; é dicir, un xuíz ou unha xuíza, un letrado ou unha letrada da Administración de Xustiza, un secretario ou secretaria, funcionarios, unha sede e un reparto propios. Propúxose expresamente ao Consello Xeral do Poder Xudicial por parte da Xunta de Xuíces de Vigo e levouse a Madrid para que se puxese en marcha un plan de urxencia.

Este grupo parlamentario coincidía e coincide con esa petición, pero non só para a cidade de Vigo, evidentemente. Estaría ben ter unha en cada partido xudicial con xulgados de Primeira Instancia; pero sabiamos que economicamente era inviable. Por iso plantexamos que as principais cidades de Galicia, ademais das catro capitais de provincia, tivesen un modelo semellante ao que se propuña pola Xunta de Xuíces do Civil da cidade de Vigo, e por iso precisamente rexistramos esta proposición non de lei.

Tres meses despois de que a Xunta de Xuíces de Vigo plantexase un modelo que non era exactamente así como o que nós pedimos hoxe, porque eles facían referencia ao das preferentes, e os xulgados que resolveron as preferentes tampouco foron unha solución perfecta para a resolución daquelas demandas, o que se acaba de decidir por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial, coa aquiescencia do Goberno de Mariano Rajoy e a aquiescencia tamén —por, como sempre nos teñen acostumados, silencio absoluto— da Xunta de Galicia, é que catro xulgados que xa existen, o 7 da Coruña —1ª instancia—, o 2 de Lugo, o 4 de Ourense e o 14 de Vigo, que non están precisamente vacíos en canto ao seu traballo, van especializarse tamén nestas demandas por cláusulas chan.

E o modelo, polo que di o propio plan de urxencia —o de urxencia dá un pouco de risa, porque se a sentenza foi en decembro e estamos en xuño e acaban de empezar o día 1, moita urxencia o plan non tivo—, funciona da seguinte maneira: nos xulgados que teñen menor entrada de asuntos —di o plan— o xuíz asume as súas propias demandas e, ademais, estas demandas novas; é dicir, as demandas —digamos— normais, e estas novas para cláusulas chan; di o plan: con medidas posibles de compensación e reforzo se fosen necesarias. E nos xulgados nos que o ingreso de asuntos sexa superior, poderá haber un xulgado bis, é dicir, outro con xuíces e xuízas en todo caso en prácticas, recén saídos da Escola Xudicial. Non sabemos que significa menor entrada de asuntos ou asunto superior; ese matiz numérico non existe no plan.

Precisamente máis ou menos isto é o que se vén trasladando na emenda que plantexa o Partido Popular, en canto á súa imprecisión —quero dicir—, e na falta dun sistema numérico que nos diga, por exemplo —logo falarei da emenda na miña segunda intervención—, que significa «chegado o caso»; non sabemos a que casos se están referindo.

A pasada semana, máis de cinco meses despois da sentenza do Tribunal de Xustiza. E a partir de aí, as verbas de todos os profesionais do sector da xustiza son: desconcerto, improvisación, descoordinación, falta de persoal e ausencia de información.

Están de acordo as catro asociacións xudiciais, todos os colexios de avogados e procuradores, os letrados da Administración de xustiza, os funcionarios. Firmaron un manifesto contra a decisión do Consello Xeral do Poder Xudicial. Evidentemente, sabemos que o xefe do Consello Xeral do Poder Xudicial non é precisamente alguén desligado do Partido Popular. Decidiron centralizar as reclamacións precisamente nestes catro xulgados en Galicia, e un por provincia no resto do Estado español.

Ocorreu algo inaudito, e é que o outro día, en Granada, as xuntas dos oitenta e tres colexios de avogados de España decidiron concentrarse en Granada e acordar un recurso contencioso-administrativo contra este plan de urxencia que se adoptou un día en Madrid. Algo inaudito —digo—, porque os colexios profesionais soen ter distintas versións e distintas ideas sobre os mesmos asuntos, e hoxe mesmo un diario de Galicia titula —vouno ler en castelán, porque están en castelán—: «*Rebelión de los secretarios judiciales de las cláusulas suelo*».

É dicir, teñen vostedes —noraboa— outra vez igual que Gallardón: o Consello Xeral do Poder Xudicial vaise converter en máis popular, popular non só por ser famoso, senón popular tamén por ser afín —parece— ao Partido Popular, e acaba de acadar que todos os sectores da Xustiza volvan estar unidos e xuntos en contra desta decisión que se adopta para as demandas por cláusulas chan das hipotecas.

E non é para menos. Os xulgados van estar capitaneados por xuízas e xuíces en prácticas, e o Consello Xeral do Poder Xudicial tomou a súa decisión cando faltaba unha semana para que rematasen os tres meses que o Goberno deu para dar unha solución extraxudicial, da que, por certo, non temos ningún tipo de dato.

Polo tanto, menos mal que os gobernos do Partido Popular son eses da eficiencia e da eficacia en todos os ámbitos da vida dos cidadáns, tamén dos cidadáns que temos unha hipoteca con cláusula chan.

Este modelo de xulgado xa dicían os profesionais que ía ser colapsado, porque os centos de demandas de cada provincia non se ían poder tramitar porque non había medios, non hai letrados, nin funcionarios, non hai nin ordenadores. E tanto é así que onte en Vigo xa tiñan 15 demandas diarias, e teñen, en Lexnet, sen poder tramitar, porque non hai equipos informáticos nin funcionarios para tramitar estas demandas, 28 paradas, sen abrilas. E acabamos de empezar, o día 1 de xuño.

Polo tanto, eficiencia, eficiencia e eficacia absoluta. Vai haber atrasos e ao final van saír prexudicados os de sempre, que son os cidadáns, evidentemente, non os bancos. Non hai medios axeitados, non hai persoal suficiente, non hai formación. E estes asuntos non son fáciles de resolver. As sentenzas non van ser unha sentenzas modelo idénticas para todo o mundo, van ser distintas, porque van depender —e quizais a iso é ao que se refire a emenda do Partido Popular— de «chegado o caso»; cada caso vai ser distinto e as sentenzas van ser diferentes, e ao final o que se vai acadar é unha solución inxusta, antisocial e que vai acabar favorecendo as entidades bancarias.

Nós reclamamos as peticións. Antes subía aquí o conselleiro de Política Social e falaba do sector. Pois nós tamén. Parafraseando a un antigo deputado desta Cámara, ilustre membro da Mesa, que sempre falaba do sector, pois eu tamén vou falar do sector, pero do sector xudicial, non do sector do mar. Todo o sector está en contra desta decisión. Levamos cinco meses dende unha sentenza que era case case previsible e o plan de urxencia non funciona, non houbo urxencia e a eficacia non se ve por ningún sitio.

Debería existir un xulgado novo para estas sete cidades principais de Galicia, pero con sede propia, repartición propia, xuíces ou xuízas propios, secretarios propios, medios funcionariais —que, por certo, dependen da Xunta de Galicia, non dependen do Estado central— propios.

Porque a responsabilidade é compartida. O 31 de maio en Madrid ían a unha reunión os membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Ministerio de Xustiza e da Vicepresidencia da Xunta de Galicia. Todos estaban nunha reunión de coordinación, pero parece ser que lles podía ser máis útil ir tomar un café ou dar un paseo por Madrid, porque o resultado é realmente catastrófico e dantesco.

Por iso instamos ao que dicía, a que se creen estes sete xulgados *ex novo*, de reforzo, un en cada capital de provincia e en Vigo, en Ferrol e en Santiago de Compostela, cos medios axeitados, porque ao final vai ser certa unha frase que algún dos meus ex-compañeiros de profesión me din: que no seu traballo habitual teñen centos de demandas dende que se ditou a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Dinme que estes novos xulgados para as cláusulas chan, ao final, sen ningún tipo de medios, só van beneficiar as entidades bancarias e nunca os cidadáns de a pé.

Por iso esperamos que voten a favor de algo que consideramos, como mínimo, xusto. Son xa moitos anos con cláusulas abusivas, que as entidades bancarias...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato, presidente— sabían que eran abusivas, e esperamos que vostedes corrixan co seu voto esta decisión.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Vilán, menos mal que os cidadáns saben quen traballa a prol das solucións e quen se dedica a enredar, anunciando sempre escenarios catastróficos e dantescos, porque isto que vén de describir francamente é do que se trata.

Mire, efectivamente, a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea é do mes de decembro. Un mes despois o Goberno publica un real decreto lei, cun mecanismo extraxudicial, para dar unha resposta ou facilitar unha resposta extraxudicial e os acordos entre os consumidores e as entidades bancarias; un mecanismo que establecía que as entidades bancarias nun mes tiñan que dispoñer dos mecanismos ou das medidas necesarias para facilitar eses acordos e en tres meses darlles resposta.

Por tanto, estamos neste mecanismo extraxudicial a finais de maio. Aínda así, e a pesar de que as entidades bancarias lles deron unha resposta moi desigual a estas reclamacións, e por tanto esa resposta extraxudicial tamén determinará o número de asuntos xudiciais que haberá, e por tanto, cando vostede dicía que non había datos, evidentemente, porque iso foi antonte, e ese mecanismo non está esgotado, aínda así, resulta que o 10 de febreiro se presenta un plan urxente por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial, e di vostede que decidiu con aquiescencia. Non, decidiu despois de reunirse cos presidentes dos tribunais superiores de xustiza, despois de escoitar os representantes das xuntas de xuíces, e por tanto opta por un mecanismo que prevé o artigo 98 da Lei orgánica do poder xudicial, que é o da especialización, especialización dun ou máis xulgados por provincia, precisamente en casos excepcionais e por tempo determinado, que é a situación na que nos atopamos.

Na nosa opinión, esta fórmula favorecerá a uniformidade. Di vostede que non son asuntos fáciles. ¡Oia!, estes xuíces que din vostedes son xuíces en prácticas. Mire, está prevista unha formación específica. Aínda que vostede diga que non serán xuízos fáciles, pois, evidentemente, o feito da especialización tamén favorecerá unha uniformidade e que estes xuízos se tramiten con maior axilidade. E, por outra parte, permitirá resolver os litixios sen aceptar o tempo de resposta que se lle dá ao resto dos asuntos.

Estas fórmulas, estas medidas, señoría, ademais, teñen unha vantaxe, e é que esta fórmula permite irse adaptando ás necesidades. Lea o artigo 98, que fala da especialización, e o plan prevé, en función do volume de asuntos que vaian tendo entrada, distintos escenarios.

Un deles, cando di vostede: ¿asumen os xulgados as súas propias demandas nos casos de menos carga de traballo? Non, porque o que se prevé é a exención parcial da repartición neses casos. E di vostede: ¿cantos son poucos asuntos ou moitos asuntos? Pois mire, lea o plan e verá que para menos de 400 asuntos se prevé esta exención parcial de repartición; que, de 401 a 900, 1 xuíz de reforzo; que, de 900 a 2.000, 2 xuíces de reforzo. É dicir, que o plan está previsto para distintos escenarios, e ademais está pensado para os cambios que se vaian producindo en función do volume de asuntos que vaian entrando.

Por tanto, señora Vilán, o Consello Xeral, como lle dicía, optou por esta fórmula, e en Galicia concretamente optou por esa primeira situación ou escenario nos casos de Lugo e Ourense, e no caso da Coruña e de Vigo opta por 1 xuíz de reforzo, 1 letrado da Administración de xustiza e 3 funcionarios.

O Goberno e o Consello Xeral do Poder Xudicial, ao noso entender, aportaron solucións, e no Grupo Popular temos clara a importancia de poñer á disposición dos cidadáns, dos consumidores, todos os medios para que teñan cumprida e rápida resposta ás reclamacións derivadas das cláusulas chan, e, ademais, que estas respostas non deben afectar a resolución do resto dos asuntos.

Pero, señoría, nós temos moi recente esa carga política que vostedes empregaron no caso das preferentes, mesmo cando se quería poñer en marcha aquelas solucións extraxudiciais, e, por tanto, eu espero que, no que atinxe ás cláusulas chan, vostede non opte, e isto sexa simplemente unha actuación precipitada, e non caia vostede no populismo fácil, ao que xa apuntaron neste pleno. Porque, mire, non se trata de que onde vostedes ven catro xulgados queren sete, onde vostedes ven tres funcionarios queren cinco, porque, evidentemente, a determinación dos reforzos ou o número de xulgados non pode ser froito da súa decisión caprichosa, terá que ir en función das necesidades.

O que cómpre é ir facendo unha valoración, e está prevista unha valoración mensual deste plan de urxencia. Por iso nós temos presentado unha emenda, señoría. E quérolle respostar a isto que vén de dicir en relación coas demandas de Vigo e a rebelión. Mire, o que tamén ten que dicir é que en Vigo nestes días, no que vai dende que está funcionando o xulgado especializado, se teñen presentado 30 demandas; tampouco parece un aluvián de demandas, como vostede quere deixar ver cando di que temos ¡centos! de demandas. Imos por partes. En Ourense en dous días presentáronse 10 demandas, non sei que o sorprende, pero eu creo que non estamos a falar dese aluvián enorme.

E, por tanto, deixe poñelo en marcha, deixe traballar, nesta semana van estar traballando, e do que se trata é de que, en función da carga de asuntos, se irán determinando as necesidades...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...que se van plantexar.

E por iso a nosa emenda, que esperamos que acepten —e xa remato, señor presidente—, na que instamos a Xunta de Galicia a dotar, e dicimos «chegado o caso», de acordo coas indi-

cacións que dea a este respecto o Consello Xeral do Poder Xudicial, no sentido de «ampliar...». E permítame que faga unha corrección a un erro de transcripción. Onde se di: «o ámbito», debería dicir: «ampliar o número dos xulgados designados para dirimir os procesos xudiciais relativos ás cláusulas chan, en función da evolución das demandas e dos medios materiais e persoais necesarios para estes novos xulgados especializados». Deixemos que arranquen, deixemos ver o número...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...de casos que se presentan e, en función diso, ampliemos o número, se é preciso, ou os reforzos.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todos e a todas.

Eu vou ler tamén un par de titulares. Eu vounos traducir, que estou inspirada, aínda que a Xunta de Galiza non me pague unha subvención por publicar en galego para logo facelo en castelán. *La Voz de Galicia*, edición de Ourense: O xulgado recibiu 10 demandas por cláusulas chan en só dous días; a este ritmo é previsible un colapso no xulgado do mercantil. Isto non o di o BNG. *Faro de Vigo*: O xulgado de cláusulas chan segue sen arrancar, con 28 casos parados e agora sen letrado xudicial. Os antigos secretarios rexeitan asumir voluntariamente este labor ao exixir un profesional a tempo completo. As demandas rexistradas desde o xoves, sen repartir. A de onte tiña que ter sido a terceira xornada laborable dun xulgado de reforzo de cláusulas chan. Etc., etc. ¡Home!, un aluvión non serán, pero aí están paradas esas 28 demandas.

En fin, creo que, entre isto e os datos que xa saíron, cumprida conta hai de que o plan de urxencia é absolutamente delirante e de que as novas de hoxe que se están a suceder nestes días reflicten algo que á fin e ao cabo non é unha sorpresa, non é algo que sorprenda a ninguén. E, por exemplo, se imos ao *Diario de Sesións*, algo que habitualmente lle gusta tanto ao Partido Popular, podemos ver como, cando debatemos nesta Cámara ao fío da sentenza de decembro do ano pasado sobre como habería que xestionar a cuestión das cláusulas chan, pois xa os grupos da oposición advertimos que isto podería pasar e que era necesario facer algún tipo de actuación ao respecto.

Era previsible, porque, tal e como denunciámos con maior ou menor contundencia as forzas da oposición, o decreto aprobado no Estado, coa conivencia do Partido Popular e tamén do Partido Socialista e de Ciudadanos, era un absoluto fracaso anunciado, un novo cheque en branco á banca; un decreto que é o fondo do problema do que estamos a falar hoxe, que se saldaba coa habitual mostra de complicidade dos grandes partidos do Estado coa banca; un

decreto que, tal e como denunciámos, renunciaba a sentar as bases para un funcionamento transparente e racional na banca do futuro; un decreto absolutamente insuficiente para dar saída pola vía extraxudicial ás necesidades das persoas afectadas, e que agora deriva en que, aínda á espera de que remate ese prazo e de que poidamos ter unha visión máis global, haxa moitas persoas que acabaron optando por esa vía estritamente xudicial ante o auténtico calote repetido que volvía ser a vía extraxudicial.

Repasemos brevemente algunhas das razóns polas cales ese real decreto é unha absoluta tomadura de pelo e non funciona. Por unha banda, cómpre recordar que non recollía medidas urxentes para axilizar a solución, que tería que pasar —segundo nós entendemos— por obrigarse a devolver de oficio ás entidades abusadoras aquelas contías que tiñan suposto un claro caso de agravio para os seus clientes. Non se apostou por esa vía de oficio, e de aí as consecuencias.

En segundo lugar, un auténtico disparate tamén que se determinase que sexa a banca quen cualifique e informe as persoas consumidoras da existencia de cláusulas chan abusivas, sen que se faga unha catalogación de qué era exactamente esa cláusula chan abusiva e poder facer unha cuestión que era colectiva de forma colectiva.

E logo xa unha das cuestións máis absolutamente disparatadas de todo este proceso é que sexa precisamente a propia banca —quere dicir, quen roubou— quen teña que decidir cal é a contía que debe devolver ao cliente. Iso é tomar directamente de imbéciles as persoas afectadas, porque é unha auténtica tomadura de pelo.

Por outra banda, tamén vimos como o resultado é que non mitiga a litixiosidade, iso que se nos vendía como algo tan fundamental, e que nós coincidimos en que para calquera cidadán é un problema a priori ter que ir aos tribunais, algo que desata moitas incertezas e que desata moitas complexidades, pero desde logo había outras alternativas. Había a alternativa de habilitar procedementos de oficio, había a alternativa de habilitar sistemas de arbitraje, tal e como propuxemos outras organizacións políticas; ou máis aínda, cando menos, exercer as competencias exclusivas de consumo, ao que tamén renunciou a Xunta, renunciando a proposicións non de lei impulsadas por esta organización para establecer, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo, algún mecanismo que fiscalizase, aínda que fose de forma aleatoria, se esas ofertas de trato estaban a ser xustas. Non o fixo e agora temos as consecuencias. Xa as organizacións de consumidores alertan de como moitas entidades bancarias están a ofrecer unha contía moi inferior ao que deberían devolver aos clientes e moitas delas intentando colocar novos produtos financeiros para non devolver todo en líquido.

Polo tanto, máis alá de poñer unha solución a este problema en concreto, polo cal votaremos a favor da proposta do Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...entendemos que desde o Partido Popular, como forza maioritaria na Xunta e no Estado, deberían, dunha banda, rectificar e dotar deses medios

xudiciais e tamén dirimir responsabilidades políticas por ternos levado a este punto, sobre todo ás persoas afectadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas.

Boas tardes.

Asistimos ao comezo dun novo funcionamento anormal da Administración de xustiza, un novo caos da Xustiza, da que son responsables os que din defender a Xustiza; defendela, si, pero sen medios, e defendela, si, pero dificultando o acceso á tutela xudicial efectiva, dificultando o acceso á xurisdición.

En primeiro lugar, como xa se dixo aquí, desde o mes de febreiro sabíase que o 1 de xuño empezaría o momento no que chegasen as demandas aos xulgados, que podían ser de aluvión ou non, pero, tal e como se configurou a normativa, era evidente que se configuraría en réxime de aluvión, como está sucedendo.

¿E isto por que? Porque a solución legal para a corrección, conforme a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, das cláusulas chan, tal e como denunciou En Marea no seu momento, obrigaría as persoas estafadas a ir aos xulgados. Co cal chegamos a unha situación de dobre situación de fraude ou de estafa masiva.

En primeiro lugar, pola gran estafa masiva que supuxo a presenza de cláusulas chan nos contratos hipotecarios, e dos que soamente mediante a vía do dereito do consumo da Unión Europea se conseguiu corrixir. Pero durante anos a cidadanía foi a que tivo que seguir pagando non soamente ese capital, senón eses xuros que viñan establecidos unilateralmente e de xeito abusivo por parte da banca.

Pero o segundo abuso perpetrouse coa conivencia dos poderes públicos, coa conivencia do Partido Popular en relación coa banca —a banca e Abanca ademais, concretamente—, cunha solución que establecía no mes de febreiro, co real decreto lei, unha equidistancia entre abusadores e vítimas. E non é admisible a equidistancia cando as partes non están en igualdade de condicións e cando uns foron condenados por estafa e os outros foron vítimas deste sistema hipotecario. Desta maneira, tal e como se explicou aquí, non se estimulaba a banca co cumprimento da legalidade, non se estimulaba a banca a chegar a un acordo, cando era a banca quen determinaba unilateralmente o carácter abusivo da cláusula ou cando determinaba a cantidade a pagar e, ademais, cando se establecía un sistema de limitación de custas á hora de reclamar xudicialmente.

Pero, non sendo suficiente, perpétrase un novo abuso na semana pasada, que é a alteración do xuíz competente por razón de territorio, algo no que discrepo en relación co enfoque que

fai a deputada do Partido Popular. A Lei orgánica do poder xudicial e a de axuízamento civil din que en contratos con cláusulas xerais de contratación o xulgado competente é o do domicilio do demandante. Pero aquí non, non é o do domicilio do demandante, pasa a ser o xulgado da capital de provincia, de tal maneira que as persoas que son vítimas desta situación son as que teñen a carga de desprazarse á capital de provincia. Unha persoa que viva en Viveiro e teña o xulgado enfronte da casa terá que ir a Lugo, co custo de traslado dunha hora e media de viaxe; o mesmo sucede cunha persoa da Gudiña, que terá que ir a Ourense, ou de Ortigueira, que terá que ir á Coruña tamén, cos desprazamentos e con todo o que iso supón de incremento de gastos.

¿A quen beneficia este sistema de afastamento da Xustiza do cidadán? ¿A quen beneficia esta utilización excepcional da Lei procesual? Evidentemente, á banca, á banca, porque o que se defende, cando se fai desde a defensa da capital da provincia en todos estes casos, fará unha percepción dun maior custo por parte de quen teña que desprazarse.

Falábase aquí de que esta especialización é consecuencia da aplicación do artigo 98 da Lei orgánica do poder xudicial. Efectivamente, o que pasa é que mediante o decreto do mes de febreiro podía preverse e evitarse a situación que se crea agora e que se pretende solucionar mediante especialización. ¿E como podía solucionarse? Pois dixémolo aquí dende esta tribuna: o Goberno tiña na súa man establecer un decreto que establecese unha posición proactiva e unha posición proconsumidor, non equidistante entre os que foran condenados e os usuarios, que eran os estafados. Non hai equidistancia posible entre unha banca condenada e uns estafados, ¡non hai equidistancia! E moito menos hai a posibilidade, non é xusta a obriga que configurou o sistema de que a favor da banca se establecese unilateralmente a cantidade e o carácter abusivo. Por esa razón, era previsible que a banca non se aviñese, na meirande parte dos casos, á redacción ás cláusulas abusivas, porque ían dicir que non eran abusivas en ningún dos casos. Non tiñan razóns para solucionar extraxudicialmente o problema.

Á señora deputada do Partido Popular parécelle que en tres días 30 demandas son pouca cousa, en vinte e dous días hábiles ao mes son 220 demandas, ao cabo do ano son 2.400, do incremento en relación co traballo ordinario dun xulgado. Son as contas que botan, a min dáme igual. Pero o problema é que os prexudicados son os cidadáns e as cidadás.

Por esa razón, nós consideramos que, evidentemente, tiña que se producir unha solución de forma diferente. Para empezar, na próxima comisión mixta entre a Xunta e o Consello Xeral do Poder Xudicial poderían dicirlles aos señores membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, particularmente ao seu presidente, que podían dar unha volta por aquí para ver cal é a nosa xeografía, cal é a distribución poboacional, en definitiva, cal é o noso asentamento poboacional e a nosa idiosincrasia para ver como debían de distribuírse territorialmente para garantir o acceso á tutela xudicial efectiva.

Ademais disto, era posible que a propia Xunta de Galicia arbitrara mecanismos de solución preprocesual deste problema. Dentro dos estreitos marcos que daba o real decreto lei, era posible que se pactase ou que se acordase un mecanismo de solución extraxudicial e que se incentivase desde a propia Administración pública, e de xeito coordinado cos propios concellos, unha solución para atender toda a cidadanía...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...—si, vou rematando— que está afectada por isto.

De tal maneira que En Marea apoiará a proposta inicial formulada polo Grupo Socialista, pero non o fará no caso de que se acepte a transacción proposta polo Partido Popular.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu vir aquí non sei se é bo ou é malo. Que me tachen de populista pola miña intervención da mañá e por esta intervención que teño agora pois ao final ata vou dar as grazas, porque ao final vai ser que ser populista é estar no centro da diana de vostedes, e ao final imos ter que dar a razón en que no Partido Socialista, a partir de agora, somos populistas, e tamén no PSdeG.

O único que facemos é relatar o que está a ocorrer, nada máis. E, desde logo, os que non son populistas seguro que son as asociacións de xuíces, as asociacións de fiscais, os colexios de avogados, os colexios de procuradores. Eses de populistas non teñen absolutamente nada, e están todos en contra da medida decidida por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial. Tanto que, como antes lía, «*Rebelión de los secretarios judiciales en las cláusulas suelo*», neste artigo dise que o secretario provisional de Vigo ía prolongar a súa xornada para prestar este servizo, pero onte, ante a presión dos seus compañeiros, decidiu dimitir. Todos os secretarios xudiciais de Vigo teñen decidido firmar un manifesto queixándose desta improvisación, e ao final vai ter que ser o coordinador provincial quen designe un secretario que, de maneira forzosa, vai ter que asumir este control da oficina xudicial.

Polo tanto, vostedes saben ben que esta medida non é unha medida para beneficiar os consumidores, para beneficiar os cidadáns. Saben vostedes que o primeiro mecanismo polo que vostedes querían optar era que os xuíces de menores se encargaran das demandas das cláusulas chan, xuíces de menores que teñen competencia no ámbito penal. Pero falouse con eles e os xuíces de menores dixeron que «*ni hablar*», que eles non asumían esa competencia, primeiro porque non eran os especializados en materia civil e que, polo tanto, non o ían facer.

É dicir, o que fixeron por parte do Goberno foi tocar varios sectores para non tomar a decisión que tiñan que tomar, que era que haxa xulgados que se dediquen de maneira exclusiva ás demandas por cláusulas chan, para poder resolver, como vostede dicía, señora deputada do Partido Popular, de maneira o máis rapidamente posible. Os preitos non son rápidos, son lentos, tardan anos, e non lle digo os recursos ás audiencias provinciais correspondentes, que tamén os vai haber, recursos de apelación, van tardar anos. Polo tanto, a resposta non

vai ser rápida. E aínda quedan moitas decisións, moitas solucións, desa solución extraxudicial, sen resolver. E aínda quedan todas as demandas de por xustiza gratuíta que se van tramitar nos colexios de avogados e que tamén se van presentar nos xulgados. E se en tres días —os sábados e os domingos son inhábiles nos xulgados—, dende o día 1, tres días ata o día de onte, houbo 30 demandas en Vigo —son 10 demandas por día— e non hai moitos xulgados, faltando todas as solucións extraxudiciais, un montón delas sen resolver, faltando todas as demandas de xustiza gratuíta, faltando todas as demandas que os despachos de avogados teñen nos seus despachos para presentar no momento en que se instalasen e comezasen a traballar estes xulgados.

Iso non é catastrofismo, iso é realidade pura e dura. Sabemos que vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...cando a solución á vida real non lles gusta, o que fan é mirar para outro lado, para intentar evitala.

Aquí o que nos gustaría saber —rexeitamos a demanda por imprecisa e porque non é máis que dicir o mesmo que di o Consello Xeral do Poder Xudicial, e están todos en contra— é a quen vai beneficiar a porta xiratoria para cada unha das entidades bancarias que van estar beneficiadas a través destas demandas destes xulgados —digamos— colapsados que vostedes teñen decidido.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán Lorenzo.

Entendín que se rechazaba a emenda, ¿non? *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* Rexéitase. Ben, moitas grazas.

Pasamos ao seguinte punto, que é o 5.2, do grupo das proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de *Eucalyptus nitens*, respecto das previsións do Plan forestal

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don David Rodríguez Estévez, e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don José Antonio Quiroga Díaz.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Davide Rodríguez Estévez e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Débense engadir no punto 1 da parte resolutiva os seguintes apartados:

« - Eliminar esta especie dos espazos sensibles (os incluídos na Lei de Espazos Naturais e Rede Natura).

- A eliminación desta especie nun radio de 100 m dos mananciais e marxes de regatos e ríos nun prazo de cinco anos.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

Na parte resolutiva da iniciativa débense modificar os puntos 2 e 3, que quedarán co seguinte contido:

«2. Regular as plantacións de eucalipto nitens dentro do novo Plan forestal galego e nos plans de reordenación de recursos forestais (PORF) de distrito para evitar efectos medioambientais nocivos.

3. Regular de acordo coas directrices comunitarias ambientais e de promoción das enerxías renovables no novo Plan forestal galego as condicións para a realización de cultivos enerxéticos.»

Emenda de adición:

Débese engadir un novo punto 4:

«4. Actualizar e repoñer o Decreto 149/2008.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rivas Cruz, por parte do Bloque Nacionalista Galego.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Cando permitimos plantar eucaliptos nas agras e traemos os alimentos para o gando do Brasil ou da Arxentina e os nosos de sabe Deus onde, contribuímos a destruír o planeta, pois obrigamos a deforestar selvas como a Amazonía. A terra de potencial agrícola é limitada e o ben máis prezado, xunto coa auga, para a humanidade. Permitir plantar eucaliptos nas terras agrarias é unha acción criminal, só comparable á loucura do señor Trump. *(Aplausos.)*

Todo vén indicarnos nos últimos tempos que a situación non ten máis para onde ir, está colapsada, é un despropósito colectivo. Temos un territorio enfermo, o noso monte está cada vez máis vello, esgotado, cunha situación sanitaria lamentable; unha parte del, abandonado,

e a outra, sufrindo a sobreexplotación da inframadeira de eucalipto e outras especies invasoras e daniñas. A súa rendibilidade é de risa. Non o inventamos os do BNG. Son sentenzas do Inventario forestal nacional IV, e todos estamos de acordo no desacordo. Uns devecen polas 600.000 hectáreas desarbizadas que din sen produción ou aproveitamento, e das 1,4 millóns de hectáreas restantes, só o 29 % din estar xestionado baixo criterios de eficiencia.

Atrás quedan os tempos en que o monte era o complemento natural e imprescindible para a agricultura e gandería deste noso país. E chegou o espírito comercial moderno, arrasador, o que todo mide nos minutos presentes: se é mañá xa non vale, ten de ser hoxe, cartos en man e o corazón no bandullo.

Case comezou todo —case— coa repoboación de Icona, señor Conde: piñeiros ata no ceboleiro, a multifuncionalidade eliminada por decreto, e pasou o que tiña que pasar. Nin a machacona propaganda conseguiu parar aquela vaga de lumes, ardían por toda parte os montes roubados que, aínda así, estaban sendo aproveitados polos labregos, eran repoboados de xeito unilateral e autoritario, nada iría para arriba.

Logo experimentamos a esperanza da revolución do leite. Dos setenta para os oitenta moitos caseiros conseguiron a propiedade con mil sacrificios, co lombo partido. As subvencións repartidas daquela maneira —xa sabemos— polo PP —daquela AP— non chegaban para as exigencias de Europa e houbo que arrimar cartos, e o monte, por suxestión da pasta e dos tableiros, inzouse de eucalipto, subvencionado en terras agrarias tamén.

Todos iamos vendo como esta especie esgotaba a fertilidade dos solos, como acosaba e secaba os acuíferos, como non permitía a vida á súa sombra, nin as formigas se atrevían. Todos viamos como a tranquilidade e o equilibrio do vello ecosistema humanizado do noso monte se viña abaixo, e ¡que máis daba! O sentido común, as leis, están para non seren cumpridas. Ti xa sabes: mentres non haxa unha denuncia, ti vai facendo, cartos no peto. E cando o eucalipto do país cumpriu os cen anos preceptivos tocáballe ter depredación e apareceu o bichiño que lle comía a alma, pero os intereses eran tantos e tan substanciosos que houbo cartos para investigación. ¿Quen demo estará detrás? ¿Quen está detrás?

Apareceron os antixeadas —desculpen: eu son da aldea—, os *nitens*, e veña hectáreas, todo coa bendición de sucesivos gobernos da mesma corda, ao servizo do papel hixiénico e dos mobles *prêt-à-porter*, e niso andamos.

No 2014 o volume de corta foi de 7,5 millóns de metros cúbicos, para 70.000 propietarios, que recibiron 280 millóns de euros; custo dos servizos contra incendios: 173 millóns de euros; negocio ruinoso.

Non hai moito, no Consello Forestal de Galicia púxose na mesa por parte da Consellería o borrador dun decreto que incluía unha moratoria na plantación de eucaliptos na provincia de Ourense e mais no leste e no sur da provincia de Lugo. Aquilo acabou como o rosario da aurora.

Falouse de que a superficie prevista para o eucalipto no actual Plan forestal de Galicia é de 245.000 hectáreas. E, segundo o Informe forestal nacional IV, xa foron superadas hai vinte

anos. Actualmente estamos en máis do dobre. Segundo estes datos e desde hai dez anos, as superficies plantadas con *nitens* medran e medraron a razón de 12.000 hectáreas por ano e, no medio de todo, 30.000 hectáreas de terra agraria plantadas de xeito ilegal. Hai solos de especial protección agropecuaria con piñeirais de trinta ou corenta anos. Descontrol, ausencia de planificación e falta de ordenación do territorio. ¿Cara a onde camiñamos?

E cando veñen as cortas das masas forestadas hai dez ou doce anos e o prezo faga *crack*, ¿que?, ¿daquela que? ¿E que facer deste caos?

Pois aquí estamos os do BNG dispostos a razoar competentemente, que diría o amigo Manuel María. Esta proposición non de lei contempla na súa resolución a inflexión necesaria para iniciar a freada e sentármonos a falar do monte en serio, todos. É imperioso e urxente recuperar a cordura. Temos un monte privilexiado, o mellor de toda Europa, sen chauvinismos.

Non lles vou ler aquí as razóns das requetesabidas de por que prohibir o *nitens* nin da necesidade de facer recuar a superficie de eucalipto, nin do oportuno da prohibición dos cultivos enerxéticos e a limitación da potencia das plantas de biomasa forestal, nin da necesaria reordenación do territorio. Tampouco lles vou remover a conciencia coas políticas, indiscutiblemente acertadas, que o equipo de Suárez Canal deseñou e iniciou. Vostedes non saben de medidas endóxeas nin de políticas valentes que superen as feblezas históricas.

De todos os xeitos, vanme permitir unha maldade: voulle recordar a esta Cámara unha desas medidas. Todos —a un lado e a outro, de destra a sinistra, que non *siniestra*— concordamos en que a atomización da propiedade do monte é un dos nosos problemas. Polo menos, 600.000 propietarios con pequenas tenzas e guicholas que non superan os 7 ferrados de media. Quere isto dicir que, aínda que teñamos tenzas de monte superiores, tamén as temos de medio ferrado.

As uxfor (unidades de xestión forestal) naceron para, desde a propiedade privada, desde a propiedade privada —non o que dicían algunhas follas voandeiras que certa xente botou nas eleccións en certos colexios electorais, etc., etc.—, non, non, desde a propiedade privada, naceron para, desde a propiedade privada e a atomización, facer unha explotación razoable do monte, colectiva, un instrumento concibido para que propietarios cun mínimo de sensibilidade e conscientes das desvantaxes da micropropiedade puidesen xestionar de xeito conxunto o monte. Nun curto espazo de tempo, 46 uxfor en marcha, con 10.000 hectáreas, e funcionando.

A brigada de demolición do equipo de Feijóo e compañía allanou o camiño do caos e agora non saben que facer, porque o eucalipto bótaselles encima, literalmente encima. Miren, eu como cantor que son a tempo parcial, diríallelo cunha cantiga: «O zapato pide media e a media pide zapato». Quere dicir: o noso monte —zapato, en vez de zoco— pide madeira de calidade e multifuncionalidade; vestilo de zocos é unha barbaridade, porque está para calzar zapato botina, de mellor calidade. Todo isto, adecuado á súa riqueza potencial, pide medidas valentes, medidas que traian riqueza á nosa xente, ao noso país, piden cordura.

Señores e señoras deputadas, o momento é propicio. O eucalipto saturou ata os seus defensores. Teñan valentía. Esta proposta é un principio necesario: parar o tempo do caos, refle-

xionar, recuperar para a cordura as terras agrarias cativas, iniciar políticas en positivo, políticas en positivo, non coercitivas, en positivo, devolver as cousas ao seu sitio, e diversificar as especies, primando as autóctonas e a multifuncionalidade. Facelo paulatinamente, que é o que marca esta PNL, limparlle o rostro á paisaxe e volverlle ao país a riqueza que os deuses nos deron en forma de solo e microclimas de humidade e latitude.

É unha PNL de mínimos. Nas súas mans está.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Boas tardes, presidente.

Señorías.

Hoxe toca aquí falar dun malo, dun clásico, e dentro dos clásicos malos, aínda o máis malísimo de todos, que é o *nitens*. Pero cómpre non darlle categoría moral a un cultivo vexetal. E os efectos para situalos na realidade, os efectos do eucalipto, poden ser bos ou nefastos en función do lugar onde se planta, da cantidade e fundamentalmente da densidade. E estas tres variables son básicas para entender o problema e os seus efectos, tanto positivos como negativos. Pero estamos falando dun tema cheo, rodeado de lendas urbanas, como que eucalipto é igual a lume, cando só estatisticamente un 15 % das hectáreas queimadas é relacionado directamente co eucalipto.

Isto non quere dicir que non haxa unha relación directa noutros aspectos ou noutros eidos, pero eu escoitei recentemente un ponente nun curso sobre eucalipto na Universidade de Vigo relacionar os incendios en Ourense co eucalipto. Quedamos todos abraiados, ninguén dixo nada, tiramos para adiante, e así vai moitas veces o mundo.

O certo é que estamos a falar dun sector de gran transcendencia para o país. Unhas pequenas cifras ou pinceladas que nos reflicten que 670.000 propietarios e uns 100.000 produtores, polo tanto, moitos veciños, moita xente do noso eido rural, está directamente ligada con este sector forestal e en parte tamén co eucalipto, que xera o sector forestal —non o eucalipto— uns 70.000 empregos na Comunidade Autónoma, entre directos e indirectos. Polo tanto, é un sector moi moi importante.

Se falamos do eucalipto, da situación concreta do eucalipto, o 50 % da madeira que se cortou nestes anos é madeira de eucalipto, ocupando máis/menos un 20 % de superficie. Pero non só, como xa dicía o anterior comparecente, estamos a falar do sector produtivo, senón que o eucalipto e o forestal en xeral teñen derivas moi importantes a nivel social, a nivel cultural e a nivel medioambiental. E se falamos do eucalipto, estamos falando dunha deriva que empobrece a biodiversidade, que merma a riqueza dos nosos solos, e, polo tanto, é un cultivo que hai que ter baixo a lupa e que hai que incardinar.

Se falamos dos problemas que xera, nós non nos explicamos como as previsións do vixente Plan forestal do ano 1992, con 245.000 hectáreas que estaban fixadas, acabaron nas 425.000 hectáreas. Iso é un descontrol que non nos explicamos como se chega a producir, como tampouco nos explicamos como hai 30.000 hectáreas hoxe en día de terras agrarias — máis ou menos— ocupadas por plantacións fundamentalmente de eucaliptos, aínda que non exclusivamente.

Tampouco nos explicamos como non se fai case nada para frear esta invasión das terras agrarias. Como tampouco se explica como na Comisión 7ª, do día 2 de xuño —ou sexa, hai dous telediarios—, o director xeral comparecente non aportase ningún dato dos que se lle pedían sobre a ocupación de terras agrarias polos eucaliptos. Calou, énos incomprendible.

E este despropósito só é posible polo descontrol da Administración. É certo que un descontrol alimentado polo abandono rural, polo declive do modelo gandeiro, pola necesidade de recursos económicos e pola depreciación das frondosas, que esta é outra clave da que se fala moito, pero que hai que poñerlle os puntos sobre os is, as que todo o mundo parece que queremos, as frondosas, pero que ninguén consegue valorizar, e se non se valorizan, non hai futuro para elas, non nos enganemos.

Se non se ordena e planifica a superficie forestal, haberá unha expansión descontrolada do eucalipto con efectos económicos —como xa se dicía antes— que poden ser dramáticos para moitos veciños, a nivel económico, a nivel sociocultural, a nivel medioambiental, etc., etc.

A nosa posición diante deste descontrol forestal é que hai que proceder a ordenar e planificar as plantacións de eucalipto, para que non siga expandíndose sen control, e isto hai que facelo a través dun Plan forestal galego que ordene, que planifique e que regule, pero non un de chirigota, como o actual, senón un serio que faga cumprir a lei, o que se di nese plan, e a través dos plans de ordenación de recursos forestais de distrito, que son un mecanismo baixando de escala a nivel comarcal, que poden regular e poden planificar, porque planificar e ordenar son as claves para atallar este problema.

Diante do monocultivo e a extensión do eucalipto, da falta de valorización das frondosas, apostamos por introducir mecanismos de condicionalidade que equilibren cultivos forestais e frondosas e compensen a extensión e coidado das superficies de frondosas, que ocupan hoxe en día un terzo da nosa superficie forestal pero que só aportan un 10 % do valor da madeira. Hai que rachar co monocultivo do eucalipto na Galicia costeira, e para iso hai que planificar e ordenar o mundo forestal. Hai que valorizar as frondosas, para que se manteñan e se expandan, porque, se non, carballos, carballeiras e fragas non van ser máis que un recurso poético ou etnográfico; hailles que dar valor; se non se lles dá valor, non os van manter os paisanos e os veciños.

E antes da prohibición, nós entendemos que hai que planificar, ordenar e aplicar a lei, nas terras agrarias, por exemplo. Porque para prohibir está o decreto tamén da Xunta, que desde o noso punto de vista é unha cortina de fume para espallar o monocultivo do eucalipto na Galicia costeira, mentres que na outra metade de Galicia —provincia de Ourense e un terzo da de Lugo—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...que xa hai moi pouquiño, pouco pinta esta prohibición.

Por iso, fronte á prohibición, defendemos a planificación e a organización, tanto do eucalipto como do resto das especies forestais nun novo Plan forestal serio, no que os plans de ordenación de recursos de distrito xoguen un papel clave. E se hai que prohibir, xa se prohibirá. E defendemos mecanismos de condicionalidade e compensación para harmonizar o mundo forestal, porque, se non, por si só e con moita poética non se organiza nin se planifica, e organización e planificación e regulamentación é o que cómpre neste sector e o que cómpre neste mundo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor QUIROGA DÍAZ: E xa para rematar, presidente, teremos que seguir falando e debatendo moito deste tema. E con respecto á proposición que se nos trae, nós ímonos abster, aínda que estamos de acordo coa primeira parte, pero na segunda, da declaración do *nitens* como especie invasora, non, porque non hai acordo da comunidade científica, e antes ben ao contrario, todos os datos remiten a que non ten as particularidades que debería ter unha especie invasora.

Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Mire o reloxo. Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Boa tarde.

Grazas, presidente.

Señorías, na Galiza hai máis de cento cincuenta anos que comezou a expansión do cultivo de eucalipto por todo o noso país. Nestes últimos anos, e coa complicidade sempre da Xunta de Galiza, empresas madeireiras e de pasta de papel vendérono como unha panacea rendible, unha especie forestal de rápido crecemento, fronte á lentitude de produción madeireira doutras árbores autóctonas.

Dende os anos sesenta, Galiza, Asturias, o norte e o centro de Portugal, o suroeste de Andalucía, foron territorios repoboados coa especie exótica do eucalipto, para abastecer as fábricas de pasta de papel e beneficiar grandes empresas con esta madeira.

Co Real decreto 630/2013, do 2 de agosto, entra en vigor o Catálogo español de especies exóticas e invasoras, co obxecto de reforzar a protección do medio ambiente e a biodiversidade. O problema causado por estas especies foi considerado prioritario dentro da Estratexia da biodiversidade da Unión Europea para o ano 2020, aprobando o Regulamento sobre as especies exóticas e invasoras.

O que nun principio parecía que se trataba de dispor dun número determinado de hectáreas desa especie, co paso do tempo foi incrementándose exponencialmente. Dende as 130.000 hectáreas do ano 1973, segundo o primeiro Inventario forestal, no 2016 chega a ocupar na Galiza máis de 400.000 hectáreas, entre masas puras e mixtas, o que representa practicamente a quinta parte do monte galego; é dicir, os eucaliptais medraron en superficie un 300 % en tan só corenta e tres anos.

O dito incremento asóciase a varias causas. Á parte das repoboacións voluntarias apoiadas e subvencionadas dende a Administración como único cultivo forestal alternativo, destaca o avance descontrolado cara ás terras abandonas por espallamento da semente, agravado polos incendios forestais. Cando se dan as mellores condicións de propagación pola velocidade do lume e o lanzamento de muxicas, poden chegar ata máis de 1 quilómetro, cos conseguintes riscos para a repoboación da contorna.

Nós últimos corenta anos, a superficie invadida pola semente do eucalipto, só a consecuencia dos lumes forestais, estímase en máis de 25.000 hectáreas, aumentando o avance descontrolado desta especie. Ademais, os eucaliptais convértense en terreos con escasa biodiversidade, debido aos aceites esenciais de follas que forman ao caer unha capa sobre o chan, cunha baixa taxa de descomposición.

Por outra banda, as raíces procuran humidade e auga, chegando a percorrer máis de 50 metros en eucaliptos de 25 metros de altura, penetrando en depósitos, penetrando en mananciais e creando unha maraña superficial que impide a filtración de augas cara aos acuíferos.

Dende o punto de vista económico, cómpre engadir que moitos dos eucaliptais que pasaron do exceso dos aproveitamentos, das tres cortas, pola perda de rendibilidade para o propietario, quedan totalmente descoidados, con proliferación de abrocho de cepa, xerando espazos impenetrables de varas carentes de valor económico, que fican neste estado ata que volven ser unha e outra vez pasto do lume, e incrementando sempre así as superficies de áreas degradadas.

Na actualidade, aproximadamente 175.000 hectáreas con eucaliptos están nesta situación. O Plan forestal de Galiza do ano 1992 foi aprobado por unanimidade neste Parlamento, no Parlamento galego, para un período de corenta anos, que contemplaba poñer freo ás repoboacións de eucalipto e que resultou ser un auténtico fracaso. Evidénciase que, no período de control previsto no Plan forestal de Galiza, só entre o ano 1992 —que foi o ano da súa publicación— e 1998 a superficie de eucalipto aumenta en 60.000 hectáreas; é dicir, en seis anos excedemos as previsións totais do plan para corenta anos.

As plantacións de eucaliptos en Galiza supoñen máis da metade das existentes no Estado español, alcanzando o 52 % do total. ¿As causas? O abandono agrario, o declive do medio rural, a falta dun modelo produtivo, sustentable e multifuncional, o acaparamento de terras agrarias para a plantación de eucaliptos. Isto acontece ante a pasividade, cando non complicidade, da Xunta de Galicia. Facemos oídos xordos co incumprimento das propias normas que nós fixemos.

Dende En Marea só atopamos un cómplice ligado ao aumento do eucalipto no noso país, e é o Partido Popular. ¿Con que obxectivo? Co obxectivo de seguir plantando eucaliptais as in-

dustrias madeireiras, Ence, grandes empresas, pastas para celulosa, promover a biomasa, etc., etc.

Polo tanto, imos apoiar a proposición non de lei, necesaria, que presentou o Bloque Nacionalista Galego. Presentamos unha emenda de adición no punto 1 da parte resolutiva, onde pedimos que se elimine esta especie dos espazos sensibles —os incluídos na Lei de espazos naturais e a Rede Natura— e a eliminación desta especie nun radio de 100 metros de manceiras e marxe de regatos e ríos nun prazo máximo de cinco anos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Señor presidente.

Señorías.

Debatemos hoxe a Proposición non de lei presentada polo Bloque Nacionalista Galego en relación co eucalipto, e eu quero aproveitar que onte a súa voceira, a señora Pontón, defendeu a necesidade de chegar a un acordo de país en relación co monte galego.

Miren, os acordos de país eu penso que non se acadan facendo plantexamentos unilaterais diante da prensa ou tratando sempre de botar encima do Grupo Parlamentario do Partido Popular ou da propia Xunta todas as desgrazas que lle poden acontecer ao noso rural. Penso que así non se dan feito acordos de país.

Os acordos de país conlevan consensos entre os diferentes grupos parlamentarios e os sectores implicados, e despois teñen que plasmarse en normas xurídicas que establezan o marco básico de funcionamento. No monte, o marco básico de funcionamento é o Plan forestal de Galicia.

Imos facer un pouco de memoria, porque disto xa falamos na Comisión 7ª, de que vai a revisión do Plan forestal de Galicia.

O Plan forestal de Galicia, do que vostedes falaron aquí, evidentemente é certo que é do ano 1992, e xa a Lei de montes, a Lei 7/2012, fai un plantexamento de proceder á súa revisión. Esta revisión trátase de facer de abaixo a arriba, coa participación dos axentes implicados a través dos órganos de representación deses entes implicados, que é Consello Forestal de Galicia. Nós podemos estar aquí a falar, pero tamén ten que falar o sector.

O Consello Forestal de Galicia, no que está —repito— todo o sector, ten 48 vogais, dos que 28 corresponden ao sector privado: propietarios, empresarios, universidades, enxeñeiros, asociacións ecoloxistas. Creou no ano 2014 un grupo de traballo para fixar as directrices que tiñan que servir á Xunta de Galicia de guía para a revisión do Plan forestal de Galicia, que —repito— é aí onde temos que ordenar o noso monte.

Estas directrices foron aprobadas o 17 de decembro do ano 2015. Son 112 diapositivas —algunhas delas vímolos na Comisión 7ª—, e como consecuencia desas directrices, que son as que ten que seguir a Xunta de Galicia imperativamente —despois falaremos do que nós proñoñemos ao respecto—, como consecuencia diso, estase agora a facer a revisión do Plan, que esperemos que se acabe neste ano.

Simplemente, por facer referencia a algunhas delas, imos ver que din esas directrices. Din, en primeiro lugar, que non é necesario incrementar a superficie forestal actual, 2 millóns de hectáreas. Din que se debe de aumentar a superficie arborada actual, 1,4 millóns de hectáreas. Din tamén que a superficie non arborada ten que poñerse en valor, incrementando a produción de pastos e forraxe en monte —multifuncionalidade, señorías—. Tamén falan da importancia da castaña, do cogomelo, do mel e das plantas aromáticas no monte galego.

Din —e agora vén o transcendente, polo eucalipto— que debería aumentarse a superficie arborada ocupada por coníferas, en particular piñeiro do país. Din que debería manterse ou reducirse a superficie arborada ocupada por eucaliptos. Xa son conscientes as directrices do problema. Din que cómpre aumentar decididamente a superficie arborada ocupada por frondosas caducifolias, mediante fomento da plantación, especialmente de castiñeiro, carballo, cerdeira, nogueira, freixo e bidueiro.

¿É que acaso isto non é para estar de acordo? ¿Non estamos de acordo? Pois miren, nesta busca de consensos, nós levamos unha proposición non de lei na Comisión 7ª o 2 de febreiro, e instabamos a Xunta a que na redacción do novo Plan forestal de Galicia se sigan as directrices estas que acabo de ler, consensuadas polo Consello Forestal de Galicia. Votos a favor: o PP; os demais abstivéronse. A min xa me contarán que é o que buscaban con iso.

Miren, señorías, o noso grupo parlamentario, de certo, non está a favor do monocultivo de eucalipto no noso país (*Murmurios.*) Se podo seguir... Si, igual a algún alcalde do seu grupo parlamentario da Mariña lle tiña que preguntar ao respecto do eucalipto, a ver a opinión que teñen, jeh! (*Aplausos.*) Pregúntelle, pregúntelle, xa verá. (*Murmurios.*) Si, si. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Mesmo non sei que pensaría vostede, señor Rivas, cando era alcalde do tema do eucalipto; tiñámolo que saber.

Mire, o certo é que a superficie para o eucalipto prevista no actual Plan forestal de Galicia, que eran 245.000 hectáreas, xa se sobrepasou dabondo —aquí xa falamos diso—. Os motivos son dous: primeiro, hai moita demanda de eucalipto e, ademais, é que é un cultivo rendible, pero non para grandes empresas. No ano 2015 fixéronse 82.000 cortas en Galicia, 8 millóns e medio de metros cúbicos, case que 300 millóns de euros de facturación, para 80.000 propietarios —que non estamos a falar aquí de que sexan grandes empresarios—. ¿E que facemos nós en relación co eucalipto? O primeiro é que a Xunta non subvenciona plantacións de eucaliptos dende hai máis de vinte anos. Todos os anos publícanse liñas de axuda para a plantación ¿de que?: de frondosas caducifolias e de castiñeiros de froito.

En canto ás limitacións de cultivo de eucalipto, miren, non se poden plantar estas árbores en terreos agrícolas, nas marxes dos ríos, nas proximidades das casas, e tamén hai limitacións para o cultivo en Rede Natura. Obrigamos a pedir autorización se se fai unha plantación

de máis de 5 hectáreas. Se alguén incumpre estas limitacións, o primeiro que fai a Consellería é notificarlle o asunto ao propietario —dende o ano 2012, 1.649 notificacións— e, despois, se segue incumpríndoo, expediente sancionador. Dende o ano 2012, 470 expedientes sancionadores por plantación en terreo de protección agropecuaria, cortas sen autorización, plantación de eucaliptos onde había frondosas, repoboación ilegal...

Señorías, nós, en relación coas peticións que fai o Bloque Nacionalista Galego, dicímoslles: o sitio onde temos que buscar os consensos e onde temos que facer esta regulación é na revisión do Plan forestal de Galicia.

En relación co eucalipto *nitens* —e coincidindo co señor Quiroga—, non se cumpren hoxe os requisitos científicos para poder entender que é unha especie invasora.

En relación co punto terceiro da súa PNL, eu quero rematar xa dicindo que os cultivos enerxéticos forestais están permitidos na Lei de montes de Galicia e na aplicación —e penso que isto é bo— de políticas dirixidas á redución paulatina no uso de combustibles fósiles con fins enerxéticos e considerando o papel da biomasa como fonte de enerxía alternativa con emisións neutras de dióxido de carbono. Este grupo parlamentario non comparte a opinión de que deban prohibirse, se ben as condicións para a realización destes cultivos enerxéticos deberán ser reguladas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: ...de acordo coas directrices comunitarias ambientais e de promoción das enerxías renovables, e todo isto no marco da revisión do Plan forestal galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

A ver se me dá tempo a contestar polo menos catro ou cinco cousas.

Miren, vostedes son responsables deste caos. (*Murmurios.*) Si, si, é dicir, se desde o ano 1992 ata o de agora, en vez de diminuír a repoboación por eucaliptos, pagada, como vostedes facían naquela altura..., vostedes levan gobernando aquí trinta e moitísimos anos —xa non conto os do franquismo—. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Claro, claro! Non, non, non, sexamos serios. (*Aplausos.*) Se ese plan non se cumpriu e se duplicaron as hectáreas de eucalipto, vostedes son uns fracasados. E resulta que agora nos queren colar que este novo Consello Forestal que faga un plan... Por certo, o Consello Forestal ¿cantos decenios leva sen renovarse e sen contemplar a realidade representativa no monte e os intereses no monte?

É dicir, vostedes primeiro implementan a plantación de eucalipto, crean un sector dependente do eucalipto, das industrias que transforman o eucalipto, e agora veñen a que drasticamente... Nós non falamos de medidas drásticas, porque iso suporía un gran fracaso social e suporía un gran revulsivo social, que non estamos dispostos a afrontar. Non falo do BNG, falo da Cámara, é dicir, do país galego.

Falamos de medidas paulatinas, serias, conscientes, e vostedes non están de acordo. (*Murmurios.*) Non, non, vostedes o que queren é seguir implementando a plantación de eucalipto. Eu vou ter eucaliptos ata nas macetas das casas. ¡Négome! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Claro! ¡Négome! (*Aplausos.*)

O *nitens*. Todos sabemos que os estudos científicos se pagan convenientemente, suxírense, e sempre hai doutores universitarios capaces de asinar informes favorables a uns ou a outros. ¡Isto é así! Entón, sexamos serios. (*Murmurios.*)

Vostedes e mais nós vemos este país diariamente e vemos unha paisaxe verde oliva que tira para atrás, que farta ata o máis... Vamos ver. Lugo e Ourense o gran problema que teñen é que o seu clima non serve para outro eucalipto como non sexa o *nitens*. E, entón, agora os seus alcaldes e posiblemente algún dos nosos se plantee: ¡concho, é que dá cartos! Non hai alternativa, ¡creemos unha alternativa! e paulatinamente vaiamos substituíndoo.

E sexamos sensatos. Poñamos este país de bandeira, con madeiras nobres, con madeiras que rendan para o futuro, con capital para os nosos netos, con todo iso que vostedes e nós sabemos que é posible. (*Aplausos.*)

E repito: a Consellería do deostado Bipartito foi capaz de demostrar que era posible. Despois da presentación de fincas que estaban inutilizadas por bancos que non funcionaban, ao día seguinte estaban colapsados os teléfonos de bancos de terras, e estaban colapsados os teléfonos das uxfor. ¡Sexamos sensatos, este país é sensato! Os paisanos da aldea non son ignorantes, ¡somos sensatos e sabemos o que nos convén! (*Aplausos.*), cando hai unha dirección política, cando hai unha dirección decidida, valente e innovadora e que fala de futuro. Do que estamos cansados é de que nos falen dun pasado negro, azul. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Sobre as emendas, ¡as emendas!

O señor RIVAS CRUZ: Quedámonos coa...

O señor PRESIDENTE: Coa da zeta. A ver, supoño que será a de En Marea. (*Risos.*)

O señor RIVAS CRUZ: Non. Un punto de En Marea.

O señor PRESIDENTE: Un punto de En Marea. ¿E a outra?

O señor RIVAS CRUZ: É para discutilo.

O señor PRESIDENTE: ¡Ah! Porque como xa se pronunciou que tal... Por iso tiña as miñas dúbidas. Por iso. Vale.

¿E sobre o comentario de...? Afortunadamente os gobernos da Xunta... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdoe un momento. (*O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) ¡Perdoe! Señor Vega, perdoe, que lle quero facer un comentario bastante importante.

Afortunadamente os gobernos da Xunta nada teñen que ver co franquismo. Moita da xente que estaba aquí aínda nin nacera, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) aínda nin nacera. (*Murmurios.*) E aínda nin nacera. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede nin nacera. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non. (*Murmurios.*) Bueno, quero dicir, pois tómeo a ben. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Tómeo a ben! (*Murmurios.*)

Bueno, vamos alá. (*Murmurios.*)

Última proposición polo día de hoxe que imos debater. (*Murmurios.*)

Silencio. (*Murmurios.*)

¡Silencio! (*Murmurios.*) Xa está, o comentario foi feito e non ten... Creo que todos sabemos o que dicimos.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, sobre a elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto

O señor PRESIDENTE: Foron presentadas unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de adición:

Débase engadir ao final da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

Engadir in fine: «...nos próximos tres meses, e que conteña unha estimación do custo económico das modificacións sobre este calendario. O Goberno galego comprométese a publicar na web da Consellería de Sanidade o documento definitivo ou facilitar unha copia por escrito aos distintos grupos parlamentarios representados no Parlamento de Galicia para facilitar o seu coñecemento e seguimento.»)

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de adición:

Proponse engadir o seguinte texto despois de «vacinal»:

«... universal, incluída a vacinación de adult@s, e realice todas as actuacións precisas para garantir o acceso universal, permanente e gratuito ás vacinas.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Pois ben, traemos hoxe unha iniciativa a esta Cámara sobre o desenvolvemento dun calendario vacinal de adultos que consideramos interesante por dous motivos. O primeiro de todos —e o máis relevante— é porque é un asunto de importancia seria para a saúde pública, que é o mesmo que dicir que é un asunto de grande importancia para a saúde de todos os galegos e de todas as galegas. E o segundo, porque foi un compromiso que figuraba no programa electoral de 2016 co que gañamos as eleccións; e a nós, señorías, parécenos moi importante cumprir o que prometemos.

Falamos da importancia que ten en saúde pública, porque non debemos esquecer que só hai cen anos as enfermidades infecciosas eran a primeira causa de morte no mundo, incluso nos países desenvolvidos. Na actualidade calcúlase que, grazas ás vacinacións, se salvan tres millóns de vidas a nivel mundial. Foi, por suposto, un dos grandes logros da saúde pública, xunto co alcantarillado e a potabilización da auga de bebida.

Os beneficios das vacinas infantís son ben coñecidos e son valorados, como o amosan as coberturas vacinais acadadas en Galicia e en España. Non obstante, a sociedade posiblemente aínda non é moi consciente dos beneficios que as vacinas nos poden proporcionar aos adultos en determinados grupos de risco ou en determinados grupos de idade, e isto a pesar de que nestes momentos o sistema público financia moitas vacinas no adulto.

No caso da poboación xeral, por exemplo, a vacinación contra o tétanos e a difteria; ou en grupos determinados, como é o caso da vacinación ofertada ás embarazadas para evitar casos de tose ferina ou da varicela, da tripla vírica, da hepatite B, da pneumocócica, entre outras, indicadas en determinadas situacións ao alcanzar certa idade. Pero as coberturas non son as desexadas, polo que moitos galegos quedan sen beneficiarse delas a pesar da súa gratuidade.

Galicia supera o 96 % de cobertura en todas as vacinas nos dous primeiros anos de idade, pero a partir de aí as doses de reforzo xa non teñen tanto seguimento. A pesar diso —como dicía antes—, Galicia e España poden presumir de datos de vacinación. Segundo se desprende do último barómetro sanitario, un 91,9 % das persoas están moi de acordo ou bastante de acordo coa eficacia das vacinas para previr enfermidades, por riba do Sistema nacional de saúde, 2-3 puntos por riba do resto de España. No caso de Galicia só un 1,8 %

está pouco de acordo coa súa eficacia e en Galicia ningunha persoa afirma estar nada de acordo coa eficacia das vacinas.

Non obstante, parece que empeza unha corrente de desconfianza en Europa. E na prensa de días pasados viamos como os expertos —non os políticos, señorías, nin dun nin doutro partido— alertaban de que a poboación non é consciente do perigo. Nun xornal galego podíamos ler: «¿Qué ocurriría si por un azar inesperado resurgiese el virus de la viruela, la primera y única enfermedad extinta? Pues que todo el mundo correría como loco en pos de una vacuna —responde el responsable del laboratorio de Virus y Vacunas del CSIC—. Lo haría porque la población sería consciente del peligro y recurriría a su valor más seguro para combatirlo: las vacunas. Pero, como esta amenaza hoy en día no se aprecia, los ciudadanos, especialmente en los países más desarrollados, han bajado la guardia, y lo han hecho hasta el punto de que países como Francia, Italia o incluso Alemania se acercan peligrosamente al porcentaje mínimo de inmunización exigible. ¿Cuál es el resultado de todo esto? Pues la reaparición en Europa de enfermedades olvidadas, como la polio, o controladas, como el sarampión, la difteria o la rubeola, altamente infecciosas». De feito —noticia do outro día—, en Italia o pasado mes de maio obrígase á vacinación infantil de 0 a 16 anos e é obrigatoria por un real decreto. Porque se está a ver que estamos abandonando as vacinas e esas enfermidades nós olvidámonos delas, pero as enfermidades infecciosas non se olvidan de nós.

No XXXV Congreso da Sociedade Europea de Infectoloxía Pediátrica, do pasado mes de maio, Mariagrazia Pizza, unha experta dentro do mundo das vacinas —a que foi a primeira muller que descubriu as vacinas da tose ferina e o meningococo B— foi preguntada tamén por este tema, por esta febre antivacinas. E respondeu contundentemente que, se hai enfermidades que non se coñecen, é porque xa houbo alguén que foi vacinado antes, e advertiu que isto é un tema serio, que non se pode esquecer. O certo é que hai quen, ao verse libre da enfermidade, pois cre que non existe.

Plotkin, outro dos vacinólogos máis relevantes a nivel mundial —foi o descubridor da vacina da rubéola nos anos sesenta—, di: «Es importantísimo que todos los países sigan promoviendo campañas de vacunación, ya que se ha demostrado que, cuando los índices de cobertura descienden, vuelven a aparecer enfermedades que habían quedado relegadas o que hasta incluso prácticamente estaban erradicadas».

Isto, señorías, é un problema serio dentro da saúde pública que debemos ter en conta, non debemos volver atrás. Dende o Grupo Popular, dende logo, non queremos facer esta volta atrás, o que queremos é unha sanidade pública máis eficiente e mellor preparada para o futuro. E está clara a aposta do Goberno de Feijóo pola prevención, porque, de feito, en Galicia fomos os pioneiros a nivel estatal na incorporación da vacina do pneumococo e tamén lo-gramos que o Goberno central incluíra a vacina da varicela no calendario infantil.

Como dicía ao principio da miña intervención, nós cumprimos o que prometemos. E, respecto das vacinas, tiñamos tres compromisos coa cidadanía galega: executar o xa aprobado calendario vacinal infantil para o ano 2017, que entrou en vigor o 1 de xaneiro e se está a aplicar sen incidencias. O segundo, potenciar a vacinación no adulto desenvolvendo un calendario vacinal para asegurar a maior e a mellor protección posible, que é o obxecto desta

iniciativa. E o terceiro era ofertar o uso de novas tecnoloxías cunha aplicación específica para dispositivos móbiles que facilite recordatorios e acceso aos datos de vacinación nos nenos e nenas e nos adultos. E sobre este terceiro punto, que era o que nos quedaba por cumprir, foi rexistrada unha iniciativa neste Parlamento neste senso.

Polo tanto, fixémoslo porque pensamos que resulta de gran interese poñer en marcha iniciativas que melloren a información sobre as vacinas dispoñibles e as súas vantaxes, principalmente entre as persoas que poidan resultar beneficiadas.

Neste sentido, a elaboración e aprobación dun calendario de vacinación para a persoa adulta pode contribuír ao coñecemento das indicacións e beneficios tanto para os profesionais como para a cidadanía, porque é certo que, así como se coñecen ben as vacinas financiadas para os nenos e as nenas, non ocorre o mesmo coas dos adultos. A xente ás veces descoñece que existen vacinas financiadas para eles, por iso nos parece acaído traer esta proposición non de lei que insta a Xunta de Galicia á elaboración e aprobación dun calendario vacinal para o adulto, e esperamos que conte co apoio maioritario desta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Eu, cando lin esta iniciativa, pensei que era unha desas de autocompracencia, pero se é para cumprir o seu programa electoral, entón xa falamos doutra cousa, ¡claro! Entón falamos de cousas serias.

No BNG tamén apostamos por unha sanidade rigorosa e que mellore a calidade de vida e a calidade da saúde dos galegos e das galegas. É unha evidencia que o tema que hoxe trae aquí o Partido Popular dun calendario vacinal en adultos é un tema que está —por así dicilo— de moda, é un tema que é obxecto de análise en diversos foros, e nalgúns comunidades autónomas xa o teñen dende hai algúns anos.

Ao BNG parécenos ben que exista, e supoño que a proposta —a verdade é que é moi xenérica— ao que se referirá é a que estean contempladas nun calendario datas, doses e demais.

Estamos de acordo en que o establecemento dun calendario de vacinación para persoas adultas está ben. Hai unha evidencia de que hai un concepto de vacinación na infancia, ata os catorce anos, fundamentalmente vinculado á idade en que acoden ao pediatra —cando o hai, dentro de pouco será unha excepción que os nenos e nenas teñan pediatra—, e dende logo parécenos correcto que haxa un calendario vacinal de continuidade, porque cremos que non se pode apostar por unha cultura da vacinación e que logo non teña continuidade.

O BNG, en todo caso, presentamos unha emenda no sentido de que na petición ao Parlamento de Galicia de elaboración e aprobación dun calendario vacinal o Partido Popular di para adultos, e nós presentamos unha emenda dicindo que sexa un calendario universal, incluída a vacinación para adultos, pero que se realicen todas as actuacións precisas para garantir o acceso universal permanente e gratuíto ás vacinas.

¿Por que presentamos esta emenda? Porque se ben é certo que algún desabastecemento sempre se ten producido, nos últimos anos isto estase a converter nunha constante, e no BNG preocupámonos que no calendario de vacinas sexan as farmacéuticas as que decidan, e non os profesionais, os que establezan en que idades e que doses hai que establecer. Estámonos encontrando con que nos últimos anos esta situación se está convertendo —insisto— un pouco en norma. Vou facer referencia a algunha das cuestións.

A máis grave é que os nenos e nenas que tiñan que recibir a quinta dose de recordo da tose ferina aos seis anos —está establecido no calendario vacinal que aos seis anos teñen que recibir esa dose de recordo— levan agardando desde maio de 2015 sen que se subministre —é dicir, dous anos sen subministrarse—, porque a empresa que ten a patente e que a produce deixou de producila ou non a produciu na cantidade suficiente; en todo caso, estamos falando dun problema.

Encontrámonos con que a partir deste ano 2017 máis de 60.000 nenos e nenas terán que ir repescados; é dicir, aos que naceron no ano 2009, 2010 e 2011 haberá que ir vacinándoos, ademais de mantela nas embarazadas, que era o segmento prioritario, e os que vaian cumprindo esta idade.

Pasou o mesmo coa da varicela, que se retirou do calendario no ano 2013, e logo no 2014 incluso das boticas; e como houbo un repunte, houbo que volver restablecelo no calendario.

O pneumococo, coñecido como Prevenar, no 2012 tamén o Ministerio acordou retirala, e logo no 2016 tivo que volver poñela.

Preocúpanos todo o problema derivado da aprobación no ano 2014 da vacina contra a hepatite C. Despois desa aprobación, resulta que se autoriza e non hai doses dispoñibles nas boticas. Asistimos a toda esa peregrinaxe a Portugal e a conseguila en Andorra. Moitas nais e pais, diante da recomendación da Asociación Española de Pediatría e dunha parte moi importante dos pediatras, que recomendaban a súa administración, non sabían que facer e acababan indo buscala a Portugal, cos riscos que iso conleva e que xa analizamos aquí. Entón, parécenos que esas cuestións non deben repetirse.

Parécenos ben que haxa un calendario universal, onde estean dende cero ata que a persoa morre e onde se contemplan esas doses obrigatorias e esas outras derivadas da saída a países onde hai determinados riscos. Que estea establecido pero que se garanta que ese calendario logo se poida cumprir, que non sexa un Guadiana que apareza e desapareza. E ademais que se garanta que sexa gratuíta a súa dispensación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Boa tarde. Grazas, señor presidente.

Esta iniciativa non deixa de ser, indubidablemente, sorprendente. O 20 de marzo de 2017 hai unha noticia no Faro de Vigo onde a Consellería —o Sergas— avanza que incidirá en concienciar os colectivos de risco e que a partir do segundo semestre prevé darlle pulo ao calendario vacinal do adulto. O 20 de marzo é noticia nos medios de comunicación.

Unha semana despois rexístrase a iniciativa. Supoño que non teñen boa comunicación coa Consellería e rexistrouse unha iniciativa de algo que xa se estaba facendo. Tiñan a pretensión de facer un pouco de orquestra sinfónica sobre o feito e quedoulle un pouco como de Manolo do bombo máis que de orquestra sinfónica. (*Aplausos.*)

En todo caso, a iniciativa está ben, é un tema razoable, e ademais agradezo o ton conciliador que vostede sempre ten, señora Rodríguez-Vispo. Cremos que é razoable e que se pode apoiar. Parécenos un pouco inconcreta, pero insisto no ton. Visto o de hoxe, hoxe vostedes aquí aprenderon unha palabra nova e chámalle populista a todo o mundo agora. Vista a calidade das súas iniciativas ultimamente en sanidade, populistas non, pero un pouco vagos si me atrevería a chamarlles, jeh!, un pouco vagos si.

Populismo —permítame a puntualización— é denigrar a política dicindo: expertos e non políticos. O labor dos políticos tamén é asesorarse e, polo tanto, coñecer sobre os temas. A ver se a base de «expertos e non políticos» imos acabar pedindo —igual vostedes se atreven—: «faga vostede coma min e non se meta en política». Xa sei que non houbo gobernos franquistas, pero podo citar, supoño. Dígoo porque se asemellan os argumentos.

Estamos a favor da vacinación e estamos a favor da obrigatoriedade da vacinación infantil. Cremos que é unha medida na que temos que estar. É certo que para obrigar ás vacinas, e para que o calendario vacinal estea ben aplicado, as vacinas teñen que estar dispoñibles, como, por exemplo, se acordou aquí neste Parlamento que se incluíra, se aceptara e se traballara na mellora da vacina da meninxite B, que segue sen estar dispoñible e que os pais e nais teñen que ir buscar a outros sitios. Ou como o vacío temporal que houbo en casos como a da difteria.

Tamén é certo que estamos a favor de que se difunda e se fagan campañas de concienciación. É importante, por exemplo —a Consellería está traballando niso—, crear unha App para avisar das necesidades vacinais. Pero non se olviden nunca de que unha App para persoas que teñen máis de setenta anos, para que lembren algunha vacina como a da gripe, está ben, pero hai persoas maiores de setenta anos que van acabar tendo que sacar un graduado en informática e ao final non van ter médicos para ir poñer as vacinas. Non perdamos o sentido do que é a cuestión da sanidade.

Dígolle que xa está a Consellería traballando niso por se se lles ocorría traelo aquí como iniciativa. Xa lles aviso eu de que están traballando niso, non fai falta que o traian.

En todo caso, é un pouco vaga a iniciativa. Certamente son dez palabras de iniciativa. A parte de «o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia» é común en todas, o resto son dez palabras. Sen concretar moito... Estou no uso da palabra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio. Agora xa estamos rematando.

O señor TORRADO QUINTELA: Señor presidente, eu...

O señor PRESIDENTE: Xa está rematando o pleno. É cuestión de que nos comportemos todos, non queda tanto xa. (*Risos.*) Non é para que remate vostede, non.

O señor TORRADO QUINTELA: Sempre que alguén fala dende alí, a culpa é de todos.

O señor PRESIDENTE: Eu trato de que non se moleste a ninguén. Fágame caso.

Silencio, ¡silencio! Señora Romero, silencio, por favor. Non compliquemos agora a tarde.

O señor TORRADO QUINTELA: O que trata vostede, señor presidente, xa o sabemos todos. O que pedimos é que exerza de presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: En fin, mire que é difícil. Si, é moi complicado.

Nós imos intentar manter a parte de educación que nos corresponde, e os demais, pois... (*Aplausos.*) Xa sei, é unha cousa que lle custa moitísimo entender, pero nós mantemos a educación.

En todo caso, a iniciativa pide que se elabore e que se aprobe. Nós insistimos en que é un pouco vaga, porque a verdade é que, se xa se está facendo, agardamos que xa estea elaborada, porque se se está aplicando unha medida que non está elaborada aínda, é un pouco de inconcreción.

Agardamos que estea elaborada e, evidentemente, estamos a favor. Por iso presentamos unha emenda, para ser un pouco máis concretos, que pide basicamente tres cousas. En primeiro lugar, pide poñer unha data. Sería flexible, aínda que é posible tres meses. Que exista unha estimación de custo económico; para ser eficientes, digo. E, en todo caso, que se facilite unha copia do documento que se elabore. É importante tamén.

Fíxense que intentamos implementar as iniciativas. Polo tanto, non diminuímos o traballo de ninguén, senón que intentamos implementalo. Non quedamos aí, insultando os parlamentarios que saen a falar. Por iso agardamos o posicionamento sobre a emenda para decidir o noso voto, aínda que quero transmitir, señor presidente, que igual non é necesario. Eu onte estiven nun pleno dun alcalde do Partido Popular que dixo que se votaban as emendas

e as mocións non, e que se se votaban era porque el quería. Díxoo o alcalde de Valga. En todo caso, eu pediríalles que votáramos as mocións, porque se se votan as emendas e as mocións non, non se sabe o que se está emendando.

Así é que, en todo caso, agardamos o posicionamento sobre a emenda crendo que contribúe a mellorar a moción se é considerada, despois o manifestaremos. E agradezo as iniciativas, sobre todo porque hai algún deputado que fala máis cando falo eu aquí que na comisión cando lle toca traballar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

As vacinas, evidentemente, son moi relevantes en saúde preventiva, e é certo que hai mellor acollemento xeral na poboación infantil que na adulta, ou que na poboación de risco; por iso precisamente as campañas vacinais e tamén o investimento en saúde preventiva é moi importante.

Poderemos coincidir noutras cousas, señora Vispo, pero neste caso non lle podemos dar a razón. O investimento en saúde preventiva, en promoción e prevención, no caso da Xunta de Galicia leva reducíndose dende o ano 2009. De feito é un dos motivos que temos denunciado en múltiples ocasións nesta Cámara: un 14,83 % en termos nominais e un 24,23 % en termos reais; é dicir, case se reduciu nun cuarto o que o Goberno da Xunta inviste en prevención e promoción da saúde nese programa 414. Por iso entendemos que é tan relevante que se fale nesta Cámara.

E no caso do Programa galego de vacinación sucede algo bastante chamativo. Dende o ano 2009 ao ano 2015, o Goberno galego foi baixando o investimento, algo que a esta deputada a verdade é que sempre lle pareceu moi preocupante, sen embargo, a xustificación que se nos daba normalmente nas comparecencias era que coa compra centralizada baixaban os prezos e que por iso descendía. Sen embargo, tanto no exercicio de 2016 como no exercicio de 2017 este gasto incrementouse sen unha explicación clara.

Volvémolo preguntar este ano tamén na comparecencia dos orzamentos e non había unha explicación moi evidente nin moi clara, porque tampouco houbo un incremento de novas vacinas que xustificara o incremento en termos nominais do orzamento que había nestes dous anos. Así as cousas, descoñecemos tamén como afectou ao investimento e aos calendarios a ausencia da vacina da TPA ou da TD, feito que, efectivamente, non afectaba só á nosa comunidade e que obrigou a modificar os calendarios tanto en adulto como no neno san e que se acaban de restituír recentemente, porque os laboratorios xa están proporcionando as vacinas. Supoño que esta restitución do calendario tamén facilita que vostedes traian hoxe esta iniciativa aquí.

Entendemos tamén a utilidade deste debate, que é a utilidade da publicidade. Non tanto do Goberno, como outras veces, pois en ocasións témonos queixado de iniciativas que se traen aquí que non propoñen nada concreto. Entendemos que a intención de traela hoxe aquí é simplemente darlle publicidade ao calendario vacinal para que o poida escoitar a xente, xa que —como xa se dixo aquí— a propia Consellería de Sanidade no mes de marzo o advertiu e vostede trasladou de maneira literal o que dixo a Consellería: que a cobertura nos adultos e nas adultas non era satisfactoria e por iso —segundo palabras literais da propia consellería— prevían darlle un pulo a ese calendario vacinal do adulto, para que se coñecese mellor, a partir do segundo semestre do ano. Polo tanto, tampouco é que constituía unha novidade esta iniciativa.

A min o que si me chamou a atención —e a verdade estaba agardando á súa intervención— foi que a Consellería falara de darlle pulo ao calendario vacinal e o Grupo Popular propoña a elaboración e aprobación dun calendario vacinal como se non existise, como se non existisen as pautas. Non sei se ao que se refiren é ao deseño esquemático; é dicir, coller todas as pautas que xa hai e facer un resumo, porque na actualidade a Consellería de Sanidade conta con pautas xerais para grupos de risco e algunhas pautas para os adultos, incluso pautas —que non sei se entrarían aquí ou non porque non o especificou— de saúde exterior, de cando as persoas saen fóra a algún país onde se necesita algunha vacina determinada. Polo tanto, non hai ningunha proposta concreta na iniciativa.

É unha iniciativa que fala da gratuidade. Eu tamén quería lembrar aquí a existencia do Real decreto 16/2012, e tamén nos gustaría saber se hai algún tipo de planificación con respecto a isto. Porque tamén é certo que unha das características da prevención e da promoción da saúde, e, polo tanto, da aplicación das vacinas ao global da poboación, é a propia universalidade e a necesidade de que a poboación xeral se vacine. Pero é que agora mesmo hai persoas que están fóra do sistema sanitario, polo tanto, iso tamén sería interesante.

Nós non temos maior problema coa iniciativa en xeral, pero descoñecemos cal é a proposta. E, xa digo, non hai nada concreto alén do que xa anunciou a propia consellería no mes de marzo. Polo tanto, á hora de orientar cal é o voto, gustaríanos saber en que se concreta, porque realmente non hai nada sobre se vostedes van mudar esas pautas, se van seguir as pautas da Sociedade Española de Medicina Preventiva ou cal é a proposta real.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

O primeiro que quero manifestar é agradecer o ton das intervencións das señoras deputadas e señores deputados que me precederon no uso da palabra e aclararlle ao señor Torrado que vostede usou moito do seu tempo non en falar da iniciativa, senón en falar de se se traballa moito ou se se traballa pouco. En fin, deunos leccións como xa estamos acostumados a re-

cibir, e agradecemoslle as leccións, pero nós seguiremos traballando como estamos traballando. (*Aplausos.*)

Como dicía nun principio, o tema do calendario vacinal é precisamente, señora Solla, traer esta iniciativa para facer un calendario do adulto como existe —díxoo a señora Prado— noutras comunidades autónomas e tamén darlle publicidade. Non é malo, non é malo que os galegos e as galegas escoiten desde aquí, porque temos un altavoz potente, o importante da vacinación, que escoiten tamén que en Galicia temos un calendario vacinal infantil fantástico e que agora pretendemos facer o mesmo e ser un exemplo —como o fomos para o resto de España no calendario vacinal infantil— no calendario vacinal de adultos.

Dende logo, o concepto de universalidade que vostede ten eu non o comparto, porque as vacinas non poden ser universais; as vacinas teñen unhas pautas de administración concretas e son para grupos de risco concretos. Vostede non pretenderá que nós vacinemos a unha embarazada da varicela. Sei que é sanitaria e que non vai pensar esa barbaridade. Pero non poden ser universais as vacinas. E, dende logo, en Galicia asegúrolle que non hai ningún galego nin ningunha galega fóra do sistema sanitario. A asistencia en Galicia é universal e grauíta para todo o mundo.

Digo e vólvolle repetir que realmente estou orgullosa da sanidade que temos en Galicia e estou orgullosa da sanidade que temos en España, porque a revista *The Lancet*, unha revista prestixiosa, nada sospeitosa, unha das revistas máis antigas en medicina, nos sitúa nun cuarto posto a nivel mundial. A sanidade en España está nun cuarto posto a nivel mundial, por riba de Francia, por riba de Alemaña, por riba de Estados Unidos. Comparte ese cuarto posto con Suecia, Noruega, Australia e Finlandia, que vostedes poñen tantas veces de exemplo os países do norte. Por unha vez estamos orgullosos da sanidade que temos, que ocupa (*Aplausos.*) o cuarto posto a nivel mundial. Como din os expertos, non debemos baixar a garda, que é o máis importante no tema da vacinación.

E respecto das emendas, agradecer a emenda que presentou o Partido Socialista, o Grupo dos Socialistas de Galicia. Parécenos unha emenda interesante. Agradecemos a súa contribución para que este calendario estea listo nun prazo de tres meses e se conteña unha estimación do custo económico. Porque nós, señor Torrado, en contra do que vostedes din, estamos a favor da transparencia, por iso non temos ningún problema en que figure o custo económico.

A emenda do BNG, señora Prado, a min gustárame entendela pero non a entendín, de verdade. E non a entendín porque pide vostede universalidade nas vacinas, e xa lle dicía á señora Solla que as vacinas non poden ser universais. Danse en función de diferentes variables: de idade, de estimación de grupos de risco, e as indicacións e as pautas de administración non son iguais para todas. Hai vacinas que están recomendadas nun caso e non noutro, no que están contraindicadas. Polo tanto, eu sei que a palabra universalidade lle gusta, pero no caso das vacinas eu non o vexo.

En canto á gratuidade, por suposto que as vacinas contidas no calendario vacinal infantil e no próximo de adultos son grauítas. Se quere, falámolo e podemos intentar transaccionar algo, pero non entendemos a súa emenda.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Simplemente para terminar, señor presidente —xa termino—, aclararlle ao señor Torrado que nós non lles chamamos populistas. O de populistas díxoo o seu portavoz cando falou de que apoiar unha comisión de investigación era populismo fácil. Vostedes hoxe apoiaron esa comisión de investigación, polo tanto, son palabras do seu portavoz, non son palabras do noso grupo.


Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e once minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25